

Academ

Sección de lingua / Seminario de onomástica

Estudos de Onomástica Galega
Microtoponimia: experiencias de recolla,
didáctica e codificación

dena



REAL ACADEMIA GALEGA

Estudos de Onomástica Galega

Edita:
Real Academia Galega

ISBN:
978-84-946005-2-4

Depósito Legal:
C 2339-2016

© Real Academia Galega, 2016

Deseño da colección:
Grupo Revisión Deseño

Maquetación e impresión:
Lugami Artes Gráficas
Infesta, 96
Tel. 981 774 171
lugami@lugami.com
15319 Betanzos



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Estudios de Onomástica Galega
Microtoponimia: experiencias de
recolla, didáctica e documentación
Xornada de estudo
Pontevedra, 17 de setembro de 2016

Edición de Xesús Ferro Ruibal



REAL ACADEMIA GALEGA

Limiar

Na inauguración da Xornada de Onomástica Galega (Pontevedra, 17 de setembro de 2016)

Xesús Alonso Montero

Presidente da Real Academia Galega

Estamos no adro dunhas Xornadas sobre a toponimia galega, un tema que non é menor dentro da Lingüística galega. Sabido é que moitos romanistas, incluso foráneos, valoran, non pouco, os miles e miles de topónimos que, no mapa da Romanía, ofrece o mapa de Galicia; tamén é sabido que algúns especialistas en Onomástica están sorprendidos ante o caudal, verdadeiramente inxente, dos nosos microtopónimos: xa se rexistraron máis de medio millón.

Quixera facer unha breve incursión na toponimia relacionada con experiencias do meu vivir. No Ribeiro de Miño, a veiga de Ventosela, tan dilatada e tan rica en viñedos, foi asolagada polo encoro que construíu F.E.N.O.S.A. no ano 1966-1967. Pois ben, cando as augas fixeron desaparecer as viñas, centos de nomes (centos de microtopónimos), xa sen función, desapareceron. Eu, de pequeno e de mozote, traballara, con meus pais, na viña do Souto e na da Meiriña, nomes que xa hoxe moi poucos recordan. Hai uns anos publiquei en *La Voz de Galicia* un artigo no que rescataba uns vinte microtopónimos, artigo que dediquei a Xesús Ferro Ruibal para alertalo de que existen outros lugares con toponimia asolagada. Noutros tramos do Miño, con varios encoros, a vella microtoponimia emerxe cando, por circunstancias climáticas, o río mingua de tal xeito que mesmo reaparecen os vellos letreiros cos nomes anteriores ós encoros. Unha boa mostra destes casos é o libro *Remitencias* (2013) de Xosé Lois García.

Quixera convidar ós especialistas desta Xornada a que se interesen por unha póla da Toponimia que quizais habería que titular “Toponimia e estética”, capítulo que suscitou en Otero Pedrayo unha páxina maxistral nun artigo seu sobre a poesía de Eduardo Pondal (*Nós*, 1935). Nese artigo comenta máis de corenta

topónimos recolleitos na poesía do Bardo, e faino deste xeito: “Nemiña: as musas latinas bébedas de sal atlántica”; “Tourrián: Adamastor privado de mitoloxía”...

Cónstame que os relatores da Xornada de hoxe, aínda que non fagan incursións nas áreas por min enunciadas, non só satisfarán a curiosidade dos asistentes senón que enriquecerán o saber dos mesmos especialistas. Graciñas, en nome da Real Academia Galega, a todos eles.

I

Experiencias de recolleita de microtoponimia

Recoller talasonimia en Baiona /
/ XOSÉ LOIS VILAR

Recollendo con comunidades de montes:
Comesaña, Mañufe, Baíña e Santa Baia de Donas /
/ ANXO RODRÍGUEZ LEMOS

A recollida de microtoponimia na zona (peri)urbana de Vigo /
/ IVÁN SESTAY MARTÍNEZ

Recoller e xeorreferenciar a toponimia de Pontevedra /
/ MARÍA ABELLEIRA FONTÁN - CONCEPCIÓN COCHÓN RODRÍGUEZ

Recoller talasonimia en Baiona

Xosé Lois Vilar Pedreira

E méteseme aquí, e non me sale, e mira que o podo mirar.
A Ricucho da Calzoa (Coruxo)

Calquera nena ou neno que nacera no rural ou na beira do mar do noso país ou de calquera un sitio do mundo aprendía de xeito natural a súa fala materna e ducias, centos de topónimos; a fala para relacionarse coas persoas e cos animais, os topónimos co mundo. Muíños, camiños, casas, veigas, outeiros... Hai a visión do filólogo sobre o topónimo dende o mundo da fonética e da evolución da palabra, aínda que o bo toponomista considera o significado e o valor antropológico do termo a estudar. Quixera valorar as dúas funcións principais que ten un topónimo, en primeiro lugar a función de localizador, aquel neno ou aquela nena para moverse polo seu universo vital precisa nomear o espazo que vai medrando consonte aumentan os anos incluso alén das nosas fronteiras naturais. Teñen que ter nome as casas da aldea e as veigas que dan o froito da subsistencia e os muíños que moen o millo. Se papá mandase ir diante, ó monte, co carro das vacas, ó neno ou á nena, non lle pode dicir vai co carro ó monte ou vai co carro á Serra da Groba que ten ducias de quilómetros cadrados, ten que precisarlle o sitio onde van cargar o toxo ou a brota ou onde ten que levar pastar o gado. O topónimo ten unha función localizadora que hoxe fan os aparellos dotados con GPS, isto unha creación estranxeira e aquilo unha creación dos paisanos da terra, aquilo controlado por outros e isto por nós; unha cousa fainos dependentes e a outra autosuficientes.

A outra función que leva aparellada o topónimo é o de ser descritivo. Se o mociño ou a mociña foron cargar o toxo á *Regueira do Foxo*, é aquel fio de auga polo noroeste do Costado que atravesa O Campo Grande (ou *Escampado Grande*) por baixo da *Poza de Carballoso* cara *As Parediñas*. O propio nome fálanos dunha corrente de auga (regueira) que ten que ver cun foxo (para cazar lobos e outros

animais). Os topónimos no momento do seu nacemento foron creados a partir dunha palabra da fala habitual. Pero a lingua evoluciona, pérdense vocábulos, varíalle o significado, evolucionan formalmente e todo isto e máis levan a volver escuros algúns, bastantes nomes da nosa terra e o do noso mar. En Amoedo (Pazos de Borbén) hai un sitio no monte que chaman *A Campuzada*, lugar de acumulación hídrica: *A Agua Empozada*. Xa non digamos que a xente do común lle saiba o significado a Baiona, Oia, Curtis, O Candán, Vigo ou Ourense. Ás veces nin historiadores nin filólogos.

Cando a xente non coñece o significado a ansia de saber procúrao e xorden as etimoloxías populares. Disque *O Mar do Frade* polo norte das Estelas, no mar de Baiona e Panxón, débelle o nome a que alí afogaron un frade que lles cobraba moitos tributos. Non sabemos se é a explicación certa, a realidade fiscal existía entre o mosteiro de Oia e os mariñeiros de Baiona.

Chegados aquí é doado tirar a conclusión da importancia de coñecer a toponimia para a historia da lingua, para a historia e arqueoloxía, e a botánica e a zooloxía etc. Ademais cando estamos a recoller toponimia estamos falando con persoas e coa súa traxectoria vital, contos, anécdotas, angueiras... non recolemos só topónimos esbrugos, veñen emboutados e aprovéitase para recoller o que chamamos xenérico, o termo empregado para denominar unha determinada realidade xeográfica. As terras collidas ó monte como parte integradora necesaria da economía rural son tomadas, devesas, bouzas, cavadas, matos, entenzas... ou na beiramar o nome das acumulacións de area ten un abano variadísimo de denominacións, unhas xa só como topónimos e outras aínda na fala viva: tombo na Guarda ou nas Sías. Moutillóns en Baiona e Nigrán onde tamén son fenales, *A Madorra* (Panxón), *A Barronca* (Cangas), os medóns na Lanzada, en Aguiño modorróns, montes de area e mouteiras en Corrubedo, malloeiras do Son ó Monte Louro, *Os Motroncos* na Birbiricheira (Carnota), monteiróns no Sardiñeiro (Fistera), sabreiros ou terrellouzos en Covas (Ferrol), morouzos en Perillo e os que fican por recoller (Vilar 2013).

Esta é unha riqueza lingüística que vén enleada no aparello da recollida toponímica.

A TALASONIMIA

Chamamos así os nomes do mar, pero é preciso indicar que consideramos talasónimos as pedras e os areais, todo aquilo comprendido na franxa intermareal. Tamén os nomes da superficie do mar que a zonifican para cumprir ben o seu cometido localizador. E os nomes das instalacións portuarias e asentamentos humanos e faros, balizas, fábricas...

Cando non existía a moderna tecnoloxía de localización actual os mariñeiros empregaban un xeito de emprazamento móbil no punto de pesca, dicimos móbil porque tiñan que cruzar dúas liñas imaxinarias. Explicamos. Tiraban unha liña imaxinaria trazada a partir de dous puntos, un máis arredado, incluso máis de 20 km que na bibliografía catalá chaman marca primaria ou marca mestra, é unha marca bastante estable, sólida, visible e coñecida por toda a comunidade piscatoria, é un monte alto case sempre. Deste lugar senlleiro parte unha liña imaxinaria que vai pasar polo sitio de pesca ou por un lugar perigoso para a navegación que se quere sinalar, e para elo pásase a liña nacida nos altos cumes por unha marca escolleita na beira do mar, nun illote, nun faro, unha igrexa, unha torre, unha casa... canto máis perto do mar mellor porque fai máis precisa a marcación, evita variacións no trazado. É importante que sexa unha marca estable, que non sexa un carballo que vaian cortar logo ou unha toura a pastar que mañán non vaia estar. Esta é a marca secundaria. Esta liña para que sexa eficaz temos que cortala con outra liña creada nas mesmas condicións e o punto no que se cortan é o lugar que queremos marcar.

Valla este exemplo do Majinó (Acevedo 1955): “A Chadisa. A Alta á Torre e A Agoeira a tocar por fóra da Pedra que Bole”. Aquí *A Chadisa*, do verbo latino *afflare*, achar, atopar, polo que unha achadiza é o sitio onde atoparon peixe, está ó oeste do Castelo de Monte Boi (Baiona) e aquí o mariñeiro empregou *A Alta*, no sur da Serra do Galiñeiro como marca primaria dunha liña imaxinaria que pasa pola Torre do Príncipe de Monte Boi; a outra liña vén da *Agoeira* e pasa polo exterior da *Pedra que Bole* (As Illas Estelas) que é marca secundaria.

Unha das particularidades deste sistema de emprazamento xeográfico é que quen queira usalo debe coñecer as marcas, no caso da Serra do Galiñeiro (Fig. 1) reciben nomes coñecidos polos mariñeiros de Baiona e Panxón e que



Fig. 1. Ó fondo A Serra do Galiñeiro, laño de marcas para os mariñeiros baioneses e panxoneiros

non coinciden cos nomes que os distintos cumes da serra reciben dos veciños de Vincios, Morgadáns, Peiteiros, Couso... habitantes daqueles lugares.

E tamén son talasónimos os nomes que recibe o fondo do mar. É o aspecto que máis os diferencia da toponimia terrestre xa que engade á aparente homoxeneidade do medio mariño e á inestabilidade, dependendo da meteoroloxía, unha carga de opacidade. Xa a homoxeneidade da tona de auga complicaba o seu coñecemento solucionado coa axuda de referencias nas pedras da ribeira, os illotes e as citadas marcas, pero os accidentes, as irregularidades, en definitiva a descrición do fondo do mar necesaria para saber que tipo de animais o habitan e a que profundidade.

A persoa que coñece o fondo do mar é o mariñeiro. Para ser un bo profesional debe dominar varios saberes. O primeiro de todo coñecer a etoloxía do animal que quere cazar, os seus hábitats e hábitos para ser máis agudo ca el e deseñar e fabricar o aparello de pesca para tiralo do medio mariño. Cando non se pode traballar dende as pedras da ribeira ou coller nelas percebes, lapas, caramuxos, polbos... e hai que trasladarse sobre a tona de auga hai que deseñar e construír ou mandala facer a embarcación, moi variable dependendo das pretensións. Intuídes que non é o mesmo ir ó Índico atrás dos túnidos, o Alakrana pasaba dos 100 m. de eslora, que ir á Pampa de Baredo nunha gamela de poucas cuartas.

Imos definindo un home biólogo, enxeñeiro (industrial?), carpinteiro de ribeira que tamén debe ser meteorólogo para tentar predicir o tempo e poder ir cara ó peixe e voltar a terra para vendelo, trocalo ou comelo. Xa os hábitos dos animais, coñecidos, a trampa deseñada e fabricada e cargada a bordo, visto boa atmosfera e bo estado do mar falta decidir o sitio onde dirixir a bacía, a buceta, a dorna, o lanchón, a chalana... para traballar. Isto require un coñecemento orográfico do mar de cada comunidade piscatoria. Aquí entra a talasonimia, franxa



Fig. 2. Gamelas traballando



Fig. 3. Percebeiras nas Travesas (Mougás)

intermareal, superficie, marcas, instalacións e o fondo do mar que dominan por experiencia propia sumada ó saber acumulado durante xeracións e agora transmitido para dominar a zona natural de influencia que pode pasar dos 100 km cadrados de mar. Un mariñeiro que nunca se mergullou, que na maioría dos casos non sabía nadar, coñece o fondo por acumulación e experimentación. Coñece a profundidade e a natureza, sabe se hai pedra ou area e categoriza este coñecemento. O chan areento que ocupa unha zona ampla chámanlle *o limpo*, se é unha mancha de area é unha *allada* ou *olladela*, se é unha tira longa é un *rego*. O fondo de pedra é o *seco* e pode haber outeiros que son *cabezos* ou *cons*, ou pedras planas que son *laxes*, pedras visibles dende a embarcación que son *olgas*. Este é un coñecemento práctico e necesario porque dependendo da calidade do fondo así serán as especies que aí se críen, así terá que ser o aparello, a trampa deseñada, montada, armada con máis ou menos cabo dependendo da profundidade determinada en brazas. E todo isto sábese polo uso do *sebeiro* ou *chumbeiro* (de pedra ou chumbo) un artefacto cónico coa base cóncava na que vai sebo. Lárgase pola borda, peta no fondo e hálase para medir as brazas do sitio e ver se no sebo vén a pegada do arneirón ou cuncha, area, argazo ... ou óxido de ferro dalgún pecio.

QUEN E QUE NOS INFORMA DA TALASONIMIA

Se queremos achegarnos ó coñecemento dos nomes do mar de calquera ribeira do noso país temos que depender moito da tradición oral e pouco da documentación escrita e gráfica. Isto é así porque o mar foi unha leira riquísima sen propietarios,

sen escrituras pero con herdeiros. Ó non haberen escrituras os topónimos transmítense por vía oral. Este procedemento de transmisión rachou, son moitísimas menos as persoas que viven do mar e ademais dependen das novas tecnoloxías que non precisan de marcas en terra nin de nomear pesqueiros e perigos. Estes son os motivos da urxencia da recollida desta memoria da boca das mulleres e homes que traballaron ou aínda traballan mariscando, apañando argazo, arrincando percebeas, pescando coa cana ou accedendo ó mar embarcados, os mariñeiros, homes que poden andar con distintas artes, distintos oficios que variará o seu saber topografía marítima sumerxida, aboiada ou mollada. É distinto andar á ardora atrás de xurelos e sardiñas que veñen entre augas que traballar con tramallos á beira dos cabezos atrás de maragotas ou robalizas. Isto último require moita precisión, hai que buscar o penedo sumerxido e invisible ou buscarlle a beirada da pedra que precisa unha absoluta precisión contando coa deriva que sofren os aparellos dende que son largados pola borda até o fondo buscado.

Estas son as persoas, cada vez menos e máis vellas, que detentan este saber moitas veces secreto, segredo familiar fonte de riqueza. A documentación escrita tamén achega información a través dos libros de derrota, os mapas, atlas e sobre todo as cartas náuticas elaboradas para indicar o relevo da costa, o emprazamento dos portos, a profundidade do mar, a natureza do fondo e que, cando foron deseñados, os elaboradores tiveron que preguntarlle ós mariñeiros. Apuntaron nun papel, pasárono á plancha de cobre e imprimiron. Aínda que non son frecuentes hai algunha dislocación, hai castelanizacións, elisións e algún caso errado. *A Chadisa* de Baiona vén nas cartas náuticas españolas como *El Halladizo*, *O Sentuliño* como *El Centollito*, *As Gateiras* como *Las Gaiteras* ou *Rapacarallos* como *Piedra Rapa*.

As cartas náuticas melloraron cualitativamente a partir do último terzo do século XVIII cos traballos de Vicente Tofiño de San Miguel que fixo o levantamento da costa galega entre 1786 e 1787 incluído no atlas e derroteiro das costas de España e presenta moita información batimétrica e tamén sobre a natureza do fondo. Entre 1791 e 1794, Eustaquio Giannini elaborou unha carta náutica entre O Miño e As Sisargas que trae 33 topónimos, o dobre dos que achega Tofiño entre Silleiro e A Meda en Monteferro no mar de Baiona e Panxón. A medida que pasan os anos e as edicións de cartas náuticas e derroteiros aumenta o número de




Fig. 4. Mapa de Francisco Coello no Dicionario de Madoz

talasónimos dende os 34 da carta náutica de Antonio Doral en 1850 até os 47 de Cardenet en 1912 ou os 94 do derroteiro de 1915.

Este traballo de gabinete non suple, como se pode observar, o traballo de recollida da tradición oral que nos achegou uns 300 topónimos, multiplicou por tres o consignado en cartas náuticas e derroteiros nos últimos seiscentos anos. Este labor temos que facelo xa, se queremos manter este sensible patrimonio inmaterial en serias vías de desaparición.

Todos os aspectos definidos até aquí xa foron tratados en diversas publicacións dende o ano 2004 (Vilar e outros 2004; Vilar/Rodríguez 2005; Rodríguez/Vilar 2006; Vilar 2008; 2013). Nestas tamén publicamos total (Vilar 2008) ou parcialmente *O Caderno de marcas de Selegante*, agora queríamos adiantar datos sobre *O Caderno de marcas de Majinó*.

Fernando Acevedo Acevedo ten 88 anos, naceu en Baiona e como todo mariñeiro ten o seu alcuño, Majinó, e todo porque de moi neno colocáballe, moi




Fig. 5. Páxina do Caderno de marcas de Selegante

ben arrombadiñas, as achas de leña á veciña da rúa do Conde onde vivía e ela dicíalle que estaban moi dereitiñas, coma a Liña Maginot.

O caderno consta de 41 follas escritas das 54 que ten, mide 15x11cm e ten as capas duras, no interior da portada figura: “Fernando Acevedo Acevedo El Burgo Juni[o] de 1955 MAJINO”.

É coetáneo do elaborado por Pepe Selegante, do mesmo formato, co engadido de que Selegante acompaña moitas marcas cun debuxo (Fig. 5).

Achega 118 puntos ou zonas de pesca e un total de 150 topónimos, mentres que Majinó tráenos uns 70 pesqueiros e uns 170 talasónimos en total. Está escrito en galego e transpórtanos de cheo á sociedade mariñeira tradicional. É un extraordinario documento etnográfico que nos transmite os coñecementos empíricos dun mariñeiro de Baiona, as súas zonas de pesca, as expresións en materia de emprazamento no mar, *ajoeira a tocar na ia, medio monteajudo e santa maria*

de alva avicada, todo monteajudo averto, a alta a jateira e o faro veyo camiño de un carro polo corveiro de carracuido, ..., a fala con seseo e geada (ajoeiriña, valeasa, arrosos, jayado, Cabeza blanca).

Pasamos a maioría das marcas anotadas por Majinó a unha fotografía aérea (Fig. 7). Fixémolo de maneira aproximada e notamos tres zonas preferentes de pesca, *Silleiro, As Estelas e A Agoeira*, e unhas marcas primarias tiradas da Serra do Galíñeiro polo leste e das Sías polo norte. As primeiras requiren sempre unha marca secundaria para trazar a liña imaxinaria que será cortada por outra liña imaxinaria para chegar ó punto buscado. Mentres que as marcas da Illa ou das Sías son marcas dun único punto logo cortadas por outra liña imaxinaria, esta si trazada coa axuda de dous puntos. É un sistema que xa estudamos a canda a publicación do *Caderno de marcas de Selegante* (Villar 2008) e consiste en que A Illa de San Martiño, do arquipélago das Sías, tapa a Illa do Medio e A Illa do Norte ou de Monteagudo, ademais están dispostas sur-norte, de xeito que se un mariñeiro de Baiona vai navegando cara ó oeste, a de San Martiño, á altura da Agoeira, –polo sur da anterior– vai descubrindo distintos outeiros, penedos, altos das outras illas e dependendo cal destes puntos senlleiros esteamos a ver estaremos nun lugar e nunha profundidade ou noutro sitio doutras características orográficas e batimétricas. Pola semellanza con certas partes da anatomía humana estas marcas son, de sur a norte: *O Medio Collón, Un Collón, Collón e Medio, Os Dous Collóns, Os Dous Collóns e Medio, Os Tres Collóns, O Lombo da Mareira, A Primeira Mama, A Segunda Mama, A Terceira Mama, As Catro Mamas, As Marcas do Foxo, Os Pelos de Monteagudo, Monteagudo Aberto, Papatales e Monte Calvo.*

Exemplos de uso destas marcas no Caderno de Majinó son:

“Mar do Coyons o coyon e coyon e medio e jajan a cavo de vicos”, “O Jayado saramajoso a cavo de vicos e dous coyons”, “Mar do lujo as 3 mamas pola cortada dos m(u)íños e a nejra ao sentulo” (Fig. 6).

A continuación unha listaxe de 67 marcas do *Caderno de marcas de Majinó* que emprazamos na figura 7 para facernos unha idea dos lugares de pesca e da extensión da zona de pesca da comunidade mariñeira baionesa.




Fig. 6. Páxinas do Caderno de marcas de Majinó (1955)

Pesqueiros:

- | | |
|-----------------------------|--------------------------------|
| 1.- Mares do racú | 14.-A Beirada da dos Vellos |
| 2.-Mar dos Collóns | 15.- O Mar do Frade |
| 3.-Mar dos Gavotos | 16.- A dos Vellos |
| 4.- Mar dos Gavotos de Fóra | 17.- A Cruz de Almería |
| 5.- Os Gavotos | 18.- O Mar da Agoeira |
| 6.- Os Dous Collóns | 19.- Sardeiros de Fóra |
| 7.- A de Nordeste | 20.-Sardeiros |
| 8.- Tres Collóns | 21.- A Cruz de Almena do Norte |
| 9.- Collón e Medio | 22.- A Laxe de Fóra |
| 10.- O Melazo | 23.- A Laxe do Medio |
| 11.- O de Terra | 24.- O Serrón do Lobato |
| 12.-O Gaiado | 25.- A Laxe de Sueste |
| 13. O Robaliceiro | 26.- O Cunchido |

- | | |
|---------------------------------|------------------------------|
| 27.- O Cabezo da Polveira | 48.- A Bombardeira do Sur |
| 28.- Cabezo de Fornos | 49.- O Mar de Entreserra |
| 29.- A de San Francisco | 50.- A Chadisa |
| 30.- O Mar do Lobato | 51.- Os Arrosos |
| 31.- A de Costa | 52.- O Landín |
| 32.- A dos Toreros | 53.- O de Blanco |
| 33.- Serralleiras | 54.- As Serralleiras de Fóra |
| 34.- Rabudasnos | 55.- O Seco do Centulo |
| 35.- O da Fonte | 56.- O Poste do Sur |
| 36.- O Buraquiño | 57.- O Cabo das Pombas |
| 37.- A Fandiña | 58.- A de Champás |
| 38.- A de Cabo de Bicos | 59.- O Cabezo Vivo |
| 39.- A de Barra | 60.- O Limpo dos Arrosos |
| 40.- Serralleiras de Terra | 61.- A Cabeza Branca |
| 41.- A Beirada das Serralleiras | 62.- O Poste da Ría |
| 42.- O Serrón | 63.- O Cabezo da Ría |
| 43.- O Serrón da Negra | 64.- A de Belesar |
| 44.- O Pesqueiro de Rabudos | 65.- O Ferro do Barco |
| 45.- O Lagosteiro | 66.- Mar do Pachán |
| 46.- O Badexeiro | 67.- A Enredada da Praia |
| 47.- A de Toralla | |

Vese como tiramos os erros ortográficos. O aquí presentado é un adiantado da publicación crítica e ampla do *Caderno de marcas do Majinó*, un das ducias ou centos destes volumes da enciclopedia do noso mar ciscadas polas casas dos mariñeiros da nosa costa.

Na pía de bautizo non había auga, había mar, o seu mar.
A relixión do mar. Xosé Iglesias Lamela
IX Premio de Poesía Victoriano Taibo, 2016




Fig. 7. O mar de Baiona e Panxón cos pesqueiros do Caderno de marcas de Majinó

BIBLIOGRAFÍA

- Rodríguez Álvarez, Roberto e Xosé Lois Vilar Pedreira (2006): “Toponimia marítima e fluvial desde o Miño a Panxón”, *Ardentía* 3, 41-54.
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008): *Talasonimia da costa sur de Galicia*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns.
- (2013): “Aceite, madeira e boinas. Talasonimia dos naufraxios do mar dos galegos”, en *Actas da VI Xornada de Literatura Oral. Historias, mitos e monstros do mar de Galicia*. A Coruña: Asociación de Escritores en Lingua Galega.
- Vilar Pedreira, Xosé Lois e Roberto Rodríguez Álvarez (2005): “Os nomes do mar”, *Raigame* 22, 7-45.

Recollendo con comunidades de montes: Comesaña, Mañufe, Baíña e Santa Baia de Donas

Anxo Rodríguez Lemos

O territorio galego posúe, segundo a Consellería do Medio Rural, máis de 700.000 hectáreas de montes veciñais en man común, é dicir, unha cuarta parte do espazo. Arredor de 2800 comunidades de montes xestionan eses territorios representando, máis alá do seu cariz administrativo e económico, un símbolo de pertenza e identidade parroquial para todos os seus comuneiros. Poderíase dicir dalgún xeito que, o tecido organizativo baseado en asociacións veciñais, culturais e de montes, viu suplantar aquel importante peso que a Igrexa representaba no noso rural ata non hai tantos anos. Certamente, onde os montes son veciñais a comunidade parece máis forte e, sobre todo, máis unida, segundo o parecer do profesor Xesús Balboa na súa obra *O Monte en Galicia* (1990: 45).

Terras baldías de gran importancia na economía agraria tradicional, os montes ocupaban unha superficie moi grande na parroquia respecto aos escasos ferrados das terras de labor. Xunto a unha vertente agrícola na que o monte posibilitaba a produción de esterco e mesmo o cultivo de cereais, dependendo do tempo e da terra, a cabana gandeira tiña tamén cabida nos seus pastos (Balboa 1990: 25).

Entendendo isto, faise evidente que, á hora de emprender unha recollida de toponimia en que é necesario un traballo de campo a fondo, tanto a xunta directiva da comunidade de montes como cada un dos comuneiros/as que a conforman fãnese esenciais no proceso. Non só porque eles coñecen o territorio da súa parroquia mellor que calquera foráneo, senón porque ademais se inscriben no marco dunha cadea de transmisión xeracional de coñecementos e saberes que só na actualidade está a piques de se romper. O seu xeito de entender a paisaxe perderase á mesma velocidade que os nomes que, ao longo dos séculos, lle deron as persoas que a habitaron porque como sentenza o dito, *todo vai detrás de quen o deixa*.

Coñecer o territorio no que un vivía e se movía era apartado obrigatorio case que dende o tempo dos primeiros cazadores. Xunto ás primeiras palabras que un neno/a podía aprender en que se inclúe dende o nome dos seus parentes

ata a denominación dos dedos da man: *maimiño, seu sobriño, maior de todos, furabolos e escocha piollos*; os topónimos ou nomes da terra ocupaban un lugar entre os saberes á hora de orientarse e localizarse.

Para ilustrar o presente artigo, botaremos man dalgunhas das recollidas de toponimia levadas a cabo en parroquias da comarca do Val de Miñor e do Fragoso. Foron experiencias distintas. En Santo André de Comesaña a recollida realizouse baixo un convenio entre o concello vigués e a comunidade de montes desta parroquia entre os anos 2012 e 2013 superándose os 700 topónimos recollidos. Santa Baia das Donas foi, pola súa banda, custeada totalmente pola comunidade de montes, recolléndose 1343 nomes entre toponimia maior e menor, cifra semellante aos 1173 topónimos de San Vicente de Mañufe, un estudo conveniado entre o Instituto de Estudos Miñoráns e o Concello de Gondomar. Diferente foi Santa Mariña de Baíña, parroquia da que son natural e na que a recollida atendeu a interese propio, sen ser demandada nin reclamada por ninguén aínda a día de hoxe.

DE PARTIDA...

Ofrecerlle a unha comunidade de montes unha recollida de toponimia require ter que tratar coas súas figuras xurídicas principais. A xunta reitora, escollida por un prazo máximo de 4 anos, representante dos comuneiros, órgano de goberno e xestora dos montes, componse dun presidente, secretario, tesoureiro e vogais. A eles debemos expoñerlles o estudo e recollida, indicando orzamento e finalidade de cara a súa presentación á asemblea xeral, verdadeiro órgano da vontade da comunidade en que todos os comuneiros/as teñen voto. A asistencia de máis da metade dos comuneiros á primeira convocatoria e do 25% á segunda, chega para obter o apoio ao noso proxecto. Coa contratación final do traballo de recollida de toponimia iníciase un traballo de campo de meses en que como técnico de campo debemos recorrer a parroquia casa por casa na procura de informantes. A eles chégase moitas veces, por mediación de terceiros. Os informantes conforman certamente o alicerce do noso estudo, sen eles careceríamos de base fiable porque, como sinalou o douto Pegerto Saavedra, “sen máis monumentos que a memoria e común tradición, coñecen polo miúdo os topónimos, as leiras, tallos, cortiñas,

árbores e montes de cada familia e lugar” (Saavedra 2013:16).

Os informantes tenden a ser, de partida, desconfiados, temerosos de subas de contribución e de organismos que catastren as súas terras, casas ou cubertos. A ocultación sempre existiu dende os animais que se tiñan e os cultivos á tenencia de terras. O achegamento debe ser gradual e nunca esquecendo que, moitos topónimos están asimilados nun devir diario, son tan propios que se esquecerán de incluílos na relación dita. *A Feira do Sete* no Monteiro, en Borreiros, na memoria o espazo en que se facía feira de gando o día sete de cada mes e na que se pagaba aínda



Celestino Barreiro na Veiga do Touro (Baíña)

en onzas e marabedís, era un topónimo tan integrado na vida de *Carmiña e Lola da Tenda* que tardaron días en dicirmo. Naceran ao pé dela, era parte de si, por iso cando mo dixeron, saíu de casualidade en medio dunha conversa.

DO MARCO DE ESTREMA ÁS CASAS DOS VECIÑOS

Máis alá do interese económico na explotación forestal, ás nosas comunidades de montes interésalles definir a parroquia na que se encadran, sobre a que dalgún xeito teñen xurisdición. Os límites do monte son os propios do territorio da comunidade: xeograficamente, a comunidade rural chega ata onde o fan os seus montes (Balboa 1990: 227). Cando comezamos a estudar a parroquia de Santa Baia das Donas, hoxe dependente de Gondomar pero noutrora (ata ben entrado o século XIX) da vila de Baiona, por tanto de reguengo, démonos conta que aquilo de definir o territorio era unha idea que tamén perseguían os comisarios reais que,

ao longo da Idade Moderna, efectuaron as coñecidas como *visitas de término* ou xurisdicionais coas que se pretendían evitar usurpacións de terra.

O elemento principal a revisar eran os marcos que eles chamaban *mojones* e entre os que distinguían as *piedras fundamentales*, grandes outeiros ou laxes, e as *piedras mouediças*, postes chantados tal e como hoxe entendemos un marco. Seguindo o manual para exercer con éxito as funcións de correxidor titulado *Política para corregidores y señores de vasallos en tiempo de paz y de guerra*, autoría de Jerónimo Castillo de Bobadilla, publicado en 1597 e reeditado durante séculos, podemos comprender o procedemento que todo correxidor debía seguir no tocante a “visitar los términos y lugares de su jurisdicción” (Castillo 1775: 731). Unha comisión formada por dous rexedores, o correxidor en persoa ou o seu tenente no caso de eximirse e “vecinos comarcanos y hombres antiguos” (Castillo 1775: 733) debía ser nomeada polo concello para alzar, renovar e restituír os marcos alí onde houberse usurpacións.

Nin uns nin outros podían percibir salario nin pago de gasto algún. O tempo destas visitas, regulado estratexicamente, non podía ser en xuño, xullo nin agosto por “no distraher a los labradores de sus cosechas” (Castillo 1775: 735) así

como tampouco “quando en la ciudad haya mucho que hacer” considerando por meses competentes a marzo, abril, maio, novembro e decembro.

Xunto á comprobación dos marcos nos seus sitios e ben á vista, a conservación dos montes co nomeamento de gardas como na serra da Groba (García / Portela 2003: 255), era capítulo importante en tanto que deles “procede la leña y carbón para el fuego, las maderas para los templos, casas y navíos, la bellota, pasto y abrigo para los ganados” (Castillo 1775: 736).



Presentamos, a continuación, a transcripción dunha desas visitas de termo¹ coa que se pretende resaltar a importancia que teñen en canto a extremas e toponimia, recollendo o nome de outeiros, vales, regueiras ou montes en que se atopan os marcos:

^{7r} Vesita de Santa Vaya

En la *feligresía* de Santa Vaya a quatro días del mes de *noviembre* de mil y *seiscientos* y ochenta y ocho años/ el *señor* lizenciado don Juan Antonio de Alfaro y Sierra, corregidor de la vila de Vayona y sus/ tierras por Su Magestad con asistencia de sus *mercedes* don Antonio Troncoso, alférez/ mayor, don Cosme Félix Bugarín, alguazil *mayor*, don Manuel Lozano, rejidores de *dicha*/ villa y Gregorio Fernández, juez pedáneo de la *dicha feligresía* de Santa Vaya, Gregorio Domínguez/ do Meijón, Domingo Fernández de San Zibrán y Domingo Rodríguez do Castriño/ y Juan da Raposeyra, *vezinos* de *dicha feligresía* andando en vesita de términos y visto y recono/çido los que dividen *dicha feligresía* dixeron lo *siguiente*: aver allado que desde el mojón *que* está en el *monte*/ de Corno de Laredo acia la *parte* del monte de la Groba y es vna piedra no mobeðiça/ a manera de loza de altor sobre tierra de más de una vara con vna cruz a la *parte*/ del naziente y otra cruz al poniente cuio mojón y piedra divide la *jurisdicción* de/ Varrantes de la Real de *dicha uilla* por la *parte* de *dicha feligresía* de Santa Vaya. Y desde *dicho* mojón/ se sigue a otro *que* se diçe de la buelta da Castiñeyra *que* es vn peñasco de altor sobre/ tierra de una bara con vna cruz a la *parte* del naziente que sirbe de demarcacion/ entre la *jurisdicción* de Tebra y la Real de *dicha uilla*. Y desde *dicha* demarcacion se sigue/ a otro mojón *que* está en la fuente das Bouças que hes piedra loza de altor sobre/ tierra cinco quartas con vna cruz en lo alto della y unas piedras pequeñas al/daredor la qual deuide hesta *jurisdicción* real de la de Tebra y desde *dicho* mojón/ se ba *derecho* a otro *que* se llama das Piniças *que* es vn peñazco grande en *que* están tres/ cruces *la una* (*tachado*) a la *parte* del norte y otra a la travesía y al pie de la cruz *que* está/ más cerca de tierra se allo formada con pico una letra B y más arriba/ de *dicho* marco a la *parte* del monte del Sereijo cosa de quatro braças está un/ peñazco grande devidido y el *dicho* marco das Piniças diuide las *dichas jurisdicciones*/ de Tebra de la *dicha uilla*. Y desde *dicho* mojón se sigue *derecho* a otro *que* se diçe/ do Regueyrño *que* hesta a la entrada del camino *que* va de *dicha feligresía* de Santa Vaya/ al *dicho monte* do Sereijo *que* es vna piedra alta movediza a modo de poste/ la qual diuide la *dicha jurisdicción* real y *feligresía* de Santa Vaya de la *dicha jurisdicción* de/ Tebra. Y devajo de juramento *que* yçieron los *dichos* Gregorio Fernández/^{7v} juez, Domingo Fernández, Gregorio Domínguez *Rodríguez* y Juan da Raposeyra/ yçieron cada uno de por si en forma de *derecho* dixeron vniformes *que* las *dichas*/ demarcaciones y mojones los an visto desde su acordanza en los sitios y lugares/ atrás expresados y no se an movido de sus continuos lugares antes oyeron/ dezir a sus *padres* y abuelos y otros muy viejos y anzianos *que* aquellos eran los lí/mites y devisions de ambas *jurisdicciones* y no firmaron *porque* dixeron no sauer y *que* son/ de hedad el *dicho* Gregorio Fernández de çinquenta y seis años, el *dicho* Gregorio Domínguez/ de çinquenta y dos y el *dicho* Domingo Fernández de quarenta y dos y el *dicho* Domingo/ Rodríguez de sesenta y el *dicho* Juan da Raposeyra de çinquenta; todos poco/ más o menos y sus *mercedes* lo firmaron.

1 AHMB. Leg. 27, exp. 34. *Autos para azer visita de términos de feligresías* (1688), f. 7r-7v.

As visitas nas que participaban cada ano informantes diferentes, repetiron estrutura sen apenas modificacións ata o século XVIII. Se as extremas, no caso presentado, quedaran en mans do pedáneo Gregorio Fernández e como veciños Gregorio Domínguez do Meixón, Domingo Fernández de San Cibrán, Domingo Rodríguez do Castriño e Juan da Raposeira, cando en 1753 no contexto da realización do catastro do Marqués de la Ensenada (1749-1756) se tivo que responder a un interrogatorio de 40 preguntas, os representantes do común mudaran. Sen dubidalo, o pedáneo Isidro Alonso xunto a Pascual e Agustín Rodríguez recitaron como poesía os lindes da súa parroquia:



Os Marcos da Castiñeira. Á esquerda, “*pedra movediça*” e á dereita, “*pedra fundamental*”

linda por el *Levante*/ con la feligresía de San Vizente de Mañufe por/ el *Poniente* con la de San Martín de Borreiros y *San*/ Lorenzo de Belesar, por el *Norte* con el río caudal/ que vaja al Puente de la Ramallosa que es el que/ la divide por aquella parte de la de San Pedro/ de la Ramallosa y por el *Sur* con las feligresías de *Santa*/ María de Thebra y San Vizente de Barrantes. Principiando su demarcación en el campo que nom/brando Zepedo donde ay un mojón de piedra mobe/diza a modo de poste, desde el qual sigue al cam/po da Pereira donde ay otro igual mojón, desde/ este va en derechura a otro que se halla en el/ lugar do Outeiro, desde cuiu sitio ba dicha de/marcación en derechura al de Entrambos los/ ríos, desde el qual sigue a otro

mojón que se ha/lla en campo de Pedro Pérez, donde nombran/^{3r} Lavadouro, Vilachán, desde cuiu sitio va a otro/ mojón que se halla en el lugar de Figueiró desde/ este sigue a otro que se halla donde nombran Viña/ Vella y Campo do Río, desde cuiu mojón va en/ derechura a otro que se halla en el sitio da Fonte dos/ Orjás, desde el qual sigue a la Piedra Blanca que/ es un peñasco fundamental, de cuiu mojón ba a don/de nombran la Voca do Sereijo, donde se halla de/ mojón una piedra movediça, desde el qual sigue/ al sitio de las Pinizas, donde haze de mojón otro/ peñasco fundamental desde el qual va la referida/ demarcación al sitio de la Castiñeira donde tam/bién haze de mojón un peñasco fundamental/ del qual sigue a la Pedragata que es otro peñas/co fundamental desde el que viene vajando la/ demarcación por el río de agua que nombran/ de la Grova, que es el que la divide hasta el sitio lla/mado de Porto Dachas, donde se incorpora otro/ río nombrado de Oliveira, el qual haze demar/cación por aquella parte hasta tropezar con una peña/^{3v} fundamental que llaman de Bouzelos, desde cuiu/ sitio o mojón, va en derechura al de Casa Vella, don/de haze de mojón una piedra fundamental que se/ halla en el camino carretero que por allí pasa, des/de el qual sigue a donde llaman Pinseira y por/ otro nombre Castro, donde se halla un peñasco gran/de fundamental, desde cuiu mojón va en derechu/ra a otro que se halla en el sitio de Olivarez, donde/ se halla una piedra laje movediça,



O Lugar do Rodas e do Castellano, Fontes (Baíña)

casos pode facer alusión a unha eiva da persoa, *A Casa da Chosca* ou *do Mudo*, un xeito de ser, *A Casa dos Terribles*, a orixe do residente, *A Casa do Lañelas* (de Lanhelas, Portugal) ou *da Camoesa* (Camos, Nigrán); o oficio, *A Casa do Zamanqueiro* ou *do Paleteiro* e mesmo polo nome dun antigo poseedor ou derivado, recolléndose así dende *A Casa das Camilas* ata a *de Xan Alonso*.

Nun primeiro momento, as recollidas de microtoponimia inscritas no marco do *Proxecto Toponimia de Galicia* non prestaban atención a este apartado que, cremos, é fundamental pola achega que, por exemplo, fai en canto a explicación dalgún dos nosos alcumes. Dous exemplos rápidos. Explicar *apoios* ou *alcuños* tan transparentes como o do meu tataravó, *O Castellano*, así bautizado por vir das Américas falando castelán, pode ser viable a base de conxecturas. Quizais non aconteza o mesmo para outros máis escuros que precisan dun raballo de campo que os aclare: a un veciño do lugar do Río, na parroquia baionesa de Baíña, entroulle un inverno unha riada de seixos nunha veiga. Ao andar a apañar neles cun muñico, un veciño viuno e preguntoulle a que andaba. Aquel respondeulle que a apañar uns *ruchos* que lle deixara a levada. Dende aquela, para os seus paisanos, foi sempre *O Rucho*. Isto tamén é patrimonio inmaterial e merece ser recollido.

Arredor da vivenda, tamén o espazo que podemos chamar o eido, *enxido* ou lugar da casa recibía nomes coñecidos, en ocasións, soamente polos membros da unidade familiar. Temos documentados casos en que, sendo o lugar de moitos ferrados e estar organizado, sobre todo, en terrazas ou socalcos, cada un destes recibe un nome que permite unha minuciosa descrición.

Os veciños poden chamar *O Lugar do Trapalladas* (Fontes, Baíña) a unha serie de valados que intrafamiliarmente se distinguen entre eles: *Enriba do Xogo*, *A do Outeiro*, *A do San Miguel*, *Detrás da Eira*, *A do Trigo*, *A Horta*, *O Alargo*, *O Cerradiño*, *O Valado da Avea*, *A Tomada* ou *A Terra Nova*. De ser a terra pequena, con chamarlle *O Cocho* bastaba.

Todos eles son tamén toponimia á que deben prestar atención os técnicos de campo encargados da recollida.

A casa emprázase nun lugar e nun barrio, entidades de poboación aínda hoxe non ben sinalizadas e algunhas chamadas a desaparecer se, por exemplo, non é necesario indicalas na dirección postal. Hoxe cun simple número e un topónimo maior é suficiente á hora de indicar onde vivimos.

Cada un destes lugares, tiña asignado, un equipamento concreto. Estoume a referir a carreiros e camiños, muíños, fontes, lavadoiros ou presas.

As vías de comunicación non son pouca cousa na nosa toponimia. Os camiños de pés ou de carros levaban ás leiras, aos montes ou á igrexa. Por eles, xunto aos animais e humanos transitaban, segundo a tradición baionesa, as almas dos defuntos ata tres anos despois de morrer. Segundo a súa toponimia poderíamos agrupalas en:



Camiño de Antreaslatas, Borreiros

- lugar ao que conduce: *Camiño da Leiriña*, *Camiño da Escola* ou *Camiño da Sermán...*

- vía en pendente: *A Costa da Rusa, A Costa da Miranda, A Quirincosta...*
- cruce de camiños: *A Encrucillada, A Encrucillada do Telleiro, A Cruz...*
- volta no camiño: *A Volta da Castiñeira, A Volta do Letreiro, A Volta das Barrocas...*
- descrición do camiño: *O Camiño Novo, O Camiño Vello, O Camiño Fondo...*
- carreiros: *O Carreiro da Fonte, O Carreiro de Pés, O Carreiro da Virtú...*

Do mesmo xeito, faise necesario como complemento destas infraestruturas, a recollida dos topónimos de pontes, pontillóns, poldras ou pasos menores en ríos e regatos. Aínda que moitas destas construcións foron destruídas por riadas, o seu topónimo perdura no seu emprazamento case a xeito de recordo e, informándonos, por exemplo, do seu material construtivo e envergadura. Sabemos que non son iguais os pasos de madeira constatados en topónimos como *As Toradas* en Donas ou *A Táboa* en Comesaña de outros de pedra a xeito de pasal (*Os Pasáns*, Donas) ou de poldras (*As Espoldras do Río Grande*, Baíña) en que pedras dispostas no leito do río servían para o cruzar dando saltos. De maior porte eran xa os pontillóns (*O Pontillón de San Cosme*, Baíña) e as pontes propiamente ditas (*A Ponte da Paravea*, Comesaña).



Entre os hidrotopónimos, xunto aos nomes da auga, incluímos os da súa arquitectura. Dende os ríos que, segundo por onde pasen reciben un nome ou outro, ata regueiras, regos e *sangras* (gabias de desaugue) conforman nos planos toponímicos o que algúns autores denominaron o *sangue vertebrador do noso agro* (Sánchez 2001: 757-766). Non cabe dúbida de que tanto os ríos e regueiras como os elementos que se construíron por mor deles, son utilizados como referentes pola comunidade no seu día a día, por iso cada un ten nome de seu.

O río Miñor deulle nome a toda a comarca que rega. Dende o seu nacemento ata a súa desembocadura na Foz é o río Miñor, aínda que atenda tamén a outros topónimos do mesmo xeito que os seus afluentes e os accidentes que produce ao seu paso. Dende unha poza (*O Pozo da Cegueira* ou *O Pozo das Troitas* que verte as súas augas ó Salgueiro), unha volta no seu curso (*A Volta da Xunqueira* ou *A Volta das Monas*) ata un pequeno areal nas súas marxes (*O Areal dos Cumareiros*). O río *limaba* as terras coas súas enchentes, daba troitas, anguías nalgún momento do ano e incluso area.

Regueiras que nacen en *ulleiros*, mananciais que dan auga a fontes ou minas que abastecen de auga a presas e biqueiras, son referencias na paisaxe. Para facer alusión ao lugar onde nace a auga non se emprega no Miñor o termo manancial senón *ulleiro* ou nacente (*O Ulleiro de Onde Morreu o Burro* ou *O Ulleiro do Conde* en Donas). Por fonte enténdese a construción de certo porte composta de un ou varios canos (*A Fonte Santa* ou *A Fonte de Santa Mariña* en Baíña) mentres que, se reserva biqueira, para o cano solitario que incrustado nun muro á beira dun camiño refrescaba ao viandante (*A Biqueira do Pereiro* ou *A Biqueira do Alcóucér* en Donas).

Preto destas construcións podía estar a mina, a ‘galería escavada para a extracción de auga’ co seu topónimo: *A Mina do Ulleiriño* (Baíña), *A Mina do Sancho* ou *A Mina da Fonte da Cal* en Comesaña.

Falando do cultivo da terra, non debe esquecer o técnico de campo tampouco da procura, polas cabeceiras de veigas, campos, tomadas ou regueiras no monte, de presas, peirados e atoles³.

Cando a construción feita na corrente de auga é de grandes proporcións é unha presa ou poza, se é menor *presote* ou incluso *lagareta*, forma esta última empregada en Parada de Miñor.

O topónimo aparece tamén modificado por adxectivos e complementos preposicionais que tanto fan referencia ao nome do lugar no que está a presa

3 “En Tuy se llama *tol* y una *tol* aquella presa de agua que sirve para regar los maizales u otros sembrados. Hay verbo gallego *entolar* el agua, y es cuando se divide el agua para el riego. En Pontevedra se llama *tola* a aquella presa menor de agua. En lo restante de Galicia se llama *levada* de agua. La voz *presa*, de *prebendo* es una como *tomada* o tomadura de agua o toma o *tola*, y todo de *tollo*, *tolo*. Si esos pequeños acueductos vienen encañados con caños de barro, se llama en los autores *rei agrariae, canabulae y novercae*”. Colección 1746-1770. (Sarmiento, 1970).

como ás terras que rega: *A Presa da Calducha, A Presa da Longra, A Presa da Covela, A Presa de Riba ou A Presa do Cotarel* son algúns dos nomes das presas de regadío de Donas. Neste apartado, en ocasións, é necesario solicitar daqueles informantes que o conserven, os repartos de auga. Xunto á listaxe de nomes de propietario e tempo de rego, é común a relación de ferrados e o topónimo da terra como se documenta nesta *Distribución del agua de la Fonte Argueira* de Baíña do ano 1903:

Fonte da Bal de Dolores Giráldez– un camino de agua siendo cabecera un año si otro no pues juega con la Trubela de Ynocencio Prado y compañero
Fonte da Bal de Benito Pazo y compañeros un camino
Bouza de Dolores Giráldez de la primera tanda un camino de la otra nada
Bouza de Evaristo Martínez y compañeros dos caminos
Cocho de María Giráldez dos caminos
Campo de Fontes de José Giráldez un camino
Cocho de Juan Giráldez y compañeros un camino
Sobre la Fuente de José Carrebedo y compañeros camino y medio
Sobre la Fuente de Antonio Roda camino y medio siendo todo el cocho de sobre la fuente tres caminos
Torna de Ynocencio Prado y compañeros tres caminos, tiene que darle a José Carrebedo medio camino en la primer tanda
Debeza de Baldomero Martínez un camino
Debeza de Juan Camiña y compañeros un camino
Debeza de Benito Pazo y compañeros un camino
Debeza de Perfecto Rodríguez un camino
Lugar de Manuela Blanco y compañeros de la primer tanda dos y de la otra uno
Lugar de José Carrebedo tres caminos
Bezada de Juan Giráldez de la primer tanda dos y de la otra uno
Do Torto de Evaristo Martínez un camino
Detrás da Heira de Benito Pazo y compañeros de la primer tanda un camino y de otra nada
Secochiño de Vicente Giráldez y compañeros un camino
De Vieito de Antonio Roda un camino
De Vieito de Leonardo González y compañeros un camino
Debeza de Francisco González tres caminos
Juraleira de Josefa Iglesias y compañeros cuatro caminos
Tomoeiro y do Carreiro de José Giráldez tres caminos
Cocho de Ana Rodríguez de la primer tanda uno y de la otra dos
Trubela de Juan Giraldez y compañeros de la primer tanda dos y de la otra uno
Pedras de Juan Giraldez y compañeros un camino
Pedras de María Giráldez dos caminos
Olleiro de Dolores Giráldez un camino

Trubela de Ynocencio Prado y compañeros dos caminos en la primer tanda y no tiene mas agua siendo cabezalero un año si otro no (como deixamos dicho) y despues sigue el agua al Lugar de Dolores Giráldez.

Nota: Este escrito es pactado por todos los interesados de dicha agua los cuales para alegar su conformidad firman al final de este escrito.

Bahíña, Barrio de Fuentes a primero de Julio de mil novecientos tres.

Ha acordado también la Junta de tenedores que empieza el agua por tanda todos los años la primer semana del mes de Julio

A auga que nacía nos montes, mollaba, por tanto, as terras. De terras enchoupadas falan topónimos como *A Lenta, A Poza, A Rega, As Barxas, As Fontes, O Guamil, Os Lagos* ou *A Gandra*. As súas marxes non faltan nunca muíños coas súas levadas e pozos ou lavadoiros. Empregados os primeiros para moer o gran co que logo facer o pan, elemento básico da alimentación, así como para moer o picón para os animais, os seus nomes infórmanos do emprazamento (*O*

Muíño do Pesquello, Baíña), do propietario (*O Muíño do Bras*, Comesaña) ou da súa posición respecto a outro (*O Muíño de Baixo*, Donas).

Os *lavadouros* ou pedras de fregar, pola súa banda, como construcións destinadas ao lavado da roupa, aparecen na toponimia ás beiras de ríos e regatos ou ao pé dun manancial de auga e relacionándose, normalmente, a un lugar concreto. *O Pozo da Barcalla* ou *O Pozo da Paradela* empregan o xenérico *pozo* na súa denominación fronte a *pilón* ou *lavadouro*.

DAS TERRAS DE LABOR

A terra queda descrita cos seus nomes: sabemos da súa forma a través de topónimos como *O Pinal Redondo* en Donas; da súa posición como na *Suahorta*, no *Sebor da*





Fonte ou *Detrás da Bouza* en Baíña; e do seu tamaño grazas á *Ancha*, *As Veigas Longas* (Donas) ou *A Piolla* (Baíña). A constitución do terreo, sen dúbida fundamental á hora de saber da súa produtividade, deu lugar ao *Arieiro* en San Cibrán (Donas), *Os Lameiros* en Baíña ou *O Toutizal* en Baiona sobre terras moi ruínas.

Onde había xestas era *O Xestal* (Donas), onde quizais se plantou paíngo ou millo miúdo *A Pinceira* (Borreiros), onde liño *O Campo do*

Liño (Baiona); onde se daban as ameixas *A Ameixeira* (Baíña) e onde había vides que, nalgún momento, darían uvas para facer viño *A Lata*, a xeito de parra, como tamén *A Viña da Porta de Nande* (Baíña) ou *A Viña Vella* (Donas). Se a cepa era estéril, era *O Baltar* (Donas). A vexetación marcaba a paisaxe.

A presenza dos animais na toponimia é tamén común e moi variada: *O Pombo* ou *A Lagarteira* en Donas; *As Anduriñas* en Comesaña; *As Pulgas* en Baíña ou *As Porqueiras* en Baredo. Os nomes e alcumes de antigos posesores da terra ficaron tamén como fósiles: *A do Monteiro* é un campo no barrio de Fontes en Baíña, *O Coronel* e *O Ferreiro* en Donas lembran o oficio do seu propietario como *Mi Tío* o parentesco dun propietario con outro anterior. Apelidos ou nomes cos seus derivados hainos dende *As Olindas* en Mañufe ata *As Gabiñas* de Donas pasando por outros máis antigos como *O Roupeiro*, procedente dun nome medieval de orixe xermánica RAUPARIUS ou *As Ufas*, tamén en Comesaña, de ADAÚLFUS.

Incluso a toponimia nos fala das relacións económicas da terra ou nos revela os lugares onde o igrexario da parroquia, neste caso de Donas, posuía bens. Recollemos dende un *Campo do Foro* en referencia ao sometemento desa terra ao gravame anual satisfeito normalmente en especie ata un *Lugar da Renda* en recordo dun ‘canon imposto sobre unha leira’ ou un *Dimadíos* como terreo que pagaba unha décima parte da súa colleita en *diezmo a Dios*.

Terreos do igrexario deixados en herdo por algún fiel podían ser as terras coñecidas como *A Lámpara*, porque coa súa renda se custeaba os gastos de mantemento da lámpada do Santísimo ou para o culto das ánimas *A Tomada das Almas* na estrema entre Donas e Pinzás. *O Santo*, en San Cibrán, era outra destas propiedades, quen sabe si un terreo relacionado co Dulce Nome de Xesús, imaxe popularmente coñecida en Santa Baia como *O Santo* por antonomasia, ou con outro. Nomes en relación cos santos non faltan tampouco na terra como *As Santabaías* (Donas) ou *O San Miguel* (Baíña), este último denominando lugares en onde se colocaban as medas do millo.

Na toponimia hai tamén *O Dote* en Abrollido (Aburlido para os veciños) asociando a terra co quión que levaba a ‘muller cando casaba ou ingresaba nun convento’ ou un *Lugar do Vínculo* en Borreiros que, probablemente, fosen terras vinculadas cunha casa e que non podían ser divididas. Baixo esta mesma premisa e, herdando parte do patrimonio o fillo maior, por estar o patrimonio baixo réxime de morgado, consérvase tamén unha *Casa do Maiorazgo* á beira da parroquial de Santa Baia, naquel edificio onde a tradición sitúa o antigo convento de bieitas reformado no século XV.

A XEOGRAFÍA DOS MONTES

Baixo calquera ortofoto da nosa homoxénea masa boscosa, xurde unha complexa xeografía ben definida pola toponimia. Do relevo accidentado dan conta, a xeito de elevacións, dende os altos: *O Alto das Laxes* (Baíña); *O Alto das Pedras Redondas* (Donas); *O Alto da Costa* (Mañufe), os outeiros *O Outeiro do Berce* ou *O Outeiro do Galo* (Baíña) pasando por laxes, penedos grandes de superficie lisa; *A Laxe da Besta* (Baíña) ata as pedras de menor proporción: *As Pedras da Cruz* (Baíña) ou *A Pedra Furada* (Comesaña). Naquelas nas que se xogaba ao tobogán, tirándose os



meninos cunha xesta baixo o cú eran *O Escorregadouro* (Donas), *A Escorregadiza* (Baredo) ou *Rozacús* (Randufe).


Da voz *cueto* da que provén coto e o seu diminutivo *cotarel* para denominar picotos e mesmo penedos no alto dun monte (Marqués 2003: 242) saíron *O Coto das Abellas* (Mañufe), *O Cotovesado* ou *O Cotomiño Grande* (Donas).

As depresións quedaron reflectidas na toponimia a xeitos de vales como o *Val de Martín* ou ao *Val de Vermello* en Baredo; en terras fondas como en *Fondón*, un dos barrios da parroquia de Donas; así como en desniveis naturais *O Recosto da Presa* ou *O Buraco do Trebón* (Donas) e artificiais, como *O Barranco das Barreiras* (Mañufe). En pendente e costa había tamén terras de labor, non só monte, do mesmo xeito que existían chans que, case pola súa escaseza, eran espazos prezados; *A Chan do Rapadouro* (Mañufe), *A Chan da Lagoa* (Baíña), *A Chan do Crasto* ou *A Chan do Cereixo* en Donas. Esta última, coñecida na bibliografía arqueolóxica por acoller un dos xacementos paleolíticos máis importantes de Galicia, foi para as parroquias de Donas, Mañufe e Pinzás (Tebra) un espazo de explotación continua e sistemática. Sostén da cabana gandeira, *O Cereixo* eran terras de *mistedume* empregadas “pacíficamente”, segundo a costume, polos veciños de estas tres parroquias. A práctica, sempre tan diferente, enfrontou en preito dende o século XVI ata os nosos días a estas comunidades. A recollida de toponimia serviunos incluso para reconstruír ese enfrontamento histórico, localizando os lindes xurisdicionais e catalogando, nas Covas de Amorín, *O Outeiro do Navío*, unha pedra de lousa na cal se conserva gravado, como ben recollían as visitas de termo de 1682, “el nabio, armas de dicha villa de Bayona”⁴ dividindo a xurisdición señorial de Tebra da real de Baiona.

Distínguese moi ben na toponimia o monte *en baldío* do traballado ou amansado. Os comisarios do Catastro do Marqués de la Ensenada tamén tiñan uns como “montes vajos, cerrados de particulares de producir algunos tojos que solo sirben para el abono de las tierras”⁵ e outros como “auiertos, comunes quanto al uso del pasto, y también los ay peñascosos e ynutiles por naturaleza”.

4 AHMB, Leg. 34, exp. 26. *Libro de visitas de termo do ano 1682*, f^o 4v-5r.

5 *Respuestas Xerais do Catastro do Marqués de la Ensenada da parroquia de Santa Baia das Donas*, 1753 Arquivo: Archivo General de Simancas, Catastro de Ensenada, Respuestas Generales, Libro 269, f^o 4r-4v.



Ampla densidade de toponimia a considerar dentro do conxunto de terras das Tomadas de Fondón

Ao monte común repartido nalgún momento entre os particulares coñéceselle, no Miñor, como *tomada*. Na toponimia tende a aparecer modificada por un participio como na *Tomada Cerrada* (Donas), un complemento preposicional na *Tomada de Riba* (Baíña) e indicando o propietario, maiormente co seu alcu-me, *A Tomada do Portugués, do Crego* ou *do Manteca* así como o lugar. Entre as tomadas que deben o seu nome a súa localización poderíamos citar *A Tomada da Cuvela, das Casiñas de Viseu* ou *A Tomada da Pedra Furada*.

Entre o amansado en cultivo o monte ten tamén *cachadas*: *A Cachada*, Baíña; ou *A Cachouza*, Donas; monte cavado e queimado para sementalo despois: *A Queimadiña* ou *Os Burruales*, Donas; ou rozado, *Os Rozos*, Donas e *As Rozadas*,



Enrique Fragata e Antonio “O Portugués” no Alto da Noiteboa

Xurisdición	Freguesía	Devesa	Pinar	Viveiro
Baiona (4)	Baíña (Sta. Mariña) e Baredo	1	1	1
	Baiona (Sta. María)	1	-	-
	Belesar (S. Lourenzo)	3	1	1
	Borreiros (S. Martiño)	2	2	1
	Camos (Santa Baia)	1	-	2
	Cháin (Santa María)	2	1	1
	Donas (Santa Baia das)	2	-	1
	Mañufe (S. Vicente)	2	1	1
	Morgadáns (Santiago)	1	1	2
	Nigrán (S. Fiz)	1	2	-
	Parada (Santiago)	1	2	-
	Peitieiros (S. Miguel)	2		1
	A Ramallosa (Sta. Cristina)	2	1	1
	Filgueiras ou A Ramallosa (S. Pedro)	2	2	
	Vilaza (Sta. María)	2		1

Táboa 1. Cadro de elaboración propia a partir do “Testimonio del Auto de Visita echa de las Reales Deesas, montes, valdíos, concegiles, de comunidades y particulares de esta Jurisdicción de Bayona” (1754). AHMB. Leg. 33, exp. 21

Baíña. Fronte a este había tamén terreos incultos cheos de mato como *A Bouza* (Comesaña) ou o seu diminutivo *Os Boucelos* (Borreiros).

Dentro do amansado, había tamén terras que, nas distintas parroquias a xente deu en chamar popularmente *A Devesa do Rei* (Sabarís)⁶, *O Pinar do Rei* (Baíña) ou *A Tomada do Rei* (Donas). Nas proximidades, a toponimia tende a conservar tamén os seus respectivos viveiros. Estes espazos acoutados, entre os mellores e máis produtivos de cada parroquia, existían ao longo da costa galega e cantábrica cando menos dende o século XVI cando se documentan os primeiros en Valadares, Oia ou Vigo a xeito de plantíos.

6 Recibe tamén o nome da *Bouza da Serra*, *A Fonte Armada*, *Granja-Cultivo El Esperanto* ou *A Tomada dos Ineses*, unha mesma realidade xeográfica na parroquia de Santa Cristina da Ramallosa con distintos nomes como vemos. É atravesada pola *Regueira do Retruca* ou *A Regueira da Chan das Centeas*.

Unha Real Provisión de 1566 establecera a obriga para os concellos de facer plantacións de carballos e manter estas devesas e os seus viveiros que, por outra banda, serían visitados entre 1656 e 1748 co fin de seguir a súa evolución (Morgade 2003: 46-47).

De contraste destacado co monte da súa contorna que, pouco máis producía que carrasco, toxo ou xesta; estas devesas, en orixe probablemente comunais e logo parte do patrimonio real ata o século XIX, produciron dende madeira para a construción naval ata travesas para pontes e vías do ferrocarril. O número de devesas ao longo da xurisdición baionesa era imporante (Táboa 1).

Outras explotacións houbo e hai nos montes. Canteiros e monteiros cos seus guillos e picos extraeron centos de carros de pedra de afloracións graníticas como na *Canteira do Seixo Branco* en San Cibrán ou na *Canteira da Cela Vella* en Baredo. Xunto ao topónimo, a memoria popular lembra como era aquel duro traballo, o carreto ou mesmo a linguaxe secreta empregada polos canteiros, *o verbo dos arginas*.

TOPONIMIA E PATRIMONIO NO MONTE

Quen se anime a tentar recompilar os nomes errados que teñen moitos dos xacementos arqueolóxicos e outro bens patrimoniais galegos, moitos deles en terras de monte comunal, atoparase con que calquera denominación ten cabida á hora de nomealos na súa “partida de bautismo”. Son centos os que tiveron a súa denominación en mans de arqueólogos que, quizais baixo encargo da Dirección Xeral de Patrimonio, se ven ante a tesitura de cubrir unhas fichas de catalogación nas que debe figurar un nome para o futuro ben a inventariar. Hai un castro da *Pedra Moura* nos lindes entre Borreiros e Donas (Gondomar) ao que os vellos chaman *O Crasto dos Mouros*; unha *Fonte de Alas* na viguesa Comesaña que substituíu a unha orixinal *Fonte da Laxe* pronunciada con aspiración final ou mesmo un *Castelo da Rocha Forte* en Compostela que, para os nativos da Rocha Vella, era *O Churruchao* por antonomasia en recordo do apelido daqueles asasinos e ladróns que, segundo a malfadada lenda, roubaban amparados polo arcebispo. Non sempre os papeis poden facer calar as barbas, botando man do dito popular.



Localizando *A Capela do Aguzo* con Manolo “O Páxaro” de San Cibrán

No concello de Oia difundíronse tamén con nomes *ex-novo* petróglifos da Idade do Bronce, e da calidade dos cervos e embarcación representada nunha laxe do río Vilar en Figueiredo (Pedornes), na bibliografía como *Auga dos Cebros*, ou os gravados da Pousadela renomeados como *A Pedra dos Chetos* polo simple feito de comer aperitivos *Cheetos* un dos seus investigadores. Fins poéticos parecía ter o bautismo, como *Agua da Laxe*, do gravado de armas máis importante de Europa, na Serra do Galiñeiro. A semellanza desta panoplia de armas do Bronce Inicial (puñais, espadas curtas e alabardas) con estandartes procesionais, levou que a xente coñecese aquel

bolo granítico como *A Pedra das Procesións*.

Poderíamos, chegado este momento, preguntarnos porque tanta confusión neste eido. As nosas comunidades teñen como base, máis alá da planimetría encargada de recoller a numeración e emprazamento dos seus lindes, un *neboeiro* de mapas e planos que dende o Instituto Xeográfico Nacional ata outros de base vectorial están infestados de erros. A unha simple ollada sobre os editados para os concellos de Baiona e Gondomar, chama a atención a colocación de artigos en topónimos que non o levan, caso do barrio baiñés de Fontes, ou ao contrario. Non faltan topónimos inventados como *A Vieira* na tomada de Pedregoso tamén en Baíña ou deturpacións como *A Pinceira* en vez de *A Pinceira* en Borreiros, *A Percebelleira* por *A Percibilleira* en Baiona ou *As Escobillas/ Escobillos* por *As Escubichas* en Santa Cristina da Ramallosa. Frecuentes son, así mesmo, as dislocacións do topónimo dende o lugar orixinal a outro máis afastado como aconteceu no *Campo Longo*, situado sobre *O Alto do Peso* en Silleiro (Baredo) ou *O Val do Feito* nas *Carrascas Verdes* en Fontes (Baíña).

A toponimia serve incluso para catalogar bens arqueolóxicos sen documentar. O topónimo *O Sosanto* na aldea de San Cosme (Baíña) permitiunos coñecer o emprazamento do camposanto do antigo eremitorio que houbo, segundo algúns estudosos dende o século VI, con capela conservada ata ben entrado o século XVIII. O mesmo aconteceu na chan que, na



A Cruz do Arnoio ou da Faniga, Mañufe

mesmo aconteceu na chan que, na serra da Groba entre *A Cruz de Pau* e o *Foxo Pedriño*, recibía o nome da *Meniña das Chans*, espazo en que se catalogou un enterramento megalítico. *A Laxe Cruzada* nos montes de Torroña é outra superficie gravada cun dos labirintos máis grandes de Europa xunto a cento dez cruces que lle deron nome. Nos montes de estrema entre Mañufe e Donas inventariouse a cimentación dun edificio ao que en San Cibrán e A Portavedra chaman *A Capela do Aguzo*.

Todos eles son patrimonio coñecido pola comunidade pero en camiño do esquecemento entre os máis novos. As cruces de mala morte, erguidas onde unha persoa perdeu a vida, como o seu nome indica, por accidente ou quen sabe as causas, tampouco falan soas nin se atopan facilmente ao estar entre a abundante vexetación dos nosos montes.

Soamente na parroquia gondomaresa de Mañufe recolleemos o nome de ata sete cruces, tres en baldío. *A Cruz do Arnoio* ou *da Faniga*, ao pé do regueiro da Goldra, foi erguida en maio de 1926 logo do accidente en que Manuel Romero Alonso morreu debaixo dos bois e do carro ao tentar cruzar o rego de auga. Na base pétrea, ata non hai moitos anos con flores diante, pódese ler:

EL 29 DE MAYO/ 1926/EDAD 49 AÑOS/RIP.

A Cruz do Feirante, recorda a un dos moitos portugueses con esta profesión que, camiño de Gondomar, finou en 1832 por ataque ao corazón segundo a tradición:

AQI MVRIO/ ANTONIO JOSE/CARBALLIDO/PORTVGVES/ AÑO DE 1832

No barrio de Nande, ao pé da tomada coñecida como *O Arraso das Ovelas*, lugar no que se facía o reconto das ovelas polos pastores, o señor Domingo Estévez Diego atopou tamén o fin da súa vida o 27 de febreiro do 1925. Aínda que a morte do *Pachán* se ten hoxe en día como asasinato por non ter devolvido certa cantidade de diñeiro prestado, o certo é que a prensa informa dunha morte accidental⁷. O citado ía montado a cabalo cando este se lle ergueu de patas, tirou con el polo *Barranco das Barreiras* e a caída, provocoulle a morte. No lugar do falecemento, ergueuse unha pequena cruz sobre un pedestal, única parte que se conserva, no que se le:

EL 27 DE/ FEBRERO/ DE 1925 EDAD/ 61 AÑOS RECU/ERDO DE SU ES/POSA E HIJOS/RIP/

A Cruz do Panasco nas Abelosas, rota e polo chan nos nosos días, ergueuse tamén naquela carballeira en recordo dunha muller da familia das Piringallas de Nande, Casilda Míguez, asasinada por temas de capital.

Estes topónimos serviron para catalogar algunhas destas cruces, inéditas, así como para tentar reconstruír a historia das súas mortes.

Noutros casos son os mouros da tradición oral, elemento tamén a recompilar, os encargados de avisar da presenza de patrimonio soterrado esquecido. A moura que durmía na *Cova da Serpe* do Monte Castelo, que deu pan aos do *Papanabola* e un carro de ouro aos nenos do Pintor, vixiou dende *A Eira dos Mouros* ao Tío Marcelino do Cela, veciño de Parada de Miñor. Subira ao monte Castelo na procura de ladrillos e tellas para facer un forno de pan. Sabía que alí había máis que cachiños de *tapeiras* e de olas, pedras ben labradas e rebaixes na pedra sobre as tres minas de ouro, prata e veneno. Sen querelo, contribuíu á destrución dun ben patrimonial do mesmo xeito que, en Bonaval (Burgueira), unha empresa desfixo no 2010 unha *villae* romana e un petróglifo de arte abstracta sobre xisto labrando o terreo para unha plantación de kiwis “mirando al futuro”⁸. Ningunha moura os viu.

7 *El Orzán: diario independiente*. Año VIII. Núm. 2122. A Coruña, 28/II/1925.

8 http://www.lavozdegalicia.es/vigo/2010/04/29/0003_8449809.htm

AO FIN...

O traballo de campo chegará ao seu fin no momento en que o técnico de campo se sente e inicie o traballo de despacho en que se dixitaliza a microtoponimia recollida, se xeorreferencia ou se constate na documentación histórica, este último apartado non esencial pero recomendable á hora de estudar a súa presenza no tempo.




Veciños de Santa Baia consultando a cartografía da súa parroquia. Foto de Bruno Centelles (IEM)

A **presentación pública** e, sen dúbida, de todo o proceso a parte máis satisfactoria e agradecida pola comunidade. A ela acoden os informantes e os seus familiares orgullosos de ter colaborado nun proxecto que garda a súa memoria e preserva para sempre o saber que os seus maiores transmitiron. Na exposición, ademais da impresión das fotografías aéreas sobre as que se xeorreferenciou a toponimia para a consulta parroquial, faise unha pequena achega ao que significa a toponimia xunto ao estudo de caso.

Finalmente, unha páxina web permite acceder á cidadanía aos resultados finais. De xeito interactivo, permítese a consulta en rede do mapa toponímico, algunhas transcripcións de documentación histórica e vídeos con tradición oral do lugar.





CONCLUSIÓNS

De subir ao monte a abrir a presa, limpar o rego, cortar o toxo para estrume ou mesmo arrancar “cañotos” ao xeito de Manolo *O Tolo* en tempos de carestía de leña en Baíña, pasouse á pasividade nas casas arroupados polas novas tecnoloxías. A representación do territorio esvaécese ao tempo que medran os eucaliptos. Cando non queden as persoas que foron ao monte co gando, que fixeron en pedras e outeiros xogos de milleiros e de bolos ou que arrebolaron polos tombos cheos de carrasco, daquela non poderemos tratar de saber mais de nós mesmos porque, quizais, non seremos nada. A vitalidade xerada polo noso agro romperase como terrón tralo paso do arado.

A memoria familiar, custodia do nome de centos de herdades de pequena extensión, será irrecuperable no momento en que falezan as xeracións máis apegadas á terra, aquelas que gardaron coidadosamente os *prorrrateos* de augas, as relacións dos pasos de servidume ou as horas do muíño. Son centos os séculos de historia que, como o *arneirón* ás pedras do mar, quedaron fixados na nosa toponimia. Os documentos, do mesmo xeito que os informantes das nosas recollidas, axúdannos a testemuñar a conservación ou a evolución dun topónimo no devir do tempo.

E chegarán os fillos, os netos ou os sobriños e queimarán con todo aquilo que, para eles, careza de valor. O abandono levará ás augas aos camiños lonxe de regos e *toles*, as silvas e o mato cubrirán tomadas, muíños, *ulleiros*, fontes e camiños ou carreiros dos vellos defuntos polos que, non quererán vagar, nin as benditas ánimas do Purgatorio.

Por iso a idea extraída dun traballo de recollida con comunidades de montes debe ser o suficientemente frutífera para que dun monte descoñecido, en ocasións mesmo pola xunta directiva, se pase a un monte por coñecer. A divulgación ten que ser neste senso a punta da lanza na tarefa a desenvolver cara o futuro.

WEB's das nosas recollidas

Santa Baia de Donas: <http://toponimiadedonas.esmiweb.es/>

– tradición oral: <https://www.youtube.com/channel/UCaB4oE8DjngOX1cCdMPAIIw>

San Vicente de Mañufe: <http://toponimiademanhufe.esmiweb.es/>

– tradición oral: <https://www.youtube.com/channel/UC0GH8FTETl9HyTmDgcO4uLg>

San Martiño de Borreiros: <http://toponimiaborreiros.blogspot.com.es/>

– tradición oral: https://www.youtube.com/channel/UC5-aQQ-gmIoS_QqcAeJTUoQ

BIBLIOGRAFÍA

Balboa López, Xesús (1990): *O monte en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Castillo de Bobadilla, Jerónimo (1775): *Política para corregidores y señores de vasallos en tiempo de paz y de guerra y para preladados en lo espiritual y temporal entre legos, jueces de comisión, regidores, abogados y otros oficiales públicos y de las jurisdicciones, preeminencias, residencias y salarios de ellos y de lo tocante a las órdenes y caballeros de ella*. Madrid: Imprenta Real de la Gazeta.

- García Oro, José e María José Portela Silva (2003): *Baiona de Miñor en sus documentos : actas municipales correspondientes al siglo XVI*. Pontevedra: Deputación provincial.
- Marqués Valea, Xulia (2003): *A toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.
- Morgade Martínez, Xosé Carlos (2003): *As devesas reais da parroquia de Mourente. Aproximación á política forestal do Reino de España en Galicia (séculos XV a XIX)*. Pontevedra: Concello.
- Sarmiento, Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Salamanca: Universidad. Edición de José Luís Pensado Tomé.
- Saavedra Fernández, Pegerto (2013): *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria: sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Sánchez Regueiro, Afonso (2001): “O sangue da terra, a auga como elemento artellador da cultura e das relacións sociais no agro galego”, en Xesús Balboa López e Herminia Pernas Oroza (eds.), *Entre nós: estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*. Santiago de Compostela: Universidade, 757-766.

A recollida de microtoponimia na zona (peri)urbana de Vigo

Iván Sestay Martínez

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Toponimia vital, morrediza e fósiles toponímicos

Calibrar o grao de vitalidade dunha forma toponímica é un procedemento naturalmente subxectivo; non menos que o é o de calquera outra expresión lingüística oral.

O cómputo diacrónico das aparicións documentais podería fornecer unha impresión realista da realidade, pero só parcialmente: entran aquí importantes factores coma o conservadorismo notarial ou a presión oficialista¹. Tentaremos, pois, controlar esa subxectividade inherente atendendo a certos criterios que pasaremos a expor.

Loxicamente, existe toponimia que chamaremos vivente e toponimia morta do uso cotián e mesmo da memoria.

Dentro da microtoponimia *vivente* pódese incluír a vital e maila morrediza.

A *microtoponimia vital* é a que é usada na fala cotiá para cumprir cos fins para os cales tales microtopónimos tiveron nacemento: pouco importa aquí que sexa o nome dun polígono de labrantíos amplamente coñecido polas persoas

1 A denominación da vella granxa das *Condomiñas*, que ocupaba boa parte do territorio hoxe urbano mediante entre a Gran Vía e a rúa do Conde de Torreceira (Freixeiro, Vigo), empregouse ininterrompidamente na documentación desde a súa doazón ao mosteiro de Melón pola condesa dona Fruila no século XIII ata entrado o século XX. Pero existen fiables indicios de que o dito topónimo deixou de ter vitalidade na fala (ou tela máis minguada do que os documentos indican) á medida que o seu extenso territorio se foi subdividindo en varias outras áreas toponímicas, sempre referidas á primitiva condición de granxa monástica prioral: *A Graña, O Priorato...*, topónimos novos que sobrepassaron en vitalidade ao vello *As Condomiñas*, que os integraba, e que acabaron por facelo desaparecer da fala probablemente a principios do século XIX e da escrita no primeiro terzo do século XX (Sestay 2015: 14-15). Pode considerarse un claro exemplo de como a presenza documental dun topónimo non ten por que traer implícita unha parella vitalidade na fala. Entran tamén nesta casuística os abondosos arcaísmos toponímicos cartográficos –moi especialmente os talasónimos– ou certas denominacións pseudocomarcais arcaicas dos arciprestados eclesiásticos, entre outros casos.

proprietarias ou habitantes do contorno, como que sexa o nome dun *rego de limpo*² ou dunha *enchousa*³, coñecidos só por uns poucos mariñeiros e mariscadores (mais non polo común da poboación, mesmo do seu ámbito doméstico): a vitalidade non se avalía numericamente, senón que se pondera atendendo a se cumpre ou non os propósitos para os cales xurdiu tal ou cal xénese toponímica. Un microtopónimo vivente como *A Enchousa de Somouzón* (O Hío, Cangas) será vital se o insignificante número de pescadores que o utilizan como importante punto referencial para a pesca da robaliza segue a ser a mesma mancheña de xeracións atrás, sen se producir perda perceptible de transmisión, mantendo viva a fin da súa xénese toponímica: a xeolocalización dun punto de interese económico mediante unha denominación inequívoca. Por máis que sexan moitas menos as persoas que coñecen ese microtopónimo que o inmediato *Cachopido*, por exemplo, que abrangue ducias de propiedades particulares e é numericamente máis coñecido: ambos os dous están en pé de igualdade en canto a vitalidade. Queda fóra de calquera dúbida que un factor determinante para que exista vitalidade –alén do mantemento das actividades relacionadas cun *locus toponymicum*– é a transmisión interxeneracional.

A *microtoponimia morrediza*, pola contra contra, é a que viu, a miúdo recentemente, moi comprometidos os fins locativos para os que tivo nacemento, acompañado case sempre da quebra da transmisión interxeneracional directa. Son certamente formas viventes pero xa desvencelladas –ou en estadios máis ou menos avanzados de o facer– dos seus inherentes propósitos de xeolocalización. Son viventes só en canto están xa apenas na lembranza e non no uso cotián, e moitas veces tan só na lembranza. Coma no caso anterior, non é aquí tampouco

2 *Rego de limpo* é un xenérico local vivacísimo na illa de Ons e nalgúns áreas continentais moi circunscritas de Beluso (Buceu). É unha zona submarina de fondo areoso (sempre alongada e estreita) bordeada de fondos de pedra ou de cascallo (chamados *secos* xenericamente), con quen contrasta xeográfica e biologicamente; oponse ao simple *limpo*, que se caracteriza semanticamente por ser {- *alongado*, - *estreito*} e é unha evidente matización semántica do xenérico illeiro *rego* ‘estreita manga de mar que penetra no rochedo litoral’.

3 É un xenérico local exclusivo das áreas atlánticas (que non miran ás rías) do concello de Cangas: aldea de Donón e occidente de Vilanova (O Hío). Trátase sempre dun pequeno illote, as máis das veces chaira e pouco elevado, próximo aos pés dos altos cantís da Costa de Soavela, moi rico en pesca e marisco. A súa etimoloxía constitúe un notable arcaísmo se, como parece, deriva dunha forma adxectiva *(TERRAM) INCLAUSAM ‘terra pechada = bordeada (polo mar)’. Formas *chousa* aplicadas a illotes aparecen tamén noutras áreas galegas, sempre sen o precompoñente *en-*.

o número de usuarios / coñecedores un factor determinante: a devandita *Enchousa de Somouzón* converterase nun topónimo morredizo cando a mancha de mariñeiros que usan o seu topónimo deixan de pescar aí a robaliza e só conservan a súa denominación na memoria, sen llela legar sequera a outros novos mariñeiros (o cal é o paso previo á súa conversión nun fósil toponímico); pero un topónimo coñecido por moitas persoas como o mencionado *Cachopido* poderá tamén converterse nun topónimo morredizo debido a factores semellantes: un microtopónimo pode ser *non vital* aínda que o sigan a conservar na memoria dúcias ou ata centos de persoas⁴. As causas polas que un microtopónimo se torna morredizo son variadas, pero as fundamentais son as socioeconómicas: o abandono das actividades relacionadas cun determinado *locus toponymicum*, que adoita traer implícita unha quebra na transmisión interxeneracional. No caso que nos ocupa, o grao de urbanización é determinante, tanto desde unha óptica negativa (a perda das actividades e paisaxes tradicionais nas marxes dunha gran cidade, o establecemento de masas de poboación alóctona) como desde unha óptica que poderíamos chamar “positiva” (esa urbanización é relativamente recente, o que fai que persista un certo continxente de toponimia morrediza na lembranza).

Cando un microtopónimo morredizo xa nin sequera é lembrado (ou éo dunha maneira tan ultraminoritaria que os seus “lebradores” se fan pouco menos que indetectables entre a masa de falantes), estamos xa perante *fósiles toponímicos*. Convén advertir que empregamos *fósil* nun sentido puramente ponderativo e non na acepción lingüística que lle dan certos investigadores da toponimia, a saber, o grao de transparencia dos topónimos como formas lingüísticas; así Tort (2003) ou Moreu-Rey (1982: 13), quen reservan *fósil* para a denominación dos topónimos de significación non transparente. Para nós un fósil é o mencionado topónimo *As Condomiñas* (por extinto do uso cotián) e non *Teis* (por opaco en canto a significado).

4 Non son escasas as situacións en que un microtopónimo está na memoria de falantes que descoñecen incluso a súa propia localización. Sóanlles de o oíren, ás veces incluso de llelo oíren a membros falecidos das súas familias. Casos coma este son especialmente abondosos na contorna periurbana de Vigo e son ilustrativos de ata que punto saber o nome dun microtopónimo non é indicio ningún da súa vitalidade.

1.2. Continxencias da recollida microtoponímica

Ese caudal de toponimia morrediza do que falamos arriba como expresión “positiva” da urbanización do anel (peri)urbano vigués é de onde extraemos os datos das nosas recolleitas microtoponímicas. Se pouca é a microtoponimia verdadeiramente vital no Val de Fragoso, menos é aínda a das parroquias (peri)urbanas da súa cidade capital.

O proceso de recollida microtoponímica do anel (peri)urbano de Vigo tivo que se enfrontar cunha serie de puntos en común, máis ou menos matizados segundo a zona:

- Un avanzado proceso de urbanización densa, en moitos puntos cunha integración total no tecido da cidade con edificación en altura.
- Perda case total das actividades agropecuarias tradicionais, quer por ocupación do solo polo avance da urbanización, quer polo simple cesamento desas actividades.
- Bolsas residuais de terras sen urbanizar, algunhas aínda cultivadas, máis grandes e abondosas canto máis afastadas da cidade. Nalgúns puntos existencia de *aldeas-illa*.
- Grandes continxentes de poboación alóctona e, en moitas áreas, minorización da poboación autóctona con respecto á alóctona.
- Quebra da transmisión do galego como lingua de leite entre a poboación autóctona; hispanofonía maioritaria entre a alóctona.

Existen porén certas diverxencias, tales como as diferentes datas nas que se consumou o proceso de urbanización e abandono do campo; isto trae consigo importantísimas implicacións, como a maior ou menor vitalidade dos microtopónimos e a presenza ou ausencia de informantes valiosos. O barrio do Calvario constituíuse en núcleo urbano xa en datas tan recuadas como a década de 1920, pero Coia non se urbanizou masivamente ata a construción dos polígonos residenciais da década de 1960 en adiante. E amplas zonas da Dobrada e da área da rúa de Aragón-Travesía de Vigo non o fixeron ata bastante máis tarde.

A necesidade máis perentoria á hora de desenvolver o traballo de campo foi contar cunha base de informantes valiosos en maior ou menor grao. Era inevitable

que fosen de familias nativas das áreas que se querían varrer ou da súa contorna inmediata⁵. De ser posible, que traballasen as terras⁶, e, se non, que as traballasen no pasado; e se tampouco for este o caso, que lembrasen os datos microtoponímicos oídos a persoas próximas que si as traballasen. Este labor é relativamente doado e frutífero en gran parte das parroquias rurais galegas⁷, pero no caso do anel (peri)urbano vigués, coas súas circunstancias descritas, todo se torna máis dificultoso, sempre máis lento e a miúdo pouco frutífero.

É común que o continxente de informantes teoricamente aproveitables se atope diluído nunha masa de poboación alóctona numericamente moi superior; determinar quen son esas persoas e mais a súa residencia ou contacto é un paso previo inevitable pero retardador, que esixe case sempre un elo de contacto e presentación previo.

Outro factor característico desta área é a antigüidade coa que se produciu o abandono do campo con respecto a outras áreas de Galicia, acompañado a miúdo, mais non sempre, do avance da urbanización. Isto trae como consecuencia a conversión en morrediza da maior parte da súa microtoponimia e a existencia dun elevado número de fósiles toponímicos, máis abondosos canto máis próxima ao centro da cidade estea a área en estudo. Salientemos que o proceso de perda de vitalidade e de morte toponímica non é territorialmente uniforme; está nun proceso máis ou menos avanzado dependendo da conxuntura de cada área –e o tempo transcorrido desde que esta comezou: En Santiago de Vigo, por exemplo, non restan senón fósiles toponímicos salvo os poucos topónimos conservados na odonimia, pero nas áreas máis rurais de Sárdoma (núcleo de Fragosíño) ou de Lavadores (núcleo de Sabaxáns) o dito proceso non está tan avanzado e fica incluso algún microtopónimo vital aínda.

Un último factor de importantes consecuencias é o avellentamento e propio falecemento dos informantes proveitosos –no fondo este é o axente polo cal as áreas de temperá urbanización contan con moi pouca microtoponimia vivente e

5 Salvo casos concretos, coma o caso do topónimo *A Xabreira* (Freixeiro, á beira da praza de España) cuxos últimos moradores da última vivenda antiga e granxa que alí había, que foron valiosos informantes, vivían desde hai anos nunha zona afastada da parroquia de Sárdoma).

6 Ou tivesen calquera outro tipo de relación co medio (pastoreo, silvicultura, rega, moenda, pesca...).

7 Salvo que se vexan afectadas polos efectos da despoboación ou falemos de actividades en vías de se extinguir, como o pastoreo, cuxos informantes son vitais para fornecer datos valiosos da microtoponimia serrá.



Mapa 1. Parroquias urbanas e periurbanas de Vigo tratadas; en punteado, aquelas cuxa microtoponimia foi publicada en *Toponimia do Val do Frago* (Elaboración propia)

aquelas de urbanización máis serodia ou non afectadas pola intervención urbana posúen máis microtoponimia vivente. As enquisas realizadas en Sárdoma e en Freixeiro en 2002 non deitarían os mesmos resultados se as fixésemos en 2016, polo falecemento de valiosos informantes que nos forneceron un inestimable arroyo de microtoponimia hoxe dificilmente rescatabile da fala viva ou mesmo da memoria. Este proceso de perda de información polo falecemento de quen a conservaba é un curso imparabile e produciuse incluso en áreas rurais doutras partes de Galicia, de aí a urxencia da recolleita e catalogamento sistemático e serio da microtoponimia, especialmente en áreas como os populosos aneis urbanos e vilegos das nosas rías.

Vexamos todo o adiantado ata aquí parroquia por parroquia da zona incumbida.

2. A MICROTAPONIMIA DAS PARROQUIAS (PERI)URBANAS VIGUESAS. CARACTERIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA RECOLLIDA

Bouzas

Con tan só un cuarto de quilómetro cadrado de territorio parroquial (sen contar os recentes recheos portuarios), a microparroquia de Bouzas correspóndese só co tecido urbano da súa vila primixenia. A súa toponimia redúcese polo tanto á onomimia das súas rúas e un par de eidos das traseiras, algunha dela aínda conservada por algúns nativos, a máis, fósiles toponímicos. Posuía tamén abondosa talasonimia debido á prolongada restinga de arrecifes (emerxidos, á flor de auga ou sen velar nunca) que se proxectaba desde o adro da igrexa de San Miguel polo lugar hoxe ocupado polo recheo de Bouzas. Boa parte desa talasonimia aínda é conservada polos vellos mariñeiros da vila (*A Congreira, A Rapeta, As Ostreiras* etc.); outros talasónimos consérvanse aínda hoxe en día nas conservadoras cartas náuticas, décadas despois do recheo da terminal de Bouzas (*O Petón do Leste, Os Arciprestes, A Grande...*).

Chapela

Se ben pertence ao concello de Redondela, pode considerarse que forma unha conurbación coa cidade de Vigo. Pertenceu de feito á xurisdición do Val de Fragoso ata a creación dos municipios modernos no século XIX (Taboada 1927-1929) e aínda hoxe pertence ao arciprestado de Vigo-Teis (un dos herdeiros do vello arciprestado de Fragoso, ao que sempre pertenceu Chapela). As súas condicións xeográficas, urbanas e socioeconómicas son moi semellantes aos do veciño Teis, con quen se une sen solución de continuidade. Non fixemos un varrido da súa microtoponimia, pero a súa paisaxe microtoponímica e mais o seu grao de vitalidade han ser moi semellantes aos da mencionada parroquia viguesa.

Coia

A vetusta freguesía de Coia é un exemplo paradigmático da imparabile intervención urbana froito do avance da cidade viguesa coincidindo coa súa explosión demográfica. Ata tal punto que a paisaxe e estruturas tradicionais da vella parroquia ficaron case por completo desmanteladas. Coa construción dos diversos polígonos de torres de vivendas, comezada na década de 1960, acabouse de vez cunha rica paisaxe agraria como a doutras parroquias rurais da contorna e coas actividades tradicionais con ela relacionadas. Tan só ficaron o que demos en chamar *aldeas-illa*, coincidentes cos vellos centros nucleares das antigas aldeñas que salferían Coia e que conforman aínda hoxe unhas pequenas bolsas de ruralidade con poboación autóctona, moi valiosa á hora de nos fornecer a información sobre a paisaxe microtoponímica da Coia prepoligona. Pero o matiz é máis complexo, como xa indicabamos en 2008:

Quedan, ben é certo, aínda certas áreas desta parroquia que non se viron afectadas pola construción do Polígono e que por ende puideron (idealmente) conservar, como redutos, a esencia desa Coia rural, en principio inalterada; falamos de aldeas-illa como Os Esturáns ou O Chouso, entre outras, pero pola súa propia situación e nova condición víronse abafadas e rodeadas dunha contorna totalmente allea e diferente: a súa aparencia actual de aldeas-illa é hoxe máis virtual ca real: son núcleos degradados e ata marxinais nos que fican xa moi poucos nativos e menos que vivisen alí ininterrompidamente, e moitísimos menos que conservasen a antiga relación co medio, porque isto é hoxe xa case imposible; pero aínda que non labren as terras, labráronas. Tan só o degradado barrio tradicional de Figueirido conserva un número apreciable de poboación autóctona e algúns (moi poucos) dos seus habitantes (nativos) labran aínda unhas terras rodeadas de torres de vivendas e barriadas onde viven milleiros de “colonos” alóctonos (Sestay 2008: 11-12).

Recollemos a microtoponimia do territorio histórico desta parroquia en 2008, coa cal se iniciou a serie *Toponimia do Val de Frago* (en adiante citada como TVF) editada pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, coa cal se pretende ir compendiando a microtoponimia de todas as parroquias do municipio de Vigo e que está xa a punto de sacar os seus volumes V e VI. Coia non fora recollida para o Proxecto Toponimia de Galicia (en adiante PTG) como a maior parte das parroquias viguesas. A recollida e salvagarda do caudal microtoponímico da Coia rural prepoligona erixiuse, logo, nunha intervención

de urxencia, e o labor, aínda que duro e demorado, deitou resultados altamente satisfactorios. Á fin de contas, a construción do Polígono é relativamente recente se o comparamos coa urbanización doutras áreas coma O Calvario, polo que aínda existía unha certa cantidade de informantes valiosos que traballaron as terras da Coia rural. Ademais a existencia das mencionadas *aldeas-illa*, algunhas incluso con terras cultivadas hoxe en día, fixo que contásemos cun prezado tesouro adicional de información microtoponímica engastado no corazón dunha das áreas máis urbanas da cidade de Vigo.

Malia todo foi inevitable que désemos con fósiles toponímicos, como *Os Funchás*, *A Salgada*, *A Fonte García* etc. (Sestay 2008: 17-18), ou que importantes topónimos como *Lavadouro*⁸ e outros sexan actualmente topónimos morredizos con xa case ningunha vida:

Tamén outros topónimos fundamentais e antigos, se ben non desapareceron, son xa moi pouco usados, como o barrio do Areal de Coia ou incluso Lavadouro [...], que conta hoxe con pouquísima vida, malia que a tivo toda ata onte (a recente construción e urbanización da praza da Miñoaca acabou de vez con este e outros topónimos do seu contorno) (Sestay 2008: 18).

Freixeiro

Esta pequena freguesía suburbana viu desde a década de 1970 completamente urbanizada e integrada no tecido urbano vigués máis da metade da parte occidental do seu territorio. Isto fixo que só a banda esquerda da Gran Vía, ata o Lagares, conservase un certo aspecto rural (moi relativo) con vivenda unifamiliar e os centros nucleares máis ou menos conservados dun par das súas antigas aldeas, a saber, A Ponte Nova, Castreliños e San Tomé. Pola contra, os tres núcleos da man dereita desa avenida (O Regueiro, coa subaldea de Pousafoles), A Atalaia e A Graña, foron completamente desmantelados e urbanizados en altura masivamente. No norte, tiña Freixeiro unha parte do barrio do Couto, que participa das mesmas conxunturas (expresadas máis abaixo *sub voce* Sárdoma) da parte

⁸ Aínda hoxe recollido como núcleo de poboación polo Nomenclátor oficial da Xunta de Galicia, se ben como parte da parroquia da Florida, neoparroquia exclusivamente eclesiástica secesionada recentemente da de Coia (Sestay 2008: 14-15).

sardomesa dese barrio. Ao sur, o populoso barrio de Cataboi, coa súa extensión As Travesas (zona da praza de América) está tamén densamente urbanizado en altura, pero conserva aínda case intacta a trama do seu núcleo primixenio, con valiosos informantes nativos.

Recollemos a microtoponimia de Freixeiro en 2002 para o PTG e levamos a cabo novos varridos posteriores ata que en 2015 a súa microtoponimia foi publicada no volume IV de TVF (Sestay 2015).

Se ben a urbanización das mencionadas áreas occidentais de Freixeiro non é menor nin menos masiva que a de Coia, non contamos aquí coa presenza de *aldeas-illa* coma nesa parroquia e polo tanto cos valiosos datos que os seus informantes nos poderían fornecer. Deste xeito en toda a área urbana atravesada pola avenida das Camelias, rúas de Pi i Margall, de López Mora, de Barcelona, da avenida da Hispanidade e de boa parte da do Conde de Torrecedeira atopamos case só fósiles toponímicos: *As Condomiñas, O Priorato, A Graña, Os Pazos, Ganoi, A Fonte Arcade* etc. Tan só algunha persoa nada no desmantelado barrio do Regueiro nos reportou algún microtopónimo desa zona (Sestay 2015: 18 e 96). Na estreita faixa ribeirega do Lagares, situada aos pés dos eidos vellos da Ponte Nova e da Fonte Santa, aínda se conservan campos e prados sen urbanizar (tamén no valciño de Riobó, cara á praza de España) e incluso se cultivan algunhas terras aos pés dos rañaceos que se construíron no antigo *Campo do Conde* (Centro comercial Gran Vía).

Lavadores

Esta parroquia, que foi municipio independente xunto con outras sete freguesías do Val de Fragoso ata 1941 (Giráldez 2007), conta con toda a súa banda occidental –case a metade do seu antigo territorio parroquial– completamente integrada no tecido urbano da cidade de Vigo: barrios urbanos tan importantes e populosos coma O Calvario, case toda A Dobrada, a Travesía de Vigo, a zona urbana do contorno da rúa de Aragón. Pero o que máis caracteriza a esta parroquia é a súa diversidade de paisaxes, xeografía humana e polo tanto de casuísticas que atinxen á súa microtoponimia:

O territorio de Lavadores participa, pois, do rural e mais do urbano, con todas as gradacións intermedias posibles: conta con zonas absolutamente rurais como Sabaxáns; ruraloides como A Bagunda; protourbanas como Pardavila; urbanas de novísima urbanización como certas partes de Cambeses; urbanas que o son desde non hai máis de 30 anos como A Dobrada; de 40-50 anos como a Travesía de Vigo; e urbanas plenamente consolidadas desde xa antes de mediados do século XX como O Calvario. Existen tamén aldeas-illa como en Coia, pero moitas menos, como é o caso de Medeiros, o que fica do *lugar* do Viso e, sobre todo, a grande aldea-illa de Redomeira (Sestay 2010: 6).

Un caso propio de todas as parroquias periurbanas viguesas, pero moi especialmente de Lavadores, é que boa parte da poboación nativa son informantes pouco aproveitables, pois malia cumpriren o importante presuposto de naceren en viviren na propia parroquia, non tiveron apenas relación co agro ou son familias que tradicionalmente traballaron no sector industrial.

A microtoponimia de Lavadores recolleuse en 2002 para o PTG, pero os resultados, nada satisfactorios, fixeron que actuásemos de urxencia posteriormente de cara á publicación do segundo volume da serie TVF (Sestay 2010), co que se triplicou o número de microtopónimos recollidos. Como acontecía en Coia, incluso nas áreas máis urbanizadas de Lavadores existen bolsas de ruralidade decadente que forman unhas poucas aldeas-illa, de incalculable valor por contaren aínda con informantes nativos que saben da microtoponimia das zonas urbanas inmediatas a elas. Entre elas citaremos O Viso, unha antiga subaldea do núcleo do Caride, da que aínda queda unha mancheíña de eidos e casas unifamiliares na altamente urbanizada zona da Travesía de Vigo; Redomeira, entre a rúa de Aragón e a avenida do Aeroporto, de gran valor por fornecernos datos microtoponímicos da contorna hoxe urbana do Calvario; Medeiros, na Dobrada; ou A Corredoura, na rúa de Toledo, xusto por riba do Calvario, de cuxas zonas urbanas nos achegaron tamén valiosos datos microtoponímicos.

O feito de que esas zonas urbanas estean salferidas desas aldeas-illa fixo que, en contra do que puidese esperarse, a vella microtoponimia das áreas altamente urbanizadas do occidente de Lavadores non sexan en gran parte fósiles toponímicos, senón microtopónimos morredizos. Pero o feito de a poboación nativa que sabe deles ser tan absolutamente minoritaria numericamente con respecto ás masas de poboación urbana entre a que viven fai que o seu uso sexa pouco menos que indetectable e seguramente se convertan en fósiles tras o lapso de tempo en que vivan

os últimos informantes maiores que os lembran. Tan delicada é a situación desta toponimia que hoxe son descoñecidos para a maioría da poboación topónimos tan fundamentais coma *O Caride* –que foi o núcleo de poboación que integraba todas as terras hoxe urbanas atravesadas pola rúa de Aragón e a Travesía de Vigo e que aínda hoxe o Nomenclátor oficial da Xunta de Galicia recolle como núcleo de poboación⁹– ou *Riomao* –outro vello núcleo de poboación, tamén recollido aínda polo Nomenclátor da Xunta, cuxo territorio abranguía as terras onde posteriormente nacería o barrio urbano do Calvario (para cuxa xénese urbana véxase González 2004); o centro de Riomao, a súa vella aldea nuclear, é a mencionada *Redomeira*, milagrosamente conservada como *aldea-illa*, con todas as anteditas implicacións que ese feito tivo para a salvagarda da microtoponimia desa zona–. Tamén antigas e coñecidas áreas, hoxe integradas no tecido urbano do Calvario e contornas circundantes, se converteron en topónimos morredizos minimamente coñecidos, como *O Mouregade*, *Guidixe*, *Centeáns*, *Malvesada* ou *Custoiás*.

Sárdoma

Unha boa parte do seu territorio histórico é hoxe unha área urbana integrada plenamente na cidade: trátase do barrio do Couto (terras altas inmediatamente ao leste da praza de España) e as zonas colindantes de San Roque e da Dobrada no contorno da estación de autobuses. No resto da parroquia predomina a vivenda unifamiliar, moi densa. As antigas aldeas medraron moito e acabaron uníndose entre si, se ben conservan aínda os seus núcleos primixenios bastante destacados: é aí onde atopamos os informantes aproveitables. O máis característico de Sárdoma é a caótica presenza de naves e polígonos industriais, que ocupan boa parte da chaira bacía aluvial do río Lagares, polo que nesta parroquia ademais do factor urbanización hai que contar tamén co factor industrialización, de consecuencias idénticas ou moi semellantes para a vitalidade da microtoponimia. Ademais Sárdoma conta cun importante enclave de poboación alóctona constituído polas barriadas do Grupo Sindical da Salgueira.

9 Baixo a forma errada *Caride*, sen artigo. A fala nativa non di outra cousa que O Caride (Sestay 2010: 64).

Recollemos a súa microtoponimia para o PTG en 2002 e fixemos novos varridos en anos posteriores; a súa microtoponimia publicouse na serie TVF (Sestay 2015). Malia a súa proximidade á cidade –e descontando a súa zona urbana setentrional–, Sárdoma conservou un certo número de informantes valiosos, sobre todo nas súas aldeas meridionais (Fragosiño, Moledo, O Lameiro) máis afastadas de Vigo, que posúen características máis próximas xa das parroquias centrais do Val de Fragoso. O resultado foi a recolección dun número bastante importante de microtopónimos.

Como era de esperar, nas súas áreas urbanas integradas xa na cidade de Vigo, os fósiles toponímicos son a norma: importantes topónimos ata hai relativamente pouco están hoxe mortos da fala viva e moitos son incluso xa descoñecidos: *Granada* (na praza de España), *A Calzada* (na rúa do Couto de San Honorato), *Abreu* (onda o Policlínico Cíes)... por citar tres dos máis importantes e coñecidos nun pasado non moi afastado (Sestay 2014: 11-13).

Teis

A populosa freguesía de Teis está densamente urbanizada en boa parte do seu territorio, especialmente na súa banda do sur, limítrofe coas portas da cidade de Vigo. Pero a parroquia, moi poboada sempre, conta cun enguedello de pequenas *aldeas-illa* espaxeadas por todo o seu territorio, con poboación autóctona de valor como informantes. Ademais ten certas áreas aínda rurais e nalgures aínda se cultivan algúns campos, especialmente no norte. Débese contar tamén co factor industrialización e a elevada porcentaxe que sempre houbo de traballadores do sector secundario, con todas as implicacións que iso trae para a o mantemento da microtoponimia (véxase *sub voce* Lavadores máis arriba). Ademais, á diferenza das outras parroquias incumbidas (salvo minimamente Lavadores), Teis conta cunha importante masa forestal, cuxa toponimia adoita estar ben conservada polas comunidades de montes (máis cos matices, importantes, que se expresarán no volume de TVF próximo a editarse).

A toponimia de Teis foi recollida para o PTG en 2002; posteriormente fixemos varios varridos pola nosa conta e os datos recadados están pendentes ser publicados nun próximo volume da serie TVF.

Santiago de Vigo¹⁰

A freguesía histórica de Santiago de Vigo, que vai desde a rúa do Príncipe e Velázquez Moreno ata o cruzamento de Pizarro con Urzaiz, e desde a praza de España ao Areal comezouse a urbanizar xa desde o século XIX (zona do Areal e áreas máis inmediatas a Vigo propiamente dito), pero ata ben sobrepasado o século XX a maior parte do seu territorio parroquial eran terras rurais ou ruraloides. Aínda hoxe o núcleo de Canadelo (tanto o Alto como o Baixo) constitúe certamente unha *aldea-illa* degradada, con algún informante nativo de incalculable valor á hora de nos dar conta da paisaxe toponímica dunha zona tan urbanizada do corazón da cidade. O mesmo na zona de Callao (preto do nó de Isaac Peral). Unha illa de eidos e vivenda unifamiliar como é o barrio de Ribadavia non foi aproveitable porque é un asentamento de poboación alóctona.

A toponimia de Santiago de Vigo non se recolleu para o PTG. Nós pola nosa conta levamos anos facendo un labor de arqueoloxía lingüística para rescatar a súa primixenia paisaxe toponímica. Dos datos fornecidos polos mencionados escasos pero valiosos informantes, recadamos un feble continxente de toponimia morrediza como o outrora importante lugar de *Cotomondongo* (na zona da Vía Norte), *Mosende*, *Lodeiros* (os dous preto dos Choróns), *O Terzo* (conservado no nome dunha minúscula ruela que dá a Urzaiz como “rúa Tercio de Afora”, *O Piñeiro* (do que a rúa oficialmente chamada do Couto Piñeiro toma o nome), *A Devesa do Couto* (onde hoxe se asenta o Hospital Xeral), *O Campo do Rei* (por baixo da Praza Elíptica e aínda ben lembrado incluso por vigueses urbanos por ser un punto referencial de importancia ata ben sobrepasada a segunda metade do século XX), *A Areosa*, por riba da mencionada praza, *A Ladeira* (ao longo da rúa de Venezuela)... á parte de varios nomes de vellos eidos da *aldea-illa* de Canadelo, como *Paredes*, *A Costa*, *O Lugar de Ferreira*, *O(s) Loureiro(s)*, *O Pazo*, *A Eira*, *A Regueira...*, o que nos dá unha idea da importancia destas áreas ruraloides engastadas no tecido urbano á hora de nos transmitir a microtoponimia desas zonas.

10 Non confundir coa parroquia de Vigo (Santa María), correspondida co casco vello da cidade e terras circundantes ata Castricán (por riba da Falperra) e Peniche (sen incluílo) por unha banda e a rúa de Velázquez Moreno (antiga *A Fervenza*, pola outra). Falamos de freguesías históricas, non das modernas neoparroquias eclesiásticas que se segregaron delas recentemente.

Ben coñecidos eran ata hai pouco *A Varxa*, *O Pontillón* e *O Telleiro* (os tres entre o final de García Barbón, Rosalía de Castro e O Areal); *O Roupeiro* (unha antiga aldea desmantelada) e *O Canceleiro* (unha das subaldeas que compuñan o seu territorio) son hoxe certamente coñecidos debido a conservaren os seus nomes senllas céntricas rúas. *O Pino*, de antiga historia documentada, consérvase hoxe con vida debido ao coñecida que é a rúa que ostenta o seu nome e a zona urbana que a circunda.

Porén, son fósiles toponímicos *O Castañal* (entre Pizarro e a Gran Vía cruzando Vázquez Varela), *O Laranxal* (entre María Berdiales e Urzaiz), *O Planchón* (na rúa de Puerto Rico), *A Fervenza* (ao longo da actual rúa de Velázquez Moreno), que marcaba (e marca) o límite entre Santiago de Vigo e Vigo; o outrora importante lugar de *Casal de Santos*, (na actual rúa de Rosalía de Castro), *A Rúa Nova* (no Areal), *As Veiguiñas* (no Roupeiro), *O Pito* (onde hoxe se asenta a moderna igrexa de Santiago de Vigo), *Guimeráns*, *A Sabiña* e tantos outros indefectiblemente perdidos... O vello *Entre Hortas* consérvase como nome dun edificio no cruzamento das rúas do Marqués de Valladares e de Rosalía de Castro. O nome concreto do que foi sempre o núcleo máis poboado de Santiago de Vigo, *O Convento*, perdeuse substituído polo máis xenérico *O Areal*.

BIBLIOGRAFÍA

- Giráldez Rivero, Xesús (2007): *O antigo concello de Lavadores: unha aproximación histórica*. Pontevedra: Deputación.
- González Fernández, Juan Miguel (2004): *O nacemento dun barrio: O Calvario (Lavadores), 1900-1940*. Vigo: Instituto de Estudos Vigueses.
- Moreu-Rey, E. (1982): *Els nostres noms de lloc*. Palma de Mallorca: Moll.
- Sestay Martínez, Iván (2008): *Toponimia do Val do Fragoso. T. 1: Coia*. Vigo: Universidade.
- (2010): *Toponimia do Val do Fragoso. T. 2: Lavadores*. Vigo: Universidade.
- (2015): *Toponimia do Val de Fragoso. T. 4: Freixeiro e Sárdoma*. Vigo: Universidade.

- Taboada Roca, Antonio (1927-1929): "Cotos y jurisdicciones de Galicia", *Archivos do Seminario de Estudos Galegos* 1, 207-232; 2, 233-242; 2, 245-264.
- Tort, Joan (2003): "Toponimia y marginalidad geográfica. Los nombres de lugar como reflejo de una interpretación del espacio", *Scripta Nova* 138. <http://www.ub.edu/geocrit/sn/sn-138.htm>

Recoller e xeorreferenciar a toponimia de Pontevedra

María Abelleira Fontán

Concepción Cochón Rodríguez

1. A FUNCIÓN DA RECOLLIDA DE TOPONIMIA NUN CONCELLO

Hoxe contamos con publicacións científicas e divulgativas que recollen a importancia dos nomes de lugar como patrimonio lingüístico, histórico, cultural e educativo. Ademais, as posibilidades que ofrece o aproveitamento da toponimia como eixo central de proxectos curriculares interdisciplinarios no ensino non é novidade. Alén disto, e por encarga legal (Lei 3/83, art. 10 e Decreto 132/1984), a Xunta de Galicia hai anos que iniciou o proceso de recuperación da nosa toponimia co fin de fixala e conservalo. Porén, ata o de agora poucos concellos participaron ou emprenderon a recollida dos seus microtopónimos, popularmente denominados *chamadeiros*, malia seren un dos elementos senlleiros do patrimonio municipal, testemuñas fráxiles da historia que viviu cada lugar e fitos indispensables para localizar e individualizar cada elemento físico e patrimonial do municipio.

Toda a toponimia histórica galega está en perigo de desaparición polo abandono dos usos tradicionais do territorio, mais a toponimia que queda soterrada baixo o medre do ámbito urbano está en dobre perigo. Á perda dos usos tradicionais do territorio súmase a transformación total da súa configuración e a desaparición dos referentes que motivaron o nomeamento: outeiros achanzados, cursos de auga desviados, fontes desecadas e camiños tan transformados que as novas rúas urbanas as máis das veces nada teñen que ver cos antigos carreiros aos que se superpoñen en parte.

A recollida da toponimia nun concello supón moito máis que atesourar un extenso catálogo de etiquetas, moito máis que localizar xeograficamente cada nome. Facilitará moitísimo o traballo de distintos servizos do concello porque fará posible localizar e chegar a cada fonte e cada camiño do que fale a cidadanía, cada val e cada pico, a cada parcela do monte na que se queira actuar. Ademais

dotará de moitísima información valiosa para toda a área de patrimonio que é necesario e de xustiza poñer en valor: a toponimia axuda a recuperar a memoria e elementos como lavadoiros, fontes, castros, muíños, antigos camiños, batáns... Xa que logo, os chamadeiros tradicionais son fundamentais para organizar o territorio, xestionalo e darlle tamén aproveitamento desde áreas tan diversas como Servizos Técnicos, Urbanismo, Turismo, Patrimonio, Cultura, Medio Ambiente etc.

Ademais deste proveito evidente, sermos conscientes do valor e da riqueza do noso patrimonio toponímico é un paso máis para a normalización da lingua. O traballo pola recuperación dos usos da nosa lingua, do orgullo do noso patrimonio lingüístico, do coñecemento e do recoñecemento da lingua que nos pertence a todas e todos non pode realizarse esquecendo a toponimia.

Por todo isto o Concello de Pontevedra abordou a recuperación da toponimia desde unha dobre perspectiva: por unha banda, ante a necesidade da revalorizar a toponimia como parte imprescindible do noso patrimonio lingüístico e cultural, por responsabilidade coa nosa historia, coa nosa identidade e coa nosa lingua; por outra banda, pola utilidade e a enorme vantaxe que significa para un concello ter xa nomeado e categorizado un territorio sempre necesitado de ordenación, xestión e conservación.

Quizais agora xa non precisemos avisar de que imos apañar o toxo á cachada de Covas, por exemplo, pero si que imos precisar avisar no Concello de que cómpre rozar o camiño dos Arrieiros, notificar que a riada levou a ponte do Magueiro ou que a pontella do Caeiro precisa dunha reparación urxente. Esta necesidade práctica de conservación e reutilización dos nomes de lugar tradicionais é fundamental para rendibilizar a comunicación entre as administracións públicas e a cidadanía; de aí a importancia no ámbito municipal.

2. O PROXECTO *CHAMÁMONOS ASÍ*

Ao longo dos últimos tres lustros o Concello de Pontevedra organizou varios cursos, conferencias e encontros arredor da toponimia; Gonzalo Navaza, Xulia Marqués, Xosé Lois Vilar ou Vicente Feijoo son algúns dos especialistas de recoñecido prestixio en materia de toponimia que participaron nestes actos. O

Goberno local tamén acordou recuperar a toponimia tradicional en desuso nas zonas de nova urbanización para nomear as novas vías urbanas; como resultado, realizáronse buscas sobre fontes documentais que desvelaron pequenos tesouros que hoxe nomean prazas e rúas da cidade de Pontevedra. Son mostra as rúas Espincelo, Ciriña ou Teixugueiras, nomes recuperados do Catastro do Marqués de la Ensenada, ou Agro do Campo da Estrela, recuperado dunha escritura notarial. A partir do ano 2000 a Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra valorou varias veces realizar a recollida de toponimia nas parroquias, mais este proxecto sempre acabou por adiarse debido ás dificultades que levaba aparelladas, de tipo técnico, orzamentario e tamén de persoal.

No ano 2011 Demetrio Gómez Xunqueira, concelleiro de Normalización Lingüística e concelleiro delegado de varias parroquias, decidiu facer da recollida da toponimia un dos eixos centrais de traballo do SNL para os seguintes anos. Diseñouse, daquela, un proxecto ambicioso para a recuperación dos nomes de lugar das quince parroquias pontevedresas; centralizouse o seu desenvolvemento no Servizo de Normalización Lingüística e contou coa colaboración doutros departamentos municipais como o Arquivo, Informática, Topografía, Medio Natural e Comunicación da Alcaldía. Desde o comezo concibiuse como un proxecto transversal; de interese e útil para todos os departamentos municipais e tamén para a cidadanía.

O proxecto de recollida de toponimia en Pontevedra denominouse *Chamámonos Así*. Naceu, xa que logo, pola urxente necesidade de recoller, conservar e transmitir os nomes dos pequenos lugares pontevedreses herdados de palabra de xeración en xeración; mais tamén co obxectivo de devolverlles a utilidade, restituír a toponimia deturpada e poder situar e nomear todo o territorio municipal.

A recollida de toponimia foi o inicio dun proxecto longo e complexo que continuou cunha grande exposición sobre toponimia na praza da Ferraría en maio de ano 2014 e con exposicións dos mapas toponímicos en cada parroquia. Nestes momentos, finais do ano 2016, o Concello ten rematada a recollida de toponimia sobre o terreo a través de máis de mil entrevistas e camiñadas con cincocentos doce informantes de todas as parroquias pontevedresas; está visible a xeorreferenciación de cada topónimo na base de datos aberta ao público

e xeráronse e revisáronse os mapas toponímicos de cinco parroquias. Mais queda aínda moito percorrido por diante para fixar a toponimia, corrixir as deturpacións acumuladas durante anos e devolverlle a utilidade de nomear o medio físico do concello mediante diferentes aplicacións.

2.1. O inicio: retos, problemas e preparativos

Cando se planificou a recollida da toponimia de Pontevedra, estaban claros algúns puntos de partida que, nalgúns casos, constituían auténticos retos para o proxecto:

En primeiro lugar, cumpría limitar a recollida de toponimia ás fontes orais. Aínda que as fontes escritas como planos, títulos de propiedade, catastros antigos, escrituras notariais ou o corpus de certificacións catastrais descritivas e gráficas que garda o Concello tamén agochan toponimia, considerouse que aínda podían agardar un pouco máis para ser escolmadas e aproveitadas. *Chamámonos Así* centrouse na oralidade porque o máis urxente era recuperar canto antes o saber da memoria das xeracións que aínda podían nomear cada recuncho do territorio e que, inexorablemente, estaban a desaparecer.

En segundo lugar, a recollida tiña que ser profesional. Debían realizala persoas expertas que puidesen tomar decisións con criterios técnicos, que soubesen que buscar e que puidesen valorar e tratar adecuadamente a información atopada.

En terceiro lugar, o proceso da recollida de datos debería ser rápido. A recollida en todas as parroquias debería ser simultánea ou realizarse no menor tempo posible aínda que, unha vez recollidos os datos, o tratamento, a análise e a revisión puidesen abranguer períodos máis longos.

En cuarto lugar, era tan importante recoller os nomes como obter a súa localización. Era fundamental ligar os chamadeiros a cadansúa situación no terreo mais a metodoloxía de traballo que se viña utilizando ata o momento non permitía que as/os técnicas/os de campo puidesen dixitalizala. Superado o ano 2010, os avances tecnolóxicos parecían ofrecer as ferramentas necesarias para realizar a recollida integral de información: nome, información patrimonial e lingüística asociada e, sobre todo, a situación no terreo. Era preciso aproveitar

os avances tecnolóxicos para optimizar ao máximo a experiencia da recollida. Este punto de partida constituíu o maior reto técnico ao que se enfrontou o proxecto.

Tamén se tivo en conta que a toponimia de Pontevedra tería que confluír nalgún momento no mesmo lugar onde se salvagarda toda a toponimia de Galicia. Para que isto fose posible, había que axustar ao máximo os datos recollidos aos datos que a Comisión de Toponimia e o Proxecto Toponimia de Galicia (PTG) no seu día consideraran necesarios. Como se verá máis adiante, isto condicionou algúns campos da base de datos, especialmente a tipoloxía coa que se clasificou cada nome.

Por último, como patrimonio lingüístico e cultural do pobo, a información recollida tería que estar accesible para quen quixese consultala e utilizala.

Tendo en conta todos estes requisitos, deseñouse un plan específico para a fase da recollida de toponimia, que se desenvolveu en distintas etapas:

Durante os anos 2011 e 2012 o Concello de Pontevedra preparou a documentación e as ferramentas necesarias para a recollida. Utilizáronse fundamentalmente os mapas, os criterios da Comisión de Toponimia publicados no Nomenclátor (Xunta 1998: 9-10), a clasificación tipolóxica do Proxecto Toponimia de Galicia (PTG 2005: 49) e diversos artigos co fin de facilitar o tratamento dos fenómenos fonéticos dos topónimos: seseo, gheada, rotacismo... Tamén se encargou o deseño e a creación dunha base de datos propia onde poder gardar directamente a información recollida e tela accesible á cidadanía desde o primeiro momento.

En marzo de 2012 en Vigo, Pontevedra e Gondomar realizouse o I Curso de Formación de Especialistas en Toponimia, organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), os concellos de Pontevedra, Ourense e Vigo e en colaboración coa Universidade de Vigo. Como continuación do curso en Pontevedra realizouse unha xornada práctica de recollida de campo, co asesoramento de Vicente Feijoo para a parte teórica e con Benigno Casalderrey como informante na saída de práctica de campo que percorreu a Xunqueira de Lárez e O Burgo.

A selección e contratación do grupo de traballo que había recoller a toponimia en Pontevedra fíxose no ano 2012. Buscouse un equipo cos coñecementos, formación e dispoñibilidade necesarios para poder desenvolver as tarefas

precisas: selección dos informantes, entrevistas e camiñadas para a recollida de información e traspaso da información recollida en campo á base de datos.

Os anos 2012 e 2013 foron tempo de presentar o proxecto nas parroquias co fin de dalo a coñecer e buscar colaboración na recollida de información, no acceso aos lugares, no contacto coas persoas que lembrasen aínda máis nomes en cada lugar. Estes foron tamén os anos da recollida da toponimia nas quince parroquias pontevedresas, en total 118,3 km² percorridos, dez mil catrocentas fichas creadas na base de datos e case vinte mil topónimos referenciados.

2.2. Unha base de datos á medida da recollida de campo

Para archivar, organizar, mostrar e comprobar a situación de cada topónimo encargouse o desenvolvemento dunha aplicación informática que incluíse os datos recollidos das entrevistas sobre o terreo e mais a xeorreferenciación de cada nome como un campo máis da base de datos. Esta ferramenta atesoura a meirande parte da información recollida en campo e pódese consultar no web (Concello de Pontevedra 2012). Accédese á información pública premendo no botón “Buscar” da páxina de entrada; desde aí éntrase na listaxe de todos os topónimos recollidos e dixitalizados. Ao estar feita para que se poida utilizar noutros concellos, cómpre, nada máis entrar, no cadro Concello seleccionar Pontevedra, para poder continuar coa pescuda. A aplicación permite facer diferentes tipos de buscas directas por parroquia, por tipo de topónimo, por topónimo, por xenérico local etc. Hai que encher a información que pide a páxina, por esta orde: en Concello escóllese Pontevedra; en Parroquia escóllese a que interese. Pódese consultar a listaxe enteira de nomes de cada parroquia ou lugar a lugar. Accédese ás fichas premendo no nome azul de cada topónimo.

Na ficha de cada topónimo hai dispoñible información sobre a pronuncia, sobre a clasificación tipolóxica e, nalgunhas fichas, fotografías e observacións de carácter histórico ou cultural. Con todo, a información máis valiosa é a que mostra a localización de cada topónimo nun mapa. Unha pequena parte da información da base de datos é de acceso restrinxido e non se pode consultar sen permisos especiais, xa que son datos referidos ás persoas informantes. Aínda así, a meirande parte da información recollida é pública e componse de:

- datos de carácter lingüístico: topónimo principal e secundario de habelo, datos fonéticos (con especial atención ao seseo, gheada, rotacismo e vogais medias abertas) e xenéricos locais;
- datos de situación: parroquia e lugar, localización exacta¹ sobre o mapa ou sobre a vista satélite e etiquetaxe segundo a tipoloxía á que corresponde ese nome (río, fonte, presa, aldea, bosque autóctono, camiño, areal, cantil...);
- por último, tamén están visibles outros datos complementarios: contrastes con fontes escritas, información de carácter histórico, sociolóxico, arqueolóxico, patrimonial, lendario ou arquivos adxuntos de imaxe ou de voz.

Para o deseño da base de datos tomouse como referencia a aplicación que o Proxecto Toponimia de Galicia usaba para almacenar e xestionar a toponimia. Porén, a base de datos de *Chamámonos Así* diferénciase daquela en que ten unha parte aberta á consulta pública, permite ver a situación dos topónimos e admite arquivos complementarios de voz ou imaxe.

A base de datos de Pontevedra reflicte a meirande parte da información que se recolleu sobre o terreo. Hai información que non se considerou relevante para caracterizar a toponimia, polo que non se verteu na base aínda que se obtivese nas entrevistas, moitas veces consonte as preocupacións dos informantes. Son datos relevantes para outro tipo de documentos, como catálogos de patrimonio ou de bens culturais. Así, na base de datos non aparecen nomes baseados en nomes propios (nomes e apelidos, non alcumes familiares) nin nomes secundarios de carácter moi recente, en xeral os posteriores á segunda metade do século XX. Non se recolleron os nomes das persoas propietarias na actualidade, nin en anos anteriores, a non ser que o dato tivese algún tipo de relevancia histórica ou sociolóxica ligada ao nome do lugar. Tampouco preocupou recoller de maneira exhaustiva os límites exactos das parcelas, xa que o obxecto non era realizar un levantamento topográfico ou agrimensur.

1 Agás as situacións dos topónimos dos lugares de Xeve e Ponte Sampaio, xa que están localizados a través de AutoCAD e estes ficheiros non son compatibles coa base de datos.

Entre os datos que mostra cada ficha, ademais da información habitual que explica e completa o topónimo como as notas fonéticas, a clasificación tipolóxica ou o contraste con outra documentación tamén se ve a situación do lugar que recolle a ficha, sobre un mapa ou sobre unha ortofotografía de satélite. O traslado da localización de cada topónimo á súa ficha conseguiuuse mediante un procedemento de traballo razoablemente sinxelo. Partindo de Google Earth marcábase a área, o punto ou a lonxitude do topónimo para crear e gardar un arquivo KML coa localización. Este arquivo KML subíase á base de datos coa facilidade dun arquivo adxunto. Así, a situación de cada topónimo vese automaticamente cando se abre a ficha correspondente; no visor da base de datos pódese seleccionar a vista sobre o mapa ou satélite.

A figura 1 mostra a ficha do topónimo *Coroncosta da Zanzuela* na parroquia de Marcón, lugar de Pintos. Tamén se pode ver directamente na base de datos, a través do enderezo web <http://toponimia.pontevedra.eu/web/app.php/ficha/1893/mostrar>

A figura 1 mostra parte da información que ofrece cada ficha: o topónimo, parroquia e lugar (ou parroquias e lugares) aos que pertence, a localización no plano, a fonética ou que *coroncosta* é un termo local que significa camiño estreito, carreiro.

Os xenéricos locais foron un dos datos máis interesantes, apaixonantes e difíciles de identificar para as técnicas e os técnicos de campo que traballaron en Pontevedra, ao seren termos habituais na súa lingua e na dos informantes, aínda que estraños para outras áreas. Esta é a única dificultade que supón recoller a toponimia no mesmo lugar onde se aprendeu a fala. Nas entrevistas sobre o terreo recolléronse termos de significado pouco habitual no resto do territorio lingüístico do galego; ademais da devandita *coroncosta* (en Marcón e Verducido, camiño estreito, carreiro), *areo* (en Lourizán fai referencia aos bancos de area, xeralmente ricos en bivalvos), *laparda* (en Ponte Sampaio, abrigo), *patio* (en Marcón, parra alta en moitos casos sobre un camiño), *mato* (en Salcedo, propiedade no monte), *aldea* (en Lourizán e Salcedo: terras que rodean a casa), *calzada* (en Bora, pequeno encoro no río co fin de acumular auga que se desvía logo cara á presa dun muíño), *regata* (en Marcón, valgada), *costillada* (en Verducido,




Figura 1. Coroncosta da Zanquela (Marcón, Pintos)

congostra) ou *porca preña* (en Mourente, auga que gurgulla dende o chan e que levanta o firme dos camiños), entre outros. Habitualmente o significado destes termos está explicado na pestana “outros datos”, en cadansúa ficha.

En síntese, a base de datos de Pontevedra realizouse á medida dos datos que interesaba recoller sobre o terreo e foi a ferramenta fundamental para gardar e mostrar tanto os topónimos como a información que os define e caracteriza. O máis salientable con respecto a ela é que:

- Permite que a persoa que recolle o topónimo sobre o terreo faga tamén a xeorreferenciación informática, sen precisar aprender o uso de programas técnicos como o AutoCAD. Isto minimizou o risco de erros e axilizou o proceso.
- Déuselle utilidade pública á recollida desde o primeiro momento, unha vez que se completaba a ficha dun topónimo pasaba a ser automaticamente pública.
- Mostra a localización de cada topónimo no momento, á vez que se ven outros datos sobre o nome.

- Dá a posibilidade de engadir un arquivo de voz ou unha fotografía para completar a ficha do topónimo; estes datos tamén son accesibles ao público xeral.
- Está deseñada como unha colección de nomes e datos que terán aplicacións prácticas e aproveitamento dentro e fóra do Concello: sinalizar e nomear elementos de rutas, traballos didácticos, estudos de campo, arqueoloxía, cartografía, normalización da lingua...
- Insírese nun proxecto máis amplo do Concello para a recuperación do patrimonio; neste proxecto a lingua é fundamental.
- É software feito para compartir; instalable noutros servidores externos aos do Concello de Pontevedra, moi fácil de usar e accesible para quen o precise.
- Deseñouse para ser compatible coa base de datos que viña usando o PTG.

2.3. O equipo de campo

O equipo técnico para realizar a recollida da toponimia en Pontevedra estivo formado por sete especialistas que percorreron as quince parroquias, entrevistaron as persoas informantes, recolleron os datos necesarios, crearon os arquivos coa situación dixitalizada de cada topónimo e subiron toda a información recollida á base de datos. A coordinación do proxecto exerceuna Concepción Cochón Rodríguez, a técnica do Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

Para seleccionar o equipo de campo tívose en conta que, malia teren que facer o traballo de maneira individualizada en cadanseu territorio, era moi importante que tamén tivesen capacidade de traballo en equipo e perfís complementarios, co fin de realizaren parte do traballo de maneira coordinada. O obxectivo era que puidesen compartir estratexias e recursos, resolver conxuntamente dúbidas e problemas, actuar con unanimidade de criterios, compartir información e datos... Así, seleccionouse un grupo de especialistas en lingua, patrimonio, historia e toponimia. Tiñan, ademais, un excelente coñecemento do territorio no que ían traballar, xa que a meirande parte das técnicas e dos técnicos de campo naceran na primeira parroquia que traballaron en Pontevedra.

O equipo de campo estivo formado por María Abelleira Fontán, que recolleu a toponimia das parroquias de Santa María de Xeve, Lárez e Alba; Segundo Feijoo Fariña, que traballou nas parroquias de Verducido e A Canicouva; María Dolores Ferro Diz, que percorreu Marcón e Bora; Isabel Iglesias Fernández, que recolleu os nomes de Tomeza, parte de Salcedo e parte de Campañó; Alberte Reboreda Carreira, que traballou en Xeve e Ponte Sampaio; M^a Mercedes Torres Hermida, en Mourente, Cerponzóns e parte de Campañó e Xosé Lukas Moledo Santiago, na parroquia de Lourizán e parte de Salcedo.

2.4. A selección do territorio

A primeira selección do territorio realizouse atendendo á división tradicional en parroquias e lugares. Das quince parroquias, seleccionáronse oito para a primeira recollida de campo; escolléronse Marcón, Mourente, Santa María de Xeve, Verducido, Salcedo e Lourizán por ser as parroquias de orixe das persoas que ían traballar alí. Tomeza e Xeve incluíronse nesta primeira xeira por contaren unha boa estrutura asociativa e por seren territorios estremeiros coas outras parroquias que se ían recoller. Desta maneira favorecíase o intercambio de información e a colaboración entre as persoas que recollían nas parroquias en casos como límites e lindes conflictivos, permitíase buscar ou dispor de informantes que coñecesen áreas a cabalo entre dúas parroquias e facilitábase a recollida de lugares que sobordan os límites dunha parroquia, como Pedra do Lagarto, que se estende por Marcón e Mourente, ou A Xunqueira, compartida entre Lárez e Campañó. No verán de 2013 o equipo de campo traballou na recollida de toponimia das parroquias restantes: Campañó, Alba, Cerponzóns, Lárez, Bora, A Canicouva e Ponte Sampaio.

Na selección do territorio presentáronse algúns problemas. Nalgúns casos o acceso resultaba difícil ou imposible a algúns puntos como picoutos, que non sempre resultaban compatibles coa axilidade física da persoa que coñecía a toponimia do lugar. Noutras ocasións os límites das parroquias, dos lugares ou ata dos campos e, sobre todo, montes, foron difíciles de establecer, xa porque os lindes quedaban en lugares de difícil acceso, xa porque na ortofotografía as masas arbóreas non facilitaban a localización aínda que sobre o terreo se chegase ao punto exacto.

Un problema importante á hora de seleccionar o territorio foi a extensión da cidade de Pontevedra. O núcleo urbano foi ampliando os seus límites desde a vila medieval, que correspondía aproximadamente á zona antiga actual, para urbanizar o ata entón territorio de carácter rústico: veigas, prados, pequenas aldeas e bosques das parroquias que rodean aínda hoxe a cidade. Á hora de recoller a toponimia, sempre que se atopasen informantes, tentouse abranguer tamén territorio hoxe urbano; algún urbanizado non hai moitas décadas como *Pedra do Lagarto*, antigamente lugar de Marcón e de Mourente, e outro incorporado á cidade a mediados do século XX como Campolongo, antigamente pertencente a Salcedo, ou Monte Porreiro, dentro de Mourente.

2.5. Material de partida

Para a recollida de campo o equipo de traballo contou co acceso á cartografía municipal do Departamento de Topografía do Concello. Tráballouse coas ortofotografías das parroquias coas curvas de nivel do territorio impresas, cun GSD² de 22 cm a escala 2000 800x560 m. Cada parroquia estaba segmentada en follas de tamaño A3 para facilitar o manexo sobre o terreo.

Os mapas de campo estaban baleiros de topónimos, porén, antes da saída de campo cada técnico documentouse consultando os lugares que o Nomenclátor oficial establece para esa parroquia, a toponimia que aparece na cartografía do Concello e, sempre que foi posible, a relación de lugares que aparecen no Catastro de la Ensenada.

O obxectivo desta parte do proxecto era recoller os nomes transmitidos e usados por vía oral. Aínda así, coñecer de partida a toponimia existente e utilizada de maneira oficial na escrita era importante para orientarse dentro da parroquia e familiarizarse cos nomes que fosen xurdindo. Ademais, era importante para entender e detectar algunhas autocorreccións dos informantes que os levaban a dar por boas as formas escritas, aínda que diverxesen dos nomes herdados e usados vía oral durante xeracións.

2 O GSD (Ground Sampling Distance) mide o tamaño do píxel levado ao terreo.

O problema da importancia contaminadora da escrita manifestouse de dúas formas: unha, o/a informante sácalle importancia ao que sabe en favor do escrito; outra, o/a informante denuncia a usurpación da forma tradicional e reivindica a súa restauración. As dúas posibilidades aparecen perfectamente explicadas no seguinte exemplo tomado da base de datos. Na ficha *A Comboa*, parroquia de Lourizán, o técnico de campo explica a convivencia de dúas formas: *A Comboa*, a forma tradicional, e *A Comboa*, que se empezou a usar a partir da sinalización posta polo Concello, consonte o Nomenclátor oficial. “A xente sempre comenta que están mal sinalizados os carteis. O topónimo correcto, o que di a xente, sempre foi A Comboa. O primeiro informante para esa zona, díxerame que había unha Comboa e unha Camboa, pero despois falando con máis xente, contáronme que hai persoas que pensan que a zona de arriba se chama A Camboa, porque alí é onde están os carteis do Concello que poñen A Camboa. Simplemente. Pero só hai un topónimo de sempre e é A Comboa”.

2.6. Presentación do proxecto nas parroquias

Antes de comezar o traballo da recollida sobre o terreo, coa localización e as entrevistas a informantes e os percorridos a pé polos lugares, o Concello organizou xuntanzas en cada parroquia para presentar o proxecto. A estas xuntanzas asistían o concelleiro de Normalización Lingüística, o concelleiro ou a concelleira delegada da parroquia, a técnica do SNL e a técnica ou o técnico que ía traballar coas e cos informantes no lugar. Á xuntanza estaban convidadas as asociacións, comunidades de montes e as persoas interesadas. Estas xuntanzas serviron de arrinque real do proxecto en cada parroquia e axudaron a presentarlles ás veciñas e aos veciños a persoa que ía traballar no seu espazo.

Ademais de explicar a importancia e a urxencia de rescatar do esquecemento os nomes dos lugares e presentar a persoa que ía traballar na parroquia, tamén se explicaba o perfil ideal das persoas informantes. Habitualmente nestas xuntanzas, os e as asistentes xa nomeaban os primeiros posibles informantes; de aí saían os contactos para poder comezar o traballo de campo. Se non saían como resultado das xuntanzas, desde o Concello buscábase en cada parroquia

algunha persoa que acompañase o técnico ou a técnica especialista, cando menos nas primeiras xeiras e encontros cos informantes.

Esta estratexia de penetración nas parroquias foi fundamental para axilizar os tempos do traballo de campo e desbotar malentendidos sobre a finalidade da recollida. Así, os mellores resultados por topónimos recollidos, información complementaria e quilómetros cubertos déronse nas parroquias que naquel momento contaban cun tecido asociativo máis vivo.

2.7. Selección e contacto coas persoas informantes. Perfís ideais e perfís reais

A presentación do proxecto *Chamámonos Así* nas diferentes parroquias do concello foi o punto de partida que deu inicio aos labores de recollida sobre o terreo. Este acto de presentación pública do proxecto puxo en común as motivacións de ambas as dúas partes e conseguiu implicar a poboación local nun proceso de recollida cuxo desenvolvemento dependía, en boa medida, da súa colaboración. A partir deste momento iníciase un labor de recollida que implica contactar coas persoas da parroquia, percorrer a pé os diferentes lugares e indagar nese proceso sobre os topónimos e a súa localización pero tamén establecer redes de contacto que permitan ampliar a base social con que se desenvolve o proxecto.

Búscase, na medida do posible, contactar con informantes que permitan unha rápida, fiable e abundante localización de topónimos e con esta finalidade establécese un informante tipo ideal. Este informante tipo ideal defínese por ter unha idade entre os 60 e os 80 anos, ser nativo ou nativa da parroquia en que se vai realizar o estudo ou, no seu defecto, con abundantes anos de residencia nela, e preferentemente ser unha persoa ligada aos traballos agrícolas, buscando un maior vínculo co territorio. Para alén destes datos, constatouse, ademais, que as mulleres posuían un gran coñecemento do terreo e das denominacións tradicionais debido, en parte, á elevada dedicación a labores relacionados coa terra, coa gandaría e coa agricultura, entre outras actividades.

A folla de ruta acordada para a selección de informantes foi unha prioridade nas saídas a campo. No entanto, este perfil ideal non implica necesariamente que outros/as informantes que non responden a este tipo dispoñan de menos recursos e coñezan menor número de chamadeiros. A marxe de posibilidades neste sentido

é ampla e de contrastarmos os tipos ideais e os reais a experiencia levaríanos a concluír que o informante ideal é un obxectivo pero que non se debe descartar a colaboración de persoas que afirman coñecer ben o terreo ou que nos abren as portas de veciños e veciñas. Se ben no deseño do proxecto *Chamámonos Así* se procuraron, como se comentaba anteriormente, investigadores e investigadoras que gardasen algún tipo de relación co lugar onde se recollía a toponimia, nos casos en que esta circunstancia non se daba o acceso á zona que se ía investigar resultou máis complexo. Por tanto, contar coa colaboración dunha persoa da parroquia que intermediase entre informante e investigador/a rompeu barreiras de desconfianza moi delicadas e contribuíu a darlle visibilidade ao proxecto.

2.8. As saídas a campo

A estruturación do traballo en fases diferenciadas e consecutivas unhas a respecto das outras permitiu o desenvolvemento progresivo do proxecto e minimizou as marxes de erro que puidesen afectar un labor deste tipo, baseado na recollida oral de toponimia. Un dos fitos principais en todo este proceso é a entrevista. En función dos resultados obtidos e do aproveitamento dos saberes que a persoa entrevistada poida ofrecer, o avance da investigación pode ser máis ou menos lento. Na consecución dos obxectivos que se fixan para cada entrevista ten unha importancia fundamental a preparación que se faga con anterioridade á saída a campo.

Así pois, antes de saír a campo, revisouse a información dispoñible no que atinxe a informantes e documentación, o que permitiu chegar á entrevista cuns coñecementos mínimos sobre o territorio que se dispuña a estudar. Por unha parte, xerouse un documento onde contabilizar a lista de persoas dispostas a participar, o que axudou a crear un mapa de posibles informantes que permitiu visibilizar que áreas do territorio se poderían cubrir e centrar os esforzos na busca de informantes naquelas outras áreas en que apenas se conseguiran contactos. Entre outros datos, nesta lista actualizábase información do tipo: novos/as informantes, con quen se contactou, anotacións en canto á recepción do proxecto ou zonas abranguidas. Á marxe, e por norma xeral, identifícase o/a informante: nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono ou correo electrónico se o tiver. A planificación previa das entrevistas e das zonas que se prevé visitar ofrece unha perspectiva de conxunto

moi útil, en canto que podemos detectar en que áreas recollemos máis nomes e en cales menos, e avaliar mellor os pasos seguintes. Deste xeito, poderanse ir pechando zonas pequenas en base á información recollida, o que axudará a evitar que haxa moita distancia temporal entre as primeiras saídas e as últimas. Esta limitación temporal entre as saídas nunha mesma parte do territorio permite contrastar con maior garantía os datos recollidos en entrevistas anteriores e non confiar en exceso na memoria.

A partir de aquí iníciáanse os contactos e realízanse as primeiras chamadas para concertar a entrevista. Programar o encontro co/coa informante para unha hora concreta axudará a implicala no cometido do proxecto e contribuirá a que poida reservar ese tempo sen a preocupación de deixar outros asuntos pendentes. Elixir ben o momento en que se realizan as chamadas facilitará a participación das persoas e a súa receptividade, polo que é preciso priorizar horas en que se intúe que non vai ser unha molestia. Tamén será preciso buscar a forma de adecuar o encontro para a entrevista ás circunstancias do/da informante, polo que se debe ser flexible ao concertar un horario. Ademais do horario, outro dos factores que incide directamente sobre a receptividade da nosa proposta de colaboración é evitar a concentración de traballos agrícolas, época en que a dispoñibilidade dos/das informantes diminúe de forma considerable.

A preparación da entrevista

Unha vez concertada a entrevista dispónse a súa preparación, tanto do encontro en si como do material que a vai acompañar. Para a preparación da entrevista empregáronse os materiais fornecidos polo Concello, tanto mapas como bibliografía. A revisión da cartografía municipal permitiu visualizar a disposición da parroquia, coñecer algúns dos lugares, entrever a súa configuración xeográfica, determinar se existían aspectos físicos no territorio que nos condicionasen a facer certas preguntas... A consulta bibliográfica subministrará unha lista de topónimos que se poderán contrastar en campo e, cando se dispoña só da denominación, localizalos nunha área concreta. Aínda habería que engadir que este coñecemento previo da parroquia vai permitir un maior achegamento entre o/a investigador/a e a persoa entrevistada, ao facer próximo un código comunicativo, de coñecemento mínimo común, que fai perceptible o interese do/da investigador/a.

En canto ao material, desde o Concello púxose á disposición das/dos investigadores/es de campo o material que a seguir se relaciona:

- Ortofotografías da parroquia con curvas de nivel impresas. Sobre esta fotografía localizárase o topónimo e resaltárase o perímetro ou marca referencial con que se reconece. Posteriormente será identificado cun número que servirá de enlace que relacione a localización no territorio e o topónimo.
- Caderno de notas, verdadeiro diario de campo no que se fan as anotacións escritas relevantes para a recollida. Entre outras informacións, neste caderno rexístranse, por unha parte, os datos persoais de quen informa (nome, lugar de nacemento, tempo de residencia na parroquia, idade...), o que vai permitir a identificación dos topónimos recollidos coa persoa que ofreceu esa información. Por outra parte, condensa a relación de números e perímetros deseñados sobre as ortofotografías aéreas e vincúlaos co nome ou nomes correspondentes que se recollen en campo. A representación escrita destes nomes ten a particularidade, ademais, de que pretende ser fiel á maneira en que a realiza o/a falante, integrando na grafía referencias claras e determinantes da realización fonética de cada topónimo en particular e deixando constancia de fenómenos como a gheada, o seseo, o rotacismo etc. Posteriormente, tanto a ortofotografía como o caderno de notas serán as ferramentas que se empregarán na xeorreferenciación para integrar nun mesmo plano visual e referencial o nome coa súa localización e perímetro. No entanto, o proxecto *Chamámonos Así* entendeuse desde un principio como unha proposta de recollida de toponimia cuxo propósito era documentar paralelamente aquela información relacionada, o que o converteu nun proxecto amplo e integrador. Atendendo a esta premisa, durante o traballo de campo prestouse especial atención a todas aquelas observacións que sobre o lugar puidese fornecer a/o informante (lendas asociadas, usos que están relacionados coa toponimia, vexetación predominante, identificación de elementos patrimoniais etc.).
- Táboa lixeira cuxa función é permitir ter un punto de apoio para favorecer a escrita nas saídas a campo.

- Bolígrafos de cores diferentes que servisen para distinguir con claridade a representación do topónimo sobre a ortofotografía. Neste caso concreto foi de grande axuda o descubrimento dun tipo de bolígrafos cuxa tinta se podía borrar –o que contribuíu enormemente á limpeza dos trazados e facilitou a identificación das liñas e números durante a fase posterior de escritorio– e cuxa cor branca destacaba enormemente sobre o fondo da ortofotografía.
- Opcionalmente, poderíase dispor de gravadora –ou teléfono móbil con posibilidade de gravar voz– para rexistrar a entrevista ou partes dela previo consentimento da persoa entrevistada, e de cámara de fotos, xa que a base de datos do proxecto permite integrar fotografías e arquivos de audio.

Pero ademais deste material de referencia, outro dos aspectos que convén analizar e visualizar durante a preparación da entrevista son tanto os obxectivos do proxecto como determinar con certa claridade que é o que se quere recoller. Para o proxecto *Chamámonos Así* a referencia eran todos aqueles nomes de lugar que sigan vivos na memoria das persoas de quen recollemos. A intención é indagar sobre os nomes de lugar, de ríos, de fontes, de montes, de lavadoiros, de camiños, de leiras... pero tamén sobre todo o que estiver directamente relacionado con eses nomes, coa súa historia, coa veciñanza que o comparte. A todos estes elementos engádeselle un a maiores ao que o proxecto lle dedica especial atención: como se realizan os nomes recollidos. Atendendo a este criterio, unha das características da recollida en Pontevedra é que se buscaba garantir, na medida do posible, as peculiaridades fonéticas propias dos e das falantes. Esta esixencia condicionou en parte a forma como se anotaba no caderno de campo a referencia do nome, rexistrando segundo a maneira como se pronunciaba e indicando no momento as vogais abertas e fechadas, se existe ou non gheada, seseo, rotacismo etc. Esta percepción no campo implica centrar a atención non só no que se di senón tamén en como se di. A manifestación escrita destes rexistros trasládase despois á base de datos, na que se reserva un apartado para a realización fonética de cada un dos topónimos recollidos. Por tanto, a revisión das peculiaridades fonéticas de cada zona e a familiarización con principais trazos desa área axilizará a identificación dos principais fenómenos fonéticos.

Por outra parte, unha atenta revisión das cuestións para completar na propia base de datos do proxecto orientaría a definición das preguntas que se prevé realizar en campo. Así pois, a base de datos está definida en función dunha serie de campos que é preciso cubrir e para os cales se necesita dunha resposta. Por tanto, a análise desta base determina xa algunhas das preguntas e o que se tería que recoller en campo: realización fonética do topónimo (ou topónimos en caso de rexistrar máis de un); características xeográficas ou o que se describe como tipoloxía do topónimo; se é xenérico local; quen facilita a información (pode ser un ou varios informantes diferentes ou ben un grupo); alusións á posible procedencia dos topónimos; datos relativos aos usos que poidan dar algunha pista sobre a orixe do nome; lendas, contos e outros datos de tipo etnográfico que axuden a entender tanto o nome como a historia do lugar. Todas estas cuestións permiten anticipar algunhas das preguntas que será preciso abordar durante a entrevista. Por contra, descártase na recollida aquela información de tipo persoal que faga alusión a propiedades ou outros temas alleos á toponimia.

A entrevista

A realización da entrevista é o momento clave da recollida de campo en toponimia pois dela extráese a maior parte da información que se procura. Afrontar unha entrevista de campo implica, na medida do posible, dispoñibilizar para ela a maior franxa de tempo posible e evitar pór límites horarios que poidan condicionar o seu desenvolvemento. Esta consideración sobre a duración das entrevistas garda certa relación indirecta coa definición de informante tipo ideal descrito. Atendendo a esta descrición, moitas das persoas entrevistadas son persoas maiores, ás que lles gusta falar e ser escoitadas, e que en numerosas ocasións poden tratar asuntos alleos á recollida, incluso cuestións persoais. A prolongación da entrevista vai depender, en certa medida, da habilidade do/da investigador/a para reconducir o fío no momento en que se desvíe do noso cometido sen, por iso, ofender ou causar malestar.

As entrevistas organízanse de maneira individual ou en grupo. Ambas as dúas modalidades teñen vantaxes e desvantaxes, e o ideal é valorar en cada caso cal se adecúa mellor ao contexto. Así, por exemplo, a entrevista individual permite unha maior atención ao tema que se está a tratar e evita a dispersión da

información. Por outra parte, a entrevista de grupo permite obter resultados moi fiables e contrastados. Ademais, o encontro favorece a reactivación da memoria das persoas asistentes, ao incentivar coñecementos que poidan estar en desuso. Por contra, en ocasións o feito de estar en grupo pode inhibir informantes con coñecemento do territorio ao estar en presenza doutras persoas. Neste caso, convén prestar atención a posibles desequilibrios na participación e poñer a proba algunha técnica de xestión de grupos ou valorar a opción de concertar con esas persoas unha entrevista individual.

Con todo, a tipoloxía de entrevista pode vir condicionada por factores alleos á vontade do/da investigador/a. De manifesto queda, por exemplo, no caso de persoas de avanzada idade que presentan dificultades de mobilidade. O desenvolvemento óptimo da entrevista é ir percorrendo a pé os lugares da área de estudo e anotando *in situ* os topónimos e o seu perímetro ou localización. No transcurso deste traxecto tentarase incentivar a memoria da/do informante con preguntas sobre a zona, sobre os usos, sobre os lugares que non se aluden... Porén, esta situación de excelencia na entrevista non sempre é viable xa que non é infrecuente encontrar persoas con amplos coñecementos que non son quen de interpretar un mapa e que, debido a problemas de mobilidade, resulta moi difícil o acompañamento a pé pola parroquia. Neste contexto, unha alternativa factible sería concertar entrevistas de grupo, que permitan reunir nun mesmo espazo e tempo aos/as informantes con outras persoas que saiban interpretar mapas. Este grupo permitiría, deste xeito, identificar os nomes ao tempo que se localizan no territorio. Tampouco se debe descartar nesta situación a posibilidade de desprazarse en coche a aquelas zonas accesibles co fin de facilitar, cando menos, parte da entrevista.

En ambos os dous casos, tanto nas entrevistas realizadas de maneira individual como colectiva, é imprescindible xerar empatía coas persoas que se entrevistan, buscar un clima de confianza no que se sintan a gusto e confortables. Neste sentido, é conveniente que o/a investigador/a sexa consciente en todo momento de que a súa é unha dedicación voluntaria e que o tempo que ofrecen é de maneira desinteresada.

En canto á información recollida, pode variar en cantidade e en calidade en cada unha das entrevistas. Así como encontraremos informantes que facilitarán

unha gran cantidade de topónimos e outros datos relacionados, tamén haberá entrevistas en que apenas se obteñan resultados. Con todo, e independentemente da cantidade de chamadeiros localizados en cada encontro, é recomendable establecer na estruturación dos labores de recollida un tempo de traballo de escritorio posterior á saída ao campo. Esta previsión de tarefas inmediatamente posterior á recollida destínase ao labor de xeorreferenciar os nomes localizados e de introducilos na base de datos co fin de evitar que transcorran longos períodos de tempo entre ambos os dous momentos do proceso de recollida. Deste xeito, será máis doado resolver posibles dúbidas que xurdan á hora de trasladar os datos orais á base de datos.

Outro dos aspectos que afectan directamente ao labor de recollida de campo e á realización da entrevista é a climatoloxía. Durante o desenvolvemento do proxecto *Chamámonos Así*, os labores de recollida foron concentrados nos meses de primavera-verán o que permitiu maiores garantías de éxito para a saída a campo ao evitar os meses de maior concentración de chuvias.

As preguntas

A formulación das preguntas e o enfoque que se lle poida dar condiciona de maneira notable as posibles respostas. Como norma xenérica, o ideal é preparar preguntas xenéricas que non predispoñan o/a informante a unha resposta concreta. Unha das técnicas que se empregan é a coñecida como táctica do funil. A táctica do funil recomenda iniciar o diálogo co/coa informante con preguntas abertas e evitar que a conversa se inicie directamente polo tema concreto (“como lle chaman a este lugar?”); por contra, suxíre preguntarlle á persoa polas súas lembranzas a respecto do tema que se vai tratar. Unha vez iniciado o diálogo recoméndase deixar a/o informante falar e ir progresivamente tentando concretar que lugares frecuentaba, que se facía, como se denominaban... Os recordos chámanse uns aos outros e ao favorecer que a persoa interlocutora se sitúe en escena facilitará a súa lembranza, ademais de achegar importantes datos contextuais. Co obxectivo de aumentar estes recordos é interesante aludir a tempos anteriores, á súa infancia e mocidade e relacionar a memoria con aquelas denominacións máis antigas das que poidan ter coñecemento. Na énfase da conversa, especialmente cando os resultados son

positivos, pode darse o caso de que se atopen moitas opcións de pregunta e que se transforme a conversa nun interrogatorio. Esta circunstancia pode abafar o interlocutor (especialmente de se tratar dunha persoa de idade) e ser contraproducente. Na medida do posible, deixaráselle tempo para narrar á súa historia, a súa lembranza; se non se quere perder esa información, o ideal sería tomar nota e volver máis tarde a retomar algunhas das cuestións previamente identificadas.

Como se apuntaba con anterioridade, no desenvolvemento da conversa procurárase non condicionar a resposta que poida dar a/o informante. As lembranzas son materias fráxiles que se poden ver facilmente influídas polo xeito de preguntar. As alusións a nomes recollidos por outras fontes serán discretas e evitarase dicir de maneira expresa que temos identificado ese lugar con outro nome diferente ao que nos facilita o/a informante. En todo caso, é recomendable manifestar a dúbida e realizar a pregunta de forma que se dea a entender que a súa información é válida pero que queremos contrastar outra que non temos por segura. Esta circunstancia repítese con frecuencia en caso de aludir aos mapas ou a outras fontes escritas, ao que o/a informante pode reaccionar restándolle validez aos seus saberes: “se o di o mapa, será” ou “xa o di aí o letreiro”. Con todo, non se debe obviar que existe outra referencia e preguntar abertamente se a coñece: “Pois eu pensaba que tamén lle chamaban...”; “e non coñecerá un lugar que lle chaman...”. No transcurso do encontro intentarase mostrarlle ao/á interlocutor/a que valoramos o seu coñecemento e que é interesante e útil, o que previsiblemente incentivará a súa motivación. A miúdo a xente garda memorias que non considera importantes e iso dificulta que consideren relevante contalas. Coa finalidade de mostrar o valor dos seus coñecementos pode ser de utilidade amosar recortes de prensa, libros ou outro material que verifique como as lembranzas sobre este ou outro tema son importantes e apreciadas.

Outra posibilidade organizativa, que pode contribuír en proxectos cuxos parámetros de busca de información están claros e nos que se parte dunha ficha base que determina a cantidade e o tipo de información que se vai requirir, é a de realizar un cuestionario de preguntas recorrentes en función dos requisitos mínimos para a base de datos. Este cuestionario serviría de guión para as entrevistas, pero non debería condicionar o seu desenvolvemento limitando a capacidade de improvisación sobre o terreo.

As expectativas

Xerar demasiadas expectativas de cara a unha entrevista pode incidir negativamente tanto na valorización dos resultados obtidos como no ánimo con que se afronten outras futuras. O número de topónimos recollidos pode variar enormemente dun encontro a outro pero cada un dos nomes recollidos é de grande importancia para a súa conservación. Así, haberá veces en que se recolla un número elevado de topónimos e outras en que apenas recollamos dous ou tres. Pódese dar o caso de tardes enteiras de conversa agradable pero sen recoller apenas topónimo algún. É importante dotarse de moita paciencia. Saír a campo pensando en resultados concretos poden desalentar e desmotivar. Nestes casos é interesante aproveitar a entrevista coa persoa informante para, por exemplo, aumentar a rede de posibles informantes e intentar que facilite novos contactos.

2.9. A dixitalización da toponimia. Ferramentas de utilidade

Así pois, unha vez finalizada a incursión da recollida de campo comeza o traballo de escritorio. A experiencia do proxecto recomenda limitar o máximo posible o tempo que transcorre entre o momento en que se recolle e aquel en que se xeorreferencian os datos e se soben á base. Por tanto, é recomendable organizar as saídas partindo da necesidade de reservar horas de escritorio para pasar os datos recollidos en campo á base de datos. Este feito condicionaría a periodicidade con que se realizan as entrevistas e recomendaría evitar a súa programación e realización nun período curto de tempo.

Para a xeorreferenciación da toponimia, no proxecto *Chamámonos Así* empregouse o sistema de arquivos KML, a través de Google Earth, tanto pola sinxeleza de manexo, como pola facilidade de acceso. Descartouse xeorreferenciar directamente sobre o terreo, debido a que era moi complicado garantir a cobertura de rede en todo o territorio. Por conseguinte, estableceuse un sistema mixto: as notas de campo eran sobre ortofotografías en papel (como as que se poden observar na Figura 2) e cadernos; despois había traballo de escritorio para trasladar toda esa información á base de datos, crear os KML en función do recollido e asociar cada KML coa súa ficha da base. No labor de introducir e xeorreferenciar os datos considerouse de especial importancia que as persoas



Fig. 2 Ortofotografía manuscrita coa recollida de campo

que recollesen fosen as mesmas que despois sistematizarían a información, xa que desta forma se diminúa a marxe de erro desde que se recollen os datos até que son introducidos na base. Ao ser a mesma persoa non estaba suxeita a interpretación de materiais manuscritos ou liñas pouco perceptibles, o que garante unha maior fiabilidade.

Créase, pois, un KML coa delimitación ou localización exacta do topónimo e a denominación que recibe. Pero ademais do nome e a localización, no deseño do KML acórdase un sistema de marcas que identificarían o topónimo cunha tipoloxía previamente definida. As tipoloxías empregadas no proxecto *Chamámonos Así* coinciden coas estipuladas para o Proxecto Toponimia de Galicia (2005: 49), nun afán por manter a coherencia con este proxecto e favorecer a integración dos datos no futuro, de ser posible. Por tanto, é relevante prestar atención ás características xeográficas do territorio e que realidade designa o topónimo. Esta información condicionarán a forma como se xeorreferencie en cada

caso. Establécese, por exemplo, que as parcelas (como veigas, polígonos industriais etc.) se delimiten cun perímetro que mostre a superficie que abranguen; que os ríos, regatos e outros cursos de auga se sinalen cunha liña de cor azul; que os camiños, rúas etc. sexan indicados cunha liña vermella; que os elementos de interese cultural, por exemplo, se fixen cun punto de referencia etc. Así pois, esta tipoloxía vai determinar como imos representar o topónimo á hora de o xeorreferenciar: se vai ser unha superficie, un punto ou liña.

O KML que se xera gárdase no computador e désígnase co nome do topónimo, da parroquia e do lugar en que se encontra para, posteriormente, subir este arquivo á base de datos do proxecto e integralo na ficha propia que xera cada topónimo xunto cos datos complementarios que poidan existir.

A base de datos acolle todos os topónimos recollidos no concello durante o tempo que durou o proxecto e garante a súa conservación e difusión. Nesta base de datos créase unha ficha independente por topónimo e en cada ficha inclúese a súa localización (concello, parroquia e lugar); a denominación (se existe un único nome ou varios e a correspondente transcripción fonética, xunto coa tipoloxía); o xenérico local (de existir); a localización (onde se incorpora o KML cos datos de situación do topónimo e no que se permite a súa visualización); o/s informante/s ou grupo/s de quen se recolle; que ferramentas de contraste se empregaron; coñecemento doutra documentación que complemente a información; dúbidas lingüísticas; outros datos que se queiran destacar (como os de tipo etnográfico, que irían neste punto) ou arquivos que se poidan asociar, como as fotografías, por exemplo. A base complementase, ademais das fichas dos topónimos, cun rexistro de todas as persoas informantes que participaron no proxecto.

Toda a información introducida na ficha gárdase e créase, automaticamente, a ficha do topónimo. As fichas que integran a base serán revisadas posteriormente polo equipo de coordinación de cara a garantir a coherencia e a homoxeneidade de criterios. O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra foi a entidade encargada deste labor de revisión e tamén asumiu a función de facilitadora de recursos e ferramentas de acceso público que permitiron a resolución de dúbidas para o equipo de campo. Algunhas das ferramentas empregadas foron:

- Dicionarios: Dicionario da Real Academia Galega; Dicionario de pronuncia da lingua galega, de grande axuda en cuestións de tipo fonético.

- Nomenclátor da Xunta de Galicia. Permite contrastar se temos recollido ese topónimo na zona ou consultar se existe esa variante ou outras na súa base de datos e cales serían, en todo caso, as opcións maioritarias.
- Inventario Toponímico da Galicia Medieval. Formas medievais dos topónimos.
- Proxecto Toponimia de Galicia.
- Cartografía municipal, que permite un achegamento á toponimia recollida na parroquia e ás características territoriais e xeográficas.
- Catastro.
- Catastro do Marqués de la Ensenada.
- Consulta de mapas en liña, como <http://mapas.xunta.gal/xeoportat>. De especial interese son os mapas do voo americano dos anos 50 do século pasado, cuxo contraste das fotografías aéreas coas actuais permitiu a delimitación de certas zonas cunha gran modificación na súa estrutura.
- Blogs específicos de toponimia, entre outros: Asociación Galega de Onomástica; Aquén. Toponimia galega; Toponimia de Vigo.

2.10. Problemas na recollida e na xeorreferenciación

A dificultade para encontrar informantes, as alteracións do medio, o repoboamento ou a urbanización son algúns dos problemas máis comúns da recollida de campo. Os cambios socioeconómicos e culturais rexistrados nos últimos anos contribúen a que estes problemas sexan cada vez máis frecuentes. Nalgúns casos, zonas que antigamente foron rurais mudaron completamente a súa fisionomía e hoxe están consolidadas como núcleo urbano, o que fai difícil a localización de topónimos e tamén a localización de informantes. Por outra parte, non se pode ignorar que o informante tipo ideal, cuxo perfil inclúe entre os seus trazos definitorios ser de avanzada idade, pode ser difícil de contactar. A esta circunstancia engádese o incremento da emigración do ámbito rural cara ao urbano e tamén o esmorecemento da actividade agrícola, o que deriva no abandono das terras e, en consecuencia, da relación que, en parte, mantén vivo e en activo para estas comunidades o sentido da toponimia.

Ao mesmo tempo que se aumentan e se perfeccionan as ferramentas que permiten o rexistro e a conservación de elementos do noso patrimonio cultural inmaterial, como a toponimia, decrecen as posibilidades de acceso á información, tanto pola falta de transmisión xeracional –en canto que a toponimia se percibe como en desuso–, como pola desaparición de informantes ou os cambios no contexto socioeconómico. Os avances tecnolóxicos son, porén, unha garantía de que os labores de rexistro e difusión permitirán o coñecemento ás xeracións vindeiras do traballo realizado neste momento.

Con todo, e á marxe das dificultades xerais que se describen, no desenvolvemento dos labores de recollida constátanse outros problemas cuxa solución pasa por un traballo de coordinación –neste caso realizado polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra– cuxo reto principal foi manter a unidade de criterios e solucións comúns a todo o equipo de persoas involucradas. Os problemas foron xurdindo conforme se afianzaba o proxecto, e abrollaron dúbidas tanto na recollida como na xeorreferenciación. Un dos aspectos que se debateu foi a transcripción dos topónimos. A opacidade dalgúns termos impedía coñecer con exactitude a súa procedencia, o que podía derivar en grafías incorrectas. Como solución proponse, como criterio principal, o de permanecer fiel ao escoitado sobre o terreo e engadir na base de datos, no punto que se reserva para as dúbidas lingüísticas, unha nota que alerte dos motivos da reserva. O propósito, e así se pensou desde o comezo do proxecto, foi o de recoller a toponimia nun momento delicado para súa conservación, e que estes topónimos recollidos sobre o terreo fosen obxecto dunha revisión lingüística por parte de persoas expertas nunha fase posterior. O uso ou non do artigo coa forma do topónimo foi tamén cuestión de debate. Diante deste caso concreto propúxose como medida forzar a resposta dos/das falantes empregando unha preposición, o que indica con maior claridade a forma de uso: con ou sen artigo. No ámbito da lingua, e relacionado coa transcripción fonética, decidiuse consensuar cun cadro na propia base de datos, o que unificou a forma de representación.

Outro aspecto analizado foi á presenza de varios topónimos para un mesmo espazo. A proposta do Concello de Pontevedra foi a de conservar todas as denominacións que puidesen facilitar as/os informantes, nun claro afán de recoller e conservar o maior número de topónimos posible, decisión pola que na base de datos se habilitou a posibilidade de introducir varias denominacións

nunha mesma ficha e para un mesmo lugar. Algúns exemplos son *Camiño do Campo*, cunha segunda denominación que é *Camiño do Congostro* (no lugar de Pazos, parroquia de Marcón), ou o *Muíño de Matías*, cuxa forma recollida como segundo nome é *Os Muíños do Batán* (no lugar do Carramal, na parroquia de Salcedo). Desta maneira fíxose posible recoller nomes diferentes que puidesen variar co tempo en base a novos usos que se lle atribúen a un territorio e creáronse as condicións para a realización de estudos futuros centrados, por exemplo, na evolución da toponimia. Na práctica, priorizárase como primeira opción aquela forma designada por parte das/dos informantes como principal ou aquela que se repetise con maior frecuencia. Noutras ocasións constatáronse referencias empregadas na actualidade que non coincidían cos nomes tradicionais e que son produto de castelanizacións da nosa toponimia, tanto no caso de formas antigas como novas fixadas en castelán. Sendo conscientes de que esta é outra das dificultades ás que se enfrenta a toponimia en Galicia, os/as informantes poden achegar información que permita a recuperación dunha forma oculta.

A localización e definición do perímetro que abarcan os topónimos non estivo exenta de dúbidas. Após as entrevistas con informantes ou durante os labores de xeorreferenciación revelouse que en ocasións se recollían informacións dispares, tanto na denominación, como se apuntaba antes, como na localización. Esta información contradictoria esixe aumentar o grao de contraste dos datos e avaliar segundo as ferramentas de que dispomos que forma é a máis estendida e incluír na base de datos unha anotación explícita aos problemas encontrados no traballo de campo. Porén, e atendendo á intencionalidade global do proxecto, unha avaliación pausada desta circunstancia autoriza en certa medida a relegar esta cuestión a un segundo plano, ou a considerala menor, en canto que a prioridade se cinxe sobre a recollida de toponimia e non excluír unha forma por causa da inexactitude na localización. É preciso incidir en que con esta afirmación non se resta importancia á xeorreferenciación, senón que naqueles contextos en que existen dúbidas, é máis vantaxoso para a recollida e conservación da toponimia ter unha referencia próxima a non ter ningún tipo de rexistro. A ausencia de indicadores precisos que permitan a resolución da dúbida recomenda recoller as distintas formas atopadas e indicar no punto das observacións aquelas cuestións que se consideren necesarias de aclaración. É, pois, mellor garantía unha forma difusa que a súa ausencia.

Por veces, as dificultades de acceso a determinadas áreas do territorio poden condicionar que a percepción do espazo na entrevista sexa parcial e os indicadores que delimitan sexan fornecidos de palabra. Con todo, e como se comentou anteriormente, o grao de esixencia de exactitude neste caso reláxase en consecuencia coa consciencia das mudanzas no territorio e do abandono dalgunhas zonas.

Todos estes problemas referidos á delimitación do topónimo poden trasladarse tamén á delimitación da parroquia ou do lugar. A concreción dos límites, tanto das parroquias, como dos lugares, como da área que abrangue o propio topónimo, resultou de difícil resolución nalgúns casos. Cando se accede a unha parroquia e aos/ás informantes, chégase a ser partícipe dalgúns dos seus problemas, como a definición dos límites, e este feito pode condicionar a estadia no campo. Esta discrepancia nos límites pode estar causada, ademais de polas informacións recollidas en campo, por erros reproducidos na propia documentación que o Concello facilita e que forman parte da cartografía vixente para a Administración. O contraste destes mapas coa información facilitada polas persoas entrevistadas ou polo tecido asociativo da parroquia e outras entidades como as comunidades de montes, son unha oportunidade para actualizar e corrixir estas diverxencias.

Os límites entre lugares e parroquias que comparten moitos dos nosos topónimos inflúen doutros xeitos no desenvolvemento da actividade de recollida. Así, pódense encontrar topónimos compartidos entre varios lugares ou varias parroquias, e cuxa adscrición non se restrinxe a un lugar ou a unha parroquia concreta. Cando esta división se dá entre dous lugares, a solución adoptada desde a propia base de datos é asignar a ese topónimo dous lugares de pertenza, o que se visibilizará na aparición da ficha nos dous lugares correspondentes. O perímetro deséñase no Google Earth e créase o KML pertinente, mais na ficha rexístrase que se reparte entre os lugares que corresponda. Mostras desta casuística son, por exemplo, os topónimos *A Insua* (na parroquia de Bora, que abarca os lugares do Pío e das Pontes) ou *As Pereiras* (na parroquia de Salcedo, no lugares do Casal e da Costa). Cando a división está entre dúas parroquias, as solucións poden ser máis complexas. A experiencia do proxecto *Chamámonos Así* confirma que a existencia dun grupo en comunicación constante e dun equipo coordinador que traslada a ese equipo as dúbidas e as posibles respostas favorece o desenvolvemento

do proxecto e evita a dispersión de solucións adoptadas. Así pois, no caso de que a división do topónimo se dese en parroquias onde se executaba o proxecto, a colaboración entre ambas as dúas persoas encargadas da investigación resultou de grande axuda para solucionar as dúbidas. Naqueles casos en que esta división se daba con parroquias que non estaban a ser obxecto de investigación, o límite márcase na propia demarcación da parroquia coa que se limita o perímetro no Google Earth e indícase nas observacións que se estende pola parroquia veciña.

Os problemas descubertos no traballo de campo son, como queda dito, variados e están relacionados con situacións concretas que se poden dar nos diferentes casos. Por exemplo, un dos debates que se deu á hora de recoller no proxecto *Chamámonos Así* xirou ao redor de se era pertinente rexistrar ou non os nomes das casas, das casas de particulares. Por un lado considerábase interesante recoller os nomes tradicionais das casas do lugar pero, por outro, había dificultades porque algúns eran simplemente apelidos das persoas propietarias (o que xa indicaba que non todos ían ser considerados susceptibles de estar na base) e por outra tamén estaban aqueles nomes que sendo de interese podían resultar ofensivos para as familias. Finalmente, decidiuse recoller aqueles nomes de casas que formaban parte das referencias do lugar como denominacións pero coa opción de escoller na base de datos non mostralos ao público. Quedaban, pois, ocultos na base pero recollidos.

2.11. Coordinación da recollida

A coordinación do proceso realizouse desde o SNL do Concello de Pontevedra. O topógrafo municipal, Rafael Senn González, preparou e forneceu os mapas para recoller en campo. A técnica do SNL preparou o acceso á documentación e as ferramentas necesarias para a recollida, fundamentalmente a base de datos, os criterios da Comisión de Toponimia publicados no Nomenclátor (Xunta 1998: 9-10), a clasificación tipolóxica do Proxecto Toponimia de Galicia (2005: 49) que serve de modelo para a base de datos de Pontevedra, bibliografía para facilitar o tratamento dos fenómenos fonéticos dos topónimos e planificou e coordinou as presentacións nas parroquias así como a xestión dos primeiros contactos.

Tamén preparou e supervisou o deseño e a creación da base de datos municipal onde poder gardar directamente a información recollida e tela accesible á cidadanía desde o primeiro momento; supervisou a información que se ía subindo á base de datos e coordinou os axustes de funcionamento que, sobre todo nos primeiros meses, houbo que realizar sobre a base de datos; así como a xestión e solución de problemas puntuais que se foron presentando, tanto na base de datos pola mestura de KML, perda de KML ou duplicación de fichas, como co tratamento dos topónimos ou a pertinencia de recoller ou non algunha información, sobre todo referida a familias propietarias.

Na transcripción dos topónimos na base de datos seguíronse os criterios que a Comisión de Toponimia aplicou para fixar as formas normativas no Nomenclátor. De acordo con estes non se recolleu nas formas escritas o seseo, a gheada nin o rotacismo, considerados fenómenos propios da fala; como tal quedaron reflectidos na transcripción pseudofonética na base de datos. Serven de exemplo os seguintes pares tirados da base de datos, onde a primeira forma é o topónimo e a segunda a transcripción fonética: *Lourizán/lourisán*, *A Igrexa/a ighrexaxa*, *Os Pozos da Draga/os posos da dragha* *As Rans/aR rans*. Mantívose a grafía con -s- ou s- nalgúns casos pouco claros para o equipo de traballo, como *A Aldea dos Petrusos* (Salcedo, A Armada) ou *A Sividá* (Campañó, entre O Freixo e Altabón), os dous topónimos aparentan realizacións con seseo que agocharían as formas *petrucios* e *cividá*. En ambos os casos optouse pola grafía consonte a fonética, aínda que no Catastro de la Ensenada aparece documentada *A Cividá* en Campañó. É probable que no futuro sexa necesario revisar e modificar estes e outros casos. Tamén se corrixiron alteracións vocálicas: *As Enfestas/as anfestas* (Verducido).

Respectáronse as formas dialectais e as variantes sintópicas das palabras: *A Cereixeira* (Salcedo, A Esculca) e *A Cerdeiriña* (Bora, As Pontes), *A Moimenta* (Marcón) e *A Muimenta* (Salcedo), *A Maré* (Mourete, O Outeiro), *A Mó* (Ponte Sampaio, Acevedo), a forma agua presente nas quince parroquias e rexistrada na toponimia desde Verducido na *Agua Empozada* ata Lourizán no *Pozo da Agua Levada*, *As Rans* (Santa María de Xeve) e *As Chans* (numerosos exemplos en distintas parroquias: Lárez, Bora, Tomeza, Ponte Sampaio...). Nalgúns casos as síncopes da fala non se restituíron na forma escrita do topónimo, como

na *Croa* (Alba, Reiriz), quizais dunha coroa, ou na *Cruxeira* (Campañó), que probablemente agochará unha curuxeira.

Para as grafías dubidosas consultouse o *Nomenclátor de Galicia* co fin de harmonizar as grafías, sobre todo o uso de b/v, coas formas que este fixa. Así a base de datos recolle como terras *A Cabirta* (Bora, Leirados), por coherencia co lugar das *Cabirtas* (Salceda de Caselas); *A Fonte Levosa* (Lourizán e Salcedo) como *Levoso* (Forcarei); *A Corva* (Salcedo, San Brais) e *A Corval* (Bora), *A Crabeira* (A Canicouva). No entanto, o *Nomenclátor* non sempre axudou; consultouse para a *Aldea da Naveira* (en Lourizán, Rorís) e atopáronse exemplos de *Naveiras* e *Nabeiras*.

Os xenéricos locais tamén requiriron de coordinación e revisión especial, xa que non sempre resultaba doado identificalos, sobre todo nos casos de palabras comúns incorporadas na lingua propia cun significado habitual ben diferente do común do galego, como patio, pozo, aldea ou calzada.

A coordinadora tamén revisou ou resolveu determinados casos dubidosos que precisarán dun estudo especializado e en profundidade. En xeral, optouse por grafar as formas tal e como se recolleron directamente dos e das informantes: *Flaires* (Salcedo), hai río, presa e pozo; *A Repralba* (Tomeza, Pumariño) ou *A Borboa* (Verducido). En ocasións, fíxose constar na ficha a dúbida ou a incongruencia detectada, pendentas da consulta e do futuro ditame resolutorio do organismo encargado. Por exemplo, en Campañó, os informantes utilizaron *As Ufas* ou *A Ufa*, en singular ou plural, segundo diferentes falantes. A conclusión que se tirou da recollida de campo é que dentro das Ufas hai varias parcelas “da Ufa”: o muíño da Ufa, a veiga da Ufa... A técnica que recolleu este topónimo decidiu poñer como primario *As Ufas* e secundario *A Ufa*. Tamén tivo dificultades para delimitar a extensión. Na base de datos recóllense as dúas variantes *As Ufas* e *A Ufa* e documéntanse varias referencias (cartografía municipal, Catastro do Marqués de la Ensenada...).

3. CONCLUSIÓNS

Con cada topónimo que perdemos marcha un anaco da nosa historia, do noso percorrido como pobo e da nosa memoria colectiva. Detrás de cada topónimo hai un enigma sobre o noso pasado. Por que parte das parroquias de Pontevedra nomean o monte como *monte* e outra parte como *mato*?, por que os habitantes do lugar de *Pintos*, en Marcón, aínda son quen hoxe de identificar máis de dez chans diferentes no mesmo monte? *A Chan da Corredoira*, *a Chan da Braña*, *a Chan de Caldelas*, *A de Touro*, *a de Touro de Abaixo*, *a de Touro de Arriba*, *a do Marco*, *a do Outeiro Navío*, *a dos Arrieiros*, *a dos Forcados* ou *a Veiga da Chan*. Que significado, que función tiveron esas chans para que anacos de monte conservasen durante tanto tempo cadanseu nome? Quizais nunca cheguemos a sabelo.

A recuperación e conservación do patrimonio son necesarias para manter a nosa identidade. Sobre todo, no que se refire ao patrimonio cultural inmaterial, tradicións e expresións vivas que son herdadas dos nosos antepasados e que se transmiten de xeración en xeración. Os falantes que utilizaban os microtopónimos, popularmente denominados *chamadeiros* morren e, ao perder o uso tradicional do territorio, ese coñecemento xa non se herda e morre con eles. Esfarélese así parte da nosa riqueza, da nosa identidade, do que define o noso territorio e a nosa concepción do mundo. Da nosa man está contribuír a que ese coñecemento non se perda e establecer os mecanismos que permitan a súa conservación e divulgación.

Porén a recollida e recuperación da toponimia ten outro aspecto moi importante para a Administración e para os cidadáns: a utilidade que eses nomes de lugar aínda teñen; ou mellor, a necesidade de devolverlles a utilidade a esas maneiras de nomearmos o territorio. A utilidade é externa ao Concello, para os veciños, porque malia non dependeren do traballo intensivo do campo seguen a ter que nomear o territorio; e tamén interna, dentro do Concello, xa que segue existindo a necesidade de nomear o territorio cos fins máis diversos.

O obxectivo principal da recollida da toponimia no concello de Pontevedra foi rescatar do esquecemento os nomes e devolverlles a súa mellor calidade: nomearen o territorio e gardar a memoria do noso pasado. Pero non

só, porque tamén se quixo poñer en valor a sabedoría das persoas grazas ás que hoxe podemos coñecer a toponimia, herdeiras dun coñecemento histórico cuxa vixencia periga. Recuperar a toponimia é necesario e é útil. É necesario porque canto máis tempo pase, menos topónimos quedan ao noso alcance; a meirande parte dos nomes están a desaparecer canda a memoria das persoas que os usaron. É útil porque a necesidade de nomear o territorio aínda segue vixente hoxe, aínda que mudasen as funcións que se lle dá ao territorio e o aproveitamento que se fai del.

A recollida de toponimia axuda a prestixiar a lingua dos falantes naturais, axuda a devolverlles o orgullo do propio, a recuperar e fixar o seu herdo, a valorar a lingua como parte importante do seu patrimonio e, polo tanto, axuda a devolver a normalidade do uso da lingua galega. Xa que logo, os chamadeiros son importantes porque forman parte do acervo léxico xeral da lingua galega.

O labor da recollida en Pontevedra reflíctese nas dez mil catrocentas fichas que se poden consultar e situar a través da base de datos. O éxito foi un esforzo colectivo, sobre todo das persoas das parroquias que colaboraron co proxecto facendo memoria e dando nomes e das persoas que facilitaron o acceso das técnicas e dos técnicos de campo ás e aos informantes; tamén foi un logro do equipo técnico de campo, da súa formación e da súa profesionalidade, do seu bo facer, das moitas horas de traballo investidas, das súas preguntas curiosas, da súa dispoñibilidade e bo trato cos e coas informantes, do incansable labor de investigación e do detallado cariño co que buscaron e recolleron cada dato relevante e debuxaron cada estrema e cada carreiro.

BIBLIOGRAFÍA

- Asociación Galega de Onomástica*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/agon/>
- Concello de Pontevedra (2012): *Chamámonos Así, base de datos de toponimia do Concello de Pontevedra*. Pontevedra: Concello. <http://www.pontevedra.eu/snl/datostoponimia/>

- Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia (DOG do 21/IX/1984).
- Instituto de Estudos do Territorio (2016-): *Información xeográfica de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <http://mapas.xunta.es/visores/basico/>
- ITGM = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2008-): *Inventario toponímico da Galicia medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/itgm/>
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14/VII/1983).
- PTG = Proxecto Toponimia de Galicia (2005-): *A toponimia en Galicia. Nomenclátor de Galicia. Proxecto Toponimia de Galicia*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia. <http://toponimia.xunta.es/gl/publicacions/amosar/id/80>
- Real Academia Galega (2010-): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <http://academia.gal/dicionario#inicio.do>
- Regueira, Xosé Luís (dir.) (2010-): *Dicionario de pronuncia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo (2007): *Aquén. Toponimia de Vigo*. Vigo: Universidade. <http://sli.uvigo.es/toponimia/>
- Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo (2012-): *Toponimia de Vigo*. Vigo: Concello. <http://toponimivigo.blogaliza.org/>
- Xunta de Galicia (1998): *Nomenclátor de Galicia. Pontevedra*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia.

II

Toponimia e didáctica

Vedra medra: unha aposta pola toponimia como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego /
/ XULIA MARQUÉS VALEA

Proxecto Toponimia de Rianxo. Luces e sombras /
/ VALENTINA FORMOSO GOSENDE

Experiencia de recollida selectiva con alumnos de Silleda /
/ XOÁN CARLOS GARCÍA PORRAL

***Vedra medra*: unha aposta pola toponimia como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego**

Xulia Marqués Valea

O PROXECTO

“*Vedra medra*: unha aposta pola toponimia como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego” é parte dun proxecto máis amplo que foi premiado na categoría de educación secundaria na 10.^a edición do Proxecto Didáctico A. Fraguas que promove o Museo do Pobo Galego.

A proposta educativa inicial propoñía o traballo conxunto da toponimia e as lendas da comarca ullá. Trescentos corenta e cinco alumnos do CPI de Vedra terán a oportunidade de se achegar este curso a un patrimonio que, aínda que non é material coma os monumentos ou as coleccións de obxectos no sentido de que non é tanxible, constitúe unha parte moi importante da súa cultura.

O patrimonio cultural inmaterial (en diante, PCI) adquire en *Vedra medra* un papel significativo e estratéxico, ao considerarmos actuacións vinculadas non unicamente co recoñecemento dos bens, senón coa súa valoración e cunha participación activa a prol da súa conservación por parte das xeracións máis novas.

Vedra medra loita contra a invisibilidade do intanxible no eido escolar.

A IDENTIFICACIÓN

A elección do nome *Vedra medra* como cabeceira obedece á necesidade de transmitirlles aos

alumnos, e á comunidade educativa no seu conxunto, a idea de enraizamento na realidade inmediata. É por iso que aparece explícito o nome de Vedra, o nome do concello e o da parroquia de Santa Eulalia, onde está situado o centro



educativo. E, polo que respecta ao termo “medra”, este leva consigo a idea de ir crescendo cos bens materiais e inmateriais que ten o alumnado ao seu carón e que forman parte da vida comunitaria, sen percibilos nin distantes no tempo nin alleos á súa realidade.

Para a elaboración do logotipo que identifica o proxecto tomouse como elemento básico o triángulo, unha figura sinxela que funciona como indicador nun plano e cuxo parecido co “V” de Vedra non é casual. O triángulo permite xogos de adición con resultados moi suxestivos e susceptibles de variadas interpretacións. A composición, radial na figura principal en forma de hexágono, xira desde un elemento central, e transmite a idea de aumentar a partir dun punto de referencia.

Para lle dar máis dinamismo e énfase á idea de que estamos diante dun elemento en proceso de crecemento, utilízase un degradado de cor, que lle outorga volume á peza.

A imaxe gráfica de *Vedra medra* traduce a figura do dragón, presente no escudo de Vedra, coa torsión dos triángulos. E o triángulo evoca tamén a punta do lapis, presente no logotipo do centro educativo.

O PAPEL DA TOPONIMIA TRADICIONAL

Vedra medra é un proxecto de activación patrimonial con suxeito toponímico. A toponimia, ou conxunto das denominacións propias dos lugares, convértese para nós nunha fonte próxima, de doado acceso, cuantitativamente significativa e, asemade, depositaria de múltiples contidos (xeográficos, históricos, etnográficos...).

A toponimia posúe un incalculable valor formativo que nos permite facer unha lectura do mundo que rodea o alumnado e levalo a que comprenda o universo sociocultural e a traxectoria histórico-cultural en que está inserido.

Para preservar esta riqueza cultural e lidar contra a deterioración e a destrución que a poñen en perigo actualmente, a Real Academia Galega pediu a súa inclusión como patrimonio cultural inmaterial. E este pedimento concreouse na Lei para a salvagarda do patrimonio cultural (BOE do 17/5/2015), que establece a definición do patrimonio cultural inmaterial como segue: “Tradicións e

expresións orais, incluídas as modalidades e particularidades lingüísticas como vehículo do patrimonio cultural inmaterial, así como a toponimia tradicional como ferramenta para a concreción da denominación xeográfica dos territorios”.

Mais a situación de ameaza para a toponimia tradicional é real e maniféstase en diferentes caras: o despoboamento do rural, o envellecemento da poboación, as sabenzas dos maiores reducidas a un rol testemuñal, as redes de aprendizaxe interxeracional esboroadas ou o desleixo institucional.

E, para encarar a situación, o primeiro é educar. A educación é unha ponte de comunicación capaz de traballar pola sensibilización, a posta en valor, a difusión cargada de valores e, en definitiva, por toda mediación entre os individuos e os seus sinais de identidade (Calaf 2006: 18).

Educar co patrimonio é unha responsabilidade nun ámbito coma o ensino obrigatorio, provisto dun tecido estrutural estable e dotado de efecto multiplicador en calquera actuación que promove.

Concordo con Ana Candreva e Sandra Susacasa (2003: 44) en que o patrimonio é indispensable para que en todos os niveis de ensino se procuren as experiencias de aprendizaxe necesarias para interactuar e desalentar toda inclinación ao desapego e á desvalorización.

A aprendizaxe coa toponimia nas aulas do CPI de Vedra comezou o pasado curso da man de *Vedriños e vedraños*, un proxecto co que participamos no programa de innovación educativa Proxecta, da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria.

Os vedriños eran os alumnos e alumnas de educación infantil, primaria e ESO e os vedraños eran os maiores, os avós, os pais, aqueles que tiñan o saber, os que termaban dos nomes.

As propostas, deseñadas para cada nivel educativo e con diferente grao de complexidade, articuláronse en paquetes didácticos baixo o nome de *Vedrando* (1, 2, 3). *Vedrando* xerou PPT informativos, álbums de imaxes, animacións en vídeo, roteiros, xogos dixitais etc. Desde o EDLG deseñouse o programa e velouse para que o desenvolvemento das actividades e a produción do material fose óptimo.

Comezamos o curso 2016/17. E agora é o momento de *Vedra medra*. Non partimos de cero. Acadamos os obxectivos previstos en *Vedriños e vedraños*, que foron: descubrir o concello a través dos seus nomes de lugar, comprobar a riqueza

e a variedade do corpus toponímico local e comparar as formas vivas e que usan habitualmente os veciños coas fixadas oficialmente.

Pola súa parte, *Vedra medra* nace como un proxecto de activación dun corpus toponímico. Partimos de arredor de 3300 nomes de lugar que desde hai unha década ficaban “durmidos” nunha base de datos. Repasamos primeiramente os nomes das entidades de poboación e concluímos que, segundo o *Nomenclátor de Galicia* (NG), Vedra ten 12 parroquias e 140 lugares.

Para a microtoponimia ou toponimia relativa a realidades xeográficas (nomes de terras, fontes, regueiros, muíños etc.) dispoñemos dunha base de datos con 3211 topónimos.

No caso do Concello de Vedra, o proceso de recompilación, revisión, transvasamento a fotografía aérea e exposición pública que o Proxecto Toponimia de Galicia realizaba está finalizado dende o ano 2007.

A PLANIFICACIÓN

Vedra medra desenvolverase ao longo deste curso académico e, a partir de setembro de 2017, poderá visitarse a exposición no Museo do Pobo Galego.

O CPI de Vedra escolariza 345 alumnos e alumnas que, repartidos por niveis, presenta a seguinte distribución: en ESO hai 127 alumnos, en educación infantil 53 e en primaria 165. A estes hai que lles sumar outros tantos rapaces do CRA Boqueixón-Vedra e do CEIP de Ortigueira.

Para todo o alumnado prevemos actuacións de dinamización con base na toponimia local, dentro e fóra dos respectivos centros educativos. E, no proceso de desenvolvemento, ao longo dos tres trimestres, establecemos varias etapas.

1.^a Etapa de visibilización do proxecto

1. Colaboración con axentes externos

1.1. A Administración local

O Concello de Vedra coopera co proxecto informando das actuacións que levamos a cabo a través de:

Vedra medra: unha aposta pola toponimia como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego

- O boletín municipal (estamos presentes neste medio escrito, que chega a todas as casas desde o mes de novembro): <http://concellodevedra.com/ficheiros/Bolet%C3%ADn%20Informativo%20Municipal%20%20de%20Vedra.%20Decembro%202016.pdf>
- O web do Concello (cando se produce a noticia). O Concello ofrece espazos para que *Vedra medra* se integre e participe en actividades de dinamización e culturais organizadas desde distintas concellerías.
- Elaboración do calendario anual 2017.

Concello de Vedra
vedra medra
por un patrimonio vivo

coñecer valorar comprender
actuar

vedra medra

O proxecto do CPI de Vedra, **vedra medra**, resultou gañador na Xª edición do proxecto didáctico Antón Fraguas que promove o Museo do Pobo Galego.

vedra medra quere que o alumnado dos colexios de Vedra medra, se forme e se eduque tendo presente a súa terra e o patrimonio que alberga.

V 2017

administración local Oficinas xerais Alcaidía Área de Ser. Sociocultural e Desenvolvemento Departamento Emprego Departamento Servizos Sociais Departamento Urbanismo AM. Voluntariado e Asociacións Departamento Tesouraría Fax: Correo electrónico Web Facebook Sede electrónica	981814612 981814698 981814691 981814692 981814693 981814694 981814695 981814696 981810331 correo@concellodevedra.com www.concellodevedra.com www.facebook.com/concellodevedra http://www.vedra.es	locais municipais Centro Sociocultural 3ª idade Centro Saúde Puma Largo Ludoteca Municipal Oficina Turismo Biblioteca Vedra Pavillón Polideportivo Municipal Piscina centros educativos Candeiro municipal CPI de Vedra CEIP Orzigueira CRA Boquejón-Vedra xulgado Xulgado de Paz de Vedra	981502026 981814657 629861955 660385674 669450904 981502252 981502290 626498801 981511601 981807015 881066995 616440471 981502305	servizos Oficina correos Vedra Víaque (baño/meneno) Abastecemento de auga oficinas Feneas Telefónica emerxencias Protección Civil Garda Civil Emerxencias SOS Galida 112 Urxencias Médicas Bombeiros farmacias Vedra Sanxo Cruz	981502068 626406792 981814612 901203040 1004 620661685 981503051 061 080 981503233 981512314	teléfonos interese Información xeral do Xunta e permisos de Queima 012 012@xunta.gal https://queimaweb.xunta.gal/queimaweb/ Incendios forestais 085 hospitais Clínica 981950000 Conxo 981951000 Gil Casares 981950000 Psiquiátrico de Conxo 981951900 transporte santiago Estación de autobuses 981542616 Estación de Tren 902320320 Aeroporto 902404704
---	---	--	---	---	--	--

- d) Participación nun obradoiro de radio e gravación do programa *Somos Vedra*. Un grupo de alumnos e alumnas de ESO do CPI elaborou e realizou un programa que incluíu dúas reportaxes. Na primeira, a pé de rúa e coa cabeceira “Orgullosos de Vedra”, recolleuse a opinión da veciñanza e, na segunda, sobre o río Ulla, Manuel Suárez deu a coñecer a pesca tradicional no río Grande.

Os rapaces tamén tiveron a ocasión de elaborar diferentes cuñas publicitarias con base en elementos singulares do concello, de rexistrar sons propios da contorna e de informar sobre as festas e os festexos que se celebran durante o ano, así como sobre a axenda cultural local.

A entrevista xirou arredor do proxecto *Vedra medra*. (Podcast na ligazón: <http://concellodevedra.com/gl/node/819>).

- e) Presenza no Culturalgal 2016.

Os días 2, 3 e 4 de decembro, o Concello de Vedra participou na Feira das Industrias Culturais, que tivo lugar en Pontevedra. No escaparate do sector cultural vedrés estiveron representados os proxectos de sete asociacións e de tres institucións educativas.

O CPI de Vedra achegouse á cidade do Lérez co proxecto *Vedra medra* (Son educación).

Compartimos espazo coas asociacións Papaventos (Son teatro), Senunpeso (Son audiovisual), Raiceiros (Son patrimonio), Asociación Medioambiental Amabul (Son natura), Agarimo de San Fins (Son folclore), Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla (Son Música) e Asociación Cultural San Campio (Son asociativa).



1.2. As entidades e asociacións culturais

A Asociación Cultural Raiceiros fixo posible que a exposición “Ballesteros, o fotógrafo” estea no noso centro desde o 17 de novembro.

Para saber máis sobre a figura do fotógrafo vedrés Luis Ballesteros Martínez, do significado da súa obra e da visita ao CPI, pódese ir a: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidevedra/system/files/noticia%20web%20BALLESTEROS.pdf>.

O legado musical da Ulla tamén foi obxecto de atención por parte da asociación. No ano 2010, publicou *Cántigas da Ulla* e *Coplas ulláns*, froito dun proxecto de recollida de coplas da tradición oral da comarca.

En *Vedra medra* cantaremos algunhas cántigas e ilustraremos coplas populares, todas elas referidas a algún lugar de Vedra.

O contacto con Raiceiros tamén nos leva a divulgar o seu traballo. É o caso dos documentais *Ballesteros, fotógrafo* ou de *Requinteiros. Músicos da Ulla*, resultado do estudo e da recuperación da requinta da Ulla, unha fruta traveseira propia da zona.

De cara a futuras actuacións, prevese que nos cedan temporalmente a exposición fotográfica sobre as pontes do Ulla, unha mostra complementaria á edición do volume *As pontes da Ulla* e que consta de 16 paneis.

Contactamos coa Asociación Cultural San Campio e Senunpeso e, en breve, farase con Papaventos e coa Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

Nesta etapa en que o proxecto bota a andar o alumnado é partícipe en cada momento e actividade. O que se pretende é converter o seu lugar (onde vive, onde estuda e onde pasa o tempo libre) nun punto de referencia do seu esquema espacial.

2.º Etapa de activación do repertorio toponímico local no centro

Con *Vedra medra* emprendemos varias liñas de traballo ligadas ao coñecemento de arredor de 3300 nomes de lugar entre maiores e miúdos e, para o seu desenvolvemento, asumimos unha tríade de principios metodolóxicos.

En primeiro lugar, en *Vedra medra* traballamos desde diferentes materias curriculares e departamentos, o que facilita o coñecemento dos referentes patrimoniais desde unha perspectiva interdisciplinar.

Neste proxecto interveñen de forma activa os departamentos de Xeografía e Historia, Bioloxía, Lingua Castelá, Inglés, Francés, Música, Educación Plástica e Visual, Lingua Galega e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, que leva a coordinación do proxecto.

En segundo lugar, queremos que o alumnado supere un nivel básico de conceptualización de tipo interpretativo, de xeito que comprenda a diversidade de



Cartel oficial co que se anuncia a exposición.
Asociación Raiceiros

bens (materiais e inmateriais), de tipos (naturais, culturais, arqueolóxicos...) e de valores e significados que se lle poden atribuír ao patrimonio.

En terceiro lugar, pretendemos facer unha lectura máis ampla do seu proceso formativo. Desde *Vedra medra*, pretendemos abordar diversas áreas de coñecemento, e tamén potenciar valores de escoita e emotividade na relación dos rapaces cos maiores, aproximarnos a outras institucións non educativas

(concello, asociacións culturais...), fomentar o traballo en equipo, reforzar a motivación e a autoestima e desenvolver a súa creatividade e talento artístico.

A aprendizaxe da toponimia tamén chega a través de actividades complementarias:

- a) Charlas. O espazo “O autor fala da súa obra” está reservado para acoller a investigadores locais ou estudosos que coñecen a cultura de Vedra. Polo noso centro pasou Luis Ballesteros (fotógrafo) e están programadas as intervencións de Ana Filgueiras (arqueóloga), Enrique Neira Pereira (historiador), Iván García (membro de Raiceiros), Fina Guitián (LAB), entre outros.

- b) Exposicións (fotografía, obxectos tradicionais relacionados con oficios...).

Neste momento, pódese ver no centro o documental *Ballesteros, fotógrafo*.

- c) Proxección de documentais:
Ballesteros, fotógrafo (realizado).
Requinteiros. Músicos da Ulla (sen realizar).

- d) Encontros interxeracionais e obradoiros:
Vedra medra reservará un lugar de privilexio para a xente de máis idade, que é a que mantén viva a cadea de transmisión da cultura por vía oral (Reigosa 2012: 177) e que funciona como un axente activo na conservación do patrimonio. Queremos sacar á luz os saberes dos maiores adoito relegados ou reducidos a un papel case testemuñal.

As citas terán lugar no centro, como a do fotógrafo Luis Ballesteros, que acaba de cumprir 100 anos, e que mantivo hai dous días un encontro con rapaces de 12 anos. E tamén se desenvolverán fóra do centro. Por exemplo, na Casa da Pesca de Ximonde, onde Manuel, que aos seus 80 anos sabe todo da pesca no Ulla, fará de guía da nosa visita. Manuel tamén participou no programa de radio.

3ª Etapa de valorización do repertorio toponímico a partir da relación coa contorna

O achegamento ao repertorio toponímico iniciado o pasado curso con prácticas divulgativas e transmisivas asociadas ao ensino formal continúa agora fóra do centro ligado a tarefas de posta en valor, con saídas á contorna vinculadas ao coñecemento do territorio.

O lugar non será xa unicamente un nome, senón un nome nun espazo real cuxo coñecemento o ha de levar o alumnado a situalo e a relacionalo de forma significativa.

Somos conscientes de que o patrimonio se articula como un testemuño das relacións do individuo coa súa contorna, de aí que a nosa elección para aprender enlazando toponimia e contorna inclúa sete espazos de traballo e/ou de encontro en que se desenvolvía a vida comunitaria. Con eles, virán asociadas construcións representativas da arquitectura popular galega. Estamos a referirnos á eira, ao baile, á romaría, ao muíño, ao batán, ao lagar, ao forno, ás pesqueiras, ás pontes (pontellas e pasadoiros), ás capelas e ás fontes.

Esta escolla lévanos por unha “arquitectura sen arquitectos”, como denominou Manuel Caamaño a eses elementos do patrimonio arquitectónico vernáculo. A carón das vivendas, existían construcións adxectivas que sobresaían pola súa notable variedade, relacionadas co mundo rural agrícola e propias dunha época preindustrial. Na actualidade, moitas desapareceron, e outras están moi degradadas ou abandonadas porque perderon a súa función.

O desuso, os cambios nas vías de comunicación e no modo de vida levaron á mingua do extenso patrimonio inmovible popular galego.

Para mostrar a multiplicidade de valores que presenta cada lugar programamos unha serie de saídas didácticas.

A toponimia vai da man do patrimonio inmoible popular de Vedra á hora de programar as visitas ao territorio.

Abordamos, en primeiro lugar, un elemento primordial na economía tradicional polo seu papel na elaboración de fariña para o consumo humano e animal, o muíño de auga.

En Vedra aínda quedan en pé bastantes muíños, uns restaurados, outros en ruínas, uns en funcionamento e outros anticuados.

A toponimia actual dá conta da existencia do lugar dos Muíños de San Mamede de Ribadulla, pero tamén dos máis de 100 nomes miúdos próximos a correntes coma o río Ulla ou a outras menores coma o Pereiro ou o río de Merín. Ata este último achegarémonos para desenvolver as actividades da **Arquitectura da auga**, do programa educativo Ulla elemental (<http://concellodevedra.com/gl/node/217>).

Arquitectura da auga combina tres actividades en tres tempos: tempo de xogo (con xogos populares), tempo de muíño (con moenda, que goberna unha persoa maior do lugar) e tempo de troula (muiñada).

Previamente, na aula realizarase un traballo sobre o muíño, a muiñada, a toponimia do muíño en Vedra e, no eido da fitotoponimia, a relacionada con puntos de cultivo de cereais panificables. Para este punto e ámbito temos previstas tres saídas para educación primaria (5.º e 6.º EP) e ESO.

En segundo lugar, acercarémonos ao lagar. O proceso de cultivo e elaboración do viño no rural vedrés é ben coñecido polos alumnos que teñen bodega e lagar na casa, pero tamén polos seus pais e avós que traballan a viña a diario.

Convén indicar que o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas aprobou no 2000 a entrada de Vedra na subzona Ribeira do Ulla.

Na toponimia relativa a entidades de poboación non permanece na actualidade ningún lagar nin termo derivado, pero si na toponimia menor (*O Lagar*, o nome dun prado de Vedra; *O Lagar*, o nome dun terreo mixto de San Mamede de Ribadulla; *O Corgo do Lagar*, poza de Vedra; *Lagarellos*, o nome dun prado de San Pedro de Vilanova).

Apuntan a plantacións de viña os nomes de terras coñecidas como Viña; *As Viñas* (57, na toponimia miúda); *Suaviña* (2, na toponimia miúda) ou *Viñás* (1, na toponimia miúda).

Vinculada á prensa, está a produción de mazás e olivas. Fronte ao case testemuñal *A Oliveira*, o nome dun prado de San Pedro de Vilanova, hai numerosos *A Maceira* e *O Maceiral* (*As Maceiras*, o nome de dous prados en San Pedro de Vilanova e San Pedro de Sarandón; *O Prado das Maceiras* en San Mamede de Ribadulla; *O Maceiral* en Santa Cruz de Ribadulla e San Miguel de Sarandón).

A saída didáctica levaranos a San Miguel de Sarandón, onde visitaremos a casa museo e a bodega de Esperanza Lema e a San Pedro de Vilanova, onde teremos ocasión de ver Pazo Galegos, unha bodega profesional. Isto permitiranos cotexar un espazo tradicional cunha produción case artesanal e un segundo de tipo industrial e que comercializa o produto. Os alumnos poderán ver, ademais, o contraste entre a cepa centenaria de Cascón (máis de 400 anos) e a moderna bodega (e aloxamento rural) situada na que fora noutrora propiedade de Antonio López Ferreiro. Este foi o cura párroco de Santa Eulalia de Vedra entre 1866 e 1871 e logo veciño e morador de Pazo Galegos, situado no lugar homónimo de San Pedro de Vilanova.

Moi preto están a capela e a fonte do Santiaguíño, sobre as que logo se volverá. A visita está programada para 2.º de ESO. Con anterioridade, un profesor, veciño da zona e vendimador acudiu á aula para explicar a tipoloxía de uva que se cultiva na contorna e as distintas fases de cultivo da viña. Á par, o alumnado efectuou un labor de investigación sobre as bodegas profesionais existentes no concello, así como do circuíto cultural e festivo Pasabodeghas, celebrado a finais de outubro en San Miguel de Sarandón e promovido polo Espazo Activo do Ulla.

A este festexo precedeuno outro, O Pasabodeghañas, no que participou o alumnado do CRA Boqueixón-Vedra. Os cativos percorreron a aldea deténdose en tres bodegas e, cada unha, propoñía unha actividade de lecer: xogos populares, contacontos e un magosto fin de festa.

En terceiro lugar, tomamos como referencia o batán. Aínda que non se conserve ningunha construción, os maiores son conscientes de telos visto e usado. O cultivo do liño e a posterior actividade téxtil pódense testemuñar a través da toponimia vedresa.

Aluden a puntos de cultivo –“terreos sementados de...”– os nomes: *Liñares*, o nome dun prado de San Xián de Sales; *Enriba de Liñares*, o nome dun bosque de San Xián de Sales; *Liñares*, o nome dun prado de San Miguel de Sarandón;

Suliñares de Abaixo e de Arriba, o nome dun terreo mixto de San Miguel de Sarandón; *A Liñareira*, o nome dun prado de San Mamede de Ribadulla. E refírense ao cultivo e á súa transformación nomes como: *Os Pozos do Liño*, parte do río en San Mamede.

Noutros tempos, houbo batáns nos puntos e lugares que se indican deseguido: *Batán*, actualmente é o nome dun prado de San Pedro de Vilanova; *O Batán*, o nome dun terreo mixto de Trobe; *O Batán*, o nome dun prado de San Mamede de Ribadulla e *Os Batáns*, o nome dun bosque de San Fins de Sales.

A comezos do segundo trimestre, o centro acollerá un obradoiro en que intervirán os maiores e os rapaces e unha sesión de fía e fiada, na que se lles dará voz ás asociacións culturais e veciños de máis idade, e que se complementará cunha exposición.

En cuarto lugar, centrarémonos na eira, no hórreo e no forno; é dicir, no espazo e nos elementos vinculados á malla do cereal, ao almacenamento do gran e, finalmente, á elaboración do pan.

Dirixirémonos á parroquia de Santa Cruz de Ribadulla. Alí está *Eiravedra*, un lugar de Santa Cruz e o espazo singular, *A Eira de Mallar* do Pazo de Ortigueira, onde se pode ver un hórreo de grandes dimensións.

En Vedra tamén se atopa o lugar de *Fornelos*, ao que se aludía nunha das *Coplas ulláns*:

Aldeíña de Fornelos,
de lonxe parece vila,
ten un caravel na entrada,
e unha rosa na saída.

Tocante á toponimia menor, son máis de 100 os nomes de lugar que conteñen Eira. Están repartidos polas doce parroquias: *A Eira de Begoña*, de Emilia, de Felicitas, de Isidoro, de Mateo, de Roque, de Rosa, de Santiago Morán, de Vázquez, de Estévez; *A Eira de Arriba*, de *Abaixo*; *A Eira Vella*; *Suaseiras*; *Tras a Eira*.

A esta altura e, con relación a esta actuación, podemos revisar os cereais panificables (trigo, centeo e paíngo) que están presentes no nome das leiras e montes actuais e que delatan os distintos puntos en que se cultivaban. É o caso de *Paizás*, o nome dunha aldea de Trobe. E en Trobe, na toponimia miúda, localizamos *A Peiceira* (bosque), *A Peiceira de Arriba* (terreo mixto) e *O Corgo da Peiceira* (poza).

Outros cultivos que quedan tamén retratados nos topónimos menores son *O Monte do Trigo*, o nome dun bosque de Vedra; *Os Trigás*, o nome dun prado de Trobe; *Trigás*, o nome dun prado de Santa Cruz; *A Trigueira*, o nome dun bosque da Ponte Ulla ou *O Campo do Centeo*, o nome dun terreo mixto de Trobe.

A toponimia actual pon de manifesto que o trigo se cultivou en distintas parroquias, pero o éxito da produción e da colleita talvez se deba á intervención do marqués de Santa Cruz.

En 1876, Francisco Cónsul Jove y Tineo publicou *Memoria sobre el conocimiento de las tierras, verdadero y económico método de cultivarlas adaptado al clima y circunstancias de Galicia y Asturias*. Este profesor de Física Experimental propoñía unha serie de melloras para os cultivos de trigo e millo, especialmente á hora de preparar a terra, de arar e de sementar. E remataba o capítulo IX sinalando que o método xa fora experimentado polo marqués de Santa Cruz de Ribadulla, con efectos moi vantaxosos e repetidos (Neira 2007: 214-215).

Na tradición oral, son numerosas as referencias a lugares. Na aula profundaremos nos ditos e, en particular, naqueles que conteñen referencias a fenómenos meteorolóxicos ou ao comportamento do clima.

O Pico Sacro é o punto máis elevado da comarca e o espello en que se miran os veciños. Cando este pon touca ou capelo, sabido é que chega choiva:

Cando o Pico Sacro pon capelo, meniñas de Vilanova,
poñede o mantelo.

Ao proceder do clima aluden:

Gundián inxoito, Dolores mollados
Gundián mollado, Dolores inxoitos.

Segundo refire H. Neira (2009: 277), o primeiro indica que se non chove pola romaría da Nosa Señora do Gundián, na parroquia da Ponte Ulla (o día 8 de setembro, Natividade da Virxe María), en cambio choverá na romaría da Nosa Señora das Dores, que se celebra na parroquia de Santa Eulalia de Vedra o domingo 15 de setembro ou o primeiro domingo despois dese día. E o segundo describe a situación inversa.

A saída escolar articularase sobre o programa **Berce de pazos** (Ulla elemental). Achegarémonos á historia dos pazos no val do Ulla a través dunha visita ao pazo de Santa Cruz de Ribadulla, declarado ben de interese cultural.

A súa descuberta farase cun safari fotográfico. Organizaranse os alumnos e alumnas en grupos organizados cunha cámara e, cun mapa do lugar, irán na busca dunha serie de obxectivos de caza fotográfica (a vivenda señorial, a fonte da Coca, o xardín botánico, a eira e o hórreo). Valórase tamén a posibilidade de realizar unha actividade na eira do pazo.

En quinto lugar, aproximáremosnos ao río Ulla tras marcar dous centros de interese: a pesca fluvial tradicional e o paso en barca de persoas e mercadorías.

Na aula, analizaremos a toponimia ligada á ribeira e ao río (puntos de embarque, postos de pescadores e pozos fluviais). De embarcacións falan os topónimos actuais: *A Barca* en San Pedro de Sarandón; na mesma parroquia, *A Dorna* e *O Barco* (ou *O Barquiño*) e, en Trobe, *A Barca da Dorna*. E ao punto de embarque alude *O Poio da Barca*, en San Mamede.

A seguir, deterémonos na odotoponimia (nomes de pontes, pontellas e pasais). Na toponimia maior, permanecen *A Ponte Ulla*, na parroquia de Vedra e *A Ponte de Sarandón*, no lugar de San Mamede.

Na menor, Ponte é tamén unha denominación frecuente: *A Ponte de Fontao* (tamén coñecida como *da Braña*), *A Ponte de Gundián* (ou *do Tren*), *A Ponte de Socastro*, *A Ponte do Pereiro*, *A Ponte dos Buxeiros* etc. En San Mamede de Ribadulla, están *Os Pasales da Beira do Río*.


A saída á contorna levaranos ata o couto de *Ximonde*. No Museo da Pesca de Casa Suárez, descubriremos as artes e os aparellos usados na pesca no Ulla, a través da exposición de obxectos, coa axuda de fotografías e paneis informativos. O guía será o seu propietario, un afamado pescador e gran coñecedor do río.

Despois visitaremos o Centro de Interpretación e Estación Ictiolóxica de Cría e Reprodución do Salmón e os gardas explicaranos o proceso de reposición do salmón. Para a andaina pola ribeira do Ulla seguiremos o programa **Correntes do Ulla**.

En último lugar, realizaremos a Ruta da Prata en Vedra. O santuario e a fonte do Santiaguíño, na parroquia de San Pedro de Vilanova, son dous fitos do Camiño Real de Ourense a Santiago, a vía de peregrinación cara a Compostela.



Capela do Santiaguíño (San Pedro de Vilanova)



Fonte do Santiaguíño (San Pedro de Vilanova)

O cóengo lectoral Pedro de Valdés Feijoo e Nóboa mandou construír a fonte e a capela na *Campa do Carballo* ou *Campa dos Romeiros* en 1670 e 1676, respectivamente. No ano 1724, ambas foron trasladadas a onde están hoxe, no lugar do Outeiro (Santos 2010: 111).

A ruta xacobeá abordarase a partir do Santiaguíño local de San Pedro de Vilanova, para incluír logo o Santiaguíño do Monte de Padrón e Santiago de Compostela.

Á parte da capela e da fonte do Santiaguíño, o relato da tradición xacobeá na comarca conta co Milagre da Ponte Ulla, narrado por A. López Ferreiro na *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela* (1898-1909: IX, 315-318; 50-52, 53-74) e no “Diario del viaje a Sanctiago”, texto anónimo datado en 1612 (Neira 2007: 189-196, 164).

A toponimia axudaranos a descubrir outras fontes en San Pedro de Vilanova, quizais sen tanta sona, como a referida do Santiaguíño. Nesta poderemos ver

a pedra esculpida, onde se conta como a raíña Lupa puxo a proba os discípulos de Santiago ao mandalos ao Pico Sacro para que pillasen uns bois, que resultaron ser touros bravos, argumentando que os poderían usar para o traslado do corpo do Apóstolo.

Por Vedra adiante, atopamos *A Fonte Fría* en San Miguel de Sarandón, *A Fonte Sagrada* na Ponte Ulla, *A Fonte Pequena* en Trobe e *A Fonte Vermella* en Vedra, entre outras. Na Ponte Ulla, está *A Fonte Quente* e tamén a aldea de *Caldelas*. *As Augas Quentes* é o nome dun bosque de Santa Cruz de Ribadulla.

Antonio López Ferreiro viviu aquí, en San Pedro de Vilanova, desde 1887 en que adquiriu Pazo Galegos, ata 1910 en que finou.

Unha das nosas tarefas será analizar a contribución de López Ferreiro á investigación da historia local.

Referente ao traballo previo no eido toponímico, centrarémonos no nome da aldea de San Pedro de Vilanova, onde tiña a súa residencia.

Galegos é o nome doutra entidade de Santa Cruz de Ribadulla.

Actualmente, son nomes de lugar os xentilicios *Galegos* e *Cumbraos*, en San Pedro de Vilanova, *Asturán* en Trobe e *O Castelao* en San Pedro de Sarandón.

O itinerario pola Vía da Prata ao seu paso por Vedra articularase seguindo o programa **Terra con pasado** (Ulla elemental). Na saída, transformarémonos en peregrinos para realizar un treito do Camiño de Santiago. Para coñecer a súa historia, desenvolveremos un xogo que nos levará desde a capela do Gundián (entrada da Vía da Prata no concello) ata a fonte do Apóstolo e á capela do Santiaguíño. Neste percorrido, descubriremos as lendas de San Xoán da Cova e da raíña Lupa; visitaremos a antiga ponte de Gundián e a nova do AVE; na vila da Ponte Ulla (conxunto urbano tradicional), mostraranse os elementos máis característicos do lugar: a igrexa, o lavadoiro, o campo da festa..., e remataremos cunha visita ao albergue de peregrinos.

Prevese unha actuación conxunta de todo o alumnado de ESO.

As actividades descritas son situacións de aprendizaxe activas que levamos a cabo en contextos reais. Detrás das dez saídas pola contorna, hai visitas guiadas, obradoiros, xogos ou encontros con música e bailes populares.

Os alumnos van acompañados de profesores de diversas disciplinas que, xunto cos animadores socioculturais do concello, son os encargados de descubrirlles a relevancia social do lugar visitado.

Trátase de que, en último termo, os rapaces reflexionen sobre a situación actual das zonas rurais, de que constaten que o seu non é un concello excesivamente habitado; Vedra loita por manter os 5000 habitantes. Trátase tamén de que comprobren o estado do tanxible (muíños, hórreos, eiras, camiños...), a miúdo vítima do descoido e testemuño do abandono.

Vedra medra quere apercibilos, ademais, da perda de todo aquilo que non é visible (as sabenzas, as tradicións, a cultura popular) e mesmo das eivas do sistema de transmisión do coñecemento e da experiencia.

Vedra medra pretende contrarrestar o desinterese dos máis novos por un coñecemento que lles parece anacrónico e cuxo soporte nin pode competir cos que ofrece o mundo actual, nin ten un acomodo doado nas novas relacións sociais. (J. Fernández: <https://supraterram.wordpress.com/2014/04/08/que-queda-de-nuestros-pueblos>).

O primeiro desafío de *Vedra medra* foi convocar o fotógrafo vedrés Luis Ballesteros para que falase do seu oficio. Hai que mencionar que Luis cumpriu cen anos o pasado 16 de agosto. O seu público eran os máis pequenos de ESO, de 12 anos de idade.

Con el, a quen nos tocou retratar esta vez, rematamos esta colaboración e con el comezamos *Vedra medra*.

COMPARTINDO MEMORIA CONSTRUÍNDO IDENTIDADE



Luis Ballesteros visita o CPI de Vedra



Para saber máis sobre *Vedra medra*: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidevedra>

<https://www.facebook.com/vedramedra>

BIBLIOGRAFÍA

- Alegre Maceira, Celia (2009): *Dar e concordar na Ulla do século XVIII*. A Coruña: Deputación provincial.
- Alegre Maceira, Celia *et al.* (2014): *Ponte Ulla ten historia*. Vedra: Asociación O Cruceiro da Ulla, Concello de Vedra.
- Barreiros, Paloma, Juan Taboada e Henrique Neira (2009): “Meteoroloxía e clima nas coplas e refráns da Ulla”, *A Estrada: miscelanea histórica e cultural* 12, 265-293.
- Calaf Masachs, Roser (2006): *Miradas al patrimonio*. Gijón: Eds. Trea.
- Calaf Masachs, Roser e Olaia Fontal Merillas (coords.) (2004): *Comunicación educativa del patrimonio: referentes, modelos y ejemplos*. Gijón: Eds. Trea.
- Candrea, Ana e Sandra Susacasa (2003): “El valor del patrimonio en el currículo de la formación docente”, en Ernesto Ballesteros Arranz (dir.), *El patrimonio y la didáctica de las ciencias sociales*. Cuenca: Asociación Universitaria de Profesores de Didáctica de las Ciencias Sociales, 41-50.
- Elías Pastor, Luis Vicente (2010): “El patrimonio inmaterial de la vid”, *Quaderns de la Mediterrània* 13, 65-75.
- Fernández Casildo, Manuela (2008): “La utilización del patrimonio cultural como recurso didáctico en la educación secundaria, al tiempo que como vía de conocimiento y valoración del mismo”, en Xerardo Pereiro, Santiago Prado, Hiroko Takenaka (coords.), *Patrimonios culturales: educación e interpretación. Cruzando límites y produciendo alternativas*. [Donostia]: Ankulegi Antropologia Elkarte, 109-124.
- Fernández Catuxo, Javier (2013-): *SupraTerram. Arquitectura popular y etnografía*. <https://supraterram.wordpress.com/>
- Fernández Ocampo, Anxo (2008): “Prácticas verbais e dimensión patrimonial”, *Revista Galega de Educación* 41, 17-20.
- García Porral, Xoán Carlos (2007): “O mantemento da identidade sociocultural no rural dentro da modernidade”, *Descubriendo Deza* 9, 135-162.
- Ladra Fernández, Xosé Lois e Beatriz Pereiras Magariños (2001): “Achega histórico-etnográfica ás pesqueiras do Ulla”, en *Galicia mare nostrum, a importancia do mar en Galicia. VIII Semana Galega de Historia*. [Santiago de Compostela]: Asociación Galega de Historiadores, 63-78.

- López Ferreiro, Antonio (1898-1909): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. 11 vol. Santiago [de Compostela]: [s.n.].
- Luna Sanmartín, Xosé (ed.) (2003): *Marcial Valladares Núñez. Cantigueiro popular*. A Estrada: Fundación Cultural da Estrada.
- Maceira Gago, Antonio (2001): *O Arciprestado de Ribadulla*. [A Coruña]: Fundación Caixa Galicia.
- Marqués Valea, Xulia (2003): *A toponimia na escola. Guía para a recolleita, catalogación e estudo dos nomes tradicionais de lugar*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2004): *A toponimia de Trabada (Lugo)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2008): *Enredando nos topónimos con Rodari*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2012a): *Enredando nos antropónimos*. A Coruña: Galebook.
- (2012b): *Antoponimizando. Proposta educativa dixital para traballar con nomes e apelidos na aula*. A Coruña: Galebook.
- Marqués Valea, Xulia et al. (2011): *ATOPando Compostela. Xogo didáctico para escolares de ESO*. Santiago de Compostela: Concello, SNL. (Coaut. G. Navaza; L. Méndez; X. R. Boullón; X. Marqués).
- Neira Pereira, Henrique (1992): “O Pico Sacro: historias, lendas e misterios”, *Galicia en Madrid* 43, 11, 13-15.
- (2007): *Vedra. Da Prehistoria ós inicios do século XX*. Vedra: Concello.
- (2013): *Terra, festas e música popular. Pequenas historias de Vedra de 1891 a 1900*. [Santiago de Compostela]: Andavira.
- (2015): “O cultivo do liño en San Miguel de Sarandón en 1753”, en *XXXV Festa do Viño da Ulla: San Miguel de Sarandón, Vedra, 12 abril 2015*. [San Miguel de Sarandón]: Comisión Organizadora da Festa do Viño da Ulla, 74-77.
- Neira Pereira, Henrique et al. (2006): *O Val do Ulla. Unha comarca natural*. Vedra: Asociación Raiceiros.
- (2008): *Gundián. Un achegamento a unha paisaxe natural e humana*. Vedra: Asociación Raiceiros.

- (2013): *As pontes do río Ulla. Natureza e cultura*. Vedra: Asociación Raiceiros.
- (2014): *O lendario río Ulla. Viaxe desde A Ulloa á ría da Arousa*. Santiago de Compostela: Xurdir.
- Neira Pereira, Henrique e Xerardo Neira Pereira, (2014): *Sarandón, anacos de historia: das barcas do río Ulla en 1876 ó dirixible de 1935*. [A Coruña]: Asociación Cultural San Campio; [Santiago de Compostela]: Andavira.
- Prats, Joaquim (2001): “Valorar el patrimonio histórico desde la educación: factores para una mejor utilización de los bienes”, en Jesús Morales Arrizabalaga *et al.* (eds.), *Aspectos didácticos de las ciencias sociales*, 15. Zaragoza: Universidad; Instituto de Ciencias de la Educación, 157-171.
- Reigosa Carreiras, Antonio (2012): “A literatura oral en internet: Galicia encantada”, en Ana Chouciño e María Xesús Nogueira (eds.), *Palabra viva. Galicia e Hispanoamérica*. Santiago de Compostela: Universidade, 175-195.
- Rey Castelao, Ofelia (1981): *Aproximación a la historia rural en la comarca de la Ulla (s. XVII y XVIII)*. Santiago de Compostela: Universidad.
- Rodríguez Dacal, Carlos (2014): *Pazo de Santa Cruz: patrimonio verde de Galicia*. Vedra: Concello; A Coruña: Deputación provincial.
- Roque Alonso, M.^a Angels (2010): “Un patrimonio vivo y dinámico”, *Quaderns de la Mediterrània* 13, 12-20.
- Santamarina Fernández, Antón (2008): “O patrimonio oral”, en Elisa Fernández Rei e Xosé Luís Regueira Fernández (eds.), *Perspectivas sobre a oralidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega – Instituto da Lingua Galega, 325-350.
- Santos Fernández, Carlos (2010): *De Santa Baia a Vilanova: Antonio López Ferreiro no concello de Vedra*. Vedra: Concello .
- Valladares Núñez, Marcial (1970): *Cantigueiro popular*. A Cruña: Real Academia Gallega.
- Villaverde Solar, M.^a Dolores (2000): *Patrimonio artístico del Arciprestazgo de Ribadulla*. A Coruña: Edinosa.

Proxecto Toponimia de Rianxo. Luces e sombras

Valentina Formoso Gosende

1. OS INICIOS

O *Proxecto Toponimia de Rianxo* desenvolveuno o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega (ENDLG)¹ do IES Félix Muriel en dúas fases que abarcaron dous períodos temporais diferentes. A primeira comezou no curso 2002-2003 e chegou ata 2007 e a segunda arrancou no curso 2013-2014 e finalizou no seguinte ano lectivo.

Este proxecto naceu para cubrir dous obxectivos que desde o ENDLG considerabamos fundamentais. O primeiro era conseguir por parte de toda a comunidade educativa a valoración da toponimia como elemento importante do noso patrimonio inmaterial; o segundo buscaba avanzar un chanzo na normalización da lingua galega a través dun discurso que se apoiaba nesa necesidade de conservar o devandito patrimonio, partindo da particularidade dos nomes de lugares para mostrar a necesidade de conservación da lingua galega en xeral.

Os inicios deste proxecto cadran cos inicios dun novo equipo de profesorado que se fixo cargo do ENDLG e que buscaba desenvolver proxectos que integrasen e interesasen a boa parte da comunidade escolar. Cando presentamos esta idea entre o profesorado afín ao ENDLG, foi o mestre Xesús Costa –que levaba máis de vinte anos desenvolvendo a súa actividade profesional en Rianxo– quen propuxo a toponimia como ámbito de traballo cuxo interese consideraba xeral por parte de familias, alumnado e profesorado residente no concello. E aí arrancou o *Proxecto Toponimia de Rianxo*, con moita ilusión, poucos medios e escasa formación por parte dos que o estabamos a promover.

1 Esta é a denominación que empregamos no IES Félix Muriel para referirnos á entidade que se encarga dentro do sistema educativo non universitario de promover o uso da lingua galega nos centros. Cando se comezou o proxecto, os Equipos denominábanse “Equipos de Normalización Lingüística” e cando rematou a segunda fase xa se chamaban “Equipos de Dinamización da Lingua Galega”, no medio foron “Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística”. Como nos estamos a referir a un período amplo, imos empregar esta denominación que engloba as dúas función básicas que teñen asignadas: normalizar e dinamizar o uso da lingua galega.

O proxecto desenvolvíámolo dúas profesoras de Lingua Galega, un profesor de Matemáticas, un de Ciencias Sociais e outro de Música. Ningún tiñamos formación en toponimia e os coñecementos filolóxicos das dúas docentes de lingua, que acababamos de chegar ao concello, xunto co dominio do territorio que presentaban dous dos profesores que vivían alí, non eran suficientes para poder desenvolver un traballo minimamente serio e rigoroso. O noso fin non era elaborar unha tese sobre a toponimia de Rianxo, senón desenvolver un traballo divulgativo que cubrixe os obxectivos anteriormente fixados, polo que tiñamos que conseguir –de xeito máis ou menos inmediato– tres aspectos: a) buscar apoios externos que nos facilitasen material imprescindible para comezar a investigación, b) lograr un local para o traballo co alumnado, e c) conseguir formación e información.

Os apoios externos foron clave para botar a andar o proxecto e só nos decidimos a arrancar cando tivemos asegurados un par deles. O primeiro apoio achegouno Xulia Marqués, facilitándonos a información da *Guía para unha intervención toponímica desde a escola*, que estaba elaborando, e mostrándonos todos os pasos que debiamos dar para arrancar co proxecto e chegar a algures. Facilitounos tamén os materiais imprescindibles cos que tiñamos que comezar a nosa aventura no ámbito da toponimia, que ían desde as fichas de recollida para o traballo de campo ata un léxico básico do ámbito. A isto hai que sumarlle consellos en cuestións elementais como a selección dos informantes.

O segundo apoio veu por parte do SITGA que nos facilitaron amablemente as fotos aéreas correspondentes á área que ocupa o concello de Rianxo. Un responsable do organismo veu ao centro traelas e explicarnos como poderíamos desenvolver un bo traballo con elas. O grupo destinatario da charla estaba conformado por docentes de distintas disciplinas (ademais dos membros do ENDLG convidamos a outro profesorado de Lingua, a algún de Bioloxía e ao departamento de Xeografía e Historia) a quen tentamos involucrar no tema, mais con escaso éxito. Quedamos coas fotos aéreas, mais a pesar de seren unha ferramenta que facilita enormemente o traballo –ao permitir situar cada nome de lugar enriba dunha imaxe que achegaba de por si información xeográfica importante– non se lle sacou todo o proveito, polos motivos que explicaremos máis adiante.

Cómpre aclarar, antes de máis, que este proxecto se deseñou desde o ENDLG para desenvolver polas persoas integrantes do Equipo e dentro do mesmo,

nunca dentro dunha programación didáctica nas aulas. Ningunha das persoas docentes que arrancamos este proxecto podiamos darlle cabida dentro das nosas materias, aínda que puidésemos dedicarlle un par de aulas a ver aspectos xerais que animasen o alumnado a participar logo, no seu tempo libre, do proxecto. E aquí xa deixamos plasmada outra cuestión fundamental que hai que ter clara para que se entenda o desenvolvemento do traballo. O ENDLG do IES Félix Muriel pretendeu funcionar sempre como Equipo no que todas as persoas integrantes (alumnado, profesorado e persoal non docente) tivesen voz e participación activa. Non buscabamos que o profesorado elaborase un estudo especializado sobre a toponimia con intención de que se publicase e difundise entre a comunidade escolar, senón que procuramos sempre que o alumnado se implicase en todo o proceso, que buscase a información, que opinase sobre o deseño das actividades, que participase na difusión.... Todo isto con alumnado voluntario, que se interesase no tema e que non ía ter –en principio– ningunha recompensa “académica” en forma de puntos extra na súa nota².

Ao deseñar o proxecto con estas premisas facíase imprescindible ter un espazo no IES para poder desenvolver o traballo co alumnado, que ademais pertencía a niveis diferentes e a grupos distintos. As posibilidades de traballo conxunto limitábanse ao horario non lectivo: nos intervalos dos recreos e algúns luns á hora do xantar, por ser este o día que temos xornada da mañá e de tarde. O espazo físico non era só necesario para reunírnos, explicar as tarefas e os diferentes pasos ou consultar dúbidas; senón que tamén era imprescindible para organizar e gardar o material de traballo. Cedéusenos un cuarto pequeno que estaba baleiro no edificio anexo e alí comezou o desenvolvemento dun proxecto que tivemos que ir perfilando e acoutando durante ese curso 2002-2003, chegando ao final del xa coa intención de estudar só a toponimia maior e deixando a un lado parte da toponimia menor que o alumnado comezara a recoller nas fichas. As principais

2 O alumnado que forma parte do Equipo é sempre voluntario. Naquel primeiro ano xa foi así e non era todo el discente das persoas que configurabamos o ENDLG, por iso nunca se lle ofreceu de premio unha suba de nota como recompensa ao seu esforzo. Con todo logo falouse co profesorado de lingua que lles daba clase para expoñerlles o traballo inxente que estaban a facer e pedir que se lles valorase, mais con resultado desigual. Despois deste primeiro ano xa buscamos fórmulas de premiar ao alumnado participante desde o propio ENDLG, a través dunha saída ou dunha pequena festa a final de curso para mostrar o recoñecemento e agradecemento polo seu labor.

razóns desta viraxe foron dúas relacionadas entre si: a) o profesorado implicado era moi pouco e non coñecía o terreo, b) o alumnado cansou dunha recolleita que non sempre era correcta e á que non lle daba visto proveito, ao non darmos sacado ningún produto. A maioría do voluntariado estaba configurado por rapazada con inquietudes e que tiñan ansia por saber que significaban aqueles lugares nos que eles vivían ou poder defender unha ou outra forma de grafalos (por exemplo Vacariza-Bacariza). Abarcar a microtoponimia e ir facendo un estudo polo miúdo de todo non nos permitía atender no curto prazo estas inquietudes. Querían ver froito do seu traballo para mostrarlles aos compañeiros e compañeiras, así como á familia. Por iso acordamos gardar nun caixón a recollida de toponimia menor que xa tiñamos avanzada nas dúas parroquias máis grandes do concello: Taragoña e O Araño e centrarnos só nos nomes das parroquias e das aldeas.

Os primeiros significados facilitáronnos os especialistas Xulia Marqués e Gonzalo Navaza que viñeron ao centro por separado, tres e dúas veces respectivamente, para achegar luz arredor do asunto, unhas veces en formato charla e outras desenvolvendo un obradoiro. A guía e o apoio que ademais supuxeron os dous cara ao profesorado implicado foi imprescindible para podermos avanzar como grupo cara á edición dos primeiros materiais.


2. A PRIMEIRA EDICIÓN DE MATERIAIS

O ENDLG quixo dar resposta a unha demanda de información por parte da comunidade educativa e decidiu trasladarlle a través de diversos materiais nos que se dese conta dos primeiros resultados da investigación realizada. Comezamos traballando coa rapazada a colocación da toponimia nas fotografías aéreas, ao tempo que buscábamos algunha relación entre os significados que tiñamos –máis ou menos certos– e a súa situación xeográfica. Nun primeiro momento estivemos tentados a realizar uns folletos para difundir a información dalgúns topónimos partindo deste traballo. Mais o deseño para a impresión finalmente non se fixo a partir das fotografías aéreas porque estas non as tiñamos dixitalizadas e o escaneado e tratamento para colocarlles os nomes, tal e como estabamos facendo á man, era custoso e ademais non tiña a calidade suficiente. Entón démoslle unha volta á idea

inicial e quixemos centrar a difusión no que máis parecía interesarlle ao alumnado implicado e ás familias: o significado do termo. Para responder a esta necesidade acordamos preparar uns mapas case mudos de cada parroquia onde só deixamos marcada a hidrografía para que axudase na orientación. Neles colocáronse todos os topónimos, destacando en cor vermella aqueles aos que decidimos que lles faciamos unha ficha que, por razón de tempo e operatividade, non podían ser todos (Fig. 1 mapa Araño). A selección destes topónimos respondeu a dous criterios de natureza ben diferente. Por un lado, a intención de estudar e dar resposta a aqueles nomes de lugar que eran máis exclusivos, destacando os que no nomenclátor aparecían como únicos en Galicia ou que tiñan pouca frecuencia; polo outro, o peso sentimental que o alumnado implicado lle imprimía á actividade, facendo forza por estudar unha ou outra aldea, normalmente a súa propia, aquela na que naceran ou na que vivían familiares achegados.

Os datos que se incluían nesas fichas toponímicas eran os que o alumnado e profesorado previamente tratamos despois de revisar as hipóteses –máis ou menos claras– do significado, e de tirar a información que se extraía do *Nomenclátor de Galicia* sobre a frecuencia e a localización de cada topónimo no resto do país. E con isto rematamos o curso. Xa no seguinte (2004-2005) arrancam pensando en darlles formato ás devanditas fichas que deixamos elaboradas coa información que queríamos, ás que lles sumamos un mapa no que se localizaba o topónimo correspondente. Despois de barallar varias opcións pensamos en lanzar unha proposta á dirección do IES para convertelas en rótulos para todas as aulas e demais dependencias do centro (Fig. 2 Exemplo de Rótulo). Foi adiante e levouse ao claustro onde se aprobou.

O paso seguinte que demos foi facer a presentación do proxecto diante do alumnado delegado de cada curso, ao que lle pedimos que organizase e participase no sorteo de cada rótulo para cada unha das aulas. Dado que os rótulos eran similares en deseño, o que se sorteaba realmente era o topónimo que quedaría asignado en cada porta, feito que trouxo máis dunha disputa e algún que outro enfado. Estes derivaban do feito de que lles tocase en sorte un topónimo pertencente, poñamos por caso á parroquia de Taragoña, nunha aula na que o alumnado, maioritariamente, pertencese á parroquia de Rianxo; ou ben que o rótulo asignado correspondese a un lugar que nese momento non tivese a ningún adolescente



Parroquia de Araño




Figura 1



Figura 2

naquela aula. As protestas sacaban a colación unha rivalidade histórica entre parroquias que nada parecía ter a ver coa toponimia, mais que estaba sen superar.

Pasado o acaloramento inicial, ningún rótulo mudou de porta, mais o que en principio era unha rotulación provisional que marcaba unha asignación de nomes por aulas, converteuse case en sinalética definitiva, feito que desluciu considerablemente a iniciativa e que se proxectou como unha das sombras do *Proxecto de Toponimia*. Esta vén derivada de que cando se fixera a proposta en claustro expuxérase a necesidade de que a rotulación tivese unha base de certa calidade, tipo metacrilato, aínda que se este saía moi caro, podían estudarse outras alternativas. Mais estas nunca chegaron, polo que –para que a rapazada vise froito ao seu traballo e para cubrirmos algúns dos obxectivos deseñados de cara á comunidade educativa– acabamos imprimindo os cartaces en folios tamaño A4 e plastificándoos. O seu destino foi a zona acristalada na parte superior das portas de todas as aulas e dependencias do centro. No inicio deste novo curso escolar



Figura 3

(setembro de 2016) quedaban nese espazo que se nos deixou para pegalos, en todo o centro tres rótulos, un na sala do profesorado (Fig. 3) e outra nunha aula de 3º ESO e o último nun departamento. Resistiron a todas as limpezas xerais anuais desde o outono de 2004, e mais a calquera acto semivandálico que sempre hai. O éxito do rótulo, pasada a primeira etapa da colocación na que se incluían as devanditas discusións, quedou diluído na insignificancia do que non malamente se le e case non se ve, debido á altura.

Nese mesmo curso decidimos facer unha edición dun calendario do ano 2005 cuns cantos topónimos das diferentes parroquias, achegando a mesma información que estabamos traballando para os rótulos das aulas (Fig 4). Unha actividade simple, que só consistía en maquetar a información que xa tiñamos para facer unha impresión barata en A3, resultou unha das accións con máis éxito, non só entre o alumnado e algún profesorado, senón –e de forma moi especial– entre as familias e demais comunidade rianxeira, tanto que esgotamos unha primeira edición e sacamos unha segunda debido á grande demanda. O alumnado do ENDLG foi o encargado de repartilo entre os e as rapazas do centro que tivesen interese nele pola cantidade de 20 céntimos de euro, contía ridícula que só aseguraba

que o collesen aqueles que realmente o querían e que non acabase na papeleira despois dun reparto masivo. Logo, a rapazada do Equipo, ademais de levalo para as súas casas, fixo unha distribución de balde por bares e tendas das diferentes parroquias. Esa exposición pública levou a que nos comezasen a chegar pedidos ao centro que nos levaron a realizar outra pequena edición co pouco diñeiro co que contabamos, xa que exceptuando aquela mínima primeira recadación, nunca se volveu a cobrar por el.

Xa no curso seguinte (2005-2006), despois de seguir avanzando na nosa particular investigación co alumnado, e tras recibir no centro de novo aos especialistas antes citados, que nos aclararon dúbidas e corrixiron erros, acordamos a edición dun novo produto xa máis completo no que incluíamos toda a investigación. Tratábase dun folleto tamaño A4 (impreso en A3 e dobrado á metade) cunha calidade do papel moi boa e no que se incluían varias páxinas nas que se daba conta de todo o traballo realizado ata o momento. Na Figura 5 pódese ver a maqueta que inclúe a portada e a contraportada e na Figura 6 unha das páxinas interiores. Esta vez a difusión estendeuse fóra das fronteiras do concello, pois en maio de 2006 o noso IES foi o encargado de organizar o Premio Leixaprén³, polo que aproveitamos para incluír no dossier de agasallo a todos os presentes unha mostra deste folleto.

Coa mesma información aínda editamos, no curso seguinte, un último produto que nos serviu para agasallar o alumnado colaborador do ENDLG do IES no comezo do curso 2006-2007 (Fig. 7). Era un caderno-axenda no que se intercalaban páxinas en branco con outras que contiñan información gráfica e de texto das diferentes parroquias e onde se incluían ao final os calendarios dese curso e do seguinte. A partir desta edición, e vendo que seguíamos sen posibilidades de que as dependencias do centro tivesen unha rotulación toponímica nun material axeitado, abandonamos o proxecto de toponimia e centrámonos noutro que acababamos de botar a andar arredor do léxico dos deportes e profesións que

3 O premio Leixaprén organizouno –desde o ano 1999 ata o 2011– a Coordinadora Leixaprén de Equipos de Normalización Lingüística de centros de ensino de secundaria dunha zona que ía desde Muros ao Barbanza collendo algún centro de comarcas limítrofes. Cada ano a organización e entrega do premio recaía nun dos centros implicados (os dous IES de Muros, os dous de Noia, o de Outes, o de Rianxo e os CPI da Picota, Lousame, Rois e Dodro. Algún ano estivo tamén o IES de Porto do Son).

CADERNO




Figura 7

tiñan que ver co mar. Con todo, por avatares do destino, aínda no curso seguinte organizamos unha charla sobre toponimia destinada ao alumnado de Bacharelato, moito del participante en anos anteriores dalgunhas tarefas do proxecto. Daquela achegouse ao centro Vicente Feijoo Ares, quen pasou a ser un piar fundamental no desenvolvemento da segunda fase do proxecto.

3. SEGUNDA FASE

A segunda fase xurdiu a partir dun novo proxecto chamado *RianxoFala*, que comezamos no curso 2011-2012 e que tiña como obxectivo central poñer en valor todo o patrimonio lingüístico e cultural rianxeiro para conservalo no futuro. Queriamos que a comunidade educativa puxese o foco na herdanza, tanto material como inmaterial, que a valorase e que a quixese transmitir para o futuro. No fondo o que buscábamos era construír un futuro no que o galego tivese o sitio que merecía.

Na configuración do devandito proxecto, que se verteu na web www.rianxofala.com, consideramos que debía haber un espazo para a toponimia dentro da herdanza inmaterial, polo que nos decidimos a resucitar o xa arquivado *Proxecto de Toponimia*. Mais pasaran seis anos e unha promoción enteira de mozos e mozas, e mesmo parte do profesorado que estaba naquel momento no ENDLG, non tiveran ningún contacto co antigo proxecto, mesmo o descoñecían. Foi entón cando decidimos sacalo á luz de novo, modernizalo e completalo, sempre no marco do macro-proxecto *RianxoFala*.

Desta maneira, a programación desta segunda fase do proxecto constou de varias accións, realizándose unhas en paralelo e outras de forma consecutiva. Consideramos que o primeiro paso era dar visibilidade ao proxecto e ao labor xa realizado en anos anteriores. Así acordamos organizar unha exposición protagonizada por uns cartaces que eran derivados dos antigos letreiros que xa foran desaparecendo do alto das portas do centro. Colocámola no corredor de entrada do IES para que estivese ben visible, e mais concretamente situámola nun taboleiro en fronte á secretaría para que puidesen vela as familias cando se achegasen a facer



Figura 8

calquera trámite burocrático. Acompañamos a exposición cun mapa en cartón pluma que contiña toda a macrotoponimia de Rianxo (Fig. 8).

Ao seguir, en tempo e en espazo, organizamos unha actividade que denominamos “Topoesía”. A partir do taboleiro onde colocamos toda a toponimia, un par de semanas despois, ideamos unha especie de tendal entre as columnas que ocupan o corredor central do edificio principal. Para alí mandamos unha selección de coplas populares que contiñan algún topónimo pertencente ao Concello⁴, unhas copiadas á man pola rapazada do ENDL en follas de cores, outras editadas dixitalmente e impresas en folios A4 (Fig. 9 e Fig. 10). Desde a máis coñecida “Eu caseime no Araño, coa filla dun arañón; ela bonita non era, fea si, honrada non” ata outras menos comúns como “Que Rianxo é a máis poboada, iso sabémolo ben; sendo a parroquia de Isorna a que menos veciños ten” tiveron boa acollida. A medida déunola a cesta que colocamos ao lado da exposición na que se depositaron, en pequenas notas, cada unha das coplas. Ao lado púxose un cartaz convidando a que calquera membro da comunidade educativa collese aquelas que máis lle gustasen e as levase consigo para conservalas, regalalas...



Figura 9



Figura 10

Dunha vez que xa tiñamos en marcha esta visibilización e sensibilización cara á toponimia, continuamos co que consideramos dúas cuestións fundamentais para esta segunda fase: a revisión e ampliación da investigación feita sobre macrotoponimia e o avance no estudo da microtoponimia. Puxémonos en

⁴ Para a selección de textos partimos dunha antoloxía elaborada polo CEP Brea Segade de Taragoña.

contacto co especialista Vicente Feijoo, responsable de Toponimia no Seminario de Onomástica da RAG. Pedímoslle colaboración, tanto para a revisión dos topónimos que nos quedaran “en investigación” (tal e como marcamos aqueles que non conseguimos acabar na primeira fase), como para realizar no centro varias accións formativas co alumnado. Acceceu amablemente a participar nas dúas fases a achegouse ao centro, en datas diferentes, para impartirilles charlas ao alumnado, dunha vez ao de 1º bacharelato, doutra ao de 4º ESO e por último ao de 3º ESO.

O especialista combinou de xeito maxistral a parte teórica coa práctica e o alumnado aprendeu noções básicas de toponimia, ao tempo que se empapou do entusiasmo que conseguiu transmitirlle o estudoso. Mais a pesar da alta valoración que recibiron estas accións formativas e do interese declarado nun primeiro momento polo alumnado nesta actividade, logo o alumnado non se mollou realmente en realizar o traballo de campo. Houbo varios factores que, ao noso entender, influíron nesta cuestión. A primeira que non houbo profesorado disposto a comandar expedicións polo campo co alumnado interesado, este tiña que ir pola súa conta. A isto había que sumarlle que se lles fixo difícil a tarefa de seleccionar informantes “idóneos”, xa que moito alumnado de 14 ou 16 anos declarou ter ningún ou case nulo contacto coas persoas que reunisen os requisitos. A segunda, e relacionada coa primeira, que a formación –por cuestións organizativas do centro– se realizou para niveis e grupos compactos, non para o alumnado do ENDL que se xunta por razóns de amizade, veciñanza e afinidade. Ocorreu así que un membro dunha cuadrilla fora ao obradoiro mais se cadra non os outros tres membros, polo que, estes non estaban motivados e non se animaban a acompañar o primeiro. A terceira xa é de carácter máis subxectivo, trátase dunha apreciación particular despois da análise no pequeno universo rianxeiro, e ten que ver con que o interese destes nativos dixitais na realidade próxima, no contorno, na traballo de campo é moito menor ca o dos seus antecesores cos que comezamos a primeira fase. Descubrimos que, aínda que o interese pola toponimia era alto e movía a súa curiosidade, as ganas de esforzarse e facer traballo de campo non o era. No que mostraron moito interese foi na aplicación web que lles deu a coñecer Vicente Feijoo e que naquel momento estaba empezando a deseñarse como ferramenta para subir os topónimos (vid. Páx.). O obradoiro realizado para alumnado de 3º ESO en 2015, ou mesmo as explicacións máis xerais que lles dera ao de 1º de

bacharelato o ano anterior, conseguiron espertar a súa atención e interese, pero ao saber que a aplicación non estaba operativa a curto prazo desenganchounos da actividade e o voluntario foi decaendo. De feito, só un alumno de 1º de Bacharelato fixo un pequeno traballo completo onde recollía bastante microtoponimia referida a montes, leiras e regatos da aldea onde nacera o pai, xa que el vivía na vila.

Cando quixemos abarcar o tema da talasonimia, o problema aínda foi maior. Fillos e fillas de familias mariñeiras, mariscadoras e bateceiras non tocaban o mar mais alá da praia e non se animaban á recollida. Como logo descubrimos que tres persoas formadas e coordinadas por V. Feijoo, viñan de facer toda a recollida da microtoponimia⁵, onde se incluían tamén os termos da costa, tampouco insistimos demasiado na tarefa.

O outro aspecto destacado nesta segunda fase referíase á revisión dos significados coa investigación pertinente que debe ir asociada. Foi tamén Vicente Feijoo quen amable e desinteresadamente nos achegou datos para aqueles topónimos que nunca investigáramos, completounos outros e corrixíunos tamén algúns nomes de lugares que tiñan algunha información confusa ou errada. Tamén nos axudou a interpretar certas teorías dun artigo especializado que publicara o rianxeiro Gonzalo Hermo sobre a toponimia da parroquia de Taragoña. Ao final conseguimos pechar unha base de datos cos topónimos das entidades de poboación e os seus significados, á que aínda lle quedaba un proceso importante de pulido para que tivese unha redacción axeitada para o fin divulgativo que nós pretendiamos entre a comunidade escolar non especialista. Foi aí onde o alumnado do ENDLG de novo realizou un traballo importante en colaboración con profesorado do Equipo. Durante os recreos xuntabámonos no local do Equipo para introducir as achegas novas, ampliar información, revisar a redacción e adaptala a unha linguaxe comprensible por eles.

Dado que toda a nova investigación estaba pensada para subir á web, permitímonos introducir máis texto ca as fichas que editamos na primeira fase, que

5 Á raíz da celebración dun Curso de verán de toponimia da USC, a Mancomunidade da Arousa Norte (Concellos de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira) colaborou financiando unhas bolsas de traballo ás que optaron os participantes no curso para recolleren a microtoponimia destes concellos. Concretamente eran oito persoas e tres foron para o concello de Rianxo, de maneira que o recolleron na súa totalidade. Fixeron o rexistro nas ortofotos e nos cadernos de campo escritos á man, mais aínda están agardando pola nova aplicación para xeolocalizar toda a toponimia do concello.

Rianxa Fala Proxecto de innovación

A herdanza O labor A semente

Inicio **Falaron** **Falamos** **Falaremos** **Contacto**

Burata, A

Burato, O

Campos da Feira

Campos de Pazos

Cartomil

Castríño, O

Chorente

Corques

Coviña, A

Cruceiro, O

Cruz, A

Cuvide

Dorna

Fachán

Fonte Susán

Igrexa, A

Inobre

Fachán (Taragoña) *En Galicia hai 1

É topónimo único. Aínda que, a priori, todo parece apuntar á relación deste topónimo con outros como A Facha, O Facho... sempre presentes na toponimia galega co significado de 'lugares altos nos que se acendían lumeiras para facer sinais, ou no caso dos lugares próximos á costa, para guiar os barcos', neste caso a terminación en -án (<lat. -ANU, -ANA) non permite que poidamos afirmar con total certeza que esteamos ante un derivado de facho. Ademais o sentido toponímico de Facho 'terreo elevado' encaixa só relativamente coa xeomorfoloxía da localidade, encadrada nunha subida, pero que non constitúe un enclave demasiado alto.

Concello	Parroquia	Lugar
RIANXO	Taragoña (San Salvador)	Fachán

Nomenclator de Galicia

VOLVER

Figura 11

foran concibidas como letreiros das dependencias do centro (Fig. 11). A versión dixital ademais permitía colocar enlaces de interese como se fixo co traballo de G. Hermo. Mais como o obxectivo central deste traballo era que chegase á comunidade educativa e, en especial ao alumnado, se a web só tiña información dos topónimos podía ser que este entrase só unha vez para obter información do seu lugar de residencia e mais nada. Por iso consideramos fundamental que houboese algún aspecto que motivase algo máis a estes nativos dixitais, que viven enganchados á rede, mais non consomen todo o que alí está. Foi entón cando se nos ocorreu crear un paquete de xogos en LIM que os motivase a entrar e que provocase que se parasen a ler significados, que observasen ben as grafías, ou simplemente colocasen os lugares nos mapas de cada parroquia. Elaboráronse bastantes actividades variadas e de diferentes estilos que ían desde sopas de letras a crebacabezas pasando por varios formatos nos que tiñan que acertar co significado do topónimo (Fig. 12 e 13). Deste xeito todo o alumnado podía entrar en contacto –virtual– con todo o seu contorno próximo, que non por próximo no espazo o é realmente no seu coñecemento. A presentación dos xogos fíxose con cartelería no centro e abríronse un día as aulas de informática durante os recreos

ARRASTRA CADA TOPÓNIMO CO SEU SIGNIFICADO

Fai referencia á existencia dunha pousada a carón dun camiño ou vía de comunicación principal onde se hospedaban os camiñantes e arrieiros. Procede do lat. PAUSATA, participio do verbo PAUSAR, co valor de 'pousar , repousar, descansar'.

Traba é un derivado do latín TABULAN que deu táboa no léxico patrimonial. O máis habitual é que este topónimo faga referencia a unha terra plana, chaira, como unha táboa, pero o significado orixinario puido ser relativo ás augas (en Ciudad Real temos As Tablas de Daimiel, que é un humidal).

Non está moi clara a orixe deste topónimo. Puido ter orixe como alcume dunha persoa a partir dun diminutivo de vara 'pau longo e delgado'; ou ben, estamos ante o diminutivo do lat. VALLELLA, a partir de VALLIS 'val'. De ser isto último, a aldea estaría situada nun pequeno val.

O termo ten que ver con foxo (lat. Foveum), co significado de 'depresión do terreo'. En toda Galicia é un topónimo moi común, con moita frecuencia aplicado a depresións do terreo. Mais cómpre recordar que os foxos tamén eran as trampas que se usaban para cazar os lobos (FO VEUM LUPALE), polo que pode que existisen neste lugar este tipo de trampas.

VARELA

TRABA

CONTRÉS

FOXACOS

POUSADA

Podería ser un antropónimo derivado de Contriz. De ser acertada esta teoría estaríamos ante o nome de poseesor GONDERICUS, que en Galicia deu topónimos como Contariz, Conturiz, Gundriz, Gunduriz...

Queres axuda?

✓ ← 3 →

Figura 12

ESCRIBE O TOPÓNIMO QUE CONSIDERES CORRECTO (Abaixo)



Refírese a unha localidade que naceu nun agro (campo cultivado) que estaría nunha elevación en forma de moa; ou ben onde tamén había unha "mámoa", porque os monumentos megalíticos situábanse nestes lugares elevados. Existen moitos compostos co termo Moa: Outeiro da Moa, Penamoa, A Cruz da Moa, Coto da Mó (todos relacionados coa orografía).
Agro da Moa, O / Batán, O / Buía / Campelo / Cantalarrana / Capela, A / Carballal / Casilla, A / Cerqueiras / Contrés / Ermida, A / Ferrería, A / Foxacos / Lemos, Os / Miráns, As / Outeiro / Pontenova, A / Pousada / Rabado, O / Toural, O / Traba / Varela / Vilar, O / Xens, Os / Xufreus, Os

Queres axuda?

✓ ← 5 →

Figura 13



Figura 14

para dalos a coñecer entre o alumnado. Logo desde o ENDL pedimos que a través das titorías se dedicasen un par de sesións a difundilos.

Chegados a este punto aínda nos quedaba por cubrir unha parte fundamental do proxecto: a difusión fóra do marco do IES. A colaboración que mantivemos desde que comezamos co proxecto *RianxoFala* con dous colexios de primaria (O CEP Brea Segade de Taragoña e mais as escolas agrupadas no CRA de Rianxo) facilitounos difundir a través deles o noso traballo entre un sector de poboación. Mais consideramos que era imprescindible darlle unha visibilidade social, non só á investigación, senón tamén a unha mensaxe sobre a importancia da toponimia e da súa conservación. Con esta finalidade programamos e deseñamos o que foi a nosa última acción, que rematou coa distribución de folletos coa información toponímica actualizada e con pegada de cartaces por todo o concello.

Baixo o título de *Lugares de Rianxo* e o lema “A toponimia é a mellor mostra da historia do noso idioma e da nosa cultura” démoslle forma a unha edición en papel cos nomes de todos os lugares agrupados por parroquias (Fig. 14). Editáronse

catro folletos para recoller as 6 parroquias, un con Taragoña, outro co Araño, un terceiro que recompilaba a toponimia de Asados e Rianxo e o último para dar conta dos nomes de Leiro e Isorna. O deseño interior do tríptico respondía ao contido que xa estaba nos letreiros orixinais, pero actualizado e renovado, tal e como quedou finalmente na web (Fig. 15a e 15b). Ademais anunciabamos a páxina da web *RianxoFala* na que se recollía todo o proxecto de toponimia. Con este obxectivo –difundir a existencia da web– e mais coa idea de publicitar o proxecto, elaboramos dous cartaces, un deles cun deseño escollido por un grupo de alumnas e o profesorado do ENDL, e outro respondía aos gustos do resto do alumnado do Equipo (Fig. 16 e Fig. 17).

Como o obxectivo era a máxima difusión, organizamos co alumnado a distribución tanto da cartelería como dos folletos. Grupos de alumnos e alumnas do ENDL foron deixalos en locais públicos das diferentes parroquias. Mais a actividade que tivo seguramente máis repercusión a todos os niveis foi o percorrido que

Agro da Moa (Araño) *En Galícia hai: 

Refírese a unha localidade que naceu nun agro (campo cultivado) que estaría nunha elevación en forma de moa; ou ben onde tamén había unha "mámoa", porque os monumentos megalíticos situábanse nestes lugares elevados. Existen moitos compostos co termo Moa: Outeiro da Moa, Penamoa, A Cruz da Moa, Coto da Mó (todos relacionados coa orografía).

Batán, O (Araño) *En Galícia hai: 

Este topónimo ten a súa orixe na existencia dun batán neste lugar. Os batáns era unhas construcións feitas a carón dos ríos, que combalucaban mazos movidos pola forza da auga cos que se batían ou suavizaban os panos tecidos con lá. Este nome está formado a través do verbo *bater* 'golpear'.

Bula (Araño) *En Galícia hai: 

Dise que é nome prerromano, polo tanto moi antigo. Parece que significa "lugar enchoupado, onde estanca auga".

Campelo (Araño) *En Galícia hai: 

Campelo é un diminutivo de Campo (lat. CAMPU + sufixo -ELLU). Na toponimia, Campo designaba un 'espazo aberto e amplo', non coincidente exactamente coa acepción que ten hoxe de 'terreo que se dedica a cultivo onde nace herba'.

Cantalarrana (Araño) *En Galícia hai: 

Nome que está castelanzado, non é moi antigo e fai referencia a un lugar onde había ras.

Capela, A (Araño) *En Galícia hai: 

O nome capela na súa orixe era un diminutivo de cirpa 'peza de roupa' (lat. CAPA + sufixo -ELLA). O significado de 'oratorio' adquiriuno na Idade Media por un oratorio onde se gardaba a reliquia da capa de San Martiño de Tours. A partir de alí pasou a designar calquera edificio destinado a oficios relixiosos. Polo tanto, a orixe desta entidade de poboación está na existencia dunha pequena capela adicada a culto dalgun santo ou santa neste lugar.

Carballal (Araño) *En Galícia hai: 

Carballal equivale a carballreira, é un abondante de carballos. Polo tanto, nesta aldeia había moitos carballos cando naceu o seu nome.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:
www.rianxofala.com

LUGARES DE ARAÑO

e ti de onde vés sendo?



2015

Equipo de Dinamización Lingüística @alega

DE L IES "Félix Murie" Rianxo

A toponimia é mellor mostra da historia do noso idioma e da nosa cultura...

Figura 15a

Lugares de Rianxo: ARAÑO

Casilla, A (Araño) * En Galícia hai ?

A "casilla" era o nome que recibían as garitas dos peóns camiñeiros situadas a carón das estradas, o que indica que se trata dun topónimo recente. Foi un termo que naceu en castelán e que non tivo correlativo en galego, por iso se fai uso do sufixo -illa, alieo á morfoloxía galega, xa que os termos "casiña", "casela" ou "casera" fan referencia a casas pequenas e de pouca calidade.

Lemos, Os (Araño) * En Galícia hai ?

Trátase das terras que pertencían á familia dos Lemos, familia co apelido Lemos. Ou tamén pode ser un xeniticio, a xente que veu da Terra de Lemos (comarca do sur de Luago).

Mirás, As (Araño) * En Galícia hai ?

A orixe deste termo é dubidosa, e varias son as hipóteses que se teñen salientando: termo relacionado coa familia de mirar (Miranda, Miramar...), nome dun poseedor chamado MIRANUS, termo derivado da raíz hidronímica "mir-, mri-, mri-", co significado de "estanque, lago, masa de auga".

Toural, O (Araño) * En Galícia hai ?

O Toural contén un derivado de touro (< lat. TAURUM). Como topónimo adoita facer referencia a curros de gando vacún ou a lugares onde se celebraba unha feira de gando. Con todo, aínda que é menos común, tamén pode facer referencia a unha terra dura para traballar, xa que este é o significado da palabra tourón.

Traba (Araño) * En Galícia hai ?

Traba é un derivado do latín TABULAN que deu taboas no léxico patrimonial. O máis habitual é que este topónimo faga referencia a unha terra plana, chaira, como unha taboa, pero o significado orixinario puido ser relativo ás augas (en Ciudad Real temos As Tablas de Daimiel, que é un humedal).

Varela (Araño) * En Galícia hai ?

Non está moi clara a orixe deste topónimo. Puido ter orixe como alcume dunha persoa a partir dun diminutivo de vara ('ou longo e delgado', ou ben, estamos ante o diminutivo do lat. VALLELLA, a partir de VALLIS 'val'. De ser isto último, a aldea estaría situada nun pequeno val.

Vilar, O (Araño) * En Galícia hai ?

O Vilar procede do latín VILLARE, un derivado de VILLA. Un vilar era na Idade Media unha vivenda no campo ou explotación agrícola coas súas construcións anexas e as súas terras de cultivo.

Xens, Os (Araño) * En Galícia hai ?

Hai quen cre que é un falso corte por Oxén, logo pluralizado indebidamente.

Xufres, Os (Araño) * En Galícia hai ?

Se Xufres está en Porto do Son, Os xufres poden referirse a un grupo de xente daquel lugar que viría instalarse aquí.

Ermida, A (Araño) * En Galícia hai ?

Ermida foi un 'santuario rural', procede da voz latino grega EREMITA, co significado de 'ermitano no ermo'. Neste lugar debeu existir unha ermida dedicada ó culto dalgun santo ou santa. Haberá que investigar de que santo se trataba non caso de que aínda exista este edificio na actualidade.

Pontanova, A (Araño) * En Galícia hai ?

Trátase dun topónimo totalmente transparente, formado polo substantivo ponte (lat. PONTĒM) e o adxectivo nova (lat. NOVAM). Seguro que esta aldea está preto do río, onde se construíu unha ponte nova con respecto a outra máis antiga que xa existía neste mesmo espazo ou noutro tramo do río.

Pousada (Araño) * En Galícia hai ?

Este topónimo fai referencia á existencia dunha pousada a carón dun camiño ou vía de comunicación principal onde se hospedaban os camiñantes e arrieiros. Procede do lat. PAUSATA, participio do verbo PAUSAR, co valor de 'pousar, repousar, descansar'.

Rabado, O (Araño) * En Galícia hai ?

Suponse que vén de rapum latino que significaba nabo e que en galego tamén deu rabo. A terminación ado engade valor colectivo, así podía ser lugar de nabos ou, se a formación é máis tardía ter un significado metafórico a partir de rabo. Existen topónimos coa mesma base: Rabelo, Rabiño, Rabeta, mesmo Rabo de Gato ou de Lobo.

Foxacos (Araño) * En Galícia hai ?

O termo ten ver con foxo (lat. FOVEUM), co significado de 'depresión do terreo'. En toda Galicia é un topónimo moi común, con moita frecuencia aplicado a depresións do terreo. Máis cómpre recordar que os foxos tamén eran as trampas que se usaban para cazar os lobos (FOVEUM LUPALE), polo que pode que existisen neste lugar este tipo de trampas.

2015 DEL LES "Félix Muriel" Rianxo
 Referidos a entidades de poboación

Figura 15b

LUGARES DE RIANXO

¿e ti de onde vés sendo?




A toponimia é unha mostra do noso idioma, nela está a orixe das nosas Letras



PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.rianxofala.com

Figura 16

LUGARES DE RIANXO queres saber deles?



PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.rianxofala.com

Figura 17

realizamos pola vila durante unha mañá do mes de xuño de 2015, na que outro grupo de alumnas e alumnos do Equipo, acompañados de dúas profesoras, explicaban en que consistía o proxecto en diferentes lugares, á vez que colocaban os cartaces e depositaban os trípticos informativos en todos aqueles locais onde pensaban que se podían ler (desde salóns de peiteado a bares, pasando por farmacias ou bancos) (Fig. 18, 19 e 20). En cada un dos establecementos a rapazada presentábase, explicaba a razón da visita, ensinaba os cartaces, pedía permiso para colocalos nun lugar visible, explicaba o contido do tríptico e preguntaba se terían interese en quedar con algúns para que se lesen no seu establecemento. A acollida foi extremadamente positiva, en todos os lugares aceptaron os cartaces e os trípticos, tanto que non puidemos satisfacer a cantidade que nos demandaban⁶.

Con esta acción pechamos a segunda fase do *Proxecto de Toponimia* que aínda se reabriu por un momento nos inicios do curso seguinte, cando unha veciña nos veu pedir os materiais que a súa familia rianxeira, emigrada en Barcelona, vira pola vila e que lles gustaría ter. Tivemos que facer unha nova impresión porque se nos acabaran tanto os cartaces coma os folletos, feito que nos deu para avaliar de xeito positivo a acción e para pechar cun bo sabor de boca.



Figura 18



Figura 19



Figura 20

⁶ A edición dos materiais está limitada polo orzamento que ten o EDLG. Hai dous anos, aínda que conseguíu a contía máxima que a SXPL outorga aos centros, tivo que xestionar todas as actividades e accións do curso con 800 €, diñeiro que permitiu unha edición de trípticos escasa.

O FUTURO?

Esta interrogante non se refire tanto ao futuro da toponimia, que esperamos que se manteña en Rianxo, a pesar da constatación da cantidade de microtopónimos que se perderon coa construción de novas urbanizacións na antiga agra de Rianxiño, lugar no que está encravado o IES; senón que quere deixar no aire o futuro do traballo no ENDLG arredor deste tema.

Temos un par de actividades pensadas para o curto prazo no presente curso 2016-2017, que son focos desta segunda fase. Trátase, por un lado, da adaptación dalgúns dos xogos de toponimia para as actividades de cohesión que estamos a deseñar no programa de Tutoría entre Iguais (TEI) que se desenvolve no centro e do que tamén formamos parte varios membros do ENDLG. Desta maneira aproveitamos para difundir o proxecto entre o alumnado de 1º ESO que chega ao centro, participando tamén o de 3º ESO, quen xa ten algunha información ou coñecemento do tema. Por outro lado temos a idea de que o alumnado grave a pronuncia de todos os topónimos para xuntarlle a cada un un documento de audio.

En mente temos esperar a que a microtoponimia que está recollida xa por expertos se xeorreferencie e así pensar en programar actividades ligadas ás novas tecnoloxías que sexan motivadoras para o alumnado. Alén diso, temos que pensar tarefas nas que eles sexan parte activa no proceso: pensando, organizando, opinando, deseñando, distribuindo... Esa é a filosofía de traballo do noso Equipo e queriamos seguir manténdoa.

Conxugar as ganas de traballar, o interese do tema e a motivación dos axentes que poderían –ou deberían– estar implicados é fundamental para saber se poderíamos arrancar cunha terceira fase. Mais tamén o é o deseño de actividades orixinais e atractivas que respondan aos obxectivos que debe ter un proxecto deste tipo, do mesmo xeito que sería necesario ter asegurado certo orzamento que permita unha edición digna de materiais. No momento en que se proxecte luz suficiente sobre estas cuestións, poderíamos chegar a reabrir o proxecto de novo.

Experiencia de recollida selectiva con alumnos de Silleda

Xoán Carlos García Porral

Como di Anthony Giddens, non hai sociedades nas que os individuos non teñan un sentido do futuro, o presente e o pasado. Toda cultura posúe algún tipo de marcadores espaciais normalizados que indican unha particular conciencia da localización. A orixe deste relatorio na Xornada de Onomástica Galega, atópase na redacción do proxecto titulado *A paisaxe lendaria e toponímica do Concello de Silleda*, que resultou gañador do IX Proxecto Didáctico Antonio Fraguas (Museo do Pobo Galego) en xuño de 2014.

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

A Lei de Patrimonio de Galicia de 1995, no seu artigo primeiro, di: “O patrimonio cultural de Galicia é constituído por tódolos **bens materiais e inmateriais** que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e **IDENTIDADE** da cultura galega a través do tempo”. Neste sentido, as **lendas** e a **toponimia** asociadas a unha determinada zona axudan a definir e conformar a identidade desa comunidade, tanto no ámbito persoal coma no paisaxístico (ver cita do comezo desta páxina). É máis, a través da linguaxe podemos conseguir pasar do **monumento** como soporte da memoria, ao **patrimonio** como soporte da identidade. Así é como a **lingua galega**, na que foron



evolucionando os **topónimos** e transmitíndose as **lendas**, se nos presenta como auténtico **patrimonio**, aportándonos **identidade cultural, social e individual**.

Centramos o noso proxecto sobre dous dos aspectos máis significativos do patrimonio inmaterial que unha comunidade, para definirse como tal, nunca debería perder: as lendas e a toponimia (maior e menor). Dúas son as razóns que nos levan a prantexar este estudo. Por un lado, a **paulatina desaparición dos nosos maiores**, auténticos arquivos de relatos lendarios e herdeiros do porqué dun topónimo. Conforme avanza os anos, a cultura tende a homoxeneizarse; e isto atenta contra un dos valores fundamentais en toda convivencia comunitaria: o diálogo cos maiores. A perda desta interacción trae consigo que lendas e topónimos, antes transmitidos con celo de xeración a xeración, se vaian perdendo. Por outro lado, un aspecto no que poucas veces reparamos pero que se acrecenta nas comunidades rurais como a de Silleda: **o aumento constante das concentracións parcelarias**. Antigos microtopónimos, fixadores dunha experiencia vital e compartida ao longo de décadas, estanse perdendo en aras da cuantificación que trae consigo a fusión de parcelas. O minifundismo do antigo réxime, rico en microtoponimia, deixa paso ao latifundismo do novo réxime, onde os antigos microtopónimos son cuantificados asignándolle un número a cada polígono e parcela e, polo tanto, perdéndose en parte a rica tradición que cada topónimo traía consigo.

Ante esta situación, cómpre emprender un traballo de recompilación de lendas e topónimos que axuden a fixar a raizame histórica e tradicional do pobo de Silleda. Que función teñen as lendas e os topónimos. Vexamos.

Función das lendas

Ao noso entender, as LENDAS son un dos elementos esenciais para fixar na memoria dos membros dun pobo aqueles acontecementos dotados de *relevancia simbólica* por e para eses membros ao longo de décadas. Axúdannos a reproducir *sentimentos de identidade*, establecéndose unha relación entre *pasado recordado e identidade social*. E todo isto nunca época na que a MODERNIDADE rexeita completamente a multiplicidade de ritmos, igualando e cuantificando o tempo coma se fora un obxecto suxeito aos criterios impostos pola sociedade urbana e industrial.

As lendas, como idealización do pasado, van escapando da homoxeneización á que tende a sociedade postradicional actual. O seu recordo, a través dunha memoria xa máis individual ca colectiva, posibilita que os membros dunha comunidade poidan compartir un pasado común e unhas experiencias ligadas a uns espazos significativos e prolongados a través do tempo. É así como as lendas se van convertendo en elementos simbólicos de identificación colectiva. No intre en que eses espazos vaian sendo absorbidos pola modernidade, a memoria, que ten neles o seu soporte, irase desestruturando ata transformarse en esquecemento. E ese esquecemento xerará un baleiro espazo-temporal, un proceso no que as relacións sociais se erradicán das súas circunstancias locais.

Pero unha das vías para contrarrestar este efecto da modernidade atópase no mantemento das lendas. A través delas, os membros dunha comunidade marcan e establecen os tempos, históricos e míticos, do seu pobo. Elas eríxense como marcadores espazo-temporais normalizados, provocando que a comunidade que as mantén adquira unha particular conciencia da súa localización. Nunha época marcada pola marxinalización de todo aquilo que non siga os criterios impostos pola modernidade, o coñecemento e valoración das lendas convértese nun dos elementos clave desde o cal o home pode dar resposta á pregunta pola súa identidade, persoal e comunitaria, autoafirmándose como membro dun pobo.

Por medio das lendas, as persoas poden establecer uns lazos de dependencia con outras persoas e con outras épocas. Poden establecer unhas relacións de confianza que as leve a sentirse seguras nun momento, o presente, no que a modernidade fomenta o individualismo e a homoxeneización mediante a capitalización das relacións sociais.

O papel das lendas como nexos sociais, pon en valor ás culturas premodernas, ás sociedades tradicionais. Nestas, os tempos e os espazos que gozaran dunha certa carga simbólica, contribuían a forzar a biografía non só de cada un dos membros da comunidade, senón tamén do pobo en si mesmo. Esta actitude na que o “eu” se fa construíndo reflexivamente a si mesmo, pode seguir tendo vixencia a través do mantemento e coñecemento das lendas enraizadas no pobo. Para que estes enlaces co pasado non caian no esquecemento, cómpre que as recollan as xeracións presentes, as poñan en valor, e llas transmitan ás xeracións futuras. O mantemento testemuñado deses nexos sociais contribuirá a que as xeracións

vindeiras non cedan ao desarraigo que supón o distanciamento espazo-temporal, introducido pola modernidade, con respecto á época tradicional.

Esa permanencia no tempo das lendas e a súa transmisión, tamén contribuirán a erixir e fortalecer unha sociedade que teña significado para os seus membros; unha sociedade na que o seu pasado goce de valor nun presente sobre o que levantar o seu futuro.

Función dos topónimos

Un papel similar ao das lendas xóganos os TOPÓNIMOS, xurdidos baixo unha dobre coordenada; tempo e espazo:

- a) O TEMPO, como momento oportuno no que transcorre ou se leva a cabo unha acción determinada que...
- b) precisa dun ESPAZO, dun escenario concreto no que se desenvolva dita acción.

A suma de ambas as dúas coordenadas é a que posibilita a asociación de experiencias e tradicións a un espazo, asociación que queda reflectida lingüisticamente a través de topónimos.

Os topónimos permiten unha interacción entre o suxeito que o utiliza e o obxecto que representa:

- a) O OBXECTO dese ámbito experiencial proporcionalle identidade ao suxeito que estea comprometido con ese ámbito.
- b) O SUXEITO, a través dun nome, será quen de dominar o obxecto sobre o cal recae unha experiencia que marca o desenvolvemento da identidade dunha persoa, ou un acontecemento que incide no carácter dun pobo.

É o que se denomina como “modelo topográfico da experiencia humana”, segundo o cal a mente organiza as súas experiencias pola súa referencia a un espazo cualitativo prelingüístico (Fernández 1993: 100) O ser humano precisa sentirse localizado dentro dun espazo e dun tempo concretos no medio da homoxeneización imposta pola modernidade. De aí que a permanencia dos topónimos sexa un dos mellores medios a través dos que *seguir vencellado* ás experiencias e ás tradicións que, desde o pasado, foron axudando a definir a cultura e o ser dun pobo.

O paso dos anos e o abandono dos rituais e das prácticas levadas a cabo nun determinado lugar, van producindo un distanciamento entre a denominación dese espazo e a experiencia que nel se puido dar nun período de tempo concreto, sendo aquela simbolizada, protexida e transmitida a través dun nome.

A LINGUAXE, na actualidade, convérsese nunha auténtica “máquina do tempo”, tal como dicía o antropólogo Lévi-Strauss. E dentro da linguaxe, os topónimos son unha pegada experiencial que pode esvaecerse no espazo e no tempo se non están intrinsecamente conectados coa memoria. Cando empregamos un topónimo non só empregamos unha estrutura lingüística, senón que, a través da memoria e do recordo, mantemos unha experiencia e unha tradición que se atopan distantes no tempo, pero que están presentes na simbolización verbal dun espazo, converténdose nun referente a través do que os membros dun pobo poden acadar e manter a súa identidade.

É así como a toponimia se erixe como ponte perfecta entre o *pasado recordado* e a *identidade social*. A través da toponimia as xeracións presentes poden manter un diálogo co tempo desde un espazo concreto, diálogo que se constitúe como auténtica base de autorrealización e logro dun “eu” auténtico. No “eu” auténtico non só se integran as experiencias da vida, senón tamén aquelas tradicións nas que a sociedade, á que pertence o individuo, representa unha moral, unha cosmogonía e unha historia propias e definidoras.

Baixo estas premisas teóricas quixemos encarar o desenvolvemento deste proxecto: recoller o maior número posible de topónimos e de lendas e ir configurando unha paisaxe lingüística que completara os lindes físicos do concello de Silleda. Como acadar este obxectivo? Vexamos.

2. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS BÁSICAS DO PROXECTO

Este proxecto didáctico, elaborado polo EDL do IES Pintor Colmeiro e levado a cabo durante o curso 2014-2015, considerou como **obxectivos** fundamentais do mesmo:

1. Fomentar o uso da lingua galega como lingua vehicular, tanto oral como escrita, no mapa toponímico do Concello.

2. Eliminar os prexuízos lingüísticos en todos os ámbitos e en toda a comunidade escolar a través da sensibilización idiomática e a promoción da análise crítica dos prexuízos existentes sobre a lingua.
3. Consolidar o galego como lingua habitual.
4. Fomentar entre os familiares e veciños próximos ao noso alumnado o uso do galego cos rapaces valorizando o seu papel como transmisores fundamentais da lingua.
5. Mellorar as destrezas lingüísticas do alumnado e do profesorado e que este maior dominio repercuta de forma efectiva no uso habitual da lingua.
6. Reforzar a dimensión comunicativa e instrumental do galego.
7. Difundir a lexislación actual e facilitar información legal en materia lingüística aos diferentes órganos e membros da comunidade educativa.
8. Implicar o maior número de alumnado posible nesta actividade para que a actuación teña unha maior visibilidade e incidencia.
9. Xerar dinámicas de traballo que supoñan unha toma de contacto e de corresponsabilidade do alumnado, o profesorado e veciñanza de Silleda.
10. Fomentar os valores funcionais, identitarios e diferenciais do idioma.
11. Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.
12. Promover relacións coas sociedades, colectivos e administracións do contorno escolar que teñan incidencia na comunidade educativa.
13. Ampliar os coñecementos sobre a historia oral do Concello de Silleda a través da recompilación de lendas e topónimos.
14. Establecer un diálogo co tempo a través da valorización das tradicións presentes no significado que ten cada topónimo, procurando o porqué do seu uso.
15. Familiarizar ao alumnado cos traballos de investigación cooperativos e co manexo das novas tecnoloxías

Coa nova lei de educación (LOMCE), un dos puntos fortes radica no desenvolvemento e avaliación do traballo en base a competencias básicas. Tendo en conta isto, cremos que neste proxecto tamén conviña desenvolver algunhas destas competencias.

- a) **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.** Leva implícita ser consciente da influencia que ten a presenza das persoas no espazo, o seu asentamento, a súa actividade, modificacións que introducen e a paisaxe lingüística resultante. Supón o desenvolvemento e a aplicación do pensamento lóxico para interpretar a información que se recibe a través dun topónimo ou dunha lenda.
- b) **Tratamento da información e a competencia dixital.** Consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Require o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas partes de descodificación e transferencia. Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual.
- c) **Competencia social e cidadá.** Supón utilizar, para desenvolverse socialmente, o coñecemento sobre a evolución e organización das sociedades. Favorece a comprensión da realidade histórica e social do mundo, especialmente do rural, e da súa evolución a través do diálogo coas comunidades actuais.
- d) **Competencia cultural.** Implica o desexo e a vontade de cultivar un interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural, neste caso inmaterial, da propia comunidade.

3. REALIZACIÓN DO PROXECTO

O traballo de campo na recompilación de lendas e microtoponimia, coordinado polo EDL e organizado e dirixido polo profesorado do Departamento de Lingua Galega, realizouse en distintos puntos xeográficos en función do lugar de procedencia do alumnado do centro, establecendo preferentemente equipos de traballo que interviñeron nos lugares nos que estes viven (aldeas e parroquias).

Tras entregarlle a cada alumno da ESO e Bacharelato un mapa cos espazos xeográficos sobre os que querían traballar, posteriormente procedeuse á fixación dos topónimos nun mapa na aplicación Maps de Google, empregando a seguinte iconografía:

Iconografía dos topónimos e lendas asociadas no Google Maps:

Mapa sobre a microtoponimia do concello de Silleda


- 1) Co símbolo da bágua invertida de cor vermella fixamos as **aldeas e lugares** do Concello de Silleda. Ao picar co punteiro do rato nese símbolo, aparece a etimoloxía dese topónimo e/ou unha lenda asociada ao mesmo:




- 2) Coa forma dun polígono irregular de cor amarela fixamos os **prados, leiras e fincas de monte**. Ao picar co punteiro do rato nese símbolo, aparece a etimoloxía dese topónimo e/ou unha lenda asociada ao mesmo:




- 3) Cun trazo de cor vermella fixamos os camiños, vías e congostras. Ao picar co punteiro do rato nese símbolo, aparece a etimoloxía dese topónimo e/ou unha lenda asociada ao mesmo:




- 4) Co símbolo dunha estrela de cor azul fixamos as fontes, fervezas, pozos, regatos, pontes e muíños. Ao picar co punteiro do rato nese símbolo, aparece a etimoloxía dese topónimo e/ou unha lenda asociada ao mesmo:



- 5) Co símbolo do rombo de cor amarela fixamos lugares emblemáticos do Concello, como **penedos**. Ao picar co punteiro do rato nese símbolo, aparece a etimoloxía dese topónimo e/ou unha lenda asociada ao mesmo:




- 6) Cun círculo de cor morada fixamos as **mámoas** do Concello. Ao picar co punteiro do rato nese símbolo, aparece o topónimo e/ou unha lenda asociada ao mesmo, así como algún aspecto relevante da súa historia:



- 7) Co símbolo dunha estrela morada fixamos os **petróglifos** do Concello de Silleda. Ao picar co punteiro do rato nese símbolo, aparece o topónimo e/ou unha lenda asociada ao mesmo, así como algún aspecto relevante da súa historia:



- 8) Finalmente, cun rombo de cor amarela escura fixamos os **castros** do Concello. Ao picar co punteiro do rato nese símbolo, aparece o topónimo e/ou unha lenda asociada ao mesmo, así como algún aspecto relevante da súa historia:



Todo este traballo pode consultarse nos seguintes enderezos web:

- <https://www.google.es/maps/@42.7005769,-8.2457422,15z/data=!4m2!5m1!1b1?hl=gl>
- <http://silledaasferreiras.blogspot.com.es/>
- <http://www.edu.xunta.es/centros/iespintorcolmeiro/>

Co traballo realizado editouse un libro no que se recollen **1.894 entradas** repartidas do seguinte xeito:

1. Toponimia maior: parroquias e aldeas: 302
2. Microtoponimia e lendas en torno a camiños e terras (prados, leiras, montes): 1.181
3. Microtoponimia e lendas en torno a penedos e augas (fontes, regueiros, muíños, pontes, lavadoiros, fervezas, illas): 253
4. Lendas de temática relixiosa: 18
5. Microtoponimia e lendas sobre a mourindade: 101
6. Lendas e topónimos diversos: 39

Ademais destes contidos, que supoñen a esencia do traballo realizado, o libro conta coa reprodución íntegra do **proxecto** que se presentou ao IX Proxecto Didáctico Antonio Fraguas; uns **apuntamentos histórico-xeográficos** sobre as terras de Trasdeza; e as **conclusións** obtidas con este traballo, das que damos conta no seguinte apartado.

4. CONCLUSIÓNS

1. Clasificación dos topónimos de Silleda segundo as motivacións

Segundo a clasificación que Gonzalo Navaza e Lorena Carrasco fan dos topónimos nos seus traballos (véxase, por exemplo, o estudo *Toponimia do Val de Fragoso: Beade*, Carrasco/Navaza 2014), e atendendo aos seus significados orixinais, podemos agrupar os topónimos das parroquias e aldeas de Silleda nas seguintes clases:

1. Orotopónimos ou topónimos que fan referencia á orografía, ao relevo e á constitución do terreo: *Covas, O Outeiro, A Pena, O Aгриño, O Coto, O Outeiriño, A Cova, Requeixo, A Chaira, Chapa, Cornado, Penido, O Barral, Camporrapado, Os Chaos, A Pena, Dornelas, Barreiro, Bustelo, Outeiro, Rañadoiro, A Somoza, Pedrouzo, Penalta, A Gandarela, A Calvela, Costela, O Campo, O Barro, Besteiros, O Monte, A Lama, Barradaos, Barro, Penadagra, A Pereira, O Pereiro, Manduas, Cóscaros, Torrón, A Peroxa, Laro, Cira, Pedralaxe, A Moa, O Barral...*
2. Hidrotopónimos ou topónimos que fan referencia ás augas: *Breixa, Breixiña, O Regueiro, A Braña, Augacai, Férveda, A Penadauga, O Fontao, A Goleta, Riobó, A Viña, Riocalvo, Redemuíños, Trasfontao, A Gouxa, Fonteboa, A Mera, Carral, A Regueira, Fontefría, Fontelas, Río, A Lameira, Lamela, A Veiga, Cervaña, Barcia...*
3. Fitotopónimos ou topónimos que fan referencia á vexetación: *A Bouza, Reboreda, A Carballeira, Rosedo, O Souto, A Codeseira, Freixeiro, O Carballo, Souto Nogueira, Piñeiro, Portapiñeiro, O Espiño, A Cañoteira, Toxa, Carballeda, Reboredo, Carracido, Lourás, Xestoso...*
4. Zootopónimos ou topónimos que fan referencia á fauna: *A Coelleira, Rendo, Corveira...*
5. Haxiotopónimos ou topónimos que fan referencia aos santos e aos cultos relixiosos: *A Cruz, Eirexe, Santa Baia, Xubín, San Martiño, Santo Antonio, Santa Mariña, Santa Cristina, O Sino, San Tirso, San Fiz, San Xosé, O Cruceiro...*
6. Topónimos relacionados coa agricultura, cos tipos de poboamento e con outras obras e actividades humanas: *O Castro de Breixa, Carboeiro, Carboeiriño, O Castro, O Tellado, Vilavella, Os Currás, O Curro, Sobrado, Vilacalva, Vilar, O Burgo, O Portiño, A Zanca, Paredes, Portovello, Senra, Costoia, A Casela, Vilariño, Vilanova, Cabana, A Meda, Ribas, A Ponte da Pedra, Ribeirao, Fornería, Oleiros, A Malata, Pazos, Currás, Castrocastríño, Cuiña, Trasdosiso, Currospedriños, A Pallota, Tixoa, Maragouzos, O Currelo, Casas do Monte, O Foxo, Trasdovalo, Carboeiro de Francia, Cortegada, Cortegadela, A Devesa,*

Sestelo, O Couto, Bascuas, Quinteiro, Cumbraos, Medelo, Xastres, Santifoga, Rellas, Reguenga, O Marco, Mourelos, Quintela, A Torrevedra, Moimenta, Mazarelos, Taboada, Taboada Vella, Quintás...

7. Antropotopónimos ou topónimos derivados de nomes persoais: *Abades, Bazar, Campomarzo, Ansemil, Alfonsiños, Ouzande, Cardigonde, Framiñán, Regalade, Segade, Romanín, Cascaxide, Soldecasa, Aragonza, Fiestras, Maril, Merín, Ervixe, Gorís, Galán, Pelures, Sante, Bravil, Crestelle, Vilaverde, Gamil, Marixe, Marixe de Abaixo, Casamaria, Moalde, Xindiriz, Negreiriños, Negreiros, Marza, Castramonde, Carderrei, Meixomence, Rosende, Vis, Casardoño, Margaride, Caxeba, Cartimil, Siador, Cardesín, Toiriz...*
8. Topónimos viarios, relativos ás vías de comunicación: *A Cruz* (como cruce de camiños), *A Brea, A Revolta, Forcas, A Calzada, Paradela, Pena do Camiño, O Portapazos, Parada, A Portela, Portodabalde, Ponte, A Estación, Portapiñeiro, A Ponte Taboada...*
9. Topónimos difíciles de encadrar: *Arcos, Letros, Ferrosos, Escuadro, Fucarelos, Lis, A Bandeira, Sachocos, Balántiga...*
10. Nun último apartado poderíamos incluír os topónimos que responden a motivacións distintas das expresadas nos anteriores: posición relativa (*Fondevila, Cimadevila, Mediodaldea, Aldea de Abaixo, Aldea Grande, Cabodevila*), formas das propiedades (*O Redondo, Rabo de Gato*), topónimos relacionados coa vixilancia do territorio (*Altamira, Costoia*), e topónimos realtivos a un alcume (*Barravaite*).

2. Os topónimos: simbolización lingüística dos espazos

A consideración que neste traballo facemos sobre a toponimia, obedece á importancia que esta ten á hora de sintetizar experiencias culturais, laborais e persoais, que dan identidade e personalidade ás terras que serven de base para o noso estudo: as de Silleda. Así, a análise da toponimia e da microtoponimia convértese nun importante método de investigación para tentar clarear o uso da linguaxe como medio de simbolización das experiencias acontecidas nun

espazo determinado, e que, a través da toponimia, ofrece una base na que asentar a procura da identidade cultural dun pobo.

Di Rodríguez Campos no seu ensaio *Lingua, linguaxe e experiencia* que “a simbolización lingüística dos espazos forma parte dunha experiencia cultural consistente en representar nos espazos aquelas experiencias que para nós teñen significados profundos. Por iso pode ser preciso darlle unha identidade lingüística a cada lugar” (2001: 26). Nesta liña quere ir encamiñado o estudo que tentaremos realizar neste apartado, atendendo ao presuposto de que os nomes dun espazo non son aleatorios, senón que levan consigo un significado, xa sexa histórico, xeográfico, ou simplemente referente ao uso práctico e á calidade dun terreo. A clasificación dos topónimos farémola tomando como base da mesma tres criterios: a calidade e uso práctico (produción) dun terreo, xunto co nome que recibe un espazo, e que non fai referencia ao que na actualidade se leva a cabo nese lugar; os topónimos que serven para conservar a memoria popular da historia da cultura do pobo; e os topónimos que fan referencia ás condicións xeográficas dun determinado espazo.

2.1. Topónimos como sinalizadores do uso e calidade do terreo

Non cabe dúbida de que os nomes dos espazos condicionan a percepción que temos das súas calidades e dos usos prácticos que facemos deles. Tanto é así que *o uso que se lle dá á terra*, en determinadas ocasións, *depende do nome que teña por tradición*, sendo totalmente independente neste feito a calidade que un terreo posúa. E dicir, dependendo de cal sexa o seu nome, así serán os seus fins. Neste senso, incluíriáanse dentro desta primeira clasificación topónimos como *A Pataqueira* (Abades), *Searas* (Cortegada), *Coto das Noces* (Fiestras), *O Agro e Nabal* (Graba), *O Prado da Herba* (Moalde), e calquera das moitas fontes e lavadoiros que existen nestas terras.

En canto á *calidade dos terreos*, existen topónimos que fan unha clara referencia a este aspecto. Así, utilízanse nomes coma o de *A Pedreira* (Cervaña), *Braña* (Cira), *Carpazal*, *Campelo* e *Codeseira* (Escuadro), *O Barriño* (Graba), *A Cascalleira* (Lamela), *A Carrasqueira* (Moalde), *Os Croiños* (Negreiros), ou *A Gandareira* (Ponte).

Seguindo nesta mesma liña, tamén é preciso facer referencia aos topónimos que *non significan o uso que a algúns terreos se lles está dando na actualidade*, pero que si seguen a manter a denominación tradicional, facendo referencia a usos que a terra tivo no pasado, e que na actualidade nos serven para lembrar a memoria dos traballos labregos. Incluímos primeiramente os espazos que son coñecidos por un nome que facía referencia ao produto que antes se acadaba nestes lugares, e que agora xa non se dá. Topónimos como *O Carballal e Salgheiro* (Abades), *A Sobreira* (Ansemil), *A Fonte das Trigueiras* (Cortegada), *Castañal* (Graba), *As Maceiras* (Lamela), *Prado do Barro* (Parada), *As Barreiriñas* (Ponte), *A Nogueira* (Saídres), ou *O Estivadeiro* (Taboada).

Á marxe destes topónimos que xiran en torno ao tipo de produción, atopamos en Silleda un grupo de nomes referentes a *construcións* ou a *materiais* empregados para realizalas. En canto ás primeiras atopámonos con nomes como *O Valo* (Abades), *O Palomar* (O Castro), *Cabanavella* (Escuadro), *Portagradín* (Laro), *Chousa do Muíño* (Negreiros), *O Porto do Río* (Cortegada), *Ponte da Troita* (Parada), ou *Os Muíños* (Ponte). En canto aos topónimos referentes aos materiais usados para as construcións temos exemplos coma o de *Coto das Moas* (Breixa), *Pedreira* (Graba), ou *Os Barreiros* (Ponte).

Non cabe dúbida que conservar o uso destes nomes na lingua ordinaria lembra unha etapa importante dentro da historia de Trasdeza, tanto no eido da construción coma no do traballo das terras e montes.

2.2. Os acontecementos do pasado como referentes de topónimos

Unha segunda asociación de topónimos ven marcada pola conservación que a través dos mesmos se dá da *memoria popular da historia da cultura do pobo*. Os nomes de lugar aquí agrupados provocan que os veciños manteñan as súas orixes enraizadas en acontecementos históricos puntuais que tiveron unha especial relevancia dentro do ámbito comunitario (Rodríguez 2001: 24). Nomes coma *Agro da Fame*, *Alto da Forca* e *Coto do Santo* (Abades), *Chousa das Mulas* (Breixa), *A Telleira* (O Castro), *Camiño dos Arrieiros* (Manduas), *Fonte do Piollo* (Parada), *O Penedo de Penouxil* (Pazos), ou *Coto dos Fueghos* (Taboada),

son exemplo de acontecementos pretéritos que se perpetúan no presente a través da toponimia.

Dentro deste apartado temos que facer especial mención a nomes que, coma por exemplo *Copa do Castro* (O Castro) ou *A Eira dos Mouros* (Laro), van vencellados aos xacementos arqueolóxicos da prehistoria (mámoas, petróglifos e castros). Unha gran maioría deles fan referencia aos “mouros” como habitantes dos castros. Estes “mouros”, segundo a tradición popular, desempeñaban tres actividades fundamentais: *construtores dos castros*, *gardiáns de tesouros* e *face-dores de actividades semellantes ás humanas* na súa vida diaria. Chega con ler o apartado dedicado á microtoponimia e ás lendas da mourindade para darnos conta da importancia que estes relatos tiveron e teñen no imaxinario popular destas terras.

Non cabe dúbida de que todos os topónimos englobados dentro deste apartado fan referencia a acontecementos importantes de Silleda, importancia que está posta de manifesto no mantemento destes nomes dentro da linguaxe ordinaria. A utilización destes termos por parte dos veciños leva implícita unha carga sentimental e nostálxica, facendo presente un feito acontecido no pasado ou recordando a antiga situación dunha construción. É así como se exemplifica o lugar destacado que a toponimia ten dentro da memoria popular á hora de conservar a historia da cultura dun pobo coma Silleda.

2.3. As características físicas do espazo como referentes de topónimos

Unha última clasificación establecémola en base a aqueles topónimos que levan consigo unha referencia ás *características físicas dun determinado lugar*. Nomes coma os de *O Inferniño*, *O Monte da Costa* e *As Pozas* (Abades), *Monte de Penas* (Breixa), *Penas* (O Castro), *As Lagoas* (Cira), *Os Penedos* (Moalde), *O Coto das Laxes* (Ponte), *A Chaira* (Saídres) ou *A Fervenza* (Escuadro), así o testemuñan.

Un segundo grupo de topónimos ven dado pola *altitude dun determinado lugar*. A través de nomes coma os de *O Monte do Outeiro* (Cervaña), *Os Cotos* (Escuadro), *O Cotiño* (Graba), *Coto Pequeno* (Moalde), *Monte de Sopena* (Abades)

ou *Outeiro Darriba* (Margaride), temos xa una primeira idea de como son esas terras sen velas.

Finalmente atopámonos con topónimos referentes á *forma dun espazo*. *Penedo Redondo* (Cervaña), *Campiño*, *Chaira* e *A Revolta* (Cortegada), *Campo-grande* e *Outeiriño Longo* (Graba), *A Casa de Xan de Gavián* (Parada), *Chousa Grande* e *Longras* (Ponte), *A Fonte dos Ollos* (Moalde) ou *A Cadeira da Raiña* (Silleda), son nomes que nos describen as formas que teñen esas tenzas, fontes ou penedos.

Esta última clasificación, xunto coas anteriores, é un exemplo máis de cómo a linguaxe, a simbolización lingüística dos espazos, forma parte da experiencia cultural e social dun pobo. A xente, xeración tras xeración, non só foi representando nos espazos aquelas experiencias que para eles tiñan un significado profundo e especial, senón que, na maior parte dos casos, esa plasmación dun feito nun topónimo e o mantemento deste na linguaxe ordinaria, permítenos localizar, recordar e analizar cal é o valor que para os veciños actuais do Concello de Silleda teñen as historias e os datos agachados tras un simple nome dun lugar.

3. O uso e o mantemento dos topónimos no proceso de identidade cultural e persoal

A cultura e a historia vanse conformando a base de asociacións entre as que destacan os topónimos e os microtopónimos como manifestacións de experiencias e do folclore dun determinado lugar. A importancia que a linguaxe adquire como camiño que conduce ata o coñecemento e a análise dos acontecementos dun pobo, pona de manifesto James Fernández cando di que “todo antropólogo sabe que a boa etnografía é sensible ás figuras locais da linguaxe, sendo a principal de todas a metáfora” (Fernández 1993: 90). Un simple nome de lugar pódenos transmitir cantidade de imaxes, noticias, datos e historias. Pero tamén nos pode acercar, ao mesmo tempo que o salva e protexe, ao proceso experiencial que se atopa detrás de cada un deses microtopónimos. Cando os nosos antepasados lle daban nome a un monte, a un agro ou a un regueiro, estaban salvagardando con ese termo unha esencial intimidade que vai unida a todo proceso experiencial, e

que vai definindo, dando identidade e caracterizando a un pobo e aos membros que o compoñen (Fernández 1993: 90).

Tomando de novo como referente a Fernández Mac Clintock, podemos dicir que un nome dun lugar permite unha interacción entre o suxeito que o utiliza e o obxecto que representa, “dando este identidade a aquel, e tratando o primeiro a súa vez de dominar o obxecto mediante un novo predicado” (Fernández 1993: 97). E dicir, o obxecto dun determinado ámbito experiencial proporcionaralle identidade ao suxeito que estea comprometido con ese ámbito; así mesmo, o suxeito, a través dun nome, será quen de dominar o obxecto sobre o cal recae ou ben unha experiencia que marca o desenvolvemento da identidade dunha persoa, ou ben un acontecemento que incide no carácter dun pobo. É o que se soe denominar como “modelo topográfico da experiencia humana”, segundo o cal a mente organiza as súas experiencias pola súa referencia a un espazo cualitativo prelingüístico (Fernández 1993: 100).

Neste senso, os microtopónimos existentes no Concello de Silleda reflexan a gran importancia que o mundo do campesiñado tivo ao longo da historia nestas terras. A produtividade dun agro, a vexetación existente nun determinado espazo, a morfoloxía xeográfica dunha zona particular, ou a bonanza das leiras para cultivar uns ou outros produtos, foron motivos suficientes para que os habitantes desta parroquia rural puideran ir organizando e fixando as súas experiencias persoais, laborais e culturais anteriores a calquera denominación lingüística do espazo, a través dos nomes que lles foron dando a cada un deses lugares cargados de significado para eles e de identidade para o pobo. A estes nomes indicativos do principal modo de vida do municipio, cómpre engadirille os que fan referencia a acontecementos históricos acaecidos en Silleda. A distribución dos topónimos dentro destes dous grandes grupos axúdannos a definir o carácter destas terras e a sinalar un dos posibles eixes no que os seus habitantes poden acadar a súa identidade.

Todo este uso e mantemento dos microtopónimos adquire maior valor e importancia no proceso de identidade persoal cando se produce no ámbito rural, que está a sufrir unha gran modernización non só nos sistemas produtivos gandeiro e agrícola, senón tamén na crecente orientación laboral cara aos sectores secundario e terciario. O individualismo, o dinamismo e o capitalismo, caracterís-

ticas da modernidade, non son quen de derrubar a necesidade que o ser humano ten de sentirse localizado dentro dun espazo e dun tempo (Giddens 2000: 28). Toda cultura posúe algún tipo de marcador espacial normalizado, aínda que nas culturas premodernas o tempo e o espazo vinculábanse por medio da situación dun lugar (por exemplo, *A Copa do Castro* como *lugar* referente á xente –*mouros*– que nel habitou nun *tempo* determinado), ou a través da realización de actividades ordinarias da vida cotiá (por exemplo, *As Barreiriñas* –Ponte– como *espazo* do que nunha determinada *época* se adquiría o material necesario para as construcións).

Na actualidade, aínda que segue a existir conciencia de localización, o *espazo* e o *tempo* están a sufrir un acelerado distanciamento, introducido pola modernidade. Como di Giddens, “o ‘cándo’ das accións está directamente vinculado ao ‘ónde’, pero non, como nas épocas premodernas, pola mediación do lugar” (Giddens 2000: 30). Aquí é onde entran de cheo os topónimos e os microtopónimos, xa que estes, herdados do noso pasado, establecen unha relación entre o “ónde” e o “cándo”. Houbo unha época na que a relación espazo-tempo, posta de manifesto nos diferentes nomes, estaba vinculada a un lugar concreto, a un acontecemento, ou a unha actividade da vida cotiá. Os anos e as xeracións creadoras daqueles topónimos pasaron, producíndose un distanciamento entre a denominación dun determinado *espazo* e a experiencia que nel se puido dar nun período de *tempo* concreto, sendo aquela simbolizada, protexida e transmitida a través dun nome. É así como a linguaxe, na actualidade, se converte nunha auténtica “máquina do tempo”, cualificativo definitorio que lle aplicou Lévi-Strauss e que recolle Giddens en *Modernidad e identidade del yo* (Giddens 2000: 37).

Pero a verba falada (o topónimo) é unha pegada experiencial que se esvaece no espazo e no tempo se non está intrinsecamente conectada coa *memoria*. Cando dicimos “Porto do Carro”, non só empregamos unha estrutura lingüística, senón que, a través da memoria e do recordo, mantemos unha experiencia que se atopa lonxe no tempo, pero que está presente na simbolización lingüística dun espazo, converténdose así nun referente no que os membros dun pobo poidan acadar a súa identidade.

BIBLIOGRAFÍA

- Carrasco, Lorena e Gonzalo Navaza (2014): *Toponimia do Val do Fragoso. T. 3: Beade*. Vigo: Universidade. Disponible en liña: <http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2014/06/Toponimia-3-Beade.pdf>
- Fernández Mac Clintock, James M. (1993): “La misión de la metáfora en la cultura expresiva”, *Agora* 12-I, 89-124.
- Giddens, Anthony (2000): *Modernidad e identidad del yo*. Barcelona: Ediciones Península.
- Rodríguez Campos, Xaquín (2001): *Lingua, linguaxe e experiencia. A perspectiva antropolóxica e as implicacións filosóficas*. Santiago de Compostela: Universidade.

III

Toponimia e documentación

Toponimia e documentación. Recursos documentais na rede /
/ LUZ MÉNDEZ

Recursos documentais na rede e toponimia local / GONZALO NAVAZA

Toponimia e documentación. Recursos documentais na rede

Luz Méndez

Aínda que a toponimia maior de Galicia –os nomes das entidades de poboación– está oficializada e normativizada segundo as normas da ortografía e da gramática modernas polo menos desde a publicación do actual *Nomenclátor de Galicia*, no ano 2003, o proceso aínda non concluíu e na actualidade este *Nomenclátor* está en revisión. Este traballo de normalización que a lingua e o país tiñan pendente debe ter como obxectivo a recuperación das formas propias a partir da súa adecuación á fala e ao sentir dos galegos que residen nos lugares que eses nomes xeográficos denominan e a partir da súa tradición escrita. Do mesmo xeito, tamén está aínda pendente o rexistro do inmenso número de nomes de lugares menores (terras, camiños, elementos singulares etc.) que xunto cos macrotopónimos constitúen un importante e singular patrimonio inmaterial.

Non obstante, como é ben sabido, poucos séculos despois do xurdimento escrito do romance galego, este viuse alterado, sobre todo a partir do s. XVI, por unha incipiente castellanización dos textos da man de persoas foráneas traídas a rexer os principais órganos administrativos da época e a lingua oral quedou relegada ao ámbito familiar. Alén diso, a correcta determinación dos nomes de lugar tórnase máis complexa polas variedades dialectais e as vacilacións fonéticas dunha lingua coma a nosa que careceu dun código de escritura estable e propio ata a época moderna. Sobre todas estas cuestións e outras de importancia para coñecer os principais problemas da nosa toponimia escribiu polo miúdo xa hai uns poucos anos o profesor Antón Santamarina (2002).

A utilidade de recorrer aos textos antigos para atestar vellas formas e grafías dos topónimos é innegable para os filólogos e abonda con mencionar tres argumentos:

1. Estes documentos ofrécennos unha achega importante sobre a idade dos nosos nomes de lugar

2. Axúdannos na reconstrución da historia do topónimo e fornécennos hipóteses sobre o étimo
3. Son en moitas ocasións de grande axuda para a proposta normativa actual, pois, aínda que con grafías medievais distintas das actuais, preséntanse en formas aínda non alteradas polas castellanizacións que sufriu a lingua.

Dieter Kremer (2007: 13) afirmou que o valor da nosa documentación histórica –“extraordinariamente rica e apenas investigada”– é tal, que en si mesma forma parte do importantísimo patrimonio onomástico de Galicia e o seu estudo é unha das grandes tarefas nacionais.

Os novos tempos e as tecnoloxías da información permiten agora que a conservación, a difusión e o acceso a datos históricos sexan moito máis doados e iso facilita a consulta dunha gran cantidade de documentos. En palabras de López Yepes (1998: 99-124) que, para o ámbito español, describe as fontes de documentación histórica e a súa tipoloxía:

las bases de datos históricas –es decir, la información historiográfica en soporte electrónico– han venido a revolucionar el panorama de la investigación al permitir la posibilidad de controlar ingente material y, sobre todo, al lograr la facilidad de acceso en la forma más conveniente al investigador, material que puede componerse de referencias bibliográficas, datos cuantitativos, hechos o acontecimientos concretos o textos íntegros. En este último caso se trataría de facilitar las auténticas fuentes para el trabajo histórico.

Nós, nas liñas a seguir, imos enumerar e describir brevemente –xa que a claridade das interfaces lle permite a calquera usuario explorar todas as posibilidades de uso– unha serie de bases de datos históricas, pertencentes ou non a arquivos, dispoñibles na rede, nas cales podemos encontrar apoio documental para a onomástica galega e, en particular, para a toponimia.

A súa procedencia é variada, case sempre de centros de investigación, universidades ou arquivos históricos e tamén distinto o tipo de material que nos ofrecen e a lingua da mensaxe que obtemos como resultado.

Algunhas destas bases históricas recollen a información procedente de documentos editados públicos ou reservados, isto é, que non se deron a coñecer mediante publicación impresa divulgada. Outras presentan só un resumo, un rexesto, do contido dos documentos, fosen estes publicados ou non, pero ademais,

en ocasións reproducen a imaxe dixital dos orixinais, o que lle permite ao investigador coñecer de primeira man a fonte histórica. Estas últimas bases proceden de arquivos físicos, polo que tamén se pode ir presencialmente consultar outros manuscritos ou impresos reservados que aínda non se dixitalizaron.

Dada esta diversidade, presentamos estas bases históricas atendendo ó seu ámbito xeográfico.

1. ARQUIVOS GALEGOS

1.1. *Corpus Documentale Latinum Gallaecia* [<http://corpus.cirp.es/codolga/>]

O *Corpus Documentale Latinum Gallaecia* (CODOLGA) é un proxecto de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades que recolle a documentación en latín da Gallaecia, presentada nunha ampla base de datos con máis de 8.000 documentos publicados ou de edición reservada de fontes dispersas e inéditas. Cómpre rexistrarse na web para ter acceso.

A fiabilidade da información obtida depende da fiabilidade do editor, que non sempre ten pretensións filolóxicas. Xa que os textos están en latín, os topónimos non sempre terán a forma actual polo que debemos ter en conta as posibles formas nesa lingua (p. ex. *Lucu, Luco, Lugo*). A consulta dun termo, no caso que nos atinxe un topónimo, ofrece o resultado de todas as veces que este aparece nunha obra. Xa que se permite a busca con operadores booleanos, podemos substituír por estes un ou varios caracteres para poder obter con maior facilidade as posibles variantes gráficas ou morfolóxicas. O resultado que se ofrece é o do termo buscado, nun contexto limitado a unha liña de texto. A inclusión na busca doutras palabras moi comúns, coma preposicións ou conxuncións (*in, et, de*) permite conseguir contextos algo máis amplos, aínda que non sempre lineais. Lamentablemente, outras opcións de busca como “frase exacta” non funcionan ben.

Esta base de datos histórica permitíranos conseguir as atestacións máis antigas dos nosos nomes de lugar e moitas veces nas formas máis próximas ás etimolóxicas.

1.2. *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*

[<https://ilg.usc.es/tmilg>] e *Corpus Xelmírez* [<http://sli.uvigo.gal/xelmirez/>]

O *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG) forma parte dun proxecto meirande, o *Corpus Xelmírez*, que veremos a seguir, froito do traballo de investigadores das Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo e do Instituto da Lingua Galega. Nesta base de datos histórica recóllense, a partir de edicións impresas e, en menor medida, inéditas, máis de 16.000 unidades representativas da tipoloxía textual galega da Idade Media. Cómpre rexistrarse na web para ter acceso.

Coma no caso do CODOLGA, a fiabilidade dos textos depende en moitos casos das intencións dos editores, aínda que moitos seguen criterios filolóxicos e algunhas obras foron revisadas tamén por filólogos.

Nas buscas permítese a opción dunha e/ou varias palabras, por operadores booleanos e tamén a opción “frase exacta” e os resultados consisten nunha serie de variables dos termos buscados (con/sen acento; con minúscula/maiúscula inicial...), moi útiles cando un topónimo é tamén voz común (cf. *outeiro* / *Outeiro*) e as correspondentes concordancias nun contexto máis ou menos amplo, en función da lonxitude do parágrafo onde se insire(n) a(s) palabra(s) buscada(s).

Desta base, en xeral e agás nos textos tardíos, poderemos extraer as formas máis propias, do momento da historia da lingua en que esta mantiña todo o seu esplendor e non se vía aínda contaminada polo castelán. Moitos dos nosos topónimos aínda sobreviven coa forma que xa adoptaran nesa época e, dado que non están lematizadas as palabras haberá que procurar buscar a partir das posibles grafías medievais (p. ex.: *Ribadabia*, *Ribadauia*, *Riuadauia* etc.; *Jgreja*, *igreja*, *igreia* etc.).

O *Corpus Xelmírez* é un proxecto que abrangue á súa vez varios subproxectos divididos en función da lingua empregada nos textos e dos territorios onde se produciron os documentos. De momento só é independente o atrás mencionado TMILG. En consecuencia, as buscas feitas no *Corpus Xelmírez* (CX) ofrécennos resultados de textos elaborados en Galicia na Idade Media en latín, galego, portugués e castelán e, en menor medida, pois o traballo está menos desenvolvido, textos en latín e portugués feitos en Portugal.

Así coma nas bases anteriores, pártese de edicións de textos, polo que a súa fiabilidade correspóndense coa fiabilidade do editor.

A pantalla de buscas é moi sinxela e só permite unha pescuda xeral, con ou sen operadores booleanos. Os resultados ofrecen a palabra ou grupo de palabras (sempre as considera “frase exacta”) no contexto do parágrafo en que están inseridas no texto. Non é preciso rexistrarse para acceder a esta base.

1.3. *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* [<http://ilg.usc.es/itgm/>]

Froito do *Corpus Xelmírez* naceu o *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM) que recolle o material toponímico da documentación galega recollida nese corpus. É un proxecto aínda en desenvolvemento que, segundo se explica na web, na fase actual ofrece o baleirado dos nomes de lugar galegos e estranxeiros de arredor de 1250 instrumentos de 7 coleccións documentais multilingües¹.

A busca non permite o uso de operadores booleanos pero devólvenos termos exactos ou que conteñen ou rematan nunha cadea gráfica e ademais permítense pescudas a partir dunha área xeográfica ou da tipoloxía do elemento toponímico. A grande novidade fronte outros arquivos, á parte da especialización toponímica, é que a consulta se pode facer a partir das formas actuais ou das formas medievais dos topónimos, polo que tanto nos pode axudar a interpretar unha forma encontrada nun texto medieval como a encontrar testemuños de nomes de lugar modernos.

Non se ofrecen imaxes e o corpus é polo momento bastante limitado.

1 Son as seguintes obras: Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (2007): “Cinco documentos del notario compostelano Domingo Pérez”, en María del Val González de la Peña (ed.): *Estudios en memoria del profesor Dr. Carlos Sáez: Homenaje*. Alcalá de Henares: Universidad, 319-326. Sánchez Sánchez, Xosé M. (2002): “Unha Primeira pedra: documentación inédita de San Xusto de Toxosoutos”, *Compostelanum* 3/4, 413-438. Pérez Rodríguez, Francisco Javier (ed.) (2004): *Os documentos do tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Tato Plaza, Fernando R. (ed.) (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Zapico Barbeito, Pilar (ed.) (2005): *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens: edición e estudo*. Noia: Toxosoutos. Cal Pardo, Enrique (ed.) (1999): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Transcripción íntegra dos documentos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Cal Pardo, Enrique (ed.) (1985): “El monasterio de dueñas de Santa Comba de Orrea (Lugo)”, *Estudios Mindonienses* 1, 13-81.

1.4. *Galiciana. Arquivo dixital de Galicia* [<https://arquivo.galiciana.gal>]

Este arquivo é parte dun proxecto máis amplo que incluírá tamén o portal *Galiciana. Biblioteca de Galicia* (na actualidade nun sitio web á parte) e un futuro *Galiciana. Museo dixital de Galicia*. Á súa vez, o proxecto *Galiciana* participa en *Hispana* e este en *Europeana*, a plataforma dixital da herdanza cultural europea.

Galiciana permite a consulta de textos históricos galegos depositados no Arquivo do Reino de Galicia, nos arquivos provinciais e municipais así coma noutros organismos da administración ou mesmo eclesiásticos, coma o Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Contén documentos datados desde o século IX ata a actualidade.

Na busca dun termo, un topónimo no noso caso, ofrécese como resultado todo aquel documento que o recolle no resumo do seu contido ou/e na ficha de catalogación, con indicación do arquivo histórico físico ó que pertence. Pódense facer buscas avanzadas que permiten restrinxir o arquivo de busca, a data etc. En ocasións, facilítase a imaxe dixitalizada do documento, obxectivo último de *Galiciana*, non obstante aínda nunha fase moi primaria, polo menos de cara ó público.

Como as buscas se fan a partir de rexestos e fichas catalográficas, a forma do topónimo buscado pode non corresponderse coa forma que presenta no orixinal, polo que sempre que se dispoña da reprodución dixital do documento deberíase comprobar se a lectura proporcionada nos datos arquivísticos é correcta. Doutro xeito, o investigador sempre se poderá dirixir ao arquivo físico onde se depositan os fondos e consultar os orixinais.

É de acceso libre e, polo tanto, non é preciso rexistrarse.

1.5. *Arquivo Histórico Universitario da USC* [<http://www.usc.es/gl/servizos/arquivo/>]

O Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (AHUS) contén documentos desta Universidade e doutras procedencias, que abranguen un período que vai desde antes da súa fundación a finais do século XV pero relacionados con esta (propiedades, doazóns etc.), ata o século XX. A finalidade deste arquivo histórico *online* é servir de apoio á investigación e á docencia. O acceso está restrinxido á

introdución dun nome de usuario e un contrasinal, pero estes facilítanse na mesma web, onde tamén se informa das condicións de uso e reprodución.

A busca dun ou varios termos (non permite pescudas de “frase exacta”) ofrece como resultado carpetas en que se agrupan unidades documentais complexas (tomos, coleccións documentais, libros de actas etc.) que conteñen esa palabra ou palabras no rexesto do documento. Isto dificulta a localización da unidade simple en que figura, xa que, moitas veces as carpetas poden albergar centos ou miles de imaxes e o web, obsoleto e que só funciona ben con versións antigas do navegador Explorer, só ofrece dez imaxes de documento en cada pantalla (Véxase o anexo final deste artigo para aprender atallos).

Non funciona con operadores booleanos e tampouco discrimina maiúsculas e acentos. A fiabilidade do termo buscado depende da transcripción no resumo do contido da unidade documental, que non sempre coincide coa palabra escrita no orixinal.

Non obstante, esta base de datos histórica é unha das que ofrece un maior número de documentos dixitalizados, o que permite comprobar facilmente se o texto se corresponde coa forma buscada.

1.6. *Arquivo da Catedral de Santiago* [<http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac>]

O arquivo catedralicio santiagués (ACS) é privado e de titularidade eclesiástica e conserva a documentación da sé catedralicia e doutras institucións relacionadas con ela. Reúne principalmente fondos que van desde o século XV ó XIX, parte deles dixitalizados.

As buscas remiten á ficha catalográfica, polo que os termos devoltos correspóndense co escrito polos traballadores do arquivo e non sempre coinciden coas formas rexistradas no documento orixinal polo que, sempre que se poida, débese acudir á reprodución dixital para comprobar a lectura ou á sede física do arquivo, no propio edificio da Catedral, para ver o orixinal. Por esta mesma razón, podemos obter resultados alleos ó propio contido do documento (p. ex., na busca do topónimo deturpado *Seijas*, sairannos resultados das notas de arquivo relativas ao apelido da persoa descritora dalgúns documentos, o que non significa que estes conteñan o topónimo).

O acceso a esta base de datos histórica é libre e na mesma web pode encontrarse información sobre a visita ó arquivo e as normas de reprodución dos documentos que alí se custodian.

A navegación é doada e tamén o acceso ás imaxes.

2. ARQUIVOS ESPAÑOIS

2.1. *Corpus Diacrónico del Español* [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>]

De xeito similar ós nosos CODOLGA e TMILG, para o ámbito hispánico (na acepción de países e culturas que nalgún momento da súa historia foron de fala española) dispoñemos do CORDE, unha base de datos creada con textos editados que van desde o século IX ata o terceiro cuartel do século XX.

Sobre todo nos textos máis antigos, aqueles que van ata finais da Idade Media, que xeralmente son textos notariais de coleccións documentais de mosteiros ou textos de chancelerías reais, podemos en ocasións encontrar referencias á nosa onomástica tanto persoal como toponímica, froito do papel de Galicia naqueles tempos da historia peninsular; con todo, seguramente non se debe tratar dun repertorio moi amplo.

Dado que proveñen de edicións ás veces feitas sen rigor filolóxico, a fiabilidade do resultado obtido virá dada pola fiabilidade do editor. As buscas pódense limitar temporalmente e discriminanse maiúsculas e minúsculas polo que, cando o editor se adapta á regra moderna de escribilos con maiúscula, é máis doado localizar nomes propios se estes coinciden con voces comúns (p. ex. *castro* / *Castro*).

2.2. *Portal de Archivos Españoles (PARES)* [<http://pares.mcu.es/>]

O portal PARES é un web do Ministerio de Educación y Ciencia que aglutina os fondos de arquivos de natureza pública e privada que se sumaron a este proxecto. É un portal aberto (para acceder non é preciso rexistrarse) e está en constante actualización. A finalidade última é a dixitalización do patrimonio histórico e documental español contido nos distintos arquivos de titularidade pública e privada.

A navegación é doada e permite facer buscas simples e avanzadas coas que se poden delimitar datas, arquivos ou mesmo restrinxir a pescuda aos fondos dixitalizados.

Non permite consultas con operadores booleanos pero si por “frase exacta” se poñemos entre comiñas a cadea que queremos localizar. Tampouco discrimina maiúsculas e minúsculas, o que dificulta buscar nomes propios cando coinciden con voces comúns. A pescuda realízase en toda a ficha catalográfica e, deste xeito, podemos obter resultados que non conteñan propiamente o termo buscado (por exemplo se este coincide co apelido dalgunha das persoas que describiu ou editou o documento ou se aparece mencionado nalgún outro apartado da ficha descritiva: o topónimo *Ourense*, sen que figure no orixinal, pode aparecer como localizador da provincia do lugar de creación dun documento feito, por exemplo, en Allariz).

Este portal recolle un número importante de documentos de procedencia galega –principalmente coleccións documentais de mosteiros que se conservan no Arquivo Histórico Nacional–, moitos deles dixitalizados, polo que é un lugar de referencia para a investigación toponímica galega en particular e onomástica e histórica en xeral.

Aínda que ofrece imaxes de moitos orixinais, doutros só presenta un resumo ou rexesto, polo que non podemos comprobar as formas orixinais, por outra parte castelanizadas nas descrições moi frecuentemente, no caso dos textos galegos medievais.

O portal PARES contén tamén dixitalizadas as *Respuestas Generales* do Catastro do Marqués de la Ensenada (<http://pares.mcu.es/Catastro/>), interrogatorio que en Galicia se realizou entre os anos 1752 e 1753 nas distintas parroquias das antigas xurisdicións. O buscador de *localidades* permite facer pescudas restrinxidas por cadeas de letras (do principio da palabra ou que as conteña) ou por palabras enteiras e na denominación antiga coma na moderna das freguesías. Xeralmente, entre o contido destes cadernos figuran moitos topónimos e nomes persoais, pero é máis frecuente enconralos nas respostas ás preguntas 3 (delimitación do territorio), 15 (dereitos de impostos sobre as terras), 17 (minas, salinas e muíños), 19 (colmeas) e 29 (comercios, mercados e embarcacións).

3. ARQUIVOS PORTUGUESES

3.1. *Corpus Informatizado do Português Medieval* [<http://cipm.fcsh.unl.pt>]

Este corpus do portugués medieval, o CIPM, codificado baixo os mesmos parámetros ca o anteriormente mencionado *Corpus Xelmírez* galego, está elaborado para formar xunto con este un futuro *Tesouro Medieval Galego-Portugués*.

Coma no TMILG galego, cómpre rexistrarse para acceder a esta base de datos de textos portugueses, que inclúe textos latino-romances do século IX ao século XII e textos en portugués do século XII ao século XVI.

O resultado da busca, que permite o uso de operadores booleanos, devolve un listado de obras ou documentos que conteñen o termo buscado, das que se indica o século e o lugar de produción. Xa que se ofrecen os textos completos da obra ou documento, dispoñeremos do topónimo (ou calquera outro termo que se busque) nun contexto amplo. Tamén se poden facer buscas de varias palabras e dunha frase exacta se a indicamos entre comiñas (“ ”). Coma en toda base de textos editados, a fiabilidade do termo responde á fiabilidade do editor da obra que o contén, en relación ó seu rigor filolóxico.

Nesta base encontraremos con máis probabilidade topónimos do ámbito xeográfico do sur de Galicia, que con certa frecuencia se podían rexistrar en textos portugueses. Pero ademais, dado que Portugal ten unha toponimia en parte común coa nosa, en moitos casos poderemos encontrar documentadas fases antigas de topónimos portugueses semellantes ou cunha orixe común a outros do noso actual *Nomenclátor*.

3.2. *Corpus do Português* [<http://www.corpusdoportugues.org>]

Este web contén a meirande base de datos histórica de textos editados do portugués pois abrangue obras desde o século XIV ata finais do XIX. É preciso rexistrarse para acceder a ela.

Na pescuda dun termo ou de varios termos en “frase exacta”, no CdP permítense o uso de operadores booleanos, e a busca devólvenos ese(s) mesmo(s) termo(s) co número de frecuencia na base de datos e tamén todos os exemplos

nunha lista en que se indica o século, a obra en que aparecen e un contexto breve, que se pode ampliar picando no título da obra.

Coma nas demais bases de textos editados, no caso das obras baseadas en textos manuscritos, o criterio filolóxico do editor garantirá a fiabilidade con respecto ao orixinal.

A cantidade de topónimos galegos que se conteñen é evidentemente menor ca no caso das bases de textos autóctonos. Pero coma no caso do corpus medieval do portugués (CIPM), poderemos en ocasións documentar formas semellantes ou da mesma orixe ca as nosas, coincidentes nos repertorios de nomes de lugar de Galicia e Portugal.

4. UNHAS NOTAS SOBRE O MANEXO DA DOCUMENTACIÓN HISTÓRICA

Cando se bota man de exemplos documentais é importante sempre citar o ano e a fonte de onde se tomaron. Algúns autores mencionan formas antigas e obvian indicar algún destes datos, o que dificulta que as investigacións posteriores aproveiten ou poidan comprobar a información que aqueles fornecen.

Na procura de documentación histórica cómpre manter certas precaucións. Como xa se reiterou ó longo deste artigo, nas fontes editadas non sempre se tiveron en conta os aspectos filolóxicos e os transcritores, en moitas ocasións historiadores que só se preocupan pola localización toponímica, alteran as formas gráficas dos nomes de lugar e adáptanos con formas próximas ás modernas ou reinterpretan as grafías que os escribíans utilizan. O uso do topónimo moderno é case sistemático nos rexestos, polo que sempre que se poida, débese comprobar a forma orixinal, xa que en moitísimas ocasións pode ofrecer resultados que axudan na interpretación etimolóxica. Por exemplo, *Juan de Gazamáns*, labrador, e *Domingos de Gazamáns* (a.1570e a.1613 ACS) figuran no rexesto como *de Gasamáns*, a forma que ten o topónimo na actualidade. Con todo, as formas antigas poden achegarnos luz sobre un topónimo en principio opaco.

Ademais disto, as formas escritas da Idade Media, tanto en latín como en romance, non sempre reflicten as formas faladas. A respecto disto, véxanse algúns exemplos en Navaza (2009: 215 e ss.) en relación con algúns topónimos de orixe prelatina.

Por outra parte, a toponimia responde en moitos casos a formas fosilizadas nun momento da historia, coma no caso de nomes de lugar que non mudaron desde época antiquísima e só recentemente se viron alteradas ou contaminadas por prexuízos inherentes ó galego como lingua minorizada e polo contacto co castelán. Por iso, a recuperación de atestacións de textos doutros séculos pode axudarnos a recuperar formas gráficas (e pronuncias) que son tradicionais e que cómpre manter. Só o tempo dirá se, desde o propio galego normalizado se deben adaptar estes nomes a novos resultados xurdidos da propia historia da lingua. Así, por exemplo, o lugar de *Agualevada* en Coiro, Cangas, alterna esta pronuncia e outras similares coa de *A Golvada*, quizais xa antiga, pois no *Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada* desa parroquia cítase a “Domingo da Rúa de la aldea *da Galvada*”. Con todo, está ben atestado en textos do século XVII e XVIII do mosteiro de Armenteira recollidos en PARES como *Agoa Levada* e *Agua Levada*, polo que parece prudente manter de momento a forma *Agualevada* que se rexistra nos Nomenclátoreos desde principios do século XX.

Noutros casos deberemos aceptar mudanzas xa moi establecidas. Por exemplo, *Manzaneda* é una castelanización do século XVI que probablemente naceu para desfacer a homonimia de *Maceda* (de Limia) con esta antiga *Maceda* (de Trives), moi ben documentada como *Maçeeda* e *Maçaeda* na I.M. Hoxe no *Nomenclátor de Galicia* mantense a forma *Manzaneda* porque está consolidada nos últimos tres séculos e a súa restauración talvez sexa un pouco forzada e quizais non moi ben aceptada polos habitantes da poboación, que ademais vende o seu nome como lugar turístico.

Finalmente, debemos ter en conta, se queremos ilustrar con imaxes exemplos antigos dos topónimos, que os arquivos, sexan de titularidade pública ou privada, son os propietarios destas imaxes e sempre se debe pedir permiso para reproducilas e estar disposto, en ocasións, a pagar polo seu uso. En xeral, nas respectivas páxinas webs exprésase claramente a política de uso e reprodución e, en ocasións, coma no caso do AHUS, as tarifas. No caso de PARES, adoitan permitir calquera reprodución para uso na investigación sempre que non xere un lucro, por exemplo, coa publicación venal dunha obra que utilice imaxes totais ou parciais de documentos dixitalizados do arquivo.

BIBLIOGRAFÍA

- Kremer, Dieter (2007): “Onomástica galega: algunhas observacións”, en Dieter Kremer (ed.), *Onomástica galega: con especial consideración da situación prerromana. Actas do primeiro Coloquio de Trier, 19 e 20 de Maio de 2006*. Verba, Anuario galego de Filoloxía. Anexo 58. Santiago de Compostela: Universidade, 5-13.
- López Yepes, José (1998) : “Las bases de datos históricas”, *Anales de Documentación: Revista de Biblioteconomía y Documentación* 1, 99-124. [<http://revistas.um.es/analesdoc/article/view/3071/28771>].
- Navaza, Gonzalo (2009): “A toponimia prelatina na documentación medieval galega”, en Dieter Kremer (ed.), *Onimia e onomástica prerromana e a situación lingüística do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: Universidade, 215-226.
- Santamarina, Antón (2002): “A Journey Through Galician Onomastics”, en Ana Boullón (ed.), *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas, Santiago de Compostela, 20-25 setembro*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 3-30.

Webs de bases históricas:

ACS= *Arquivo da Catedral de Santiago*

AHUS = *Arquivo Histórico Universitario da USC*

CdP = *Corpus do Português*

CIPM = *Corpus Informatizado do Português Medieval*

CODOLGA = *Corpus Documentale Latinum Gallaecia*

CORDE = *Corpus Diacrónico del Español*

CX = *Corpus Xelmírez*

GALICIANA = *Galiciana. Arquivo dixital de Galicia*

ITGM = *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*

PARES = *Portal de Archivos Españoles*

TMILG = *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*

ANEXOS

1. Atallo para consultar imaxes no AHUS

Nas ilustracións inferiores, explícase un atallo para chegar algo máis rapidamente, na web do Arquivo Histórico Universitario (AHUS) da USC, a calquera imaxe nunha carpeta que conteña moitas. Este atallo consiste en inserir manualmente un número de pantalla que supoñamos próximo a onde pode estar tal imaxe:

Para iso, unha vez escollida unha carpeta no *Listado de elementos* e localizado na descrición (*Ver descripción*) o folio que contén o termo (topónimo, cadea onomástica etc.), desde a opción *Ver imágenes*, prémase co botón dereito do rato unha das pantallas de resultados e escóllase a opción *Abrir enlace en una pestaña nueva*.

The screenshot shows a web interface titled "Contenido de la Carpeta". It displays a list of image files with columns for "NOMBRE", "TIPO", and "TAMAÑO". The list contains 10 items, all of type "jpg". A context menu is open over the list, showing options such as "Abrir enlace en una pestaña nueva", "Abrir enlace en una ventana nueva", "Abrir el enlace en una ventana de incógnito", "Guardar enlace como...", "Copiar dirección de enlace", and "Inspeccionar".

◆ NOMBRE	◆ TIPO	◆ TAMAÑO
2 r.	jpg	162 KB
2 v.	jpg	114 KB
2 r. bis	jpg	243 KB
2 v. bis	jpg	154 KB
3 r.	jpg	265 KB
3 v.	jpg	249 KB
4 r.	jpg	318 KB
4 v.	jpg	248 KB
5 r.	jpg	322 KB
5 v.	jpg	142 KB

Resultados del 1 al 10 de 1.283

© Copyright 2008 Informática El Corte Inglés

- Abrir enlace en una pestaña nueva
- Abrir enlace en una ventana nueva
- Abrir el enlace en una ventana de incógnito
- Guardar enlace como...
- Copiar dirección de enlace
- Inspeccionar Ctrl+Mayús+I

No enderezo web, débese entón substituír o número final (que indica o número de pantalla, p. ex.: p = 5) por un número próximo a onde creamos que pode estar a imaxe que nos interesa.

The screenshot shows a web browser window with the URL <https://arquivo.usc.es/ahus2/action/clfimagen?method=retrieve&d-445923-p=5>. The page content includes a breadcrumb trail: Inicio >> Búsqueda Simple >> Resultado >> Elemento del Cuadro >> Descripción >> Imágenes. Below this is a section titled 'Imágenes' with a sub-section 'Elemento del cuadro' containing the following details:

- TÍTULO: Registro de escrituras
- SIGNATURA: PROTOCOLOS, S- 484
- FECHA INICIAL: 1588
- NIVEL: Protocolo
- ARCHIVO: FE PÚBLICA/Notarial y Registral

Below the details is a section 'Contenido de la Carpeta' which displays a table of image thumbnails. The table has three columns: 'NOMBRE', 'TIPO', and 'TAMAÑO'. The results are for folios 21r to 25v. At the bottom of the table, it indicates 'Resultados del 41 al 50 de 1.283' and a copyright notice: '© Copyright 2008 Informática El Corte Inglés'.

NOMBRE	TIPO	TAMAÑO
21 r.	JPG	386 KB
21 v.	JPG	339 KB
22 r.	JPG	385 KB
22 v.	JPG	297 KB
23 r.	JPG	365 KB
23 v.	JPG	272 KB
24 r.	JPG	333 KB
24 v.	JPG	290 KB
25 r.	JPG	391 KB
25 v.	JPG	221 KB

Se as imaxes da carpeta se inician en *1r* (recto do primeiro folio), para chegar á pantalla que contén a nosa imaxe (por exemplo a do folio *156r*), podemos dividir o número desta entre 5, pois cada pantalla contén dez imaxes (cinco folios polo recto e o verso).

Inicio >> Búsqueda Simple >> Resultado >> Elemento del Cuadro >> Descripción >> Imágenes

Imágenes

Elemento del cuadro

TÍTULO:	Registro de escrituras
SIGNATURA:	PROTOCOLOS, S- 484
FECHA INICIAL:	1588
NIVEL:	Protocolo
ARCHIVO:	FE PÚBLICA/Notarial y Registral

Contenido de la Carpeta

Resultados del 311 al 320 de 1.283

↑ NOMBRE	↑ TIPO	↑ TAMAÑO
155 r.	JPG	318 KB
155 v.	JPG	312 KB
156 r.	JPG	138 KB
156 v.	JPG	97 KB
157 r.	JPG	377 KB
157 v.	JPG	320 KB
158 r.	JPG	366 KB
158 v.	JPG	317 KB
159 r.	JPG	313 KB
159 v.	JPG	280 KB

Resultados del 311 al 320 de 1.283

© Copyright 2008 Inform@ría El Certo Ins@lic

2. Captura de imaxes

A maioría das bases de datos que conteñen imaxes dixitalizadas dos documentos permiten a súa descarga. Así, AHUS, GALICIANA e PARES ofrecen a posibilidade de baixar un a un os documentos. En todas elas podemos obter a imaxe en formato JPG premendo sobre ela co botón esquerdo do rato e escollendo a opción *guardar imaxe como*. GALICIANA e PARES tamén presentan na pantalla da imaxe a icona dun disquete para descargar e gardala nun arquivo e tamén deixan imprimila.

Non é o caso do ACS, polo que só poderemos obter vistas totais ou parciais por medio dunha captura de pantalla. Para o caso do sistema Windows pódese ver cal é o procedemento, por exemplo, no seguinte enderezo (aínda que remite a Windows XP, é similar noutras versións dese sistema operativo; para Linux e

Mac, os ordenadores adoitan incluír un software de captura total ou parcial de pantalla):

<http://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/aulavirtual2/mod/page/view.php?id=1078&inpopup=1>

Téñase en conta, como xa se indicou, que as imaxes adoitan ter un propietario polo que o seu uso está restrinxido.

Recursos documentais na rede e toponimia local

Gonzalo Navaza

Como vimos na descrición que nos fixo Luz Méndez, internet ofrece dúas clases de ferramentas que poden sernos moi útiles para construírmos a historia documental dos topónimos. Unhas son bases de datos ou utilidades que se basean nun corpus textual dixitalizado, coma o CODOLGA, o TMILG ou o CORDE, e outros son os catálogos en línea (OPAC ‘*Online public access catalog*’) coma os ofrecidos polo Arquivo do Reino de Galicia, o Arquivo da Catedral de Santiago, o Arquivo Histórico Universitario ou o portal PARES, que nos permiten acceder a imaxes fotográficas da documentación manuscrita.

Dado que o CODOLGA e o TMILG só conteñen documentación medieval, e unicamente tomada de edicións previas, moitos documentos importantes para o estudo dos nosos topónimos seguen inéditos e debemos consultalos nos manuscritos. Grazas a internet, en moitos casos podemos facelo a través de reproducións fotográficas. Na consulta dos servidores OPAC, as buscas textuais son moi limitadas, xa que se realizan nas fichas de catálogo dos documentos, non nos seus textos completos. A información toponímica que contén cada manuscrito é moi superior á que se recolle na ficha, de xeito que polo regular nos servimos das buscas para achegármonos á documentación dunha zona determinada, non para dar coas atestacións históricas dos topónimos. Esas só poderemos encontralas na lectura dos manuscritos, pois as máis delas non nos aparecerán nos resultados das buscas. Mesmo nos casos en que un topónimo ou un antropónimo se recolle na ficha do catálogo é necesario ler o manuscrito para confirmar a atestación, pois, como xa se dixo nas intervencións que me precederon, a ficha non sempre reproduce fielmente a forma ou a grafía do texto orixinal. A lectura pode resultar máis ou menos dificultosa dependendo da época do manuscrito, do tipo de letra, da calidade do soporte ou do estado de conservación, así como da maior ou menor resolución da imaxe fotográfica.

Vou expoñer aquí algunhas referencias de fontes documentais que nos fornecen de atestacións históricas de toda clase de topónimos, incluída a

microtoponimia, da área de Pontevedra. Os textos máis antigos talvez presenten dificultade para quen non posúa algúns coñecementos de paleografía, pero hai abundante documentación desde finais do século XVI ata o XIX que polo regular non ofrece grandes problemas de lectura, e que en escritos como os libros de rendas, foros e apeos dos mosteiros onde podemos atopar atestacións históricas de topónimos e microtopónimos actuais.

LÉREZ

En PARES podemos consultar abundante documentación do mosteiro bieito de San Salvador de Lérez. Da medieval ten interese especial o documento de Ordoño II que delimita os termos do mosteiro, de arredor do ano 900. Das fontes dos séculos XVI a XIX que conteñen información toponímica son moi útiles as que expoño a continuación, as máis delas volumes extensos con apuntamentos de foros, rendas, apeos e prorrateos que superan as 300 páxinas (dou entre parénteses o número de imaxes de cada unha; téñase en conta que moitas imaxes fotográficas conteñen dobre páxina). Indico tamén a sinatura de cada obra, que se pode utilizar para acceder a ela desde o buscador, pois se facemos unha busca polo nome do fondo documental (neste caso o nome do fondo é *Monasterio de San Salvador de Lérez. Benedictinos*) non sempre aparecen todas obras, a causa de pequenas deficiencias textuais das fichas do catálogo (presenza ou non dun espazo tras unha coma, un acento que falta etc.).

- *Foros, renovación de foros y concordias (...)* [en Verducido, Alba y Lérez]. AHN, Clero, 5459, N. 7; anos 1520-1537 (157 imaxes).
- *Apeos de las propiedades correspondientes al monasterio de San Salvador de Lérez.* AHN, Clero, 5457, N. 1; anos 1550-1571 (577 imaxes).
- *Apeos de los bienes y lugares correspondientes al monasterio de San Salvador de Lérez.* AHN, Clero, 5458, N. 1 anos 1567-1675 (543 imaxes).
- Catro volumes titulados *Apeos generales de bienes y hacienda del monasterio* dos anos 1559-1560. AHN, Clero, L. 10062 (394 imaxes); L. 10060 (277 imaxes); L. 10059 (329 imaxes) e L. 10063 (319 imaxes).

- *Foros y otras escrituras. Tomo 12.* AHN, Clero, L. 10087; anos 1581-1689 (283 imaxes).
- *Memoriales de bienes, apeos y tomas de posesión de propiedades del monasterio de San Salvador de Lérez.* AHN, Clero, 5459, N. 6; anos 1638-1738 (59 imaxes).
- *Apeos de bienes y hacienda en el coto de Lérez y otros lugares.* AHN, Clero, L. 10064; anos 1587-1588 (290 imaxes).
- *Títulos de propiedad de bienes propiedad del monasterio.* AHN, Clero, 5459, N. 8; ano 1666-1740 (75 imaxes).
- *Foros y otras escrituras. Tomo 22.* AHN, Clero, L. 10091; ano 1725 (337 imaxes).
- *Prorrato de los foros* [de Verducido]. AHN, Clero, 5459, N. 1; anos 1783-1784 (299 imaxes).
- *Autos ejecutivos por deudas contra ciertos vecinos del Coto de Lérez y de San Martín de Verducido, y apeos de bienes y hacienda en San Genxo, Dorrón, granja de Rajó, Bordones, Samieira y otros lugares.* AHN, Clero, L. 10111; anos 1623-1655 (255 imaxes).
- *Cobrador de primicias.* AHN, Clero, L.10096; anos 1801-1804 (60 imaxes).
- *Memorial cobrador de rentas de los partidos de Rajó y Samieira.* AHN, Clero, L. 19966; anos 1838-1843 (152 imaxes).

TENORIO

O portal PARES permite acceder a preto de trinta volumes de documentación xerada no antigo mosteiro bieito de San Pedro de Tenorio, no actual concello de Cotobade. Teñen interese para nós pola cantidade de información toponímica os volumes de foros, rendas e apeos:

- *Tomo 7 de foros y otras escrituras.* AHN, Clero, L. 10341; anos 1475-1703 (343 imaxes).
- *Tomo 1 de foros, apeos y otras escrituras.* AHN, Clero, L. 10336; anos 1523-1614 (852 imaxes).

- *Tomo 2 de foros y otras escrituras*. AHN, Clero, L. 10337; anos 1527-1619 (472 imaxes).
- *Tomo 8 de apeos, foros y otras escrituras*. AHN, Clero, L. 10342; anos 1539-1707 (130 imaxes).
- *Tomo 13 de foros y otras escrituras*. AHN, Clero, L. 10347; anos 1573-1679 (286 imaxes).
- *Tomo 14 de foros y otras escrituras*. AHN, Clero, L. 10346; anos 1618-1730 (214 imaxes).
- *Fundaciones y asuntos parroquiales de la iglesia monasterial de San Pedro Tenorio*. AHN, Clero, L. 10350; anos 1608-1726 (559 imaxes).
- *Tomo 11 de apeos*. AHN, Clero, L. 10343; anos 1645-1676 (631 imaxes).
- *Tomo 15 de apeos*. AHN, Clero, L. 10345; ano 1697 (819 imaxes).
- *Tomo 23 de pleitos*. AHN, Clero, L. 10351; anos 1730-1741 (486 imaxes).
- *Libro cobrador de renta cisa*. AHN, Clero, L. 10360; anos 1788-1835 (207 imaxes).

POIO

Das numerosas pezas dixitalizadas (máis de 750 unidades documentais, moitas delas medievais) pertencentes ao mosteiro de San Xoán de Poio que podemos ver en PARES, son útiles para localizar atestacións históricas de topónimos os seguintes:

- *Apeos bienes y rentas del monasterio en tierra de Morrazo ante los escribanos Esteban Fernández y Jerónimo de Chaves*. AHN, Clero, L. 10273; anos 1615-1616 (1276 imaxes).
- *Apeos del Coto de Poyo, Samieira, Solobeira, Lores, Convarro, y otros lugares que pasaron ante Bartolomé Ramos*. AHN, Clero, L. 10272; ano 1668 (1072 imaxes).
- *Tabla de foros y escrituras del partido del Coto de Poyo (Tabla de foros y apeos. Poyo Grande)*. AHN, Clero, L. 10312; séculos XVI-XVIII (392 imaxes).





Tabla de foros y apeos Poyo Grande



Inventario de escrituras Poyo Grande

- *Inventario de escrituras sobre la hacienda del monasterio en el coto de Poyo.* AHN, Clero, L. 20189; anos 1669-1673 (230 imaxes).
- *Apeos de los bienes y heredades correspondientes al monasterio de San Juan de Poyo en las feligresías de Caldas, Campaño y Hermelo.* AHN, Clero, 5515, N. 6; anos 1628-1795 (105 imaxes).
- *Inventario de escrituras sobre la hacienda del monasterio en el coto de Poyo.* AHN, Clero, L. 20189; anos 1669-1673 (230 imaxes).
- *Apeos, bienes y rentas del monasterio en San Juan de Poyo Grande y San Salvador de Poyo Pequeño ante los escribanos Domingo Paadín y Eusebio Feijoo.* AHN, Clero, L. 10274; anos 1735-1746 (134 imaxes).
- *Tomo 1º de prorrates de Poyo Grande.* AHN, Clero, L. 10322; anos 1783-1784 (247 imaxes).
- *Memorial cobrador de rentas de San Juan de Poyo.* AHN, Clero, L. 20192; ano 1838 (173 imaxes).
- *Tomo 2º de Prorrates de Poyo Pequeño.* AHN, Clero, L. 10323; anos 1784-1785 (105 imaxes).
- *Libro de cobranzas y minutas de las rentas de granería de Poyo.* AHN, Clero, L. 10327; século XIX (584 imaxes).

SANTA CLARA

Do convento de Santa Clara de Pontevedra podemos consultar a seguinte documentación:

- *Apeos de la villa de Pontevedra y su partido ante Domingo Coinago*. AHN, Clero, L. 10244; anos 1591-1592 (849 imaxes).
- *Apeos de la villa de Pontevedra y su partido ante Sebastián Pardo de Lago*. AHN, Clero, L. 10243; ano 1681 (372 imaxes).
- *Apeos del partido de Salnés, Peñaflores y Moraña ante Juan Gayoso y Amaro Alonso de Quintela*. AHN, Clero, L. 10247; anos 1605-1637 (784 imaxes).
- *Apeos del partido de Vigo y Redondela ante Mateo Vázquez*. AHN, Clero, L. 10245; ano 1649 (312 imaxes).
- *Apeos del partido de Morrazo ante Mateo Vázquez*. AHN, Clero, L. 10246; ano 1649 (465 imaxes).
- *Cobrador de rentas (...) en los partidos de Morrazo, Salvés, Vigo, Salvatierra, Pontevedra y otros lugares*. AHN, Clero, L. 10252; anos 1762-1836 (132 imaxes).
- *Cobrador de foros y rentas*. AHN, Clero, L. 10254; anos 1793-1836 (75 imaxes).
- *Cobrador de censos y rentas del partido de Pontevedra*. AHN, Clero, L. 10257; anos 1797-1836 (131 imaxes).

SAN DOMINGOS

Entre a documentación pertencente ó convento de dominicos de Pontevedra teñen interese pola súa información toponímica as seguintes obras manuscritas que podemos ver en PARES:


- *Apeos de bienes y heredades en la villa de Pontevedra y otros lugares de su jurisdicción que pasaron ante los escribanos Diego de Canabal y Gonzalo Estévez*. AHN, Clero, L. 20185; anos 1564-1595 (283 imaxes).

- *Tumbo viejo becerro*. AHN, Clero, L. 10239; anos 1568-1644 (142 imaxes).
- *Apeos de bienes y hacienda en Redondela que pasaron ante Domingo de Caniagos* [sic, por *Coiñago*]. AHN, Clero, L. 10233; ano 1591 (225 imaxes).
- *Apeos de bienes y hacienda que pasaron ante el escribano Gregorio López*. AHN, Clero, L. 20184; ano 1608 (687 imaxes).
- *Apeos de bienes y heredades en la villa de Pontevedra y otros lugares de su jurisdicción que pasaron ante el escribano Gregorio López*. AHN, Clero, L. 20186; ano 1620 (356 imaxes).
- *Libro de los segundos traslados de foros y escrituras*. AHN, Clero, L. 10237; anos 1646-1660 (330 imaxes).
- *Tumbo becerro de este convento de Pontevedra por fray Pedro de San Vicente*. AHN, Clero, L. 10240; ano 1653 (299 imaxes).
- *Tumbo del monasterio de Santo Domingo de Pontevedra por fray Domingo Arredondo, siendo prior fray Melchor García de Moscoso*. AHN, Clero, L. 10241; ano 1731 (261 imaxes).
- *Cobrador de la renta antigua y la renta nueva del partido de Vigo*. AHN, Clero, L.10238; anos 1789-1825 (207 imaxes).
- *Libro de recibo de la panera de Vigo*. AHN, Clero, L.10236; anos 1800-1835 (252 imaxes).
- *Cobrador de la renta antigua y la renta nueva del partido de Vigo*. AHN Clero, L.10238; anos 1789-1835 (297 imaxes).
- *Cobrador de la renta nueva*. AHN, Clero, L.10235; anos 1809-1835 (78 imaxes).

A ARMENTEIRA

PARES ofrece dixitalizadas máis de 900 unidades documentais do mosteiro de Santa María da Armenteira, boa parte delas medievais. Conteñen abundante toponimia do Salnés, de Pontevedra e do Morrazo entre os séculos XVI e XIX os seguintes volumes:

- *Apeos de Pedro de la Carrera*. AHN, Clero, L. 9963; ano 1554 (222 imaxes).
- *Apeos de Álvaro García de bienes en San Salvador de Meis, Cangas, Morrazo y otros lugares*. AHN, Clero, L. 19906; anos 1568-1588 (523 imaxes).
- *Tumbo de fray Martín Ordóñez*. AHN, Clero, L. 9931; ano 1591 (173 imaxes).
- *Apeos de Antonio de Carballa de bienes en Arra, Grove, Samieira, Rajó, Bordonos y otros lugares*. AHN, Clero, L. 9946A; anos 1616-1617 (329 imaxes).
- *Apeos de Bartolomé de Noboa del coto rodado de la feligresía de Santa María de Armenteira y sus confines*. AHN, Clero, L. 9940; anos 1664-1668 (384 imaxes).
- *Apeos de Bartolomé Ramos de Leiro de Arra y otras feligresías*. AHN, Clero, L. 9950; anos 1654-1655 (469 imaxes).
- *Foral del coto de Armenteira*. 5 vols. (AHN, Clero L. 9982, L. 9989, L. 9990, L. 9991, L. 9992); anos 1510-1698 (máis de 1000 imaxes).
- *Apeos de bienes y hacienda en Pontevedra, Samieira y Cangas*. AHN, Clero, L. 19905; anos 1563-1568 (248 imaxes).
- *Apeos de Diego Pillado y de Pedro Vázquez López de Cangas y Barcia do Seixo*. AHN, Clero, L. 9951; anos 1576-1587 (583 imaxes).
- *Apeos de Juan de Arnilla de la feligresía de San Vicente de Nogueira*. AHN, Clero, L. 9932; ano 1631 (284 imaxes).
- *Apeos de Juan de Arnilla. Tomo 1: bienes en San Esteban de Tremoedo y otras feligresías*. AHN, Clero, L. 9954; ano 1631 (1080 imaxes).



- *Tumbo de las rentas y escrituras de Armenteira*, 3 vols. AHN, Clero, L. 9925, L. 9926, L. 9927; anos 1642-1644 (máis de 1500 imaxes).
- *Apeos de Bernardo Troncoso de bienes en San Salvador y San Martín de Meis y San Vicente de Nogueira*. AHN, Clero, L. 9933; anos 1676-1677 (953 imaxes).

O INTERROGATORIO DO CATASTRO DE ENSENADA

No portal PARES tamén se pode acceder ás respostas das 40 preguntas de que consta o Interrogatorio do Catastro de Ensenada (1752-53). Normalmente cada unidade documental corresponde a unha parroquia, pero hai casos en que contén as respostas de todas as parroquias dunha xurisdición (por exemplo, se escribimos no “buscador de localidades” o nome da parroquia de <Samieira> e pedimos os resultados que conteñan ese nome, vemos que nos remite á xurisdición da Lanzada). A versión dixitalizada en PARES reproduce unha das dúas copias manuscritas do Catastro de Ensenada; a do Arquivo de Simancas. A outra copia consérvase nos arquivos provinciais (e son copias distintas, ás veces diverxen na grafía de topónimos e nomes persoais). A información toponímica que conteñen as respostas ó Interrogatorio é realmente moi pouca; as máis das veces límitase á ofrecida na resposta á terceira pregunta (onde se nos dá a demarcación) e á décimo sétima (os muíños, sempre interesantes para os hidrónimos). Moi pouca comparada coa extraordinaria riqueza doutros volumes (principalmente os chamados “Libros de lo real”), que lamentablemente non están dixitalizados, polo que teremos que seguir acudindo ó Arquivo Provincial para consultar unha relación exhaustiva das propiedades dunha parroquia a mediados do século XVIII.

BUSCAS TEXTUAIS

O investigador que traballa coa toponimia dunha área determinada irá familiarizándose con fontes manuscritas coma as mencionadas para localizar atestacións históricas dos topónimos. Como seguramente moitas desas fontes van permanecer

manuscritas, nunca poderemos realizar nos seus textos buscas coma as que nos permiten as ferramentas que operan sobre textos completos, coma o CODOLGA e o TMILG. A posibilidade de empregar signos especiais equivalentes a “calquera letra” ou “unha ou máis letras” nas buscas resolve moitos problemas derivados da variabilidade fonética (especialmente o vocalismo átono) ou gráfica dos topónimos galegos. En ocasións os propios resultados dunha busca mediante eses signos revela a orixe do topónimo. Sirva de exemplo un topónimo *Timiraos*, poboación na parroquia e concello de Valdoviño (A Coruña), que tamén deu orixe a apelido. A terminación *-aos* fai pensar que é un xentilicio co sufixo correspondente ao latín *-ANOS*. Unha busca no TMILG empregando o signo <*> en lugar das vogais das sílabas átonas ofrece estes resultados:

TMILG

Xénero: Todos os xéneros
 Subxénero: Todos os subxéneros
 Obra: Todas as obras

Sen data:
 Desde:
 Ata:

Tipo busca: Calquera palabra
 Asociacións: [a][t][i][u][g][k][s][t][h][m]
 Texto: t*m*raos
 Teclado: [t][i][m][i][r][a][o][s]

USC ILG

Listaxe

LISTAXE

Todas

Tumiraos
 Tumiraos

ISSN 1888-4261. Todos os dereitos reservados. CONTACTO | TEXTO LEGAL | ACCESIBILIDADE | COMO CITAR

Que corresponden a dous documentos de finais do XV e comezos do XVI

TMILG

Xénero: Todos os xéneros
 Subxénero: Todos os subxéneros
 Obra: Todas as obras

Sen data:
 Desde:
 Ata:

Tipo busca: Calquera palabra
 Asociacións: [a][t][i][u][g][k][s][t][h][m]
 Texto: t*m*raos
 Teclado: [t][i][m][i][r][a][o][s]

USC ILG

Listaxe % Tipo

CONCORDANCIAS

Rexistros 1 a 2 de 2 atopados

Nº	Ano	Obra	Cap.	Autor	Texto
1	1498	MSPT	62	👤	Testigos que eran presentes: Juan de Tumiraos et Roy de Lousada, Juan de
2	1506	MSPT	63	👤	capa, e mando a Juan de Tumiraos unna capa e un sayo; e

Rexistros 1 a 2 de 2 atopados con 2 coincidencias

Nos dous casos está usado como apelido toponímico e refírense á mesma persoa. Pero o *Tumiraos* de 1506 contén unha forma alterada, seguramente máis fiel á fala, que xa reduce o ditongo do orixinario *Tuimiraos*. Esta é a forma etimolóxica, que nos remite a Tuimil, aldea da veciña parroquia de Sequeiro, no mesmo concello de Valdoviño.

BIBLIOGRAFÍA

- PARES = *Portal de Archivos Españoles*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. <http://pares.mcu.es/> [consultado en 10/XI/2016].
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (1993-). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. <http://ilg.usc.es/tmilg> [consultado en 10/XI/2016].

IV

Nova aplicación para a recolleita unificada e xeorreferenciada de toponimia

Deseño e rendibilidade da nova aplicación colaborativa para a recolleita unificada, xeorreferenciación e difusión global da microtoponimia galega /
/ VICENTE FEIJOO ARES

Deseño e rendibilidade da nova aplicación colaborativa para a recolleita unificada, xorreferenciación e difusión global da microtoponimia galega

Vicente Feijoo Ares

1. A RIQUEZA TOPONÍMICA DE GALICIA E A SÚA IMPORTANCIA COMO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL

1.1. O tesouro cultural que reside na toponimia de Galicia

Detrás de cada topónimo está o rexistro dos xeitos de asentamento e de relación das comunidades humanas cos respectivos territorios ao longo de séculos e milenios. En Galicia, este arquivo representa un tesouro cultural excepcional por varios motivos:

A antigüidade

Moitos dos topónimos galegos son o único vestixio que queda das linguas célticas faladas aquí antes da chegada dos romanos. Sarmiento, pai da Onomástica galega como a entendemos hoxe, xa destacaba nos seus apuntamentos onomásticos o feito de que en Galicia había nomes de lugar moi antigos:

De todos los nombres de los sitios geográficos de Galicia hay muchos antiquísimos y anteriores a los romanos de Galicia. De estos hablaré poco o nada, pues no gusto de gastar el tiempo en averiguar lo que ya es inaveriguable. Digo en común, que esos nombres, o serán orientales y primitivos, o serán griegos, o serán célticos (Sarmiento 1998: II, 404).

Un dos elementos celtas presentes na toponimia galega dos que máis se ten falado é *-briga*, ‘cidade’. No *Nomenclátor de Galicia* están rexistradas 108 entidades de poboación terminadas en *-bre* ou variantes (de *-brix* variante de *-briga*), formas ás que dedicaron varios estudos Menéndez Pidal e A. Moralejo. Sen ir máis lonxe, o nome do noso país, Galicia (<*Callaecia, terra dos Callaeci*); de comarcas como a Terra de Soneira, de Lemos, da Limia...; de cidades como A

Coruña ou Lugo; de ríos como o Navia, Sar¹... foron voces propias da poboación indíxena que os romanos incorporaron ao latín á súa chegada ao NO hispano (Santamarina 2005: 157).

Elixio Rivas Quintas (1982: 377), despois de estudar a toponimia menor e maior do concello de Marín, estima que un 7,6 % dos nomes do corpus que estuda son de procedencia preindoeuropea; un 2,38 % precéltica; un 1,9 % prerromana; un 1,2 % ambro-ilirio-lígur; un 0,8 % protocéltica e un 7,38 % céltica.

Na nosa microtoponimia quedan testemuños de todos os estratos lingüísticos. Martínez Morás, no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, falaba así dos estratos presentes na toponimia galega:

Sentemos la afirmación de que en Galicia, en la toponimia de Galicia, los vocablos de más rancio abolengo tienen su raíz o en una lengua ibérica afín al euskera o en un dialecto céltico; pero que las más de las palabras recogidas en nuestro Nomenclátor presentan franco origen latino o segura ascendencia germánica; algunas, definido carácter arábigo; pocas, sabor helénico; otras, conocido parentesco francés; y bastantes, fuente castellana directa o transmitida por influencia sobre el espíritu de los pobladores de nuestra región, a favor del dominio intenso y continuado, de la labor unificadora del centralismo secular e imponente, que ha llegado a castellanizar, a veces en ridículas formas, nombres de ciudades, villas y lugares... (Martínez 1926: 18).

As palabras de Martínez Morás dan paso ao seguinte factor que fai especial a toponimia galega.

A variedade

Especialistas europeos en toponimia como Piel, Kremer, Sachs, Unterman, Joaquim Nunes, Moralejo, Leite de Vasconcelos, Menéndez Pidal... sempre destacaron o feito de que en Galicia se atopaban documentadas practicamente todas as posibilidades de denominacións toponímicas. Piel (1961: 599) mostraba a súa sorpresa ao comprobar a variada fisionomía que presentaban os nosos topónimos, xustificándoa así: "... variedades que se explican por la diversidad de la situación geográfica, por particularidades de su vida económica y por la vicisitudes de su proceso de población". No *Nomenclátor de Galicia*² (en diante NG 2003), dos 41.409 topónimos rexistrados, atopamos 21.169 formas diferentes.

1 Os nomes de ríos e dalgúns montes son os principais vestixios da toponimia prerromana (Piel 1979: 10).

2 O *Nomenclátor de Galicia* 2003 pódese consultar en: <http://www.xunta.gal/toponimia-e-nomenclator>.

Martínez Morás tamén fala no seu discurso desta circunstancia desde as distintas motivacións que hai detrás dos nomes xeográficos en Galicia:

Dejemos establecido que si muchísimos topónimos trazan su descendencia desde el nombre del ocupante o el señor, otros tantos derivan de una característica geográfica, de un accidente de la topografía, de la flora típica, de la especie animal preponderante; y muchos otros, de una obra o monumento de suficiente importancia, de un santuario o campo sagrado, de una fortaleza, de un vestigio respetable e imprevisto, de algo, en fin, que logró marcar huella, en un momento histórico, en la imaginación de las gentes más próximas en tiempo y en espacio y que éstas, por tradición oral o escrita, legaron a generaciones sucesivas (Martínez 1926: 17-18).

Todas estas circunstancias provocaron que Galicia enteira se cubrixe de nomes. O manto toponímico que cubre este país é outra das súas singularidades onomásticas.

A cantidade e densidade

No que respecta a chamada toponimia maior, acabamos de mencionar que o NG 2003 suma entre os nomes das entidades de poboación, as parroquias e os concellos galegos un total de 41.409 topónimos. O territorio galego representa un 6 % do territorio nacional e temos aquí a metade das entidades de poboación de toda España. Nalgunhas publicacións falase de que temos un terzo das entidades de toda España, pero se atendemos aos datos actuais que nos proporciona o INE para o ano 2015, en realidade son a metade, pois no conxunto do territorio español existen 61.707³ (Figura 1). En Portugal teñen 26.797 entidades⁴ nun territorio que fai por tres do noso.

Agora ben, o INE sinala que temos 30.240 entidades singulares, pero no NG 2003 rexistramos 37.305. A diferenza radica en que o INE non contempla como entidades singulares aqueles lugares ou aldeas formados por 3 ou 4 casas e inclúe baixo a mesma entidade outros lugariños que distan menos de 200 metros

3 Información tirada da páxina do INE (<http://www.ine.es/nomen2/ficheros.do>) e do Centro Nacional de Información Geográfica do Instituto Geográfico Nacional, Ministerio de Fomento. (<http://centrodedescargas.cnig.es/CentroDescargas/equipamiento.do;jsessionid=58801C2AFC5CE703CB0C9D1602D83E0E?method=mostrarEquipamiento>).

4 Datos obtidos na web da Informação Geográfica de Portugal (<http://www.igeo.pt/>) e do Instituto Nacional de Estatística de Portugal (<http://mapas.ine.pt/map.phtml>).

Código	CCAA	Total	Municipios	Entidades colectivas
	Total	152.576	8.119	4.917
01	Andalucía	8.694	773	49
02	Aragón	4.708	731	0
03	Asturias, Principado de	15.416	78	857
04	Balears, Illes	986	67	0
05	Canarias	3.584	88	0
06	Cantabria	2.235	102	2
07	Castilla y León	16.795	2.248	41
08	Castilla-La Mancha	5.544	919	0
09	Cataluña	11.002	947	11
10	Comunitat Valenciana	4.451	542	0
11	Extremadura	2.175	387	0
12	Galicia	65.243	314	3.772
13	Madrid, Comunidad de	2.164	179	0
14	Murcia, Región de	2.690	45	133
15	Navarra, Comunidad Foral de	2.607	272	33
16	País Vasco	3.425	251	19
17	Rioja, La	843	174	0
18	Ceuta	11	1	0
19	Melilla	3	1	0

Figura 1. Distribución de unidades poboacionais de España por comunidades 2015. Fonte: INE

do núcleo de poboación máis grande⁵, mentres que no *Nomenclátor* da Xunta aparecen todos estes porque a xente os identifica con lugares independentes e diferenciados uns dos outros.

Se falamos da toponimia menor ou microtoponimia o número elévase de maneira exponencial, pois calculamos que se poden chegar a rexistrar arredor de 2 millóns de topónimos. Sarmiento (1998: 398), como vimos anteriormente, foi o primeiro en dar un cifra aproximada desta abundancia de nomes xeográficos en Galicia, el falaba de “cien mil nombres geográficos”. Filgueira Valverde (1976: 8), dous séculos máis tarde, tamén daba a súa estimación: “Piensen que cada uno de los núcleos de ese Nomenclátor (refírese ao de 1860) contiene una

5 Póde consultarse no seguinte enlace a Resolución do 30 de xaneiro de 2015, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, sobre as instrucións técnicas aos Concellos sobre a gestión do padrón municipal (<http://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2015-3109>).

A estes habería que engadir o medio millón que se pode rexistrar no mar, pois nos 2.555 km de temos de costa⁸, sobre todo a rochosa, están ateigados de talasónimos que só coñecen os vellos mariñeiros (Vilar 2008; Porto 2014; Lixó 2016; Feijoo 2007a; Lago/Caamaño/Nieto 2008; Garazo 2011).

Na cartografía marítima, cartas náuticas, derroteiros... adoitan aparecer, non exentos de castelanismos e dislocacións xeográficas, nomes referidos a praias, puntas, illas, algunha que outra pedra, máis non recollen o peixe miúdo, a intra-historia dos espazos onde faenaban e se desenvolvía o traballo de pescadores e mariscadoras: os nomes dos pasos polos que evitaban rañar as embarcacións contra os baixos; dos cons e pedras nos que se produciu algún afundimento, faleceu unha persoa, ou no que certos paxaros ou animais eran vistos con asiduidade; de furnas, pozas ou fondos onde abunda un determinado tipo de peixe ou marisco... É curioso descubrir que cando baixa a marea, as mariscadoras téñenlle nomes ás *leiras do mar*, anacos de terra dedicados á explotación do marisco de cuncha que nomean do mesmo xeito que no interior se fixo cos nabais e cortiñas preto das casas que daban os mellores produtos (Figura 3).

Este volume de nomes de lugar que posúe Galicia é tan inusual e infrecuente que se pode afirmar que a nosa riqueza toponímica constitúe un elemento moi visible que nos diferencia no conxunto de Europa. Non sería ousadía afirmar que non hai rexión no mundo onde se rexistre un manto toponímico de tal densidade (Figura 4).

No mapa de Europa da figura 4, no que se representan os lugares coa palabra “santo” nos seus nomes –tradución literal–, apréciase claramente que a

8 Existen distintas medidas para os quilómetros de costa que ten Galicia segundo a publicación: Vilas Martín *et alii* (2002) fala de 1.720; Acea (2007: 531) fala de 1.195 km; a Wikipedia de 1.498 km... Nós tiramos este dato do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Este decreto pode consultarse aquí: (http://camaraminera.org/uploads/COMG/legislacion/otros/D_20_11_plan_ordenac_litoral.pdf) Este plan é “un traballo de planificación que integra as políticas de protección, ordenación e xestión do territorio e da paisaxe. O punto de partida son os 2.555 quilómetros de costa, que inclúen 432 km de illas, 464 km de marismas e 1.659 km de perímetro costeiro. O plan estende a súa área de xestión a máis de 215.000 hectáreas, que supoñen ou 7,3% da superficie de Galicia”. Neste momento é o dato oficial para o litoral galego e o máis próximo aos datos que ofrece a capa de información xeográfica relativa ás Líneas de deslinde do Dominio Público Marítimo-Terrestre (consúltese en <http://www.mapama.gob.es/es/cartografia-y-sig/ide/descargas/costas-medio-marino/deslinde-dpmt.aspx>) do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. Isto é 1.904 km, sen contar as illas e os illotes.

Deseño e rendibilidade da nova aplicación colaborativa para a recolleita unificada, xeorreferenciación e difusión global da microtoponimia galega




Figura 3. Microtoponimia das illas Cíes. Fonte: PTG




Figura 4. Mapa de Europa cos lugares que teñen un haxiotopónimo. Fonte: <http://ciudades30.com/historia/lugares-la-palabra-santo-nombre/>

rexión europea onde se dá un maior número de casos é Galicia. Este mesmo mapa serviría de espello para reflectir a cantidade de orotopónimos, hidrotopónimos, fitotopónimos... presentes no territorio da nosa comunidade autónoma.

En contraposición, pensemos nas terras de Castela, inmensas chairas de labradío sen divisións, sen árbores, sen corredoiras... nas que un único nome denomina extensións de varios quilómetros cadrados, onde non hai nin houbo referentes que deslinden un espazo doutro, de aí que nunca precisen nomes distintos que os singularizaren. Fr. Martín Sarmiento tamén facía fincapé neste feito en relación ás entidades de poboación:

En igualdad de terreno es más abundante Galicia que Castilla en el número de nombres de lugares. [...] Digo que también en Galicia hay, además de los lugarcitos, infinitos nombres de términos, pagos y heredades. Con esta diferencia para el exceso, que el término pago o heredad en Castilla ocupa mucho terreno. Y en Galicia, cada rincón o palmo de tierra, tiene su peculiar nombre. (Sarmiento 1998: 397).

Con frecuencia uso imaxes como as da figura 2 nas charlas que imparto sobre toponimia nos centros de ensino de Galicia co obxectivo de que os rapaces e rapazas reparen nesta singularidade tan nosa que lles pasa desapercibida. Cando lles pregunto polo que ven nesa fotografía ou o que lles chama a atención dela, hai unha resposta moi recorrente que ten unha lectura máis profunda do que parece a simple vista. Adoitan responder “hai moitos nomes”, “hai moi letra”, ou “está todo escrito”... Desde a súa inocencia dan coa clave da nosa riqueza toponímica, cada anaco de terra e cada braza de mar están escritos, cada nome cóntanos a súa historia, a que provocou o seu nacemento, a das xentes, plantas e animais que durante séculos traballaron, habitaron, viviron ese espazo, individualizándoo e caracterizándoo. É necesario que descubran a historia da súa terra a través dos seus topónimos, a intrahistoria de cada lugar, esa que non figura nos libros. Esa será a mellor maneira de que valoren este patrimonio inmaterial, que o fagan parte do seu modo de vida.

1.2. Causas que propiciaron esta abundancia de topónimos no noso país

A copiosísima toponimia galega garda o legado dos distintos pobos que se teñen asentado desde a prehistoria nesta terra.

Desde tempos inmemoriais se produciu nestas terras un asentamento continuado da poboación. Este sería o primeiro factor que contribuíu a termos tal cantidade de nomes e, por suposto, a que se conserven topónimos con máis de 2.000 anos de antigüidade. Sábese que a partir do ano 1.000 comezaron a proliferar os lugares habitados no medio do que antes era mato e bosque, sobre todo coas chamadas *villae*, explotacións agrarias que estaban compostas dunha casa principal, cortes para o gando e as terras de labor. Este elemento *vila* está moi presente na toponimia galega, explicitamente en topónimos como *Vilamoura*, *Vilamartín*, *Vilagarcía*, *Vilaoudriz*... e implicitamente nos nomes de posesor de orixe xermánica nos que se elide: *Verín* (*villa Verini*); *Romariz* (*villa Romarici*); *Toimil* (*villa Theodemiri*); *Senande* (*villa Sisenandus*)... Máis tarde pasarán a ser *granxas* –dependentes dos mosteiros–, *vilares* e *casais* (Santamarina 2005: 163) os que dispersen os núcleos de poboación por todo o territorio.

En segundo lugar, estaría a extrema dispersión dos núcleos de poboación. A estrutura do hábitat rural con máis de 30.000 entidades espaxadas polo territorio foi produto dunhas condicións en que a mobilidade da poboación era escasa e, polo tanto, esa era a forma de manter aproveitado o espazo. Xa comentamos antes que temos en Galicia a metade dos núcleos habitados de toda España. Volvendo ás palabras de Sarmiento:

Las parroquias, feligresías, pilas y pueblos de Castilla, tienen todos sus vecinos juntos y apiñados, muy cercanos a la iglesia, y sus heredades casi a una legua distante en redondo sin vivir en ellas vecino alguno. Al contrario en Galicia. Los vecinos tiene sus casas esparcidas por las heredades [...] De aquí resulta que en Castilla una aldea solo tiene un nombre y un lugar, y que una aldea de Galicia tiene 6, 10, 15, 18, 20 y más lugares con distintos nombres [...] Pasan de tres mil pilas las que hay en Galicia, y a razón de sus lugaritos no es ponderación que en Galicia haya veinte mil lugaritos con sus respectivos nombres. (Sarmiento 1998: 397).

Cando se remate a fase de incorporación ao novo NG das entidades que non figuraban no NG 2003, ben por inadvertencia, ou ben porque se trata de lugares que foron nado ao espallarse a construción de novas vivendas e que manteñen o microtopónimo existente nas terras nas que se edificou, facilmente se pode acadar a cifra de 38.500 lugares en Galicia. Iso si, cómpre aclarar que un bo número deles xa están deshabitados, pero o criterio dos membros do Seminario de Onomástica é o de preservar estes nomes tradicionais e históricos fronte á ameaza de futuros nomes inventados, alleos á nosa cultura, que poidan

ocorrérselle a unha empresa ou un particular que, por exemplo, merque unha destas aldeas para turismo rural.

Esta fartura de nomes tamén se debe á irregular e dificultosa orografía de Galicia. Cantos máis accidentes presenta o terreo, máis complexo se volve o sistema de denominación do espazo, pois a valgada leva un nome e o outeiro contiguo outro distinto. Lembremos que Álvaro Cunqueiro dicía que “Galicia é o país dos dez mil ríos con outros tantos montes”.

O cuarto factor vén dado polo intensivo aproveitamento da terra e a súa enorme repartición. Galicia é un país minifundista onde practicamente cada leira en propiedade tivo un nome distinto noutrora. O arrendamento foral hereditario que tivemos en Galicia ata case o séc. XX provocou a sucesiva parcelación da terra, da que deixan constancia microtopónimos como *As Tercias, As Cuartas, As Quintas, As Sortes...* Durante os séculos XVIII e XIX gañáronse moitos terreos ao monte, actividade da que dan conta topónimos como *As Roteas, As Arroixas, As Cernadas, As Searas, As Toleiras, As Estibadas...* Nesta época, pastores e labregos comezan a humanizar cada anaco de monte poñéndolle un nome a cada accidente, fonte, regato, penedo... que servise de referencia (Santamarina 2005: 164).

Pegerto Saavedra (2013), no seu discurso de entrada na RAG, cando fala do procedemento polo que os subdelegados e oficiais da Real Xunta da Única levaron a cabo a realización do Catastro do Marqués de la Ensenada (1752-53) en Galicia, resalta esta excesiva fragmentación da propiedade:

Os milleiros de parcelas de cada freguesía, de tamaño con frecuencia moi pequeno –até dar ás veces a superficie en copelos e cuncas de 15,5 a 52,5 m²–, que había que declarar de xeito individual, con noticia da localización, dedicación, extensión, calidade e lindes ou confrontacións, completados todos estes datos cun debuxo da forma, facía moi lentos os traballos. A freguesía de Saiar (Caldas de Reis), por exemplo, tiña 20 000 parcelas de cultivos e calidades moi variadas que obrigaron ós amanuenses a traballar durante noventa e tres días para escribir 2 060 folios; a de Xeve, cun número parecido de parcelas, consumiu dous meses. [...] Galicia, di (o comisario) Serón, “*es muy diversa que las demás provincias*” /sic/, os seus máis de vinte millóns de ferrados cultivados están repartidos “*en concas y puñados, y todas están interpoladas e intermixtas entre innumerables poseedores, que comprondrán más de dos mil millones de retazos*” /sic/, e por iso resulta case imposible describir os lindes e confrontacións de cada “*minutísima porcioncilla*”, pois serían necesarios “*millones de millones de renglones*”. (Saavedra 2013: 62-63).

Outro factor a ter en conta é a gran vinculación que tiveron sempre as xentes de Galicia co medio natural, unha profunda relación do ser humano coa




Figura 5. Fotografía de traballo de campo da toponimia recollida por min no concello de Vilaríño de Conso, Ourense

natureza que hoxe en día nos resultaría difícil comprender. A presenza do home no territorio é directamente proporcional á cantidade de topónimos e inversamente proporcional á área que identifica ese topónimo (Ferro 2005). En calquera aldea de montaña da provincia de Ourense podemos comprobar claramente que a maior densidade de nomes dáse nas terras de labradío de mellor calidade, en un ou dous quilómetros arredor das casas, onde as parcelas son máis pequenas e cada topónimo identifica unha área tamén pequena (un nome cada 3-4 parcelas). Segundo nos imos arredando e adentrando nas zonas de monte baixo e alto que non foron cultivadas, os nomes abranguen áreas moito máis extensas (Figura 5).

A través da toponimia tamén se reflicte a estrutura da propiedade e as formas de ocupación. Se observamos a figura 5, no primeiro e segundo círculo arredor do núcleo rural de Castiñeira, concello de Vilaríño de Conso, os nomes adoitan facer referencia ao tipo ou formas de cultivo (*Os Liñares, Os Cebolais, As*

Revoltas, A Seara...), aos usos e calidade da terra (*A Lameira, A Faceira, A Poula, A Cortiña, O Barreiro...*), á súa división (*A Chousa, A Cancela, A Coutada...*); mentres que nas zonas de monte comunal a motivación dos nomes responde en gran medida ás características físicas do terreo (*A Enfesta, O Lombeiro, A Cavaxe, O Cotarrón...*) á abundancia de herbas ou plantas (*A Saramagosa, Os Borraxos, Os Carrizais*), arbustos (*A Codeseira, A Felgueira, O Uzal...*) ou árbores (*A Touza, A Teixeira, O Carballal...*) dunha determinada especie ou aos animais salvaxes (*A Pala dos Lobos, A Pena da Osa, A Mioteira...*) que habitaban ou se deixaban ver nesa zona.

Os exemplos citados dannos pé para falar do quinto factor que xera esta profusión de topónimos. Sería a abundante e variada flora (árbores, arbustos, plantas e flores) e fauna (mamíferos salvaxes e domésticos, insectos, vermes, réptiles, anfibios, paxaros...) existente en Galicia. Nalgúns casos non é a abundancia, senón a singularidade dun animal ou vexetal o que motiva o nome da zona. O profesor Gonzalo Navaza, cuxa tese de doutoramento trata sobre a fitonimia galega (2006), relator nesta Xornada de Onomástica, poderá certificar a gran presenza deste tipo de topónimos na provincia de Ourense e a súa importancia para achegar información paleoambiental da paisaxe, da abundancia dunha especie nunha determinada zona ou da súa desaparición co tempo, aclarando aspectos do uso do territorio e da forma que tiveron de ver a paisaxe as nosas xentes. A riqueza de fitotopónimos pode ser un indicio do grao de implicación ecolóxica que teñen as comunidades co seu medio.

Na clasificación semántica da microtoponimia da Mariña lucense e Ortegal (Castro / Feijoo 2007: 65-75), a maior porcentaxe de nomes manexados para esta publicación, correspondían, sen dúbida, á fito e zootoponimia. Martínez Morás (1926: 21-23) comenta sobre a toponimia referida aos vexetais:

Proceden otros de las formas de vegetación dominantes en el lugar y notables, ya por su abundancia o por su excelencia y calidad. Son tan numerosos los toponímicos de este origen que ellos solos constituyen evidente prueba del arraigo de la influencia latina en este país [...] Por la gran profusión de esta clase de toponímicos, citaremos solamente algunos de los que se le olvidaron al P. Sarmiento en la curiosa lista de su Onomástico.

E máis adiante resalta tamén a cantidade de topónimos referidos aos animais:

La contribución de la fauna a la toponimia gallega es también abundantísima; en su inmensa mayoría son de origen latino los nombres de lugar de Galicia que derivan de los animales numerosos o excelentes en una comarca, o de un solo individuo de una especie destacado por cualquier circunstancia que lo singularizase ante los habitantes del país.

Por último, non nos podemos esquecer da propia idiosincrasia do pobo galego, que sente paixón por poñerlle un nome propio a todo aquilo que forma parte da súa vida cotiá, non só ás terras e ao mar, por seren o seu hábitat natural e a fonte de subsistencia, senón aos animais cos que conviven –principalmente as vacas–, ás casas nas que viven, ás embarcacións nas que faenan, aos camións... e aos propios veciños, rebautizados con alcumes que se convarten en nomes informais pero funcionais e que, ao igual ca os topónimos, se transmiten de fillos a netos.

Permitídemme que me deteña un intre nestas parcelas da Onomástica porque creo que debemos recollelas xunto coa microtoponimia, aproveitando a mesma aplicación informática, pois, desgraciadamente, tamén se está secando está póla do noso patrimonio inmaterial. A antroponimia informal aínda está moi viva neste país, pola súa importancia social, lingüística e antropolóxica, e pola súa estreita relación coa toponimia, pois moitos topónimos están detrás da motivación dos nomes de casas, vacas, barcos, bares... e das *nomeadas ou motes* –como se di na miña terra– dos veciños. Ata tal punto son importantes os alcuños que, en Camariñas, os veciños decidiron elaborar unha listaxe telefónica na que aparecen os sobrenomes dos abonados no canto dos nomes a apelidos, pois a xente recoñece mellor os nomes informais de cada veciño ou de cada casa ca os formais (Ferro 2005).

Se os topónimos teñen unha función xeolocalizadora que facilita a comunicación entre as persoas, os nomes das casas ou oicónimos teñen unha función social con plena vixencia na sociedade rural galega, pero que tamén está desaparecendo nas últimas décadas polos mesmos motivos ca os nomes das terras ou do mar e, máis especificamente, pola menor dependencia dos veciños debido á transformación da poboación galega en urbana e anónima. Son varios os investigadores que se teñen ocupado deste asunto (Rodríguez Ruibal 2007: 257-273; Vázquez 2007: 337-351) e todos coinciden nunhas orixes máis ou menos comúns: nomes propios –máis de muller ca de home– ou hipocorísticos (*Casa de Lourenzo de Carelo, Casa de Manolo de Teresa, Casa dos da Ramona, Casa das Marianas...*); apelidos (*Casa de Calvo, Casa de García, Casa de Varela...*); topónimos –lugar de

onde procede ou onde naceu algún membro da familia ou os seus antepasados– (*Casa de Rosende, Casa dos de Penadarca...*); profesións (*Casa do Ferreiro, Casa do Zapateiro, Casa dos do Tendeiro...*); ou alcumes (*Casa do Ai Coño, Casa dos da Castellana...*). A comunidade precisa dos nomes das casas para identificar e distinguir aos veciños circunscritos a unha mesma edificación e encadralos nun lugar. Desde aquí propono a necesidade dun levantamento exhaustivo e de forma sistemática dos nomes das casas xunto coa microtoponimia de cada lugar, pois tamén se van coa xente que morre e coas casas que se derrubán.

As vacas, por ser o animal máis valioso que podía ter unha familia labrega e o que máis tempo vivía na casa, eran consideradas parte da familia, de aí que todas tiveran nome de seu. Os investigadores que estudaron esta parte da Onomástica (Benavente/Ferro 2010: 179-202; Pazos 2007: 625-630; Aira 2007: 552-572; González 2007: 613-624) coinciden no esencial á hora de establecer as motivacións que hai detrás destes nomes: a cor da pel (*Roxa, Cereixa, Morena, Pinta...*); a raza (*Cachena, Frieiresa...*); a orixe xeográfica (*Francesa, Asturiana, Sevillana...*); a forma dos cornos (*Gallarda, Mouca, Piñeira...*); a idade (*Novella...*); as características físicas (*Benfeita, Garbosa, Linda...*); o carácter ou actitudes (*Celosa, Brava, Larpeira...*); nomes de persoa ou de famosos (*Lulú, Dúrcal, Chicholina...*); nomes doutros animais ou peixes (*Rula, Sardiña...*); e mesmo de plantas (*Carabel, Toxo...*).

Segundo o Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia⁹, na actualidade existen na nosa comunidade 5.713 embarcacións. Destas, 1.279 son os barcos que empregan os mariscadores/as para traballar nos seus parques de cultivo, os titulares das granxas de peixe e, sobre todo, os que constitúen a ferramenta de traballo esencial para o sector mexilloeiro e ostricultor de Galicia, que acapara a maioría dos empregos e produción da acuicultura galega. E todos e cada un deles con nome propio. Segundo os investigadores que se teñen ocupado da naonimia (Ferro 2007: 581-610; Acea 2007: 531-550), a maioría teñen nome de muller –os máis frecuentes María e Carme xunto cos seus hipocorísticos, como Maruxa, Marica ou Carmiña, Carmucha–. Este nome de muller pode ser o da nai, muller,

9 Pódese consultar neste enlace o rexistro do ano 2016: <https://www.pescadegalicia.gal/rexbuque/>

filla ou neta do mariñeiro, pero tamén o da propietaria da embarcación, incluso, o dun amor afastado. Pero tamén aparecen os nomes de santos –*San José*¹⁰, *San Martiño*, *San Juan*, *Santa María*...–, relixiosos ou bíblicos. E unha vez máis, volven aparecer tamén nos barcos os nosos topónimos: nomes de montes (*Monte Santa Tecla*, *Montelouro*...), puntas (*Punta do Boi*), cabos (*Cabo Prior*), praias, (*Playa de Esteiro*), illas (*Sálvora*), rías (*Arosa*) e entidades de poboación preto da costa, probablemente, o lugar de procedencia do mariñeiro (*Aldán*, *Portosín*). Para non deixar coxa esta clasificación, os nomes de peixes, mariscos e animais tamén están presentes nalgunhas naves (*Sardiña*, *Chirla*, *Gaivota*, *Águila*, *Lagartiño* ou *Mariposa*), e como curiosidades eruditas cabe mencionar nomes literarios (*Luces de Bohemia*, *Moby Dick*...); referencias míticas (*Apolo*, *Neptuno*, *Ulises*...); películas (*Tarzán*...); fútbol (*Celta*, *Deportivo*...); política (*Kaiser Dos*...); ou humor (*Como queira*, *Que sé yo*...). Entre os exemplos que se ofrecen, decatarase o lector de que hai moito nome castelanizado. Ferro Ruibal (2007: 606) explica a presenza do castelán nos nomes dos barcos por ser a matriculación do barco un acto xurídico que implica unha xestión documental para a que o castelán leva séculos sendo a única lingua admitida, de maneira que a burocracia actúa como un filtro castelanizador neste proceso onomástico.

Por último, a ansia nomeadora do pobo galego chega ata as persoas que viven en comunidade, e aquí tamén teñen un importante papel os topónimos. Estamos a falar dos chamados *alcumes*, *alcuños*, *motes*, *apoios*, *nomeadas*... dependendo da zona de Galicia na que nos atopemos. Todos eles xorden da imaxinación dos veciños e a súa consolidación depende do grao de aceptación ou de éxito entre as persoas que conviven nunha área concreta. Os investigadores que se teñen ocupado destouta parcela da onomástica persoal (Escourido 2007: 149-158; Rodríguez/Moo 2007: 215-226; Soto 2007: 313-326; Zapico 2007: 363-374; Tato 1992) destacan como motivacións principais: o aspecto físico –sobre todo os defectos físicos– (*A Preciosa*, *O Birollo*, *Cu de Molete*, *O Pixiña*...); semellanza ou paralelismo con animais (*O Araña*, *O Camello*, *O Escaravello*...); o carácter (*O Petapouco*, *O Parolas*, *O Tarambana*...); a profesión (*O*

10 Están en castelán porque o culto oficial se fai maioritariamente nesta lingua.

Muiñeiro, A Zoqueira...); topónimo de procedencia ou xentilicios (*O Roncudán, A Cubanita, O Maragato...*); e, como singularidade, rexístranse tics lingüísticos e onomatopeias (*O Tiquidís, O Xacomín, O Chacalachá...*). Moitos dos alcumes son metáforas usadas con certa ironía que reflicten o sentido do humor do pobo galego, polo tanto son unha fonte de información sociolóxica e antropolóxica moi importante, ao igual ca os topónimos.

Á vista está que os galegos posuímos un gran talento para nomear as cousas. Por iso, Sarmiento propoñía a recollida sistemática dos nomes, apelidos, hipocorísticos e sobrenomes xunto coa toponimia e a microtoponimia, para a súa posterior organización en familias e o seu estudo etimolóxico. Reitero a miña insistencia na necesidade de recoller este patrimonio xunto coa microtoponimia a través da nova aplicación colaborativa, pois estámolo perdendo. Dito isto, continuo co tema que ocupa estas páxinas.

1.3. Causas da desaparición deste tesouro cultural

Galicia é rica en topónimos, pero o principal motivo da súa perda é a transformación acelerada dos modos de vida tradicionais en Galicia nas últimas décadas, que producen un cambio no medio físico, na organización e na vivencia dos espazos.

Como xa se comentou, a maioría dos nomes de lugar están vivos só na memoria das persoas de máis idade, só as persoas que usan os nomes son os portadores desta sabedoría. Unha das maiores contribucións da xente do campo e do mar á nosa cultura é a de seren os verdadeiros transmisores da toponimia a través da oralidade, xeración tras xeración ata os nosos días, sen apenas variacións, agás as motivadas pola evolución da lingua común. Os nomes de cada anaco de terra, de cada pedra, de cada fonte... nas serras galegas non están rexistrados en ningún catastro, mapa ou libro, do mesmo xeito que tampouco están nas cartas náuticas ou derroteiros os da maioría dos baixos, cons e pedras do mar. Neste punto é onde conectan dous mundos tan distintos, o pastoril e o mariñeiro, xa que tanto nas serras e montes comunais como no mar non hai propiedades. Estes nomes dan conta dunha realidade e unha historia que non está escrita, que non está documentada, que tan só está pronunciada (Feijoo 2014: 1129-1130).




Figura 6. Mapa das aldeas deshabitadas de Galicia. Fonte: <http://calidonia.eu/2015/02/05/actualizacion-do-mapa-de-aldeas-e-lugares-deshabitados-de-galicia/>

Cando algo non se usa, pérdese. A cadea da transmisión xeracional da toponimia galega estase rompendo. As novas xeracións están moi desarraigadas de todo aquilo que cheire a tradición, campo e mar, salvo raras excepcións. A maioría dos mozos xa non ten a necesidade de coñecer os nomes das terras dos seus avós, porque eles non as van traballar, ou das serras, porque eles xa non van pastorear. No mar, os novos mariñeiros non precisan coñecer cada palmo do fondo marítimo porque xa non depende diso o seu pan nin a súa integridade física, pois serán os modernos GPS os que marquen a ruta do barco e a situación dos bancos de pesca a través das coordenadas. Tamén se está esvaendo o camiño para achegarnos á historia das comunidades mariñeiras.

É evidente o despoboamento que está sufrindo o mundo rural galego. Hai estudos que falan de 3.000 lugares deshabitados ou en risco de estalo de xeito inminente (Figura 6)¹¹.

¹¹ Este mapa non é do todo fiable, pois os datos están extraídos dos Nomenclátore de poboación do INE e do IGE, de modo que pode haber persoas empadroadas en lugares nos que xa non vive ninguén e, pola contra, casas habitadas temporalmente por persoas que non están empadroadas no concello onde están situadas.

Malia que habitualmente se pensa que o declive demográfico de Galicia afecta principalmente ás provincias de Lugo e Ourense, podemos ver neste mapa que na da Coruña, comarcas de Ortegal e Eume, e na de Pontevedra, comarca da Paradanta, a densidade de aldeas abandonadas tamén é bastante alta. O feito de que historicamente o tipo de hábitat no sueste de Galicia fose nucleado, fronte ao disperso de toda a zona occidental e norte, axuda a entender que no concello do Riós ou da Gudiña, a pesar do fortísimo despoboamento, apenas hai aldeas abandonadas (son núcleos concentrados nos que vivía moita xente), fronte ás aldeas dos concellos de Ortigueira ou de Muras nas que hai unha forte dispersión, existindo aldeas formadas por dúas ou tres casas. A comarca de Ortegal presenta os índices de avellentamento máis elevados de todas as comarcas costeiras de Galicia (Castro/Feijoo 2007: 39).

Unha e outra forma de despoboamento leva consigo o abandono da actividade agrícola e gandeira. Segundo a *Enquisa de poboación activa do INE*¹², no ano 1990 había en Galicia 230.600 persoas dedicadas á actividade da agricultura e da pesca. No ano 2016 quedan arredor de 63.700 (Figura 7).

Outro dato significativo é o que nos ofrece o *Anuario de Estadística Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente*¹³. No ano 1985 había rexistradas en Galicia 360.436 explotacións agrarias. No ano 2002 xa baixaran a 270.053. No 2007 contabilízanse 88.037 e no 2015 quedan 79.321. Segundo me informan desde o Rexistro de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia (REAGA), hai 30 anos existían en Galicia máis de 100.000 explotacións dedicadas á produción de leite e hoxe quedan arredor de 7.000. As cifras falan por si soas.

A xente nova emigra cara ás vilas e cidades en busca do que eles consideran un futuro mellor ca o que lles ofrecerá o campo e o mar. Na aldea queda xente maior que tamén nos van deixando paulatinamente. Xa é un tópicos dicir que con cada vello/a que morre deixan de existir ducias de topónimos, nalgúns casos centos, cando se trata do último habitante dun lugar. O movemento migratorio

12 Fonte: https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204008&num_pag=23

13 Pódese consultar en <http://www.mapama.gob.es/es/estadistica/temas/publicaciones/anuario-de-estadistica/>




Figura 7. Gráfico da evolución da poboación galega dedicada ao sector da agricultura e a pesca desde o ano 1996 ao 2015. Fonte: elaboración propia

no noso país prodúcese do leste cara ao oeste. O crecemento urbanístico de vilas e cidades na liña de costa sepulta a toponimia tradicional baixo nomes de rúas conmemorativos ou honoríficos, na meirande parte dos casos, topónimos totalmente alleos ao devir histórico e á cultura dos devanceiros que bautizaron esas terras agora cubertas polo ladrillo e polo asfalto. O espazo no que se constrúe un novo edificio, chalé ou urbanización tiña un nome de seu. Cómpre unha maior conciencia por parte das corporacións municipais para salvagardalo manténdoo no nome da rúa, da nova entidade ou da urbanización. Un exemplo de boa praxe respecto disto é o concello de Ames, no que as rúas dos dous núcleos máis urbanos, Bertamiráns e O Milladoiro, manteñen os nomes tradicionais das terras nas que se edificou (Figura 8).

Na outra beira estaba o concello de Lalín, entre outros moitos, no que as rúas rezaban como Rúa A, Rúa B, Rúa C. E digo estaba, porque afortunadamente, no ano 2015, este concello nomeou unha comisión de expertos chamada “Comisión do rueiro” para recuperar os topónimos tradicionais das rúas e rebautizalas,



Figura 8. Letreiros das rúas de Bertamiráns e O Milladoiro. Fonte: elaboración propia

segundo as directrices dos expertos da ONU, que recomendan evitar o emprego de topónimos conmemorativos ou honoríficos cando existe toponimia tradicional. Nesta comisión están dous membros do Seminario de Onomástica da RAG, Luz Méndez e Gonzalo Navaza.

Iván Sestay (2008) realizou un traballo único de arqueoloxía lingüística recuperando máis de 300 topónimos tradicionais na parroquia de Coia, unha zona completamente integrada no núcleo urbano de Vigo que sufriu unha radical transformación do espazo e das actividades con el relacionadas desde os anos 40 en diante por causa do crecemento urbanístico. No prólogo de Gonzalo Navaza a este libro comenta:

En países máis cultos ou máis respectuosos coa herdanza cultural do pasado existen condicións legais que amparan e protexen o patrimonio toponímico; onda nós, por contra, o crecemento dos espazos urbanos levouse a cabo por veces sen ter en conta que os novos territorios gañados polo proceso urbanizador xa tiñan historia previa, e nomes previos, e con demasiada frecuencia as rúas e as avenidas invadiron a paisaxe como se esta fose un ermo amnésico, unha “terra incógnita” coma aquelas inmensas presentacións da colección áreas dos mapas coloniais onde apenas se lían rótulos que non fosen cousas como “aquí leóns”.

Pero non só se sepultan topónimos nas áreas urbanas, no mundo rural o home tamén transforma o medio natural por medio dos procesos de concentración parcelaria, un factor que tamén provoca a desaparición dunha media de 4-5 topónimos por cada nova parcela creada. Este proceso conleva a modificación radical do espazo, pois unha vez que as máquinas eliminan os valados, as corredeiras, fontes, regueiros e moitos dos elementos de referencia que permitían distinguir onde remataba un topónimo e comezaba outro, nin sequera as persoas maiores que tiñan propiedades neses espazos son quen de orientarse para indicar onde estaban. Unha vez concentrado, queda unha soa denominación para cada nova parcela agrupada, no mellor dos casos, cando non son varias parcelas de bastantes hectáreas as que identifican único topónimo. Normalmente o nome que se mantén é o que antes abranguía un maior número de propiedades, pero é probable que os topónimos que se perden fosen moito máis antigos e interesantes desde o punto de vista filolóxico. En definitiva, esta metamorfose do espazo ten como consecuencia unha mutilación toponímica e paisaxística, en prol da rendibilidade agraria e gandeira.

O Plan xeral de normalización lingüística¹⁴, aprobado o 21 de setembro de 2004 por unanimidade do Parlamento de Galicia, recolle, entre as súas propostas, a seguinte:

1.2.6. Establecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións (maioritariamente deputacións e concellos, os servizos de concentración parcelaria e o catastro) teñen que levar incorporada a recollida da microtoponimia, consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia, e que o material cartográfico recollido deberá ser remitido ao SITGA para a súa organización e posta á disposición da sociedade na Rede.

Son varios os organismos públicos en Galicia, como veremos máis adiante, que precisan a toponimia, pero non sempre lle conceden a relevancia que ten. As empresas privadas que traballan para a Administración, cando fan levantamentos topográficos para a parcelaria, expropiacións de obras públicas para a construción de autoestradas, vías de ferrocarril, áreas comerciais... non seguen as directrices marcadas no mencionado plan, ao contrario, existe unha

¹⁴ Pode consultarse o texto íntegro neste enlace: http://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-lingua/estandar/PNL22_24_textointegro.pdf

gran descoordinación entre todos eles. Cómpre que traballemos todos a unha, cun único criterio e obxectivo común, o de recoller en poucos anos este inxente patrimonio que se perde de forma acelerada. De aí a necesidade de crear unha ferramenta para a recolleita unificada da toponimia galega como a que propoñemos a continuación.

De seguirmos polo camiño que levamos, todo parece indicar que á volta de 20-30 anos Galicia se semelle máis a Castela, toponimicamente falando, do que nunca puidemos imaxinar. O mato farase dono do que antes estaba de labradío ou de pasteiro, non haberá referencias para distinguir as antigas parcelas, nin xente nas aldeas que usen os seus nomes. Un espazo enorme de monte terá un único nome, probablemente coincidente co da aldea que quedou abandonada, ocultándose baixo a vexetación e a arborada todos os microtopónimos portadores da historia dese lugar. A poboación galega concentrarase en seis grandes cidades, en vilas menores e urbanizacións en toda a liña occidental do país, de norte a sur, dedicada a... Non se sabe.

Por último, e non por ser menos importante, volvo sobre a perda da talasonimia causada principalmente polos cambios nos modos de explotación do medio marítimo, o abandono progresivo das actividades de pesca tradicionais e a implantación dos novos e modernos sistemas de orientación no mar (GPS), que substitúen o exhaustivo coñecemento do hábitat no que se desenvolvían con tanta precisión que serían capaces de faenar cos ollos vendados. Os vellos mariñeiros teñen o seu propio mundo lingüístico, económico, etnográfico... debaixo da auga, oculto para o resto dos veciños que traballaban en terra, de aí que moitas veces teñamos máis dun nome para un mesmo lugar ou que algúns deles só sexan coñecidos por un individuo ou unha familia, porque denominan un banco de peixes ao que lle queren sacar beneficio en exclusividade (Vilar 2008; Lixó 2016).

Tristemente, non existe conciencia social nin institucional sobre a perda da microtoponimia, sobre todo, nas persoas ou organismos que deberían ter a responsabilidade ou a posibilidade de tomar medidas urxentes para frear este dano irreparable para a cultura galega. Precisamos un compromiso de colaboración de toda a sociedade, en xeral, e do goberno galego, en particular, para que non se siga perdendo un dos nosos sinais de identidade como pobo, pois mañá igual é tarde. Galicia é coñecida polo mundo enteiro por moitas cousas que nos

enchen de orgullo, pola súa paisaxe, sempre verde, pola excelente gastronomía, polas súas festas, polo Camiño de Santiago... pois tamén debería ser coñecida pola rica e abundante toponimia. Para Vicenç M. Roselló (2004) a toponimia é unha ciencia patriótica, porque estuda o principal patrimonio dunha terra, que son os seus nomes de lugar.

1.4. A toponimia nas leis de patrimonio cultural

Por todo o mencionado anteriormente, a protección da toponimia debería ser un asunto prioritario para o goberno galego e para todas as institucións e organismos que traballan a prol da lingua e da cultura de Galicia.

A necesidade de salvagardar e difundir este legado cultural dos nosos antepasados non é cousa de catro apaixonados pola toponimia, senón que é unha das recomendacións do Grupo de Expertos para os Nomes Xeográficos da ONU (*United Nations Group of Experts on Geographical Names* - UNGEGN). Na IX conferencia das Nacións Unidas sobre a normalización de Nomes Xeográficos (New York, agosto de 2007) estableceuse na resolución IX/4 que os topónimos forman parte do patrimonio cultural intanxible (ICH, Intangible Cultural Heritage) porque constitúen unha parte importante das linguas e conservan formas que evidencian a súa evolución; e son valiosas testemuñas da historia e dos modos de vida pasados ou actuais. Tamén alenta os organismos oficiais encargados da toponimia a inventariar os topónimos conforme aos criterios da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial¹⁵ e a elaborar un programa de salvagarda e promoción deste patrimonio.

O 27 de maio de 2015 aparece no BOE aprobada a Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial¹⁶, na que se cita por primeira vez a toponimia tradicional (artigo 2) dentro do concepto de

15 Pódense consultar aquí os *Criterios da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial*: http://unstats.un.org/unsd/geoinfo/UNGEgn/docs/26th-gegn-docs/WP/WP56_Cult%20criteria%20EN.pdf.

16 Pódese consultar aquí a Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial: <http://www.boletinesoficiales.com/galego/documentacion/legislacion/documento/Lei-10-2015-26-maio-salvaguardia-Patrimonio-Cultural-Inmaterial,21184681/>

patrimonio cultural inmaterial: “Terán a consideración de bens do patrimonio cultural inmaterial... a) Tradicións e expresións orais, incluídas as modalidades e particularidades lingüísticas como vehículo de patrimonio cultural inmaterial, así como a toponimia tradicional como instrumento da concreción da denominación xeográfica dos territorios;...”

Previamente, en vista de que no borrador desta lei non aparecía a toponimia, a RAG dirixiuse formalmente ao Congreso dos Deputados, a través dos grupos parlamentarios, para solicitarlles a súa inclusión como concepto individualizado no proxecto de lei¹⁷. Non foi a única organización que se mobilizou, tamén a Secretaría Xeral de Política Lingüística e, a nivel estatal, a Comisión Especializada en Nomes Xeográficos (CENG) do Instituto Xeográfico Nacional, dependente do Ministerio de Fomento. Todos os que, dunha maneira ou doutra, participamos nesta reclamación, finalmente puidemos congratularnos por conseguir un obxectivo común e moi importante para o futuro da nosa toponimia.

Un ano despois, apróbase no Parlamento galego a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia¹⁸. Coma no caso anterior, noméase a toponimia como un dos bens do patrimonio cultural inmaterial para os efectos desta lei, xunto coa lingua, as tradicións e expresións orais e as artes do espectáculo (Artigo 9. Punto 3).

No artigo 35, titulado *Protección do patrimonio cultural no planeamento urbanístico*, no punto 2 volve mencionar a toponimia: “A normativa e a proposta de ordenación prevista nos instrumentos de planeamento urbanístico garantirán a salvagarda dos valores culturais dos bens de patrimonio cultural [...] e o respecto á toponimia oficialmente aprobada”. Por desgraza, isto non se está aplicando por parte das empresas que realizan o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) en cada concello. Agardemos que a partir de agora tomen nota.

17 Pode consultarse o comunicado na web da RAG, neste enlace: http://academia.gal/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/a-academia-solicita-a-inclusion-expresa-da-toponimia-tradicional-na-definicion-do-concepto-de-patrimonio-cultural-inmaterial?redirect=http%253A%252F%252Fwww.realacademiagallega.org%252F-novas%253Fp_p_id%253D101_INSTANCE_E4jf%2526p_p_lifecycle%253D0%2526p_p_state%253Dnormal%2526p_p_mode%253Dview%2526p_p_col_id%253Dcolumn-1%2526p_p_col_count%253D3.

18 Pode consultarse aquí a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia: http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001_gl.html.

A continuación, no artigo 68, titulado “Identificación, documentación e investigación do patrimonio cultural inmaterial”, tamén no punto 2, dise: “A Xunta de Galicia velará, xunto con outras institucións da Comunidade Autónoma, pola preservación da toponimia tradicional, que se considera un valor identitario da Comunidade Autónoma, así como un instrumento para a concreción xeográfica”.

Esta lei supón un paso de xigante para a recolleita da toponimia galega, retomando así, o que xa fora comezado polo PTG. Agora existe unha base legal que obriga á Administración a poñer os medios para recoller e salvagardar este patrimonio colectivo de todo o pobo galego. Desde que se paralizou o PTG no ano 2011, o proceso de recolleita quedou en mans de particulares ou asociacións, sensibilizados e preocupados en salvar do esquecemento a historia da súa aldea ou parroquia, pero sen contar co asesoramento lingüístico e coas ferramentas técnicas necesarias para integrar os datos no banco de topónimos normalizados de toda Galicia.

Finalmente, no artigo 69, relativo ás *medidas específicas de salvagarda*, no punto 6 dise: “Na protección da toponimia, a Xunta de Galicia e as demais administracións implicadas inspirarán as súas actuacións nas indicacións e recomendacións dos organismos internacionais”. Estes organismos que menciona son, precisamente, o Grupo de Expertos da ONU para os Nomes Xeográficos co que iniciamos este apartado da lexislación que establece o marco legal para a protección da toponimia como un ben do patrimonio cultural.

Gonzalo Navaza¹⁹ afirma que a mellor maneira de preservar o patrimonio toponímico é permitir que os topónimos históricos continúen vivos. A diferenza do que acontece co patrimonio material, que adoita requirir investimentos para a súa conservación, o patrimonio toponímico presérvase simplemente coa vontade de que siga cumprindo a súa función denominativa.

19 Prólogo ao libro de Sestay (2008).

2. NECESIDADE DE CREACIÓN DUNHA FERRAMENTA INFORMÁTICA PARA A RECOLLEITA UNIFICADA DA TOPONIMIA GALEGA

2.1. Antecedentes

A Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, sendo consciente da grave ameaza á que estaba exposta a microtoponimia galega, puxo en marcha no ano 2000 o Proxecto Toponimia de Galicia²⁰ (PTG), que xa se mencionou páxinas atrás. Eu formei parte del desde o primeiro ata o último día. Dependía da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pois é a que ten as competencias na materia. O seu director foi Xermán García Cancela, que tamén participa nestas xornadas que nos ocupan, de maneira que vos falará el máis polo miúdo disto. Xermán tamén foi o secretario desta Comisión de Toponimia que sentou as bases da normalización da toponimia deturpada e castellanizada neste país, o órgano científico que elaborou unha obra tan importante como é *Nomenclátor de Galicia* 2003.

Non debemos deixar de recordar e de render homenaxe á actividade en toponimia desenvolvida xa en fase preautonómica, entre os anos 1979 e 1982, baixo o impulso do primeiro conselleiro de Cultura, o profesor Filgueira Valverde, tamén primeiro presidente da Comisión de Toponimia neses anos. Á par del, cómpre estender esa homenaxe a todos os que nesa época participaron dos traballos, algúns dos cales, como os profesores Antón Santamarina e Ramón Lorenzo, prolongaron a súa contribución ata os días de hoxe, facendo parte da Comisión de Toponimia xunto con outros especialistas que se foron incorporando nos primeiros anos da fase autonómica, como os profesores Elixio Rivas, Xosé Antón Palacio ou Gonzalo Navaza, entre outros. Para un servidor é un privilexio traballar e aprender a carón de todos eles.

Pois ben, os obxectivos deste proxecto eran recoller toda a toponimia galega, tanto a referida a entidades de poboación como a outras realidades xeográficas

20 Para máis información véxase na web da Toponimia de Galicia o apartado correspondente ao proxecto: <http://toponimia.xunta.es/gl/ProxectoToponimiaGalicia>.

(nomes de terras, penedos, fontes, regueiros, cruceiros, cons, areais...). A metodoloxía de traballo (Castro/Feijoo 2007: 25-35) estaba baseada en enquisas orais *in situ* con informantes nativos de cada aldea, canto máis maiores mellor. Situábanse os topónimos en fotografías aéreas para a súa posterior xeorreferenciación, aproveitando as novas tecnoloxías en sistemas cartográficos. Unha vez introducidos nunha base de datos, a *Ponencia de Estudos* da Comisión de Toponimia fixaba unha forma escrita normalizada para cada nome. A finalidade última era a divulgación na rede de toda esta información para a súa aplicación práctica por parte de organismos públicos, entidades privadas e particulares.

No momento da súa paralización no ano 2011, despois de máis de 10 anos de traballo, fixérase recolleita de campo en 174 concellos galegos²¹, completándose esta primeira fase en 113. Loxicamente, existen diferentes graos de profundidade e exhaustividade nesta recompilación, pois interveñen múltiples factores no éxito da tarefa como son: a formación do técnico, a súa pericia e interese, o perfil e grao de colaboración dos informantes, a densidade de poboamento, o tipo de terreo (se é unha zona de labradíos e pasteiros, de serra, de arboredo, unha área urbana, unha área litoral...) as actividades económicas predominantes na zona etc. Podemos dicir que está recollido arredor dun 30% do territorio, no que se acadou un total de 425.817 topónimos. Destes, están dispoñibles para descarga en base de datos, desde a web do proxecto, uns 400.371²². A Comisión de Toponimia supervisou a forma escrita dos topónimos de 55 concellos e foron xeorreferenciados os nomes de 76 concellos, isto supón que se poden visualizar máis de 200.000 topónimos no Google Earth coa ferramenta chamada *buscador de topónimos*²³.

Agora ben, a lamentable decisión de paralizar un proxecto tan importante para a nosa cultura minguou as forzas de moitas persoas que tantas ilusións e esforzo puxemos neste proxecto, principalmente dos que traballabamos nel diariamente, pero onde houbo lume sempre quedan cinzas e o terreo sementado comezou a producir nalgúns puntos de Galicia. Desde o ano 2011 ata hoxe xorden distintas

21 Ver o estado de recolleita en cada concello no seguinte enlace da web da Toponimia de Galicia: <http://toponimia.xunta.es/gl/ProxectoToponimiaGalicia/estadoporconcellos>

22 A descarga das bases de datos realizase desde este enlace: <http://toponimia.xunta.es/gl/descargas>

23 O *buscador de topónimos* está neste enlace: <http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>

iniciativas desde os concellos, comunidades de montes, asociacións veciñais e culturais, centros de ensino... que financian a súa propia recolleita de toponimia. Vexamos algunhas.

No ano 2012, o Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) e mais os Servizos de Normalización Lingüística dos concellos de Ourense, Pontevedra e Vigo organizan o *I Curso de formación de especialistas en recollida de toponimia*, que contou tamén coa colaboración da Vicerreitoría de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo. O feito de que se inscribisen máis de 100 persoas nel demostra o interese suscitado por esta materia na sociedade. Deste curso saíu moita xente interesada en recoller toponimia, pero realmente destacada foi a laboura realizada polos concellos de Pontevedra e Vigo. No primeiro caso crearon unha web chamada *Chamámonos así*²⁴ onde se pode consultar toda a toponimia xeorreferenciada recollida nas parroquias deste concello, podendo engadir a cada ficha documentación e arquivos fotográficos. Desta experiencia falará unha das participantes na xornada, María Abelleira.

No segundo caso, en Vigo xa se fixera unha primeira intervención a través do PTG que resultou bastante incompleta por unha serie de circunstancias que agora non veñen a conto. Nesta segunda fase, desde o SNL contrataron xente especializada para facer unha recolleita máis exhaustiva que dará como resultado final a publicación dun estudo etimolóxico da toponimia de cada parroquia. Crearon un blog chamado *Toponimia de Vigo*²⁵, cunha canle en *youtube* na que colgan vídeos explicativos do significado dos nomes das parroquias do concello e iniciaron unha colección de libros titulada *Toponimia do Val do Fragoso*, da que xa se publicaron 4 libros coa axuda do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo: o primeiro sobre a parroquia de Coia (Sestay 2008); o segundo da parroquia de Lavadores (Sestay 2010); o terceiro da parroquia de Beade (Carrasco e Navaza 2014), o cuarto das parroquias de Freixeiro e Sárdoma (Sestay 2014).

No ano 2013, a Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto de Lingua Galega, baixo a dirección da profesora Ana Boullón, organizaron un

24 Para consultar o proxecto *Chámamonos así* : <http://toponimia.pontevedra.eu/web/app.php/ficha/>

25 Consultar o blog *Toponimia de Vigo* neste enlace: <http://toponimiavigo.blogaliza.org/> . Para ver os vídeos de súa toponimia en youtube: <https://www.youtube.com/user/toponimiadevigo/feed?filter=2>

curso de verán de toponimia titulado *Toponimia: interpretación e actuación*, con moito éxito de público. Este curso ofrecíalle aos asistentes a posibilidade de optar a unhas bolsas de traballo para a recollida de toponimia nos concellos de Rois, Touro, Rianxo, Boiro, Ribeira e A Pobra do Caramiñal, contando coa axuda económica da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte. Durante dous meses, oito técnicos de campo recolleron microtoponimia nos citados concellos.

Por iniciativa propia, o Concello de Muxía puxo en marcha o *Proxecto Buserana*²⁶, un proxecto de salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial deste concello, dedicando parte dos esforzos á recolleita da toponimia marítima.

Non só os Concellos demostran a súa sensibilidade ante a necesidade de recoller este patrimonio, tamén as asociacións culturais e veciñais. Por exemplo, a AA.VV. de Pinzás (Tomiño), tras recoller a súa microtoponimia agora organiza, coa colaboración do Instituto de Estudos Miñoranos e do Concello, rutas guiadas²⁷ nas que se lles explica o significado dos topónimos e a historia da parroquia aos asistentes. A Asociación Cultural Alexandre Bóveda e a Deputación da Coruña asinaron un acordo no ano 2014 para desenvolver un proxecto de recuperación e divulgación da toponimia da cidade herculina e da súa comarca²⁸.

Existe un potencial importante nas comunidades de montes de Galicia para rexistrar os nomes dos montes abertos que xestionan. É unha institución con moito arraigamento en Galicia, pois a man común é unha das formas de propiedade da terra que se salvou do fenómeno da desamortización. Nelas, os veciños teñen plena autonomía para a xestión e disfrute do monte, baseándose en normas de carácter consuetudinario. As terras en man común adoitan aproveitarse para explotación agraria ou forestal, pero é este último uso o que xera unha maior fonte de ingresos para as parroquias (por exemplo, a tala de árbores). Estes rendementos dedícanse normalmente a obras comunitarias, a inversións no propio monte ou ao reparto

26 Ver máis información sobre a recolleita de topónimos do *Proxecto Buserana* visite este enlace <http://proyectobuserana.blogaliza.org/mapa-toponimos/>

27 Ver máis información sobre *Pinzás. Toponimia, ouro e morte*: <http://documents.tips/documents/xeira-pola-parroquia-de-pinzas.html>

28 Para saber máis léase esta nova publicada no xornal dixital *laopinioncoruna.es*: <http://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2014/10/16/asociacion-alexandre-boveda-recuperara-toponimia/889092.html>

igualitario entre os *comuneiros*. Son especialmente proactivas as do Valmiñor, pois parte destas ganancias están sendo destinadas á recolleita da toponimia. Son conscientes do interese que ten coñecer os nomes do seu monte e poñer en valor os elementos do patrimonio cultural que poida haber neles. Xa son varias as que financiaron a recolleita de microtoponimia: Borreiros, Vincios²⁹, Santa Baia de Donas³⁰ (Gondomar); Baíña (Baiona); Saiáns³¹, Candeán³² (Vigo)... Destas experiencias xa vai falar un dos participantes na xornada, Anxo R. Lemos, que fixo o traballo de campo nalgunhas destas parroquias. O seu exemplo sería extrapolable a outras comunidades do resto do país, só fai falta unha labor de concienciación e divulgación.

Outro sector que ten contribuído de maneira desinteresada e que mostra a súa intención de seguilo facendo é o mundo educativo. Nos últimos seis anos, un servidor leva impartido charlas sobre a importancia de toponimia galega e a necesidade de recollela para que non se perda, en máis de 50 colexios e institutos de toda Galicia, convidado polos Equipos de Dinamización e Normalización Lingüística de cada centro. Froito destas charlas xurdiron iniciativas moi interesantes en varios centros de ensino, non só de recolleita de nomes de lugar, senón de gravacións de lendas, cantigas, refráns... Naqueles concellos nos que o PTG xa tiña xeorreferenciada a toponimia ensineilles a consultala, visualizala no Google Earth e a traballar con ela, o que deu pé a distintos traballos de clasificación semántica, etimolóxicos, de recreación e escenificación de lendas ou creación de xogos³³. Por citar algúns destes centros: IES Lagoa de Antela³⁴ (Xinzo); IES de

29 Crearon o seu propio sistema de información xeográfica coa toponimia a través do proxecto *Cartografías sensibles*. Pode verse neste enlace: <http://vincios.org/es/toponimia-3/>

30 Consultar mapa de topónimos de Santa Baia de Donas neste enlace: <http://toponimiadedonas.esmiweb.es/>

31 A Comunidade de montes veciñais en man común San Xurxo de Saiáns e o IEM publicaron un libro coa toponimia deste parroquia escrito por Gonzalo Navaza (2011).

32 Consultar mapa toponímico de Candeán neste enlace: <https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1D-sUUSXhNCmZ9en279O5unUWj598&cll=42.24010027304289%2C-8.659518499999999&cz=14>

33 Das experiencias nos colexios, destas e doutras nas que eu non intervíñ, faláron na xornada os profesores Valentina Formoso, Xoán Carlos Porral e Xulia Marqués.

34 Blog do EDNL: *O falar no ten cancelas*. Consúltase en <http://www.blogoteca.com/ofalarnontencancelas/index.php?cat=13069>

Curtis³⁵ (Curtis); IES Manuel Murguía³⁶ (Arteixo); IES Félix Muriel³⁷ (Rianxo); IES David Buján³⁸ (Cambre); IES Mediño e IES Illa de San Simón³⁹ (Redondela); IES Daniel Monje (Navia de Suarna); IES San Paio (Tui) etc.

Especialmente meritorio foi o traballo feito polo IES Pintor Colmeiro sobre a microtoponimia do concello de Silleda, merecedor do Premio Antón Fraguas ao mellor proxecto didáctico en 2014. Sen tomar coma referencia a metodoloxía do PTG, nin os materiais, nin o asesoramento de persoas que temos algunha experiencia no traballo de campo, Xoán Carlos García Porral dirixiu aos escolares con moito atino e ilusión na tarefa de debuxar a través da toponimia e das lendas a paisaxe da tradición oral de Silleda. Unha das cousas máis importantes é que os nenos e as nenas participantes foron capaces de situar os topónimos en fotografías aéreas a través dunha ferramenta gratuíta de Google⁴⁰. Traballar algo tan tradicional como a toponimia e as lendas coas novas tecnoloxías engancha á xente nova e aí radica o segredo polo que se involucraron da maneira que o fixeron. Este é un dos motivos que nos leva a pensar que a aplicación colaborativa que presentaremos no punto 3 deste artigo triunfará no mundo escolar.

Non quero finalizar este percorrido polos distintos axentes sociais que están colaborando na recolleita da nosa toponimia desde a paralización do PTG, malia non teren a ferramenta idónea para difundila, sen mencionar as dúcias de particulares que contactan a través da conta de correo toponimia@xunta.es ou directamente con nós, co Seminario de Onomástica da RAG, a través de

35 Blog do EDNL: *Son de noso*. Consultar en <http://sondenoso.blogspot.com.es/2015/05/achegandonos-toponimia.html>

36 Blog do EDNL: *Fala de raio*. Consultar en <http://faladeraio.es/inicio/index.php/tag/vicente-feijoo/>

37 Valentina Formoso e o seu equipo levan moito tempo traballando cos rapaces na toponimia de maior de Rianxo, algo que ela mesma falará nesta Xornada de Onomástica. Son realmente interesantes os xogos creados para que os rapaces aprendan enredando cos nomes dos lugares do seu concello no blog *Rianxo Fala*. Consultar en <http://www.rianxofala.com/toponimia-2>.

38 Blog do EDNL: *Traballando*. Consultar en <http://aulalumnado.blogspot.com.es/2014/04/vicente-feijoo-ares.html>.

39 Eva García, a técnica de NL do Concello de Redondela, é a persoa que se encarga de coordinar as actividades de recolleita de microtoponimia neste concello. Consultar a web da Coordinadora de ENDL dos centros de ensino de Redondela en <http://coordinadoraendlredondela.blogspot.com.es/2011/12/relatorios-de-toponimia.html>.

40 O mapa toponímico de Silleda creado polos/as alumnos/as do IES Pintor Colmeiro pode consultarse no seguinte enlace: https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAji9nvmDqY&hl=gl&ll=42.69267181055784%2C-8.28565750000007&cz=12.

toponimia @academia.gal, para ofrecer a súa colaboración na recolleita dos chamadeiros das súas aldeas e parroquias. Unha boa parte deles son alumnos da facultade de Filoloxía, pero hai xente de todos os perfís académicos. Para min é doado explicarlles a metodoloxía do traballo de campo segundo o método usado polo PTG e en base á miña experiencia como coordinador que fun deste traballo no proxecto, pero nunca lle puiden ofrecer unha ferramenta coa que xeolocalizar os topónimos e coa que achegalos á base de datos do PTG, pois as aplicacións coas se operaba no proxecto quedaron obsoletas e non serven para traballar en rede.

Todas estas iniciativas que vos expuxen son moi loables e plausibles. Agora ben, cada unha delas almacena os topónimos en bases de datos locais, no mellor dos casos, e noutras os topónimos figuran na nube de Google, de maneira que a única forma de consualos é a través da url onde se incorporaron á rede. Cada base de datos ten os seus campos e os seus atributos, que non permiten adaptar esa información –agás no caso do concello de Pontevedra que traballou cunha base cuxo deseño era semellante á que usaba o PTG– ao gran banco de datos da toponimia de Galicia creado polo PTG, ende mal, non serán compatibles e integrables nas bases nacionais e europeas. Por outra banda, se facemos unha consulta pola palabra *Milladoiro* no *buscador de topónimos* para comprobar cantos lugares levan este nome en Galicia, devólvenos 19 resultados; isto quere dicir que, nos máis de 200.000 topónimos que tiña xeolocalizados o PTG, hai 19 que conteñen a palabra *Milladoiro*, pero nunca nos van aparecer os que recolleron todos estes axentes nas súas propias bases (Figura 9).

2.2. Argumentos

O primeiro motivo polo que se precisa unha aplicación informática pública e gratuíta para a recolleita de microtoponimia é para fornecer a todo este voluntariado cultural de Galicia que acabo de citar, a entes públicos e privados, dunha ferramenta sinxela e accesible na internet que permita que toda a información toponímica conflúa nun único banco de datos para toda Galicia. Nesta base de datos unificada, a toponimia será normalizada por expertos na materia e servirá de referencia para calquera traballo da Administración pública ou para calquera investigación.

Deseño e rendibilidade da nova aplicación colaborativa para a recolleita unificada, xeorreferenciación e difusión global da microtoponimia galega

The screenshot shows the 'Toponimia de Galicia' website interface. At the top, there is a header with the Xunta de Galicia logo and the text 'Toponimia de Galicia'. Below this is a navigation menu with options: Inicio, Toponimia, PTG, Novas, Publicacións, Descargas, Ligazóns, Colaboración, and Buscador. A search bar is located below the menu, with the text 'Está en: Inicio > Buscador' and 'Buscar na web:'. The search results are displayed in a table with the following columns: Tipo, Topónimo, Provincia, and Concello. The search term 'milladoiro' is entered in the search bar.

Tipo	Topónimo	Provincia	Concello
EH	A Cruz do Milladoiro	SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
EH	A Cruz do Milladoiro	SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
V	Camíño de Santaia ó Milladoiro	ARTEIXO	ARTEIXO
V	Camíño do Milladoiro	ARTEIXO	ARTEIXO
A	Fonte dos Amilladoiros	ARTEIXO	ARTEIXO
EH	Milladoiro	PASTORIZA (A)	PASTORIZA (A)
AT	O Amilladoiro	ARTEIXO	ARTEIXO
EH	O Amilladoiro	SOBRADO	SOBRADO
EH	O Amilladoiro	CESURAS	CESURAS
A	O Campón do Milladoiro	SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
AT	O Coto do Milladoiro	SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
EH	O Milladoiro	AMES	AMES
AT	O Milladoiro	LARACHA (A)	LARACHA (A)

Figura 9. Resultados da consulta do topónimo Milladoiro na ferramenta *buscador de topónimos*.
Fonte: PTG

En segundo lugar, o PTG tiña oito fases de traballo⁴¹, con catro aplicacións informáticas distintas que só funcionaban a nivel interno: unha para o traballo de campo, que se instalaba no ordenador de cada técnico; outra para a revisión en gabinete; outra para a normalización dos nomes por parte da Comisión de Toponimia; e outra para xeorreferenciar cada topónimo. Como xa comentei, ningunha delas nos sería útil actualmente. A nova aplicación en liña posibilitará

41 Poden consultarse as distintas fases de traballo do PTG aquí: <http://toponimia.xunta.es/gl/ProxectoToponimia-Galicia/metodoloxia>

a optimización de tempo, recursos materiais e humanos, reducindo todas as fases de traballo anteriores a dúas: o colaborador fará o traballo de campo, introducirá os nomes nunha base de datos e el mesmo os xeolocalizará; posteriormente, o administrador da aplicación, un técnico especialista en toponimia, supervisará e consolidará o topónimo para a súa posterior publicación no novo portal da Toponimia de Galicia.

En terceiro lugar, ter unha base unificada e normalizada coa toponimia de Galicia é o mellor modo de cumprir co modelo de datos que esixe a Comunidade Europea a través da Directiva INSPIRE para que os nosos nomes de lugar sexan interoperables nos sistemas de información xeográfica nacionais e internacionais. A Directiva INSPIRE⁴² (Infrastructure for Spatial Information in Europe), aprobada polo Parlamento Europeo e o Consello o 14 de marzo de 2007, establece as regras xerais para a implantación dunha Infraestrutura de Información Espacial na Comunidade Europea baseada nas Infraestruturas dos Estados membros.

Os topónimos forman parte das Infraestruturas de Datos Espaciais (IDEs), polo que os datos incluídos nestas IDEs deberán estar normalizados, metadados (modelo de datos común para toda a CE) e dispoñibles mediante servizos web interoperables de localización, visualización e descarga.

No ano 2010 levouse a cabo a transposición á lexislación española desta directiva a través da Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España⁴³ (LISIGE). Ao abeiro desta lei creouse o Consello Directivo da Infraestrutura de Información Xeográfica de España (CODIIGE), organismo que está actualmente velando pola correcta implantación das normas de execución e as especificacións dos datos, co fin de acadar a conformidade cos requirimentos de INSPIRE (Capdevila/Muñoz 2012). Desde este organismo solicítanlle á Xunta de Galicia que as bases cartográficas nas que aparece a toponimia desta comunidade autónoma cumpran os preceptivos requirimentos.

42 Para máis información sobre esta directiva pode consultarse a páxina da Información Xeográfica de Galicia (<http://mapas.xunta.gal/inspire>) ou a da Infraestrutura de Datos Espaciales de España (<http://www.idee.es/europeo-inspire>).

43 Pode consultarse esta lei no seguinte enlace: <https://boe.es/buscar/pdf/2010/BOE-A-2010-10707-consolidado.pdf>.

Outra das directrices aprobadas nas Conferencias das Nacións Unidas para a Normalización dos Nomes Xeográficos é a doutrina do topónimo único ou tamén chamada principio de univocidade (1972, II/31), que consiste na asignación dun único nome normalizado a cada entidade xeográfica.

No *Manual para a normalización nacional dos nomes xeográficos*⁴⁴ (2006: 32), do Grupo de Expertos da ONU, dise que este principio constitúe o ideal de normalización toponímica e recomenda facer todo o posible por aplicalo para evitar ambigüidades. Recoñecen a dificultade que ten acadar este ideal en zonas multilíngües nas que as diferenzas no uso dos nomes xeográficos corresponden a diferenzas lingüísticas. Por exemplo, no País Vasco, onde os topónimos teñen dúas formas oficiais, para tratar de impor este principio propúxose o uso do topónimo polivalente –substitúen o elemento xenérico por un símbolo, pictograma, cor... que identifique a entidade xeográfica á que se refire– na cartografía, evitando así a dobre versión en cada lingua oficial, diferenciada normalmente pola tradución deste elemento xenérico (Mujika 2010: 78).

No caso de Galicia non deberíamos ter ningún problema para propoñer un topónimo único nas bases normalizadas, pois aquí, por lei, os topónimos deben ter como única forma oficial a galega. A dificultade radica, en todo caso, na aplicación duns criterios fixos cando no traballo de campo se recollen distintas variantes na pronuncia dun mesmo topónimo, habitualmente no vocalismo átono (*Corral/Currall; Pomariño/Pumariño; Regueiro/Rigueiro; Outeiro/Oiteiro...*), pero tamén debidas a fenómenos dialectais como o seseo (*Rodís/Rudís; Fraíz/Fraís...*); cando atopamos grafías diverxentes (*Revelle/Rebelle; Albariza/Alvariza; Covela/Cubela; Herosa/Erosa...*); vacilacións no uso do artigo; topónimos compostos que se escriban todo xunto ou separado (*A Casa Nova/A Casanova*)... Os castelanismos non adoitan ser un problema, malia que nos buscadores de Google seguimos atopando **Ginzo de Limia* a carón do oficial Xinzo de Limia. No manual arriba citado insítese reiteradamente na idea de que o uso uniforme de topónimos precisos é un elemento esencial para a comunicación, polo que é conveniente

44 Pode consultarse o *Manual para a normalización nacional dos nomes xeográficos* neste enlace http://unstats.un.org/unsd/publication/seriesm/seriesm_88s.pdf.

reducir a confusión por medio da normalización dos nomes xeográficos para o seu uso oficial.

Uns anos antes da aprobación da Directiva INSPIRE en España, ano 2007, Ferro Ruibal (2005) adiantaba as razóns para camiñar cara a adopción deste topónimo único. Entre elas, parécenme fundamentais: o recíproco respecto entre pobos e linguas; que un mapa pode deber consultalo calquera habitante do planeta, independentemente da lingua que fale; se os mapas teñen que estar unificados, outro tanto lle corresponde á súa toponimia; a exonimia crea distorsións; ningunha lingua ten exónimos para todos os lugares do mundo, senón só para aqueles cos que tivo historicamente máis relación. As distintas variantes dun mesmo topónimo, sobre todo en comunidades nas que conviven varias linguas, crean caos. Esta incoherencia podería resolverse aplicando o criterio de respectar as formas oficiais dos topónimos en cada país ou comunidade autónoma. Seguro que non é tan complexo nin tampouco tan sinxelo, pero a sociedade en xeral, as administracións, as editoriais e os medios de comunicación agradecerán a medida do topónimo único sobre a que terán que poñerse de acordo as Academias das Linguas.

Cando no inverno do 2014, Galicia estaba sendo azoutada por continuas cicloxéneses explosivas, sorprendíanos a todos os galegos ver como nos telexornais das televisións públicas e privadas mencionaban os nosos topónimos deturpados, **Arosa*, **Mujía*, **El Ferrol...* Desde o Seminario de Onomástica da RAG redactamos unha carta de reclamación a estes medios para que respectasen a nosa toponimia oficial, baseándonos, entre outras, na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística⁴⁵, cuxo artigo 3 establece que os “topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega”; e na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual⁴⁶, que establece no seu preámbulo a garantía dos dereitos dos cidadáns a recibir comunicación audiovisual en condicións de pluralismo cultural e lingüístico e a esixir ante as autoridades a adecuación dos contidos ao ordenamento constitucional vixente.

⁴⁵ Pode consultarse a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística neste enlace: http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3_1983.pdf.

⁴⁶ Pode consultarse a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual neste enlace: <http://www.boe.es/boe/dias/2010/04/01/pdfs/BOE-A-2010-5292.pdf>.

Agora ben, se a nós non nos gusta que escriban ou pronuncien **Mujía*, tampouco nós deberíamos escribir ou dicir *Xaén*, cando o topónimo oficial é Jaén. No entanto, nós facemos unha adaptación fonética e morfolóxica á nosa lingua de moitos topónimos españois (*Castela-León, Castela-A Mancha, Badaxoz...*) e estranxeiros (*A Alemaña, O Brasil, O Xapón...*). No *Manual de Estilo do DOG e outras publicacións institucionais*⁴⁷, na parte dedicada á exonimia, propónse que en determinados ámbitos, coma o xornalístico, pódense adaptar os topónimos non galegos, mais, no ámbito institucional, para os topónimos do Estado español debe primar o criterio de oficialidade ou dobre oficialidade (*Araba/Álava; Donostia/San Sebastián...*) e non o de adaptación. Confío en que, o día que se aplique a nivel mundial a doutrina do topónimo único, lle poña solución a problemas deste tipo.

Volvendo aos motivos polos que precisamos recoller de forma unificada toda a toponimia galega cunha mesma ferramenta, quedáanos unha razón obvia, a demanda constante da sociedade dunha fonte de información toponímica de referencia, fiable e de fácil consulta, necesaria para:

- **o mundo da investigación:** lingüistas, historiadores, antropólogos, xeógrafos, arqueólogos, etnógrafos... precisan esta información para os seus estudos como veremos no punto 4 deste artigo;
- **a administración local:** nos concellos precisan a información toponímica para poñer en valor os seus elementos de interese cultural, para trazar rutas de sendeirismo, para a redacción dos plans xerais de ordenación municipal (PXOM)...
- **a administración autonómica:** son varias as consellerías que traballan coa toponimia como tamén se verá no punto 4, pero basicamente aquelas que tramitan expedientes que implican actuacións sobre o territorio.
- **o sector empresarial e hostaleiro:** simplemente para nomear moitas casas de turismo rural, restaurantes, negocios... que queren manter o nome tradicional da zona ou das terras nas que se instalaron; para

⁴⁷ Consultar o apartado referido á Toponimia no *Manual de Estilo do DOG* neste enlace: http://wikidog.xunta.es/index.php/Toponimia#Toponimia_de_f.C3.B3ra_de_Galicia.



Figura 10. Rótulos das estradas coa toponimia deturpada. Fonte: elaboración propia

empresas de ocio que organizan excursións e actividades ao aire libre; para as empresas que fan os rótulos das estradas co gallo de acabar dunha vez co mal costume de poñer os topónimos deturpados e castellanizados nestes letreiros etc. (Figura 10).

Permitídemme que faga outro inciso para manifestar a nosa incompreensión pola indiferenza que mostran as distintas administracións que teñen competencias sobre as estradas galegas ante a rotulación de topónimos deturpados e castellanizados. Desde o ano 2003 existe un *Nomenclátor* oficial cos nomes das provincias, concellos, parroquias e lugares de Galicia, é ben fácil consultalo. Os topónimos comezan a castellanizarse a partir do século XVI e curiosamente esta alienación toponímica mantense ata os nosos días. Ademais, isto ten un efecto contaxio, pois a xente asume sen problemas que nos letreiros aparezan estes topónimos castellanizados cando eles usan a forma propia galega que aprenderon do seus antepasados. Ás veces, o dano colateral do letreiro mal escrito é moito maior, pois acaban asumindo que esa é a forma correcta.

Isto vese continuamente na revisión que estamos facendo do NG 2003 cando falamos por teléfono cos veciños de cada aldea cuxo nome estamos estudando. Sobre todo, no uso do artigo, a tendencia xeral é a non poñerllo nos rótulos. A frase máis repetida dos informantes é “nós dicimos así, pero no letreiro pon así, que é o que debe estar ben”. Só unha minoría de eruditos experimenta unha reacción de identidade, de resistencia contra esta asimilación, denunciando o erro ante o concello, ante a Xunta ou ante a RAG. Se un topónimo é transparente, a asimilación pode ser por simple tradución ou por adaptación de todo o nome ou dunha parte del nos compostos. É común ver nos nomenclátors do século XX formas como *Vivero*, *Puentearreas*, *Puerto del Son*, *Piedrafita del Cebreiro*, *La Iglesia*, *A Capilla*, *Orjales*, *Mirones...* que, desgraciadamente, aínda se manteñen na rotulación actual, algo ao que se lle debería dar unha solución urxente desde a Xunta de Galicia.

3. O DESEÑO DA APP COLABORATIVA *GALICIA NOMEADA* PARA A RECOLLEITA, XEOLOCALIZACIÓN E DIFUSIÓN DA MICROTAPONIMIA GALEGA

O nome proposto para esta aplicación colaborativa, que aínda está en fase de programación, é *Galicia nomeada*. Desde a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia⁴⁸ (AMTEGA en diante) pedíronnos que escolleramos no Seminario de Onomástica da RAG o seu nome, pois aquí naceu a idea da súa creación. Baralláronse moitos nomes, pero este pareceunos que era o que mellor lle acaía porque sintetizaba en dúas palabras a súa funcionalidade e finalidade, pois servirá para que un día poidamos visualizar na internet Galicia enteira ategada de nomes de lugar.

⁴⁸ Organismo da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Presidencia, cuxos obxectivos básicos son a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no eido das tecnoloxías da información, a comunicación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Quero expresar o meu agradecemento, en primeiro lugar, á súa directora, Mar Pereira; á subdirectora xeral de Sistemas de Información e Modernización da Administración Pública, María José García Sexto; e aos técnicos informáticos Miguel Bermejo, David Martínez, Moisés Álvarez e Daniel Muñiz, pola extraordinaria receptividade e sensibilidade que tiveron cando lles presentei a idea e o deseño inicial desta futura aplicación. Grazas polas horas compartidas para redactar as especificacións técnicas dunha aplicación que será pioneira en toda España e por poñer luz nos espazos para min escuros cos seus coñecementos informáticos. Estou convencido de que pronto será unha realidade.

Nos últimos tempos estamos vivindo un auxe dos sistemas de información xeográfica e das tecnoloxías da xeolocalización na rede, que posibilitan posicionar nun mapa interactivo calquera elemento de interese cultural para darlle visibilidade, estamos na era da cultura xeolocalizada⁴⁹. Temos na rede o mapa da arquitectura de Galicia, o do patrimonio industrial galego, o da ruta dos naufraxios de Camariñas ou da Costa da Morte, o da Galicia Encantada, o das Escolas da Emigración, o do patrimonio material galego (leva localizados máis de 6.800 elementos) e ata hai un mapa festiveiro de Galicia. Todos eles teñen un común denominador que é a participación cidadá, son unha ferramenta dinámica a diferenza do mapa toponímico que creara o PTG. Hai estudos que sinalan que entre o 70 e o 90 % da información é susceptible de ser xeorreferenciada. A apertura da tecnoloxía GPS para emprego civil, a tecnoloxía dos aparellos portátiles e a pegada inevitable de Google son algúns dos factores que favoreceron a ubicuidade de calquera tipo de información.

As cartografías colectivas son o futuro, son o mellor recurso para promover a interacción social, a intervención da xente nas actividades culturais, de fomentar a construción colectiva do coñecemento desde a participación e o compromiso social. Iso é xusto o que se precisa para salvar e divulgar a nosa riqueza toponímica, que o pobo galego se sinta partícipe dunha obra cultural colectiva de tal envergadura. Deste concepto nace a aplicación *Galicia nomeada*, cuxas características principais exporemos a continuación.

3.1. Ferramenta en entorno web

Será unha aplicación dispoñible para PC, tablet ou smartphone con conexión a internet. Poderase descargar nos dispositivos móbiles como unha app máis. Tamén estará dispoñible no apartado de *Colaboracións* do novo portal da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.gal). Poderase traballar con ela *on line* e *off line*. No segundo caso, cando un móbil perda cobertura, gardará os datos introducidos en local e, cando recupere a conexión, subiraos á plataforma onde se almacenan.

⁴⁹ Todos os enlaces dos mapas creados para localizar elementos do patrimonio material e inmaterial de Galicia poden consultarse neste artigo: <http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=25423>.

FICHA DE COLABORADOR			Toponimia de Galicia		
Nome		Tfno. contacto		Profesión	
Apelidos		Correo electrónico		Estudos	
Motivo polo que desexa colaborar co proxecto					
Concellos, parroquias ou aldeas obxecto da recolleita toponímica					
ORGANIZACIÓN / COLECTIVO					
Concello <input type="checkbox"/> Centro de ensino <input type="checkbox"/> Asociación cultural <input type="checkbox"/> Asociación veciñal <input type="checkbox"/> Comunidade de Montes <input type="checkbox"/> Outros <input type="checkbox"/>					
Nome da organización / colectivo					
Enderezo				Tfno. contacto	
Número de participantes*		Persoa responsable do traballo			
Motivo polo que desexan colaborar co proxecto					
Concello, parroquias ou aldeas obxecto da recolleita					

*Elaborar listaxe cos nomes de tódolos participantes dentro dun mesmo colectivo.

Figura 11. Ficha do colaborador. Fonte: elaboración propia

3.2. Contrasinais de acceso e perfís de usuario

Quen desexe colaborar neste novo proxecto terá que poñerse en contacto co administrador da aplicación a través do correo electrónico que figurará no apartado de *Colaboracións* anteriormente citado. Terá que solicitar un contrasinal de acceso, cubrindo previamente un formulario cos seus datos ou cos do colectivo que representa, indicando os motivos polos que colabora e as aldeas ou parroquias que pretenden recoller. O importante é ter unha persoa de contacto para que os expertos que supervisen e normalicen eses topónimos poidan preguntarlle dúbidas ou pedirle aclaracións (Figura 11).

Existirán distintos perfís de usuarios, que cubrirán distintos tipos de fichas para cada topónimo. Desde o nivel 1, que sería o máis sinxelo, por exemplo, o dos alumnos dun colexio ou o dun particular sen coñecementos filolóxicos; ata o nivel 5, no que estarían, por exemplo, profesores de lingua ou de xeografía e especialistas en toponimia acreditados, para os que haberá unha ficha moi completa onde poderán introducir documentación histórica de cada nome, se o desexan.

Puntuarase o traballo de cada persoa ou de cada colectivo para establecer uns graos de fiabilidade. No caso dos centros de ensino que participen, a Secretaría Xeral de Política Lingüística mostraríase disposta a premiar o labor daqueles centros máis prolíficos, unha vez comprobada a calidade da información achegada.

Por último, crearanse foros de debate e consulta entre todos os colaboradores que recollan toponimia nunha mesma zona ou parroquia para contrastar e completar os datos.

3.3. Métodos de traballo de campo

Os dispositivos móbiles contan cun sistema GPS que nos localiza e nos posiciona alí onde esteamos. Do mesmo xeito, podemos visualizar a fotografía aérea do lugar no que nos atopemos. A maiores, poderase facer unha busca territorial seleccionando a provincia, o concello, a parroquia e incluso o lugar que desexemos ver⁵⁰.

Quen queira facer o traballo de campo co sistema tradicional que se empregaba no PTG, isto é, anotando os topónimos á man nunha fotografía aérea, pateando os camiños e os montes, pode facelo descargando as ortofotos en pdf da área desexada desde a páxina da Información Xeográfica de Galicia⁵¹. No novo portal de Toponimia poremos as indicacións necesarias para facelo. Despois, cada persoa poderá imprimir a folla ao tamaño que desexe nunha imprenta, canto máis grande mellor verá a paisaxe e máis fácil lle resultará localizar os nomes. Agora ben, isto non exime de que posteriormente teña que introducir os topónimos nas fichas correspondentes e xeorreferenciarlos a través da aplicación no ordenador da súa casa.

50 Neste momento, o Instituto de Estudos do Territorio (IET) (http://cmaot.xunta.gal/organizacion/c/CMAOT_Instituto_Estudos_Territorio) está xeorreferenciando todas as entidades de poboación de Galicia, as que aparecen no NG 2003 e as que estamos introducindo novas.

51 Desde este enlace pódense descargar fotografías aéreas: <http://mapas.xunta.gal/visores/descargas/>.



Figura 12. Marca de posición para introducir un topónimo. Fonte: elaboración propia



Figura 13. Contorno da área que identifica o topónimo. Fonte: elaboración propia

Figura 14. Ficha sinxela, Nivel 1. Fonte: elaboración propia

Volvendo ao sistema dixital, para xeolocalizar o topónimo poremos o punto no medio da área que identifica (Figura 12) ou, de estarmos completamente seguros dos límites, marcaremos o contorno desta área (Figura 13).

Ao premer, automaticamente nos sairá unha ficha para introducir os datos dese topónimo. A complexidade desta ficha dependerá do perfil de usuario asignado polo administrador, como xa se sinalou anteriormente. Na figura 14 podemos ver o modelo de ficha máis sinxelo, no que aparecen: datos xeográficos para situar o topónimo; o nome do informante; unha casíña para marcar os principais fenómenos fonéticos⁵² (gheada, seseo, timbre aberto das vogais de grao medio, rotacismo, contraccións en fonética sintáctica...); a tipoloxía xeográfica (labradío, prados, bosque, penedo, muíño, areal...), que sairá en listaxes despregables; e, por

52 Nos nos preocupa o feito de que alguén non saiba transcribir a pronuncia dun topónimo, pois nesta aplicación existe a posibilidade de gravar ao informante e subir o arquivo de audio á ficha para que os especialistas o escoiten.

último, un espazo para meter as lendas, etimoloxías populares ou as historias que circulen arredor do nome.

3.4. Introducción do folclore e da literatura popular asociada a algúns topónimos

Moitos nomes están motivados por un acontecemento histórico do que a xente fai a súa propia interpretación, por unha lenda fantástica, ou forman parte de coplas, ditos e refráns que tamén enriquecen máis, se cabe, o amplo patrimonio inmaterial galego. Xunto cos topónimos, esta literatura do pobo tamén se está perdendo e cómpre que a recuperemos.

A etimoloxía popular responde ao desexo do ser humano de explicar o que se volve opaco, baseándose na asociación do son co sentido, na similitude dos topónimos con palabras ou expresións do léxico común. Non deixan de ser unha mostra interesante do enxeño popular que forma parte do noso folclore. Citaremos un par de exemplos tirados das bases de datos do PTG de forma moi resumida. Para o topónimo Castro Caldelas (concello ourensán) circula a explicación popular de que “había unha vez neste concello un home que lle chamaban Castro, suponse que polo seu apelido, que pretendía casar cunha das tres fillas do señor do castelo situado onde está hoxe a capital municipal. O día que lle foi pedir ao pai delas a man da doncela, este preguntoulle: – Castro, cal delas?”. Na concello ourensán da Gudiña, din os vellos que “a primeira pensión que houbo na Gudiña, lugar de paso da vía da prata, rexentouna unha señora que era moi listiña, moi agudiña⁵³”. Un terceiro exemplo sería o do río Mandeo, a xente dos concellos de Aranga e Coirós relata que “estando os mouros acampados na ribeira deste río, dous dos seus caudillos comezaron a discutir sobre quen comandaría as tropas. O máis valente e decidido dos dous, ao ver que non se poñían de acordo, deu un grito exclamando: – *aquí mando eu!*”. No medio destas ocorrentes e fantasiosas explicacións, nalgúns casos, os informantes saben da verdadeira motivación dun topónimo. Normalmente isto acontece cos que teñen poucos anos de historia, os referidos por exemplo ao propietario das terras ou aqueles nos que está presente

53 Etimoloxía popular contada polos informantes Francisco Sánchez (A Gudiña) e José Fernández (O Canizo), recollida por min no ano 2002 durante a recolleita da microtoponimia deste concello.

un xenérico de uso moi restrinxido a unha área concreta e vivo na fala actual. Isto evitará que o toponimista especule no gabinete máis do debido.

Tan importante como recoller estas etimoloxías populares é rexistrar tamén coplas como a que circula na Limia Baixa sobre *A Pena de Anamán* ou *A Pena de Xan das Congostras*⁵⁴, situada na Serra do Laboreiro. Trátase dunha enorme peneda que divide Entrimo de Portugal. Trala morte deste famoso bandoleiro chamado *Xan das Congostras*, que se refuxiaba nela, comezou a circular esta cántiga que pervive ata os nosos días e que se acabará perdendo como moita da literatura de tradición oral. Di así: “os probes non o ten, os ricos non o dan, quen queira sentar plaza saia á Pedra de Anamán, con dous duros diarios e un trabuco na man”.

Refráns como algúns dos que recolleu Francisco Vázquez Saco no seu *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral* (2003)⁵⁵ sobre o monte Mondigo, situado no concello de Ribadeo: “Cando o Mondigo pon o capelo, todas as vellas tembran de medo / Lúa ó Mondigo, baixamar no río / Mondigo acapelado, nordeste ó rabo”.

Non hai un concello en Galicia que non teña algún monte, rochedo ou penedo, fonte, poza ou lagoa, cuxo topónimo non estea motivado por unha lenda sobre:

- **mouros** que enterraron unha trabe de ouro e outra de alcatrán ou un saco con ouro e outro con pestes, que construíron os grandes monumentos megalíticos do noso país... –*O Forno dos Mouros* (Toques), *A Pena dos Mouros* (O Riós), *A Eira dos Mouros* (Cotobade)...–;
- **mouras** fermosas que peitean os seus cabelos cun peite de ouro enriba dunha pedra na que viven atrapadas, na que expoñen as súas riquezas como se dunha tenda se tratase, na que tocan unha arpa...; que converten as pedras en ouro, que levan pedras enormes na cabeza e que gardan tesouros, ás veces convertidas en serpes xigantescas –*A Pía da Moura* (Entrimo), *A Poza da Moura* (Moaña), *A Fraga da Moura* (O Riós), *A Cova da Serpe* (Friol)...–;

54 Copla recollida no ano 2009 para a miña tese doutoral sobre a Litonimia de Galicia e recitada polo sr. Modesto (Queguas), a sra. Rosa (Olelas) e o sr. Hermindo (Venceáns). Xan das Congostras foi un famoso bandoleiro da Limia Baixa, unha especie de Robin Hood galego que roubaba aos ricos e aos curas para darllelo aos pobres.

55 Pódese consultar en liña neste enlace: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1154839>.

- **encantos** que saen na noite de san Xoán de fontes e pedras simbolizados por galiñas con pitiños de ouro⁵⁶ que indican onde está agochado un tesouro dos moitos que temos enterrados por Galicia enteira –*A Pena do Encanto* (Ouro), *As Pisadas do Encanto* (Ribadeo), *O Penedo do Tesouro* (A Mezquita)...– (Feijoo 2014: 1129-1130).

O verdadeiro tesouro que temos agochado en Galicia debaixo das pedras non é material, senón cultural, son todas estas lendas, porque as lendas dos mouros serviron para construír a identidade do pobo galego por alteridade, xa que a figura do mouro é o outro lado do espello onde nos proxectamos. Enchen un baleiro histórico e dotan de significado os restos do pasado, pois expresan simbolicamente o que preocupaba á sociedade popular galega (Aparicio 2004). Os tesouros simbolizan o desexo de saír da monótona vida cotiá, algo que aínda nos pasa hoxe en día a todos os mortais co desexo de que nos toque a lotería.

Por último, non quero rematar este paseo pola mitoloxía galega asociada á toponimia sen mencionar as lendas de carácter relixioso que están detrás do nacemento de moitos haxiotopónimos. Desde os lugares onde se apareceu unha virxe –*A Penediña da Nosa Señora* (Oímbra), *O Berce da Virxe* (Arteixo)...–; santos que deixaron a pegada do seu cabalo nalgunha pedra cando loitaban por expulsar aos mouros de Galicia ou cando loitaban contra invasións de serpes que tiñan atemorizada á poboación, que interveñen na procreación cando as parellas se deitan nas súas camas de pedra, que curan enfermidades... –*A Ferradura de Santiago Apóstol* (Viana do Bolo), *A Pegada de San Vicente* (O Porto do Son), *A Cama de San Guillerme* (Fisterra), *A Peneda de Santa Isabel* (Silleda)...⁵⁷–.

Poderíamos seguir dando exemplos e non rematar máis, pero a miña intención é insistir na necesidade de recoller coa nova aplicación esta parte do patrimonio inmaterial de Galicia que se perde tanto ou máis ca os topónimos, pois as lendas estanse convertendo en fósiles culturais que xa non se transmiten ás novas xeracións.

56 A galiña cos pitiños representa as estrelas Pléiades, son o reflexo do Setestrello, o conxunto formado polas sete estrelas da Osa Maior, pois os pitiños adoitan ser sempre sete en todas as lendas.

57 Estes topónimos están tirados da base de datos cos nomes dos penedos de todo Galicia que estou elaborando para a miña tese doutoramento.

3.5. Introducción de imaxes e material audiovisual na ficha de cada topónimo

Esta aplicación tamén nos vai ofrecer a posibilidade de subir gravacións de audio dos informantes pronunciando un topónimo cando o enquisador non saiba transcribir a súa fonética, dunha lenda ou de calquera outra información relevante para o estudo e difusión dese nome. Do mesmo xeito, tamén se poderá gravar un vídeo desa persoa ou dun grupo de informantes relatando a información que acabamos de mencionar.

Isto vai ser realmente útil para os especialistas que supervisen eses topónimos á hora de ditaminar unha forma oficial e, incluso, para os investigadores posteriores que estuden a súa etimoloxía ou fagan estudos relacionados coa dialectoloxía e a fonética. Unha das eivas que tiña a recolleita do PTG, durante os primeiros anos⁵⁸, era que moitos dos técnicos de campo non eran filólogos, polo que non temos a garantía de que a transcripción fonética que se fixo dos topónimos recolleitos por eles fose a reprodución exacta da pronuncia dos informantes. Un dos criterios imprescindibles para a normalización da toponimia debe ser a realización oral que fan os usuarios dun nome⁵⁹. Este criterio ten o mesmo peso ca a documentación histórica, a etimoloxía, ou a tradición escrita nos últimos 100 anos. Con todos os argumentos enriba da mesa, os expertos deste seminario teñen que tomar unha decisión priorizando algún deles, tarefa nada doada en moitos casos.

Ademais de audios e vídeos, tamén se poderá incluír na ficha dos topónimos que identifican elementos do patrimonio material (muíños, batáns, ferrarías, cruceiros, petos de ánimas, fontes, petróglifos, igrexas, capelas...) as fotografías que o colaborador desexe sacar (Figura 15).

De igual forma que facemos actualmente na aplicación coa que revisamos o NG 2003, tamén será posible subir imaxes das atestacións escritas dun nome, atopadas na documentación histórica, para facilitar a tarefa do investigador que veña detrás.

58 En moitos lugares, o traballo de campo fixérono técnicos contratados polos Concellos a través do Plan Labora, cuxo perfil profesional non era, nalgúns casos, o máis axeitado para este tipo de traballos.

59 Na revisión do NG 2003 que facemos desde o Seminario de Onomástica da RAG chamamos a unha media de 3-4 veciños de cada aldea ou parroquia, cuxo nome estamos estudando, para comprobar como o pronuncian.



Figura 15. Fotografías de elementos de interese cultural. Fonte: elaboración propia

3.6. Validación e publicación dos topónimos achegados polos colaboradores no portal da Toponimia de Galicia

Chegados a este punto, estarédesvos preguntando como se vai filtrar e validar todo o caudal de topónimos que achegarán os colaboradores, isto é, como será o fluxo de información e control de calidade dos datos. Pois ben, o procedemento teórico que temos previsto é o seguinte, o que non quita que sexa mellorable ou que se vaia modificando en base ás novas experiencias.

O administrador da aplicación e coordinador dos traballos disporá dun mapa interactivo de toda Galicia onde cada topónimo estará representado por un punto.




Figura 16. Mapa de Galicia onde se representará con puntos de cores o estado de cada topónimo. Fonte: Elaboración propia

Como podemos observar na figura 16, os puntos vermellos indicarán os topónimos que están introducindo os colaboradores e a que zona de Galicia corresponden. Os puntos azuis corresponderán aos topónimos que xa foron supervisados por un especialista, pero que aínda están en fase de contraste e verificación, tanto da forma lingüística como da súa localización, por parte dos usuarios ou veciños que queiran participar no foro creado para debater sobre a toponimia dunha determinada aldea ou parroquia. Os puntos verdes corresponden aos topónimos consolidados. Transcorrido un tempo, se ninguén fai ningunha obxección, darase por normalizado e fixado xeograficamente ese nome para a súa publicación definitiva nos sistemas de información espacial de Galicia. Isto non




Figura 17. Esquema do fluxo de información e control de calidade dos datos. Fonte: elaboración propia

quere dicir que sexa inamovible, ao contrario, sempre que algunha persoa achegue nova información contrastable e documentada sobre un topónimo, volverase poñer en revisión (Figura 17).

Quedaría un cuarto grupo de topónimos, que se poderían representar por puntos amarelos, son os que xa tiña recollidos o PTG. Desta maneira, cando algún colaborador, dunha parroquia ou concello que xa foron traballados polo PTG, queira visualizar os topónimos rexistrados para comprobar se están todos os que el coñece, poderá facelo a través do *buscador de topónimos*⁶⁰ e, desde aí mesmo, introducir novos topónimos polo medio dos que xa están ou matizar a localización doutros.

60 Abrir esta ferramenta desde o seguinte enlace: <http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>



Figura 18. Introducción dun topónimo novo no medio dos rexistrados polo PTG. Fonte: elaboración propia

Estado do proxecto por concellos



Por unha serie de circunstancias, os traballos desenvolvidos no ámbito deste proxecto non transcorreron nin de forma simultánea nin ao mesmo ritmo en todos os concellos. No mapa pode verse a situación actual dos traballos en cada concello, tendo en conta tres posibilidades diferentes:

- Concellos onde non se iniciou ningún tipo de traballo. Son os sinalados en branco.
- Concellos que están nalgunha das fases de execución do proxecto (traballo en campo, gabinete, dixitalización...). Son os sinalados en verde.
- Concellos onde o proxecto está rematado. Son os sinalados en gris.

Concellos

Picando sobre cada concello podemos consultar o número de topónimos recompilados e o estado en que encontran os traballos. As fases dos traballos están baseadas na clasificación metodolóxica que aparece explicada no apartado correspondente:

- Estado dos traballos en campo (FASE 2)
- Estado da revisión en gabinete (FASE 3)
- Estado da supervisión da Comisión (FASE 4)
- Estado da dixitalización (FASE 5)
- Estado da exposición pública (FASE 6)
- Estado da post-exposición (FASE 7)



Figura 19. Mapa do estado de execución do PTG por concellos. Fonte: PTG

Na figura 18 pódese observar un anaco da parroquia de Aríns cos microtopónimos recollidos polo PTG (rotulados en cor branca). Nela facemos unha simulación de introdución dun novo topónimo, *O Recanto*, correspondente á finca do veciño que achega o novo dato. Este chamadeiro estará en cor vermella indicándolle ao resto dos usuarios que se trata dun topónimo novo que deberá ser revisado, contrastado e consolidado.

Como se pode saber se a nosa aldea, parroquia ou concello teñen a microtoponimia recollida? Na web actual do PTG existe unha sección chamada *Estado por concellos*⁶¹. Nela, aparece un mapa de Galicia no que, premendo nos concellos, dá conta do estado de execución en cada unha das fases de traballo no que quedaron no momento da paralización do proxecto: se está finalizado o traballo de campo, se se revisou en gabinete, se a Comisión de Toponimia ditaminou a forma correcta deses topónimos e, o máis importante para saber se podemos visualizalos ou non, se está rematada a fase de xeorreferenciación (Figura 19).

Un mapa coma este, pero máis detallado, será a fonte de información de referencia no novo portal da Toponimia de Galicia para saber o que se fixo, o que se está facendo e quen o está facendo en cada concello galego. A sección chamarase *Topónimos por concello*.

Se esta aplicación cumpre cos obxectivos marcados, é dicir, que dúcias ou centos de persoas poidan chegar topónimos simultaneamente, resulta evidente que se precisa máis dunha persoa especialista para supervisar toda esa información. O ideal é que haxa varios filtros previos coa finalidade de que só cheguen aos membros do Seminario de Onomástica aqueles casos máis complexos, pois ningún dos académicos se pode dedicar a isto en exclusividade (Figura 20).

Somos conscientes de que, na meirande parte dos casos, só nos poderemos responsabilizar da corrección lingüística, pois sen a opinión dos usuarios dunha mesma zona non poderemos garantir a exactitude na localización dos nomes.

61 Consultar neste enlace: <http://toponimia.xunta.es/gl/ProxectoToponimiaGalicia/estadoporconcellos>



Figura 20. Foto dos nove membros do Seminario de Onomástica da RAG nunha das súas reunións mensuais no MUPEGA. De esquerda a dereita: Antón Santamarina, Ana Boullón, Antón Palacio, Luz Méndez, Ramón Lorenzo (presidente), Gonzalo Navaza, Xosé María Lema, Xesús Ferro Ruibal (secretario) e Vicente Feijoo. Fonte: elaboración propia

3.7. Descarga de informes en distintos formatos por áreas

Son moitas as persoas que, por distintos motivos, desexan descargar os topónimos dunha determinada parroquia. Actualmente, unha vez realizada a consulta territorial no *Buscador de topónimos*, poden facelo en formato pdf ou csv, pero se alguén quere obter un mapa toponímico sobre fotografía aérea no que figuren escritos todos os nomes, neste momento, é imposible, a non ser que vaia facendo capturas da imaxe que está en pantalla por zonas. Por iso, unha das novas funcionalidades desta aplicación ten que ser a de poder xerar estes mapas seleccionando a área desexada e descargalos en formato pdf (Figura 21).

3.8. Xeorreferenciación do traballo pendente do PTG

Xa se comentou atrás que, cando se paralizou o PTG, quedaron uns 200.000 topónimos sen xeolocalizar dixitalmente. Os topónimos están en bases de datos, polo que non debería existir ningún perigo de perda, pero a súa localización está




Figura 21. Mapa topónimo da parroquia de Ponte Ledesma, concello de Boqueixón. Fonte: PTG

apuntada da man dos técnicos do proxecto, con números e liñas escritas cun rotulador nas ortofotos do traballo de campo impresas en papel. Estas fotos atópanse gardadas nas instalacións do Instituto de Estudos do Territorio (IET), correndo o risco, xa non de extraviarse, senón de que se deteriore o papel e se perda unha información que tanto esforzo e cartos custou conseguir.

Tendo en conta isto, no deseño desta aplicación contemplouse a posibilidade de crear un sistema que permita xeorreferenciar esta información partindo das bases de datos antigas nas que está introducida, pois sería ilóxico ter que introducir de novo todos os nomes a través das novas fichas. Moitos dos alcaldes e os veciños que participaron e se implicaron na recolleita toponímica destes concellos que non se dixitalizaron, reclaman poder ver e consultar esta información, con todo o dereito do mundo, pois todos eles contribuíron de maneira desinteresada para que este traballo fose posible. Xusto é que poidan disfrutar o resultado dun traballo que tamén é seu.

3.9. Cando estará operativa esta aplicación?

A primeira noticia que daba a Xunta de Galicia da creación desta aplicación colaborativa foi o 8 de decembro de 2014 cando a *La Voz de Galicia* publicaba esta nova “Un proxecto de xeolocalización da Xunta involucrará a escolares e veciños”. Pero, unha vez máis, por falta de orzamento ou do suficiente interese de quen ten as competencias en toponimia no goberno galego, o proxecto quedou parado ata o mes de xuño deste ano 2016. O día 27 de xuño, os representantes dos organismos implicados⁶² nos traballos relacionados coa toponimia galega fixeron unha presentación pública do que será o novo portal da Toponimia de Galicia, do que xa veño falando ao longo destas páxinas, xunto coa aplicación colaborativa para a recolleita da microtoponimia. Nos titulares de prensa escrita e dixital falábase de “La nueva plataforma de la toponimia permitirá la aportación ciudadana” (*La Voz de Galicia*); “O portal da nosa toponimia renóvase para chegar a todos os dispositivos e non deixar nome sen rexistar” (codigocero.com); “Presentan a nova cara da Toponimia en Galicia” (galiciaconfidencial.com)...

A realidade é que o novo portal poderá estar listo para principios do 2017, pero a aplicación colaborativa é probable que tarde uns meses máis, pois hai unha parte que se programa directamente desde a AMTEGA, pero a outra, a máis complexa, terá que saír a licitación. A día de hoxe, esa licitación aínda non se fixo pública.

En conclusión, para ir rematando este apartado, unha ferramenta informática destas características é o mellor recurso co que podemos contar se queremos recoller nun curto espazo de tempo a nosa toponimia e todo o patrimonio inmaterial asociado a ela. Tamén é a mellor maneira de transmitila ás vindeiras xeracións e divulgala a nivel mundial, a través dos sistemas de información xeográfica e do Google Earth. Cando Manuel Borobio, anterior director do IET, dicía, nunha

62 O conselleiro Alfonso Rueda, en representación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que ten a competencia da toponimia; Mar Pereira, directora da AMTEGA, pois este organismo é o encargado da creación desta app e do mantemento da nova web toponimia.xunta.gal; Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, que ata agora é quen financia os traballos de Toponimia que se fan desde a RAG; Inés Santé Rivera, directora do Instituto de Estudos do Territorio, organismo que se encarga da cartografía en Galicia e que están xeorreferenciando o *Nomenclátor*; e Xesús Ferro Ruibal, secretario do Seminario de Onomástica da RAG, institución que se encarga do traballo científico arredor da normalización da Toponimia. En realidade, a coordinación de todos os traballos que se están realizando en Toponimia lévase desde este seminario da RAG.

entrevista⁶³ publicada en culturagalega.org, que “o mapa máis interesante é o que está por vir”, quero crer que se refería ao da microtoponimia de toda Galicia.

Toponimia e cartografía deben ir collidas da man porque se necesitan e se complementan mutuamente. Fernando Arroyo Llera (2010: 302), coñecido catedrático de Xeografía co que teño a honra de compartir mesa nas reunións da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos (CENG) en Madrid, expresa que, desde o punto de vista xeográfico, todo topónimo cumpre tres funcións que reflicten os caracteres, as relacións e as transformacións que se dan en calquera territorio ou lugar: primeiro, a súa identificación, individualizándoo respecto a outros lugares; en segundo lugar, a súa localización, como se dunhas coordenadas cualitativas se tratara; e, por último, a descrición dos seus elementos ou notas xeográficas máis distintivas.

Esta reflexión sérveme para abrir a porta do último capítulo deste artigo, a rendibilidade que se lle pode tirar á toponimia normalizada e xeorreferenciada.

4. RENDIBILIDADE DA TOPONIMIA NORMALIZADA E XEOLOCALIZADA

4.1. Rendibilidade para o mundo da investigación

A toponimia pertence ao grupo das denominadas ciencias humanas, e é un instrumento moi útil para a investigación en múltiples disciplinas. Jairo Javier García Sánchez, autor do *Atlas toponímico de España* (2007) afirma que para a lingüística, a arqueoloxía, a xeografía, a botánica... a representación da toponimia nun mapa é unha ferramenta imprescindible, pois coa axuda dos mapas pode seguirse a traza das antigas fronteiras, axudan a coñecer a historia das palabras, a historia da paisaxe e a historia dos pobos que habitan esas paisaxes.

A toponimia é un reflexo da concepción que se ten do espazo, de maneira que nos achega unha información sobre a repartición e a apropiación da terra e sobre os cambios suscitados no aproveitamento do territorio (Lixó 2016: 135).

63 Véxase o artigo “O potencial dos mapas da Xunta” neste enlace: <http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=25435>

Vexamos a continuación como algúns especialistas en diversas disciplinas poden tirar partido na súas investigacións da toponimia xeolocalizada, comezando pola nosa propia profesión.

Lingüística

Os lingüistas poderán aplicar novos métodos de análise do noso idioma a través da xeografía lingüística, coñecendo a historia, evolución e distribución da toponimia como sistema.

Non esquezamos que todos os topónimos foron en orixe palabras do léxico común. Algunhas seguen sendo transparentes actualmente, pero outras foron caendo en desuso e quedaron fosilizadas no nome de cada lugar. Deste xeito, a toponimia preséntase coma unha ferramenta auxiliar da lingüística histórica porque nos permite facer un estudo diacrónico da nosa lingua, poñendo en relación a lingua actual coas distintas etapas históricas nun territorio en concreto. Situar os fenómenos lingüísticos sobre un mapa axuda ao investigador no só a establecer unha proposta de variedades rexionais caracterizadas por compartir determinados fenómenos, senón tamén a procurar explicacións sobre a historia e evolución das variedades lingüísticas (Sousa 2010a: 15-31).

Precisamente, o carácter motivado da toponimia é o que o aproxima ao léxico común das linguas, é a pegada lingüística do pasado (Celdrán 2002). Por exemplo, no sueste ourensán podemos atopar topónimos coincidentes con palabras do léxico actual (*O Prado, A Cortiña, O Colmear...*); formas máis arcaicas (*O Churido, Lama Má, Motemor...*) ou formas xa en desuso (*A Folgueira, A Gándara, As Quiobras...*).

Sábese de termos usados nunha zona que xa desapareceron na fala viva das xentes desa área. Seguindo con exemplos da miña terra⁶⁴, actualmente só se usa a palabra *fento*, ninguén sabe o que é un *felgo*, no entanto atopamos en todos os concellos desta área *A Felgueira* (coas variantes *A Folgueira* e *A Filgueira*), moi preto de lugares chamados *A Fenteira*. Só se usa a palabra *raposo* ou *zorro*, pero

64 Dos anos 2000 a 2003 recollín preto de 18.000 microtopónimos nos concellos do Riós, A Gudiña, A Mezquita, Vilarinho de Conso, Vilardevós e Castrelo do Val, polo que puiden comprobar de primeira man se a xente usaba ou non moito vocabulario fosilizado na toponimia.

ninguén asocia a palabra *golpe* a este mamífero salvaxe, cando na toponimia recolleemos unha chea de *Golpilleiras* (coa variante *Gulpilleiras*). Por último, ata onde chegan as miñas investigacións, ninguén sabe o que é o *orxo*, a xente fala da *cebada*, pero eu recollín moitos *Orxás* como nome de terras preto das aldeas.

A toponimia adoita ser moito máis conservadora ca a fala. Con todo, hai que ter en conta que o feito de que se rexistre unha determinada forma na toponimia dun territorio só permite afirmar que nalgún momento histórico esa forma estaba presente na fala dese territorio. Iso non significa que non existise outra forma alternativa para denominar o mesmo concepto nesa área; e outro tanto podemos afirmar acerca da ausencia de certos termos léxicos na toponimia de determinadas áreas, pois do caudal léxico presente na fala dunha zona ao longo do tempo só unha mínima parte queda fixada na toponimia (Navaza 2002: 138-139).

A toponimia xeolocalizada é unha gran contribución para o estudo da dialectoloxía, sobre todo desde a perspectiva diacrónica. Son varios os lingüistas galegos que utilizaron a toponimia para os seus estudos dialectolóxicos (Navaza 2002; Boullón 2002; Álvarez 2007; Sousa 2010a; Sánchez 2013; Pérez 2015...) Permítenos trazar con máis precisión as isoglosas que delimitan determinados fenómenos dialectais, incluso ver os cambios e movementos que se puideron producir nesas isoglosas.

Neste sentido é unha ferramenta básica para a xeografía lingüística. Na figura 22 podemos comprobar con que grao de precisión se pode marcar a isoglosa entre os topónimos rematados en *-ón* (<ANUM) que fan o plural en *-ós* ou en *-ois*. Na parroquia de San Xurxo de Piquín, concello da Ribeira de Piquín, atopamos o microtopónimo *Os Campós* da beira esquerda do río Eo e o topónimo *Os Mollois* da beira dereita.

Nos traballos de campo, nas conversas cos informantes escóitanse termos xenéricos de uso local, ás veces restrinxidos a unha área ben pequena, principalmente de realidades xeográficas do mar e de terra, cuxo significado, nalgúns ocasións, non está recollido nos dicionarios. A unha corredoira chamámoslle *canella* no Riós, pero na Gudiña (a 15 km) xa lle chaman *callella* e na Mezquita (a 10 km da Gudiña) din *canada*. O curioso é que en Viana do Bolo, que dista tamén uns 10 km da Gudiña e da Mezquita, xa din *quinchousa*. Para esta mesma realidade temos *quenlla* en Entrimo e *quinrincosta* no Valmiñor. Co significado




Figura 22. Isoglosa dos topónimos *Campós* / *Mollois* na parroquia de San Xurxo de Piquín, concello da Ribeira de Piquín (LU). Fonte: PTG

de ferverza rexistráronse no PTG os xenéricos *fecha* ou *ficheira* no Parque Natural do Xurés; *cenza* no Parque Natural do Invernadoiro e *freixa* ou *freita* en Cerdedo. Os currais de gando na serra son *aurelas* ou *ourelas* no Parque Natural do Xurés; *sestiles* (no caso de gando ovino) e *muxidoiros* ou *malladas* (gando bovino) na Terra das Frieiras (A Gudiña, Vilariño de Conso...). Un conxunto de leiras aradas na mesma dirección e, normalmente, sementadas do mesmo produto, é unha *faceira* no sueste ourensán, unha *plaza* na comarca da Limia, unha *tenza* na comarca de Santiago e unha *agra* na comarca de Bergantiños. Isto supón unha gran contribución ao Atlas lingüístico galego.

Todos estes xenéricos, de uso común na fala actual, adoitan aparecer en moitos topónimos das respectivas zonas, polo que é básico saber o valor semántico que teñen antes de aventurarse con etimoloxías estrañas.

Podemos saber en que zona de Galicia se usa unha determinada palabra cun determinado significado, é dicir, a variación xeolectal permite diferenciar

significados dun mesmo topónimo en función da área xeográfica na que o rexistremos. Por exemplo, o topónimo *Corga/Corgo*, que tamén funciona como elemento xenérico e que está vivo na fala de moitas áreas de Galicia, ten o valor de ‘poza’ en Pontevedra; ‘regueiro’ en Celanova e no Xurés; ‘pequeno val polo que pode baixar ou non unha corrente de auga’ na Gudiña; ‘camiño estreito’ na zona Lugo; ‘prado húmido’ en Vilariño de Conso; ‘prado que dá outono’ en Montederramo... A palabra fraga, por todo o sueste ourensán e no norte de Portugal, ten o valor de ‘penedo, rochedo’, mentres que no resto de Galicia o significado habitual é o de ‘bosque con matogueira’.

Á hora de facer etimoloxía é moi necesario ter en conta a xeografía lingüística. Para Ferro Ruibal (2007: 581) a etimoloxía é luz, pero unha luz curta se non pide o auxilio doutras ciencias como a sociolingüística, a antropoloxía ou a psicoloxía social. Eu considero que tamén debe botar man da xeografía para ser máis precisa. A través da situación xeolectal dun determinado topónimo, nunha área ou noutra, poden ser reafirmadas ou cuestionadas as hipóteses sobre a súa orixe (Pérez 2005; Navaza 2002).

Vexamos un exemplo moi significativo, o topónimo O Pereiro pode vir de *PETRARIUM* e tería o valor de ‘lugar pedregoso’, ou de *PIRARIUM*, polo que faría referencia á ‘árbore que produce peros’⁶⁵. Se buscamos os lugares así chamados no *Buscador de topónimos* e os visualizamos sobre a fotografía aérea poderemos atinar mellor coa verdadeira motivación.

O da figura 23 vese que identifica un monte ateigado de pedras e o da figura 24 está a carón dunha aldea na zona de cortiñas e hortas, todo parece indicar que o primeiro é un litotopónimo e o segundo un fitotopónimo. O mesmo pasaría con moitos dos lugares chamados Gándara, pois nuns sitios de Galicia o seu valor é de ‘humidal’, por exemplo *As Gándaras de Budiño* (O Porriño), pero noutros é todo o contrario, no sueste ourensán sempre identifica zonas de monte cheas de pedras e mato, que nunca deberon ser produtivas.

A conclusión é que, en moitas ocasións, a visualización das características do terreo e o seu coñecemento son claves para acertar co significado dos topónimos.

⁶⁵ Pera silvestre de pequeno tamaño ou variedade de mazá alongada de sabor agre (Diccionario RAG).




Figura 23. O Pereiro como nome dun monte cheo de pedras. Fonte: PTG



Figura 24. O Pereiro identificando unhas terras a carón dunha aldea; Fonte: PTG

Xeografía e Historia

Ninguén concibe a xeografía sen mapas, nin os mapas sen topónimos. Os topónimos danlle vida a un mapa porque describen as categorías físicas e culturais a múltiples escalas. Desde sempre os mapas foron o mellor vehículo de transmisión e difusión da toponimia.

Henri Dorion (1984: 103), un referente internacional polos seus traballos de toponimia aplicada á xeografía, fala desta simbiose entre ambas disciplinas dicindo que a toponimia ten unha relación esencial coa xeografía, pois os nomes de lugar representan o vocabulario propio desta ciencia, e coa historia, posto que os nomes son o testemuño a través do tempo dunha forma determinada de relación entre o home e o lugar.

Polo tanto, os xeógrafos e cartógrafos poderán elaborar coa toponimia xeolocalizada novos mapas a distintas escalas e por tipoloxías xeográficas (augas, accidentes terrestres, accidentes costeiros...), pois cada nome estará clasificado no gran banco toponímico de Galicia. Incluso poderán por en relación os orotopónimos co terreo que identifican para ver como evolucionou a paisaxe e o territorio ao longo do tempo, ou comprobar se un mesmo topónimo se repite en distintos lugares coas mesmas características orográficas.

Os historiadores saben que a toponimia é un elemento básico para o coñecemento do pasado. É o espello no que vemos como somos e de onde vimos. Á sombra dun topónimo hai unha importante información da historia da humanización da nosa terra, polo que o seu estudo permitiralles mergullarse na historia miúda de cada aldea. Por exemplo, hai topónimos motivados nas loitas pola demarcación da fronteira con Portugal (*A Pedra da Vela, A Trincheira, A Raia...*); na guerra contra os franceses (*A Matanza*); dos escapados da Guerra Civil (*A Pala dos Ladrós, A Cova dos Escapados, A Secreta...*) etc.

Do mesmo xeito que os lingüistas descubren un novo vocabulario, os xeógrafos tamén coñecerán novos termos xenéricos que lles permitan aumentar e enriquecer os dicionarios xeográficos.

Arqueoloxía

Topónimos como *A Anta, A Arca, A Modia, A Medoña, A Medorra, O Castro, O Castelo, A Casiña da Moura, O Forno dos Mouros, A Eira dos Mouros...* representan




Figura 25. Mapa coa delimitación do castro de San Cibrao de Las en función dos indicios toponímicos. Fonte: Subdirección do Patrimonio Cultural - Servizo de Planeamento e Inventario

indicios que lle dan pistas aos arqueólogos sobre a posible existencia de restos prehistóricos nos lugares así chamados.

A Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia consulta acotío a microtoponimia da web do PTG cando queren facer algún traballo de prospección ou estudo dunha zona na que se acharon restos arqueolóxicos, pois sêvelles para identificar bens de patrimonio material e inmaterial e os espazos vinculados a eles. Recentemente fixeron un estudo para o Castro de San Cibrao de Las no que a toponimia lles deu información para comprobar que o castro tiña unhas dimensións moi superiores ao que hoxe está á vista (Figura 25).



Figura 26. Foto dos nenos xogando aos bolos. Fonte: Google

Empresas privadas de arqueoloxía⁶⁶ tamén empregan a toponimia nas sondaxes arqueolóxicas, nos informes de impacto arqueolóxico para a concentración parcelaria, nos montes onde se van instalar muíños de vento etc.

Antropoloxía e socioloxía

A antropoloxía, como ciencia que estuda as manifestacións culturais e sociais das comunidades humanas ten moito que ver cos topónimos motivados polas relacións sociais ao longo da historia. Topónimos referidos á convivencia entre os veciños son: *A Pedra do Acordo*, *O Muíño do Concello*, *A Querella*, *A Cortiña dos Cristos*...

O Nomenclátor de Galicia rexistra unha aldea en Rianxo chamada *O Xogo dos Bolos* e outra no concello de Pantón chamada *O Xogo da Bóla*. Na microtoponimia rexístranse estes nomes, xunto co *Xogo dos Birlos*, en múltiples lugares de Galicia, o que demostra a importancia que chegou a ter este xogo popular na poboación galega ata o punto de asentarse como un nome de lugar (Figura 26).

66 Ver <http://www.breoganarqueoloxia.com/>

Antropólogos e sociólogos poden facer unha análise do tipo de xogos cos que se divertían os antepasados e a súa importancia social valorando a toponimia motivada por eles. Son abundantes os nomes de lugar que fan referencia aos xogos de esvarar por unha pedra: *O Rañacús, A Pedra Escorregadeira, A Laxe Esvaradía...*

Os topónimos son referentes compartidos dunha comunidade, son símbolos de identidade colectiva, pois establecen vínculos cos nosos devanceiros e forman parte da nosa herdanza cultural.

Bioloxía (botánica e zooloxía)

Os biólogos poderán saber que especies animais e vexetais abundaban nun determinado lugar polos seus chamadeiros, e cales desapareceron da nosa flora e fauna en lugares concretos.

Os fitotopónimos dan conta do tipo de plantas, arbustos e árbores que existiron en lugares moi concretos da nosa xeografía, como xa se dixo en páxinas anteriores. Algúns deles seguen existindo na mesma paraxe que leva ese nome, como é o caso dos *Toxos Mouros*⁶⁷ na Gudiña. No entanto, os poucos lugares onde se recolle o topónimo *Os Acereiros*, por exemplo en Lobios, xa non existe ningún exemplar desta arboriña do xénero *Prunus*, bastante rara en Galicia por considerarse unha reliquia do terciario que só sobreviviu en lugares frescos e acedos. Estas circunstancias dan pé a que os investigadores estuden que condicións climáticas ou que características do solo propiciaron a conservación ou desaparición dunha especie vexetal en determinadas zonas.

Polos zootopónimos sábese que mamíferos salvaxes poboaron estas terras noutroira. Houbo osos por toda Galicia porque así o demostran os topónimos *Oseira, A Pala da Osa, A Fraga dos Osos...* A través dos talasotopónimos, os biólogos mariños poden saber as zonas marítimas onde abundaba unha determinada especie de peixe ou marisco: *A Sargoteira, A Mexiloeira, O Laño do Congro, Os Caranguexos...*

67 Esta variedade de toxo só existe no monte así chamado. Nos concellos da contorna do sueste ourensán apenas se ve este tipo de toxo que noutros lugares chaman *toxo femia*.

Enxeñaría agrícola e forestal

Os enxeñeiros agrónomos poden estudar os tipos de cultivos máis habituais nunha área pola información que lle achegan topónimos como *Os Liñares, A Trigueira, A Viñoá...*; a superficie dedicada a arboredo, xunto coa especie predominante, por nomes como *As Castiñeiras, O Rebolal, O Piñeiro...*, a pasteiros: *Os Poulós, As Regas, Bustelo...*, a labradío: *As Asucadas, O Agríño, A Vesada...* ou a matogueira: *A Bouciña, A Gándara, O Torgal...*

Nunha sociedade onde o pastoreo foi una actividade económica moi importante, a toponimia é a transmisora dos costumes deste medio de vida case desaparecido: *O Muxidoiro, O Sestil, O Estremadoiro, A Pedra da Merenda...*

En definitiva, o día que estea rexistrada e xeolocalizada toda a microtoponimia de Galicia, os investigadores das ciencias humanas terán aquí unha fonte de información inesgotable para as súas disciplinas.

4.2. Rendibilidade para a Administración local

Neste apartado porei de exemplo a utilidade que lle sacou o Concello de Moaña á microtoponimia recollida polo PTG, a través do Servizo de Normalización Lingüística⁶⁸ dirixido por Paula Soto. Exemplo que predeu noutros concellos galegos.

Desde este SNL destacan a importancia de recoller a microtoponimia, xeorreferenciala e normalizala, pola enorme utilidade que pode ter nos seguintes ámbitos de actuación a nivel local:

- En materia de urbanismo, para elaborar a documentación dos plans xerais de ordenación urbanística e para as licenzas de obra.
- No departamento de turismo, para elaborar guías, paneis informativos de praias e elementos de interese turístico, trazar rutas de sendeirismo...
- A Policía Local precisa ter un mapa toponímico para chegar a todos os lugares do concello, saber onde está a zona de monte da que lle falan os

68 Para máis información, visitar o blog do SNL do Concello de Moaña *Bitácora da Lingua* neste enlace: <http://snlmoanha.blogaliza.org/378-2/>

- veciños se alguén se perde. Necesitan saber como se escriben correctamente os topónimos cando levantan un atestado ou fan unha denuncia.
- Na secretaría do Concello precisan expresar correctamente os nomes dos lugares nas actas, informes...
 - Na sinalética de rúas e camiños, barrios, lugares, igrexas, praias...
 - Para que os carteiros saiban chegar a todos os lugares de cada parroquia.
 - Os construtores e promotores poderán nomear as novas urbanizacións e edificios cos nomes tradicionais das terras.
 - Os novos establecementos de hostalería poderán consultar os topónimos da zona co gallo de escoller un nome orixinal e tradicional para o seu negocio.
 - Nas guías telefónicas aparecerán os nomes correctos dos lugares e barrios nos que viven os abonados.
 - A prensa escrita deixará de empregar incorrectamente os nomes de lugar dun concello, impedindo que aparezan deturpacións tan chocantes, neste caso de Moaña, como **Praia do Carnaval* por *Praia do Canaval*; **Chan da Goa* no canto de *Chan da Lagoa*; ou **A Conexa* en vez de *A Canexa*.
 - As campañas de dinamización lingüística poderían analizar a relación entre o territorio e os topónimos, as vivencias persoais dos habitantes co espazo e coa paisaxe...
 - Promover actividades nos centros de ensino relacionadas coa toponimia, non só para traballar con ela nas aulas, senón para facer excursións toponímicas multidisciplinares.

4.3. Rendibilidade para a Administración autonómica

Faremos un percorrido por todas as consellerías para as que considero moi útil a información toponímica do xeito que se vai ofrecer no portal da Toponimia de Galicia, especialmente, para todos os organismos que traballan na xestión do territorio galego.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo encárgase do desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio protexendo e potenciando o patrimonio natural e cultural dos galegos. Para todos os estudos, proxectos, informes, tramitacións que levan a cabo en materia de planeamento urbanístico, ordenación do medio rural e do litoral, necesitan a toponimia normalizada e xeolocalizada.

Ante todo, debería ser de consulta obrigada para os equipos redactores dos Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOM). Na web do SIOTUGA⁶⁹ está colgado o planeamento urbanístico de moitos concellos galegos, o que permite comprobar que a toponimia dos núcleos rurais nada ten que ver coa oficial en máis casos dos desexados. Lembremos que a nova lei do patrimonio cultural de Galicia, no artigo 35 propón que “a normativa e a proposta de ordenación prevista nos instrumentos de planeamento urbanístico garantirán a salvagarda dos valores culturais [...] e o respecto á toponimia oficialmente aprobada”.

A Axencia Galega de Infraestruturas, na planificación da construción de novas estradas e autoestradas, vías de ferrocarril e outras infraestruturas, precisan a toponimia para os expedientes de expropiación dos terreos e para o estudo do impacto medioambiental. Cando se construíu o túnel da Laxe, na cidade de Vigo, as obras demóraronse máis do esperado por mor da cantidade de pedra, pedra dura, que se atoparon na escavación do túnel. Os vellos desa zona de Vigo seica se rían dicindo: “– E logo, non saben o que significa Laxe, pois se o souberan xa adiviñarían o que ían atopar!”. Algo semellante ocorreu no meu concello, no Riós, ao paso da autovía das Rías Baixas A-52 polo termo da aldea de Fumaces. Baixo a estrada quedou soterrado un manancial chamado *A Fonte do Gorgullón*, no que a auga saía burbullando. Agora, todos os invernos rebenta o asfalto e sae de novo a auga para arriba da estrada. A xente maior de Fumaces dime: “– Se lle fixeran caso ao nome da fonte xa non pasaban a autovía por enriba”. A natureza volve ao seu.

69 Consultar a páxina do Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia neste enlace: http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/inicio.php?lang=gl_ES

Sen dúbida, o organismo desta consellería que máis precisa a toponimia normalizada é o Instituto de Estudos do Territorio (IET), pois é o departamento da Administración galega que se encarga da elaboración da cartografía a distintas escalas, que xera a información xeográfica de Galicia e que elabora os plans de ordenación do territorio como o Plan de ordenación do litoral⁷⁰ (POL), as directrices de ordenación do territorio⁷¹ (DOT) e os catálogos das paisaxes de Galicia⁷².

O POL é un documento rematado e aprobado na Parlamento de Galicia, cuxa toponimia foi revisada por un servidor e polo meu compañeiro de traballo no PTG, Óscar Castro. Nos concellos do litoral onde existía información recolleita polo PTG foi relativamente doado corrixir moitas castelanizacións e deturpacións que presentaba a cartografía usada como punto de partida. Nas zonas nas que non se contaba con información de campo quedaron moitas dúbidas, agora ben, si tiñamos claro que non debería aparecer ningunha grafía allea ás normas ortográficas do galego nin castelanismos. Se algún día se consegue recoller a microtoponimia de todo o litoral galego, habería que darlle unha volta a este documento no que se refire á toponimia.

Desde o Instituto Xeográfico Nacional de Madrid (IXN), dependente do Ministerio de Fomento, están a elaborar o *Nomenclátor Xeográfico de España*, conforme aos estándares que marca a directiva INSPIRE, da que xa se falou páxinas atrás. A cada comunidade autónoma pídenlle a toponimia normalizada das entidades de poboación mais a que aparece no Mapa Topográfico Nacional a escala 1:25.000 (MTN25). Desde a Xunta de Galicia só lle poden ofrecer a toponimia normalizada do *Nomenclátor* de entidades de poboación do 2003 –como xa se comentou, en breve sairá unha nova versión actualizada deste documento no que todos os lugares estarán xeolocalizados–. O problema reside en que os mapas de Galicia a escala 1:5.000 e 1:25.000 están ateigados de erros (Figuras 27 e 28).

A figura 27 corresponde a un recorte do MTN25 na parroquia de Valadares (Vigo). Son máis os topónimos que están mal ca os que están ben. Desde formas

70 Consultar o POL neste enlace: <http://www.xunta.es/litoral/>

71 Consultar as Directrices de Ordenación Territorial neste enlace: http://cmaot.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Ordenacion_territorial?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Directrices_Ordenacion_Territorio/seccion.html.

72 Consultar o Catálogo das Paisaxes de Galicia neste enlace: http://cmaot.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_Instituto_Estudos_Territorio?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Catalogo_paisaxe_galicia/seccion.html&std=Introduccion.html.




Figura 27. Recorte do MTN25 na parroquia de Valadares, Vigo. Fonte: elaboración propia




Figura 28. Recorte do MTN25 na parroquia de Esteiro, Muros. Fonte: elaboración propia

castellanizadas como **Iglesia*, **Valladares* e **A Peña*; erros ortográficos como **Benda Brava*; ata a gran ausencia de artigos na meirande parte dos topónimos: *Barrocas* (*As Barrocas* no NG 2003), *Senra* (*A Senra*), *Canizo* (*O Canizo*) etc. No exemplo da figura 28, que corresponde a un anaco do monte da parroquia de Esteiro (Muros), aínda resulta máis sorprendente, pois alguén interveu de forma deliberada na forma orixinal do topónimo *O Niño do Corvo*. Seguramente pensou que se trataba dun castelanismo e corrixiuo para *Neno do Corvo*, descoñecendo que *niño* é un dos nomes galegos para designar a construción que fan as aves para poñeren os ovos e criaren.

Carlos Lixó (2016: 130) destaca no seu traballo sobre a microtoponimia na illa de Sálvora a cantidade de erros que teñen estes mapas:

... **Cova de Balde* por *Candabade* ou **Illa Cornella* por *As Cornudas*, e mesmo castelanismos, **Illote Cabeceiro Chico* por *O Cabeceiro Pequeno ou de Terra*. Ademais non se manteñen os xenéricos locais dos elementos que o mapa denomina e homoxeneízanse por exemplo as pedras, os conles, os petóns e os eiteiros cos termos illa e illote. Nestes planos repítense practicamente os mesmos nomes e os mesmos erros que no catastro, o que evidencia a retroalimentación entre as fontes. Nesta mesma liña, tamén foron de interese as cartas náuticas. Non obstante sofren a limitación de repetiren os seus datos edición tras edición sen correccións, perpetuando así deturpacións e erros en maior cantidade que os mapas do IGE.

Para normalizar os arredor dos 250.000 nomes xeográficos que figuran nestes mapas precísase consultar a base de datos da microtoponimia de Galicia, ademais de contar coa sabedoría e os criterios dos especialistas do Seminario de Onomástica da RAG, algúns deles integrantes da Comisión de Toponimia de Xunta de Galicia.

Esta laboura é necesaria e urxente, pois outras comunidades autónomas xa teñen os seus nomenclátors xeográficos normalizados: Andalucía⁷³, Comunitat Valencí⁷⁴, Navarra⁷⁵, Catalunya⁷⁶ e Euskadi⁷⁷. Nesta última, 40 bolseiros traballaron

73 Consultar o *Nomenclátor Geográfico de Andalucía* neste enlace: <http://www.ideandalucia.es/nomenclator/>

74 Consultar o *Nomenclátor Toponimic Valenciá* neste enlace: <http://www.icv.gva.es/ca/nomenclator-toponimico-valencia>

75 Consultar o *Nomenclátor oficial de Navarra* neste enlace: <http://toponimianavarra.tracasa.es/>

76 Consultar o *Nomenclátor oficial de Toponimia de Catalunya* neste enlace: http://territori.gencat.cat/ca/01_departament/documentacio/territori-i-urbanisme/cartografia/nomenclator_oficial_de_toponimia_de_catalunya/

77 Consultar o *Nomenclátor da Comunidad Autónoma Vasca* neste enlace: <http://www.geo.euskadi.eus/geograficos/toponimia-de-la-comunidad-autonoma-vasca-nombres-oficiales-y-nombres-normativizados/s69-geodir/es/>

durante 5 anos na recolleita da forma viva dos topónimos da cartografía a escala 1:25.000. Unha lide desta magnitude cumpría tamén en Galicia para gañar tempo na salvagarda deste patrimonio.

É indubidable que Galicia ten unha gran riqueza paisaxística. Os galegos viviron sempre estreitamente relacionados coa terra, incidindo de xeito diferenciado sobre o territorio, construindo paisaxes singulares e nomeándoas, paisaxes que son o reflexo fiel do noso ser. Pero os cambios nos usos do solo, o abandono de moitas áreas rurais e a presenza de novas actividades económicas motivou a progresiva transformación territorial. Os *Catálogos da paisaxe* desta consellería teñen como finalidade estudar os distintos modelos de paisaxes para poñelos en valor, planificar e xestionar o uso racional e o aproveitamento sostible do territorio. Pretenden elaborar as *Directrices da paisaxe* para concienciar á sociedade da importancia que ten protexela e recuperala, do mesmo xeito que debemos facer cos topónimos. Sen a toponimia, a paisaxe é amnésica, é só espazo sen vivencias, polo que unha parte fundamental a ter en conta para o estudo da paisaxe son precisamente os nomes que a debuxan diacronicamente e que lle outorgan personalidade, pois reflicten a relación do ser humano co espazo que habitou, a complexidade do territorio e as peculiaridades da súa evolución.

En Cantabria fíxose un estudo do territorio e da paisaxe, financiado pola Fundación Botín, que acabou dando como resultado un libro de toponimia. Trátase do libro de Alberto González Rodríguez (2010) sobre a toponimia do val do Nansa e Peñarrubia. Está baseado nunha singular proposta metodolóxica do programa *Patrimonio y Territorio* da citada fundación, cuxa meta é crear modelos de coñecemento e investigación para unha mellor aproximación ao coñecemento do territorio, con inclusión da dimensión patrimonial. Este estudo trascende o interese filolóxico, chamando a atención de xeógrafos, planificadores, paisaxistas ou meros xestores que interveñen no territorio.

Por último, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza financiou nos anos 2008-2009 a recolleita da microtoponimia dos parques naturais Baixa Limia-Serra do Xurés e do Invernadoiro. Os axentes que traballan nestes espazos protexidos demandan esta toponimia para múltiples actuacións nos parques, desde a sinalización ata estudos das especies vexetais e animais que o habitaron.



Figura 29. Mapa dos espazos protexidos de Galicia. Fonte: SIAM (<http://siam.xunta.gal/>)

No primeiro rexistráronse arredor de 7.200 nomes⁷⁸ e no segundo uns 400. Outro tanto se podería facer cos parques naturais, nacionais, reservas naturais e paisaxes protexidas de Galicia (Figura 29).

78 Para ampliar información consúltese este enlace: <http://toponimia.xunta.es/gl/novas/amosar/id/139>

Consellería do Medio Rural

Sería unha ferramenta de apoio aos expedientes que se tramitan sobre o agro galego. A toponimia que figura nos catastros ten un mangado de erros lingüísticos. Un microtopónimo do Riós que é *A Ladeira do Soutiño*, está rexistrado no catastro con distintas variantes, pero ningunha é a que usan os meus veciños: **Ladeiro do Soutillo*, **Ladeira de Soutillo* e **Ladeira de Santilla*. O mesmo sucede con outro que a xente pronuncia como *O Escambruñeiro*, rexistrado con múltiples formas, algunhas bastante peculiares: **Eseancriñeiro*, **Escambrouseiro*, **Escambroneiro*, **Escambroeiro*, **Escambrañeiro*, **Escaboñeiro* e **Escambrañeiro*. Isto é só unha area no mar de erros que ten o Catastro de rústica de toda Galicia. A toponimia normalizada e xeolocalizada axudará a moitas persoas a identificar as súas propiedades e facilitará o traballo dos funcionarios que se encargan destes asuntos.

Os que traballan nas axudas da PAC deben ter en conta as hectáreas de superficies de produción para xustificar os pagamentos aos agricultores. Non lles viría mal que, co obxectivo de localizar as zonas de produción, por enriba da capa do parcelario do SIXPAC puideran contar tamén coa toponimia normalizada como unha capa máis de información.

Igualmente útil lles resultaría aos técnicos do Banco de Terras de Galicia⁷⁹ –AGADER–, instrumento que regula o uso e aproveitamento das fincas agrarias, evitando o seu abandono e poñéndoo a disposición das persoas que necesiten terras para usos agrícolas, gandeiros e forestais. No apartado onde se ven as parcelas dispoñibles ou no que unha persoa pode ofrecer as súas terras (Figura 30), por ningures aparece o topónimo da zona no que se atopan esas terras en alugueiro, tan só o polígono e a parcela.

A xente localiza as terras polos seus chamadeiros, non por un código que lle asignaron no planeamento das fincas rústicas do Catastro. Os técnicos consideran que é importante que o nome da terra figure nesta documentación, pois sería máis doado entenderse entre todas as partes implicadas. Unha vez máis, os topónimos facilitan a comunicación entre as persoas.

79 Para saber máis sobre o Banco de Terras de Galicia consulte este enlace: <https://sitegal.xunta.gal/sitegal/PlotList.do?which=avilables>

SITEMAL

Parceiras incorporadas

Ademais das parcelas xa dispoñibles no Banco de Terras, vostede pode indicarnos en que zonas lle interesaría atopar algunha parcela para arrendar. Para elo poderás clicarnos o concello ou parroquia nos que lle interesa que estea situada así como as características da mesma. Se xa dispoñes dunha conta de usuario ou decídesse crear unha, poderás cancelar a súa demanda de parcelas en calquera momento. Se polo contrario prefires non crear unha conta de usuario a demanda caducará aos tres meses. En calquera momento poderás introducir unha nova demanda. Para realizar unha demanda de parcelas prima aquí

5.783 elementos atopados; amosando de 1 a 12 de 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 >>>

Exp. parcela	Localización	Código	Data introdución	Superficie	Usos do solo	Prezo	Dispoñible
2009100235	Dóbra - A Graña San Xoán de Laño (San Xoán)	Concentración parcelaria (0170-1916) Póvilos 15 Cercado (Cat) 002 Cercado (Int) 002 Agregado 3 Zonas Polígono 8 Parcela 1819 ----- SOPAC (2007) Póvilos 15 Cercado (Cat) 002 Cercado (Int) 002 Agregado 3 Zonas Polígono 8 Parcela 1819	14/05/2009	2.618 m ² (0,2 ha)	Praza e rúas 2.300 m ² (0,2 ha)	26 euros anuais	Si
2009100059	Vila de Cruces - Fontaneda Sabero (Santa María)	Concentración parcelaria (0042-2050) Póvilos 26 Cercado (Cat) 005 Cercado (Int) 005 Agregado 3 Zonas Polígono 1 Parcela 107 ----- SOPAC (2007) Póvilos 26	14/04/2009	2.398 m ² (0,29 ha)	Praza 2.300 m ² (0,29 ha)	48 euros anuais	Si

© 2009 Xunta de Galicia. Todos os dereitos reservados.

Figura 30. Web do Banco de Terras de Galicia. Fonte: <https://sitemal.xunta.gal/sitemal/>

Dentro desta consellería, consideramos que lle poden sacar moito rendemento ao *Buscador de topónimos* para a loita contra os incendios forestais. Cada topónimo xeorreferenciado ten unhas coordenadas XY que permiten que calquera vehículo, avioneta, helicóptero que dispoña de GPS poida chegar a un punto exacto sen necesidade de que a persoa que o guía coñeza a zona. Poñamos un caso práctico: un veciño da aldea de Pena Petada (A Pobra de Trives) ve que está ardendo nunha zona do *monte das Tres Cruces* que el coñece polo nome de *O Entaladoiro* (Figura 31).

Chama ao teléfono de avisos de incendios forestais, 085, e o técnico que recibe a chamada consulta na base de datos da toponimia deste concello se na parroquia de Santo Estevo de Pena Petada existe ese nome. Atópao e comproba as súas coordenadas xeográficas (Figura 32).

Posteriormente poderá comunicarlle a localización exacta do incendio ás brigadas de terra e aos medios aéreos que loitan contra a lacra dos incendios todos os veráns en Galicia.

Precisamente, en referencia a isto, saía unha nova este mes de agosto na *Voz de Galicia* titulada “En la era de los Pokemon y no tienen un GPS para llegar al

Deseño e rendibilidade da nova aplicación colaborativa para a recolleita unificada, xeorreferenciación e difusión global da microtoponimia galega



Figura 31. Mapa topónimo de Pena Petada, A Pobra de Trives. Fonte: PTG

Inicio - Toponimia - PTG - Novas - Publicacións - Descargas - Ligazóns - Colaboración - Buscador

En: Inicio - Buscador

Buscar en web: Buscar

Opcións de consulta Resultados Ficha

FICHA DE TOPÓNIMO

O Entaladoiro

Tipo: Terras

Provincia: OURENSE
Concello: POBRA DE TRIVES (A)

UBICACIÓN

Parroquia: Pena Petada (Santo Estevo)
Concello: POBRA DE TRIVES (A)
Provincia: OURENSE

COORDENADAS

X: 639843.746357244
Y: 4683758.105072
Proxección: EPSG:23029

[Ver no mapa](#)

Lenda

- Accidentes costeiros
- Entidades humanas
- Accidentes terrestres
- Terras
- Augas
- Vías

Figura 32. Coordenadas xeográficas do topónimo *O Entaladoiro* na páxina da Toponimia de Galicia. Fonte: PTG

incendio”⁸⁰. Estas eran as palabras dunha señora de Soutomaior que defendía a súa casa do lume botándolle auga cunha mangueira e laiándose de que as brigadas non sabían ou non conseguían chegar a tempo a moitos lugares onde perigaba a integridade das persoas e dos seus bens. Se toda Galicia ten a toponimia xeolocalizada, este non debería ser o problema, outra cousa é que existan medios humanos e materiais suficientes para atender a todas as fronteiras do lume.

O Exército manda todos os veráns efectivos para vixiar os nosos montes ante o risco de incendio. Para orientarse, utilizan os mapas MTN25. Necesitan unha cartografía máis detallada para saber de que lugares lles fala a xente ou para concretar o lugar onde detectan un lume. Se levasen con eles unha *tablet* na que figure a toponimia xeolocalizada da zona que vixían, poderían entenderse mellor coa veciñanza e especificar mellor as coordenadas do foco de inicio dun lume ou do lugar no que viron a un presunto pirómano.

Consellería do Mar

O mar está completamente nomeado na franxa intermareal de todo o litoral de Galicia, desde A Guarda ata Ribadeo. Na páxina da plataforma tecnolóxica da Pesca de Galicia⁸¹, que ten como principal obxectivo o de facilitar as ferramentas de xestión e de recollida de información do sector pesqueiro, aparece información sobre as reservas mariñas, as estacións de mostraxe, as zonas de marisqueo... pero en ningunha aparecen os topónimos miúdos que usan os vellos mariñeiros. Nomes que lles poderían axudar aos técnicos a identificar a abundancia de peixe ou marisco en determinadas zonas, moitas delas só coñecidas por un pescador ou pola súa familia, pois este coñecemento mantíñase en moitos en casos en segredo, xa que diso dependía a exclusividade de explotación dese banco de pesca.

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Esta consellería, que é a que ten as competencias en toponimia, debería ter moi claro o útil que lle resultaría toda esta información, non só para eles, senón para toda a Administración, como se está vendo nestas páxinas.

80 Pódese consultar a nova da *Voz de Galicia* neste enlace: http://www.lavozdeg Galicia.es/video/vigo/soutomaior/2016/08/10/era-pokemon-gps-llegar-incendio/0031_2016085078314779001.htm.

81 Consultar a web da Pesca de Galicia en <http://www.pescadegalicia.gal/>.




Figura 33. Mapa toponímico da Serra Seca, A Gudiña, por onde pasa a vía do tren A Coruña-Madrid. Fonte: PTG e elaboración propia

Para a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) é un instrumento básico, pois permitiríalle localizar con precisión os lugares onde se producen as incidencias. Saber o nome dun lugar na montaña onde sucede un sinistro, onde se accidentou un sendeirista, o punto no que produciu un accidente de circulación... facilitaría a chegada das unidades de emerxencia a través das coordenadas do topónimo.

Esperemos que nunca teñamos que volver a ler unha noticia deste estilo nos xornais, pero poñamos por caso que un tren Alvia descarrile en plena Serra Seca, ao seu paso polo concello da Gudiña, concretamente na entrada do *túnel do Val da Chozza* (Figura 33). Desde o 112 poden mobilizar a Protección Civil, bombeiros, ambulancias... para darlles as coordenadas exactas onde se atopa este túnel. Os sistemas GPS dos seus vehículos guíaranos ata o lugar.

Cando en marzo do 2015 se estrelou o avión de Lufthansa nos Alpes Suízos, na nosa memoria está a noticia de que foron os pastores da zona os que tiveron que guiar aos servizos de emerxencias ata o monte no que estaban os restos da aeronave. Se tivesen a súa toponimia xeolocalizada, abondaría con que lle preguntasen aos pastores polo topónimo e, desde a propia fotografía aérea, saberían por onde acceder.

A Axencia Galega do Turismo⁸² (Turgalicia) precisa a microtoponimia normalizada porque na súa web, nas seccións “Visita estes destinos” e “Goza estas experiencias”, constantemente cita moitos nomes de praias e faros, destinos rurais, espazos naturais, mosteiros, rutas de sendeirismo, bosques, mananciais, zonas de viñedos, santuarios máxicos... En definitiva, tanto para trazar novas rutas turísticas como para utilizar de maneira correcta os topónimos dos lugares polos que pasan estas, aos técnicos de turismo seríalles de moita axuda o banco de topónimos de Galicia.

E que dicir do que suporía isto para os Camiños de Santiago. Imaxínade que a microtoponimia de todas as rutas xacobeas ao seu paso pola nosa comunidade estivese a disposición dos peregrinos e das peregrinas, que puidesen coñecer os nomes motivados precisamente por esta ruta de peregrinación e polos sucesos acontecidos a romeiros predecesores. Sinalizadas todas as igrexas e capelas, as fontes santas, os lugares con lendas relacionadas co camiño... nos móbiles de cada persoa que peregrina a Santiago de Compostela. Isto daríalle un novo pulo aos nosos camiños máis internacionais e converteríanos, unha vez máis, en referentes a nivel nacional e internacional en materia de toponimia. No artigo 81 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no punto 4 di: “A sinalización do Camiño de Santiago terá un carácter oficial e responderá ás delimitacións das rutas aprobadas e poderá achegar información adicional de recursos culturais e servizos para o peregrino”.

Nos informativos e en distintos programas divulgativos, culturais ou concursos da Corporación de Radio e Televisión de Galicia⁸³ (CRTVG) saen acotío centos de topónimos de aldeas, vilas e paraxes de Galicia. Sobre todo naqueles programas que nos amosan as paisaxes galegas e as súas xentes, como por exemplo: *Galicia dende o mar*; *Grandes lugares*; *Onde vai a xente*; *Actualizad@s*; *De viaxe*; *Botarse ao monte*; *Cos pé na terra*; *Descúbreme*; *En terra propia* etc. Para todos eles, que útil sería ter unha fonte limpa na que consultar os topónimos galegos.

82 Consultar a web do Turismo de Galicia neste enlace: http://www.turismo.gal/visita-estes-lugares-destinos?langId=gl_ES

83 Pode consultarse a web da CRTVG neste enlace: <http://www.crtvg.es/>

Consellería de Sanidade

Se alguén se pon enfermo nunha aldeíña da serra do Courel, do Xurés, ou de calquera montaña galega que apenas aparece nos mapas, ao ter xeorreferenciado o seu nome, como se leva visto nos anteriores casos, pódense introducir as coordenadas no GPS da ambulancia para que os sanitarios cheguen o antes posible a atender ao doente e sen posibilidade de perda. Isto evitará que se produzan confusións cando hai varias aldeas do mesmo nome nun mesmo concello, garantindo que a ambulancia chegue ao lugar correcto cando unha vida pode estar en perigo por cuestión de minutos. No ano 2013 podíamos ler no xornal *Faro de Vigo* este titular “La ambulancia de Bueu se atasca en un vial de Bon y no llega a un servicio con un muerto”⁸⁴. No desenvolvemento da noticia expresa que os técnicos de garda, que non eran da zona de Bueu, colleron un camiño erróneo que estaba en malas condicións para chegar ao lugar do suceso. Ao día seguinte, o mesmo xornal, seguía facendo eco desta nova ao comentar que a Fundación Pública 061 manifestara que, dentro do programa de formación dos técnicos das ambulancias, se lles explicaba a necesidade de dispoñer de rúeiros e mapas, pola importancia que tiña localizar o lugar do incidente.

O día que todos os lugares de Galicia estean xeolocalizados isto xa non será un problema. Cando saia o novo *Nomenclátor de Galicia*, cada lugariño do noso país, habitado ou non, aparecerá nos GPS.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá utilizar a toponimia para identificar bens do patrimonio material e inmaterial, así como para facer estudos dos espazos vinculados a eles (xa vimos anteriormente o traballo feito polo Servizo de Planeamento e Inventario sobre o *Castro de San Cibrao de Las*, San Amaro).

O Catálogo de Bens de Interese Cultural⁸⁵ (BIC) está ategado de erros nos topónimos cos que identifica cada ben, lugar de interese etnográfico ou zona arqueolóxica. Citaremos algúns exemplos: **Torre de Toran*, Taboadela (Torre de

84 Pode consultarse a nova do *Faro de Vigo* neste enlace: <http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2013/03/14/ambulancia-bueu-atasca-vial-bon-llega-servicio-muerto/773675.html>

85 Pode consultarse o Catálogo BIC neste enlace: <http://www.cultura.gal/gl/rexistro-bens-interese-cultural>

Torán); **Torre de Andabao*, Boimorto (Torre de Andavao); **gravado rupestre de Monte Fontela: “Pedra da Bullosa”*, Campo Lameiro (A Pedra da Boullosa)... e así poderíamos seguir cunha listaxe sen fin. Tendo unha base coa toponimia normalizada, estes erros serían evitables.

No ano 2006 esta consellería comezou a facer un Inventario de Patrimonio Subacuático⁸⁶, pero posteriormente quedou paralizado este proxecto. Hoxe en día xorden iniciativas particulares que pretenden situar nun mapa a toponimia relacionada cos naufraxios⁸⁷. É unha mágoa que toda esta información non vaia á mesma base de datos. Cando toda a talasonimia de Galicia estea recollida, esta consellería podería continuar co proxecto de investigación dos fondos mariños onde están os pecios afundidos e coa busca de documentación dos xornais da época que informaban sobre estes naufraxios.

A Subdirección Xeral de Arquivos está moi interesada en levar a cabo un proxecto que lle propuxemos desde o Seminario de Onomástica da RAG. Trátase da dixitalización e recompilación da toponimia rexistrada nos documentos históricos como o Catastro do Marqués de la Ensenada, o Arquivo do Reino de Galicia, os arquivos parroquiais, tombos dos mosteiros, foros, apeos... e establecer a súa correspondencia coa toponimia actual. Sería un proxecto de gran magnitude, cuxa viabilidade e sustentabilidade se analizará con todos as partes implicadas.

As atestacións escritas dos topónimos na documentación histórica son imprescindibles para o estudo da súa etimoloxía e para o ditame da súa forma oficial. Nos libros dos interrogatorios⁸⁸ do CME sobre cada parroquia, as comunidades de montes e os veciños interesados en saber os lindes das súas freguesías poden atopar indicacións precisas dos nomes dos “marcos” (penedos, fontes, regatos...) que as delimitaban. O topónimo, xunto coas medidas e lindes, viña sendo o principal signo para saber de que casal ou parcela falaban os apeos e foros. Por

86 Pode consultarse a nova da *Voz de Galicia* titulada “Cultura trabaja desde el 2006 en un plan que identifique el patrimonio subacuático gallego” no seguinte enlace: http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2008/06/07/0003_6885081.htm

87 Ademais dos traballos de talasonimia citados de Vilar 2008; Lixó 2016; Lago/Caamaño/Nieto 2008; Garazo 2011... existen blogs como o da Ruta dos naufraxios da Costa da Morte (<http://rutadosnaufraxios.blogspot.com.es/>) feito polo Concello de Camariñas que dan conta deste patrimonio subacuático.

88 Algúns pódense consultar a través do Portal de Arquivos españois –PARES– (<http://pares.mcu.es/>).

iso, na documentación señorial se lles presta tanta atención aos nomes de casais, leiras, tallos e montes (Saavedra 2013: 74-75).

Para a Subdirección Xeral de Ordenación, Formación Profesional e Innovación Educativa, resultaría didacticamente produtiva a introdución na planificación curricular de primaria e secundaria de actividades relacionadas coa educación patrimonial, nomeadamente coa toponimia. Que os rapaces traballen con esta disciplina no ensino enriquece o proceso de aprendizaxe e de formación académica e persoal do alumnado polos seguintes motivos:

- Coñecen o medio que habitan, as manifestacións culturais e os modos de vida dos seus antepasados, contribuindo así a salvagardar a historia local de cada lugar.
- Interactúan con veciños, pais, avós... de xeito que aprenden a valorar a sabedoría popular dos maiores, aumentando a autoestima⁸⁹ destes.
- Desenvolven e potencian as súas capacidades de colaboración (traballo en grupo dentro e fóra das aulas), investigación e creación, chegando a crear unha conciencia cívica de valoración e conservación do patrimonio colectivo.
- A transversalidade dos contidos toponímicos fai que sexan interesantes didacticamente para os distintos departamentos do ensino: ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, informática, música...

Cando o alumnado investiga o que significa o topónimo *A Sobreira*, por exemplo, están aprendendo que noutros lugares se lle chama a esta árbore *corticeira*, porque se lle quita a casca, chamada *cortiza*, de aí que os tapóns das botellas se chamen en galego *cortizas*, debido a que están feitos deste material. E non só os tapóns, antigamente tamén se facían as colmeas para as abellas, por iso estes recipientes se chamaban *cortizos*, que tamén orixinaron moitos topónimos. Estes *cortizos* adoitaban estar dentro dun recinto cercado por muros de pedra, que tamén deixaron pegada na nosa toponimia, chamados *alvarizas*. Os

89 A maior satisfacción que lles podemos dar aos nosos avós é facerlles ver que os topónimos, as lendas e as historias que eles saben, forman parte da nosa cultura, de maneira que son merecedoras de apareceren nos libros, na televisión ou en internet para que non se perda en poucos anos o que perviviu durante séculos.




Figura 34. Fotos dunha sobreira, da cortiza, dun cortizo e dunha alvariza. Fonte: elaboración propia

muros eran tan altos para que non entrasen os osos a comer o mel... (Figura 34). Dun xeito sinxelo, os rapaces non só aprenden vocabulario, senón a historia e a cultura de Galicia.

No artigo 122 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, referido á *Difusión, formación e educación*, no punto 2 dise: “promoverase no sistema educativo o coñecemento do patrimonio cultural de Galicia, así como o aprecio á súa protección e valorización como ferramenta para a convivencia e a cohesión social”. Na lei de patrimonio estatal da que xa falamos no capítulo 1, incide tamén neste aspecto no artigo 7, punto 1: “As administracións educativas e as universidades procurarán a inclusión do coñecemento e do respecto do patrimonio cultural inmaterial entre os contidos das súas ensinanzas respectivas e nos programas de formación permanente do profesorado de educación básica”.

Para o final deixei a Secretaría Xeral de Política Lingüística por dous motivos: o primeiro, porque, malia non ter as competencias en toponimia, é o único organismo da Administración que está financiando todos os traballos de toponimia que executamos desde o Seminario de Onomástica da RAG, mantendo así viva a esencia do proxecto PTG; o segundo, porque quen o dirixe, Valentín García, é consciente de que a toponimia é un instrumento con moito potencial no proceso de normalización e dinamización do galego tanto no ensino coma na sociedade.

Traballar coa toponimia no ensino a nivel lingüístico supón que:

- Os rapaces e rapazas falan con familiares e veciños en galego, mellorando as súas destrezas lingüísticas.
- Aprenden vocabulario e dialectalismos propios da súa zona, moito del xa en desuso, así como refráns, modismos, frases feitas... Ferro Ruibal (1996) di que os mellores mestres de galego están na aldea. Tan certo como isto é que lingua máis pura e antiga está fosilizada na toponimia.
- Traballan a literatura popular, as lendas e as historias fantásticas ou reais asociadas á orixe dun topónimo. Todo isto fomenta a súa creatividade en galego, como afirma a recente gañadora do premio Planeta, Dolores Redondo, nunha entrevista que publica a *Voz de Galicia* baixo o titular “soy escritora gracias a las historias de mi abuela de Corme”⁹⁰. Aínda así, eu considero que as nosas historias son máis bonitas se as contamos na lingua na que naceron.
- Realizan actividades interdisciplinares, modernas e colaborativas en galego que fomentan unha imaxe máis afectiva cara a lingua porque, ademais de poder subir os topónimos á rede coas novas tecnoloxías, crean blogs, poden gravar vídeos, facer curtametraxes representando as lendas que lles contaron, concursos de relatos fantásticos... En definitiva, a toponimia moderniza a nosa lingua.

O programa de lingua *Ben falado*, dirixido polo académico Ferro Ruibal, quixo amosar as interesantes experiencias levadas a cabo por algúns colexios relacionadas coa recolleita de toponimia e de tradición oral. Para o primeiro caso

90 Pode consultarse a noticia completa neste enlace: http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2016/10/17/escritora-gracias-historias-abuela-corme/0003_201610G17P27991.htm



Figura 35. Mapa toponímico das Illas Cíes: Fonte PTG

gravou ao alumnado do IES Prieto Nespereira⁹¹ de Ourense e ao CPI Daniel Monje⁹² de Navia de Suarna; para o segundo, no CPI A Picota⁹³ de Mazaricos.

A toponimia tamén normaliza a lingua na sociedade, pois coa súa difusión global na rede abrimos unha ventá ao mundo para dar a coñecer a nosa lingua, a nosa historia, as nosas tradicións, o noso folclore, a nosa paisaxe e todos aqueles elementos de interese cultural que nos singularizan e identifican como pobo e dos que todos os galegos nos sentimos orgullosos. Pensade por un momento en que país do mundo lles ofrecen aos turistas a posibilidade de ver topónimos e a información que achegan sobre un lugar concreto, como lles ofrecemos aquí aos estranxeiros que visitan, por exemplo, as illas Cíes (Figura 35).

91 Ver o vídeo do programa neste enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=ESH7XT-JBFk>

92 Ver o vídeo do programa neste enlace: https://www.youtube.com/watch?v=orR4A_8tHwE

93 Ver o vídeo do programa neste enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=3wPC8E14cIc>

Nos últimos tempos observamos un crecente interese social pola toponimia. A curiosidade innata de todo home por explicar o descoñecido fai que unha boa parte da sociedade galega se interese por coñecer o significado do nome do lugar no que viven ou de procedencia e por saber cal é a forma correcta de escribilo. Esta transcendencia social dos topónimos explícaa Joan Corominas (1965: I, 7) desta maneira tan elocuente:

El estudio de los nombres de lugar es una de las cosas que más ha desvelado la curiosidad de los eruditos e incluso la del pueblo en general. Es natural que sea así. Estos nombres se aplican a la heredad de la que somos propietarios, o a la montaña que limita nuestro horizonte, o al río de donde extraemos el agua para el riego, o al pueblo o la ciudad que nos ha visto nacer y que amamos por encima de cualquier otra, o a la comarca, el país o el estado donde está enmarcada nuestra vida colectiva. ¿Puede pensarse que el hombre, que desde que tiene uso de razón se pregunta el porqué de todas las cosas que ve y que siente, no se preguntaría sobre el porqué de estos nombres que todo el mundo tiene continuamente en los labios.

Por estes ou por outros motivos, nos últimos anos están de moda os percorridos e excursións toponímicas. Moita sona e afluencia de público teñen os organizados polo IEM na zona do Valmiñor, os do Concello de Vigo polas parroquias rurais e ás illas Cíes ou os do Concello de Pontevedra. A meirande parte deles contan co polifacético Xosé Lois Vilar como guía, ás veces acompañado de Gonzalo Navaza (excursión en barco ás illas Cíes). A toponimia tamén está presente en moitas novelas de éxito como *A Praia dos Afogados*, de Domingo Villar, ou *A Costa do Solpor*, do compañeiro do Seminario de Onomástica, Xosé María Lema Suárez. Nos dous casos tamén se organizan excursións para visitar todos os lugares onde transcorre a acción das novelas (Figura 36).

Henri Dorion (1993: 9) manifesta que o nome de lugar é propiedade de todos e de ninguén ao mesmo tempo, pero forma parte da memoria colectiva dun pobo. Ao difundir os nosos topónimos na rede, facemos felices a milleiros de emigrantes galegos que, cun só clic no portal da Toponimia de Galicia, desde moitos puntos do mundo (O Brasil, A Arxentina, A Alemaña etc) poden volver a ver e lembrar os nomes e as lendas da terra que os viu nacer, dos montes, regueiros e penedos que nunca lle esqueceron da memoria e que mantiveron latente, durante toda a súa vida no estranxeiro, ese sentimento tan forte que é a morriña pola súa terra.



Figura 36. Foto de Xosé María Lema facendo de guía nunha excursión toponímica polos espazos da Costa da Morte onde transcorre a acción da súa novela. Fonte: Xosé María Lema

CONCLUSIÓN

Na contestación de Eladio Rodríguez González ao discurso de recepción na RAG de Fernando Martínez Morás dicía:

Tema de importancia suma para Galicia es que el que ha elegido para esbozar este acto. [...] ¡La toponimia gallega! Como quien dice, el alma de las cosas, la luz que desvanece muchas sombras y aclara muchos misterios; la fuente de donde manan abundosas, limpias, transparentes e inteligibles las palabras que aparecen obscuras e inexpresivas; la base fundamental de gran número de vocablos exclusivos de Galicia; la razón de ser (de) millares de nombres que en nuestro país existen y cuya procedencia y significación verdadera se ignora... ¿Comprendéis lo que esto representa y lo que esto vale? (Martínez 1926: 39-40).

A toponimia galega é un tesouro cultural porque xera coñecemento, a través dela descubrimos a historia da terra que nos viu nacer e a dos nosos antepasados, esperta a curiosidade e as emocións das persoas dentro e fóra de Galicia, fainos únicos no mundo pola súa cantidade, variedade e antigüidade, e promove, dinamiza e moderniza a lingua que nos identifica como pobo.

Hoxe en día, a mellor maneira de salvagardala e difundila é a través dos sistemas de información xeográfica. Cómpre rexistrala canto antes porque desaparece, pero non de calquera maneira. Para que chegue a todo o mundo debe estar xeorreferenciada e normalizada segundo un estándar que esixe a Comunidade Europea.

Os topónimos, ao igual ca a lingua, transmitíronse de xeración en xeración a través da oralidade formando parte da nosa memoria colectiva. Como herdanza lingüística e cultural que son dos nosos antepasados, temos a débeda con eles de recollela, valorala e transmitila. Polo tanto, que non sexa esta xeración de galegos a que rompa a cadea. Aproveitemos as novas tecnoloxías e perpetuémosla para as vindeiras xeracións.

BIBLIOGRAFÍA

- Acea Méndez, Isabel (2007): “Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876”, en Méndez/Navaza 2007: 531-550.
- Aira González, Raquel (2007): “Nomes das vacas en Galicia”, en Méndez/Navaza 2007: 551-572.
- Álvarez Blanco, Rosario (2007): “Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algúns procesos de cambio lingüístico testemuñados en apuntamentos onomásticos de Martín Sarmiento”, en Méndez/Navaza 2007: 49-67.
- Aparicio Casado, Buenaventura (2004): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos: mitología popular gallega*. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80. Sada: Edicións do Castro.
- Arroyo Llera, Fernando (2010): “Creciente interés geográfico por la toponimia”, *Estudios Geográficos* 268, 299-309. Disponible en liña: <http://estudiosgeograficos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgeograficos/article/view/310/310>
- Benavente Jareño, Pedro e Xesús Ferro Ruibal, Xesús (2010): *O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2002): “Onomástica e dialectoloxía: a propósito de raposo e golpe”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 115-136.
- Capdevila Subirana, Joan e Jenny Muñoz Negrete (2012): “Propuesta de plan para la implantación de la directiva INSPIRE en España”, en *III Jornadas Ibéricas de Infraestructuras de Datos Espaciales*. [s.l.]: Instituto Geográfico Nacional. Servicio Regional en Cataluña. Edición dixital. Disponible en liña: <http://www.idee.es/resources/presentaciones/JIIDE12/miercoles/C16.Articulo.pdf>
- Carrasco, Lorena e Gonzalo Navaza (2014): *Toponimia do Val do Fragoso. T. 3: Beade*. Vigo: Universidade. Disponible en liña: <http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2014/06/Toponimia-3-Beade.pdf>
- Castro Castedo, Óscar e Vicente Feijoo Ares (2007): “Proxecto Toponimia de Galicia. Estudo lingüístico e toponímico”, en Rosario Álvarez Cao *et al.*, *Estudo da microtoponimia das Mariñas lucenses e Ortegal*. Santiago de Compostela: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, 25-76. Disponible en liña: <http://toponimia.xunta.es/gl/publicacions/amosar/id/77>
- Celdrán Gomariz, Pancraccio (2002): *Diccionario de topónimos españoles y sus gentilicios*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Corominas, Joan (1965): *Estudis de toponimia catalana*. Barcelona: Barcino.
- Dorion, Henri (1984): “Les relations entre la toponymie et les autres sciences sociales”, en *450 ans de noms de lieux française en Amérique du Nord*. Québec: Gouvernement du Québec, Commission de toponymie.
- (1993): “A qui appartient le nom de lieu?”. *Onomastica Canadiana* 75, 1, 1-10.
- Escourido Pernas, Ana Belén (2007): “Sobrenomes na parroquia de Miñortos (Oourol, Lugo)”, en Méndez/Navaza 2007: 149-158.
- Feijoo Ares, Vicente (2007a): “Os nomes do mar”, *O mar das confrarías. Proxecto educativo Mar Educa*. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Federación Galega de Confrarías de Pescadores. Santiago de Compostela: Edicións Correo S.A.U., 9-12.

- (2007b): “A toponimia nas montañas dos sueste ourensán”, en Méndez/Navaza 2007: 773-780.
- (2014): “Las motivaciones de los nombres de las piedras en Galicia. Cultos, ritos y leyendas”, en Joan Tort i Donada (ed.), *Els noms en la vida quotidiana. Actes del XXIV Congrés Internacional d'ICOS sobre Ciències Onomàstiques*. Barcelona: Generalitat de Catalunya. Disponible en liña: <http://www.gencat.cat/llengua/BTPL/ICOS2011/116.pdf>
- Ferro Ruibal, Xesús (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en liña: <http://realacademiagalega.org/documents/10157/27090/Xesus+Ferro+Ruibal.pdf>
- (2005): “Onomástica galega: lo hecho y lo por hacer”, en José Luis Ramírez Sádaba (ed.), *La onomástica en Navarra y su relación con la de España. Actas de las primeras Jornadas de Onomástica (Pamplona, 2003)*. Pamplona: Universidad Pública de Navarra, 35-90.
- (2007): “Reflexións verbo da naonimia en Galicia”, en Méndez/Navaza 2007: 581-612.
- Filgueira Valverde, José (1976): *La toponimia gallega*. Pontevedra: Deputación.
- Garazo Fabregat, Alberto (2011): *O Buraco do Inferno: toponimia mariñeira do mar de Bueu*. Bueu: Confraría de pescadores do mar de Bueu.
- García Sánchez, Jairo Javier (2007): *Atlas toponímico de España*. Madrid: Arco Libros.
- González Louzao, Marta (2007): “Os nomes das vacas na comarca da Ulloa”, en Méndez/Navaza 2007: 613-624.
- González Rodríguez, Alberto (2010): *La toponimia del valle del Nansa y Peñarrubia (Cantabria)*. Santander: Fundación Botín.
- Lago Noceda, M. Isabel, Juan B. Caamaño González e Beatriz Nieto Novoa (2008): *Os nomes do noso mar*. [A Coruña]: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Confraría de pescadores Mardelira.
- Lixó Gómez, Carlos (2016): “A microtoponimia de Sálvora”, *Estudos de Lingüística Galega* 8, 127-145. Disponible en liña: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305646595007>
- López Boullón, Xosé Ramón *et al.* (2007): “Metodoloxía da enquisa toponímica: materiais e procedementos”, en Méndez/Navaza 2007: 767-772.

- Lorenzo Vázquez, Ramón (2007): “Sarmiento e a Onomástica”, en Méndez/Navaza 2007: 11-45.
- Martínez Morás, Fernando (1926): *La toponimia en Galicia*. La Habana: Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega. Disponible en liña: <http://academia.gal/documents/10157/27090/Fernando+Mart%C3%ADnez+Mor%C3%A1s.pdf>
- Méndez, Luz e Gonzalo Navaza (eds.) (2007): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela, 2-4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da lingua Galega. Disponible en liña: <http://ilg.usc.es/agon/indice-das-actas-do-i-congreso-internacional-de-onomastica-galega-%E2%80%9Cfrei-martin-sarmiento/>
- Mujika Ulazia, Nerea (2010): “Bilingüismo, toponimia y cartografía en la Comunidad Autónoma del País Vasco”, en Xulio Sousa (ed.), *Toponimia e cartografía*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 72-102.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2002): “Dialectoloxía e toponimia”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 137-146.
- (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Disponible en liña: http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Fitotoponimia_galega.pdf
- (2011): *Saiáns*. [Gondomar]: Instituto de Estudos Miñoranos / Comunidade de Montes de Saiáns.
- Pazos Balado, M^a Carme (2007): “Os nomes das vacas en Santo Estevo”, en Méndez/Navaza 2007: 625-630.
- Pérez Capelo, Carolina (2015): *Toponimia e variación dialectal en galego. Os topónimos rematados en -oa, -oá, -úa, -uá*. Colección Limiar 1. Santiago de Compostela: Universidade.
- Piel, Joseph M. (1961): “Semblanza toponímica de un ayuntamiento gallego: Fonsagrada”, en *Studia Philologica. Homenaje ofrecido a Dámaso Alonso*. Madrid: Gredos, vol. II, 599-608.

- Porto Dapena, Xosé Álvaro (2014): *Dicionario toponímico do Concello e Ría de Cedeira*. Anexos de Revista de Lexicografía, 27. A Coruña: Universidade.
- Rivas Quintas, Elixio (1982): *Toponimia de Marín*. Verba, Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 18. Santiago de Compostela: Universidade.
- Rodríguez Álvarez, Roberto e Xosé Lois Vilar Pereira (2006): “Toponimia marítima e fluvial desde o Miño a Panxón”, *Ardentia: Revista galega de cultura marítima e fluvial* 3, 41-54. Dispoñible en liña: <http://culturmar.org/files/ardentia3/ardentia3-Rguez-Vilar.pdf>
- Rodríguez Rodríguez, Anair e Xosé Manuel Moo Pedrosa (2007): “Aproximación ao estudo formal dos alcumes de Leirado (Salvaterra de Miño, Pontevedra) e Vilaverde (Santa María de Quins, Melón, Ourense)”, en Méndez/Navaza 2007: 215-226.
- Rodríguez Ruibal, Fátima (2007): “Os nomes da casa de Amil (Moraña)”, en Méndez/Navaza 2007: 257-273.
- Roselló Verger, Vicenç María (2004): *Toponímia, Geografia i Cartografia*. Valencia: Universitat.
- Saavedra Fernández, Pegerto (2013): *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria: sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en liña: <http://academia.gal/documents/10157/27090/Pegerto+Saavedra.pdf>
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2013): “Os nomes de lugar e a dialectoloxía: algunhas consideracións sobre as variantes locais do galego e a súa atestación nos topónimos”, *Verba* 40, 389-414.
- Santamarina Fernández, Antón (2005): “Viaxe pola Onomástica galega”, *A Trabe de Ouro* 62, 11-38.
- Sarmiento, Fr. M. (1998-99): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Edición de José Luis Pensado Tomé.
- Sestay Martínez, Iván (2008): *Toponimia do Val do Fragoso. T 1. Coia*. Vigo: Universidade. Dispoñible en liña: <http://snl.vigo.org/imaxes/file/toponimia/coia%20libro>
- (2010): *Toponimia do Val do Fragoso. T 2. Lavadores*. Vigo: Universidade. Dispoñible en liña: <http://snl.vigo.org/imaxes/file/toponimia/lavadores%20libro>

- (2014): *Toponimia do Val do Fragoso. T. 4: Freixeiro e Sárdoma*. Vigo: Universidade. Disponible en liña: https://anl.uvigo.gal/opencms/export/sites/anl/anl_gl/documentos/Toponimia-Freixeiro.pdf
- Soto Arias, María Rosario (2007): “Estudo dos alcumes de catro localidades galegas”, en Méndez/Navaza 2007: 313-326.
- Sousa Fernández, Xulio (2010a): “Sobre un proxecto de cartografía da toponimia de Galicia”, en Aparecida Negri Isquierdo e Lúcia Almeida Barros (eds.), *As ciencias do léxico: lexicología, lexicografía, terminología*. Campo Grande: UFMS, vol. V, 15-31. Disponible en liña: http://webspersoais.usc.es/persoais/xulio.sousa/pdfs/Proxecto_cartografxa_toponimia_2010.pdf
- (ed.) (2010b): *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Disponible en liña: http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2010_Toponimia-e-cartografia.pdf
- Tato Plaza, Fernando R. (1992): “Notas de onomástica a propósitos dos alcumes en *A taberna do galo*”, en Rosario Álvarez (coord.), *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*. Santiago: Universidade, vol 1, 361-374.
- Vázquez López, Fernando (2007): “Os nomes da casa do Buriz”, en Méndez/Navaza 2007: 337-351.
- Vázquez Saco, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. Cadernos de fraseoloxía galega, 5. [Santiago de Compostela]: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades. Disponible en liña: <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg05.pdf>
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008): *Talasonimia da costa sur de Galicia. Da Punta do Caranguexo (Panxón, Nigrán) ó Regueiro da Gándara (Salcidos, A Guarda)*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.
- Vilas Martín, Federico *et al.* (2002): “Xeoloxía Mariña”, en Francisco Díaz-Fierros (coord.), *Galicia. Natureza*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 343-387.
- Zapico Barbeito, Pilar (2007): “Os alcumes nas Encrobas”, en Méndez/Navaza 2007: 363-374.

Recursos en liña

Xunta de Galicia (2000-2011): *Proxecto Toponimia de Galicia (PTG)*: <http://toponimia.xunta.es/>

————— (2003): *Nomenclátor de Galicia*: <http://www.xunta.gal/toponimia-e-nomenclator>

————— (2010): *Buscador de topónimos*: <http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>

————— (2016-): *Información Xeográfica de Galicia*: <http://mapas.xunta.gal/portada>

UNGEGN (2006): *Manual para la normalización nacional de los nombres geográficos*. New York: Naciones Unidas. http://unstats.un.org/unsd/publication/seriesm/seriesm_88s.pdf

————— (2011): *Criterios da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial*. Québec: United Nations. http://unstats.un.org/unsd/geoinfo/UNGEGN/docs/26th-gegn-docs/WP/WP56_Cult%20criteria%20EN.pdf

V

Nomenclátor de Galicia 2003
(NG2003) e
Proxecto Toponimia de Galicia
(PTG)

Historia da elaboración do *Nomenclátor* do 2003 e do
Proxecto Toponimia de Galicia (PTG) / XERMÁN GARCÍA CANCELA

Historia da elaboración do *Nomenclátor* e do *Proxecto Toponimia de Galicia* (PTG)¹

Xermán García Cancela

INTRODUCCIÓN

A publicación, no ano 2003, do *Nomenclátor de Galicia* supuxo a culminación do proceso de fixación da toponimia oficial, derivado do mandato da Lei de normalización lingüística. Neste proceso, como imos ver, cómpre salientar o traballo desenvolvido polo órgano asesor na materia, a Comisión de Toponimia, creado por decreto da Xunta de Galicia.

Antes de nos adentrar nos detalles que levaron á edición do *Nomenclátor*, repasaremos brevemente os antecedentes, concretados nos traballos que en fase preautonómica desenvolveu ese mesmo órgano, que foron retomados e ampliados en fase autonómica.

Como tamén veremos, o marco normativo veu recoñecer a transcendencia da fixación da toponimia, tanto para corrixir as deturpacións sufridas historicamente polas formas dos topónimos como para salvar un patrimonio de enorme valor. A axudar a esta tarefa respondeu a posta en marcha, hai máis de quince anos, do Proxecto Toponimia de Galicia (PTG), ao que faremos unha moi breve referencia na segunda parte desta intervención.

¹ NOTA XERAL: O contido deste relatorio, que ten que ver coas accións en materia de toponimia desenvoltas nos anos en que me ocupei da secretaría da Comisión de Toponimia, coincide en gran medida coa información que se pode consultar na web de toponimia da Xunta de Galicia, creada nese período para divulgar as actuacións na materia, e, concretamente, na publicación do ano 2005 *A toponimia en Galicia. Informe sobre o Nomenclátor e o Proxecto Toponimia de Galicia*, dispoñible nesa mesma web. Con todo, reformulei algúns deles, actualiceei datos e introduzo referencias ás novidades normativas producidas desde entón.

1. ANTECEDENTES. A ETAPA PREAUTONÓMICA (1979-1982)

Nesta fase, o Decreto 42/1979, do 21 de setembro, crea a Comisión de Toponimia na Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia. De acordo coa súa exposición de motivos, a creación desta Comisión deriva nese momento da facultade que o Real decreto lei 14/1978, do 13 de febreiro, lle transfere á Xunta de Galicia de alterar os nomes e capitalidades dos municipios; e da que o Real decreto 1710/1979, do 16 de xuño, lles atribúe aos concellos para modificaren os nomes das rúas, prazas e parques de conxuntos urbanos. En ambos os casos se exige o informe preceptivo favorable “dun Organismo Lingüístico Rexional de carácter oficial ou, no seu defecto, de recoñecido prestixio, para os cambios de denominación ás linguas vernáculos”.

O artigo primeiro crea a Comisión de Toponimia, como órgano da Xunta de Galicia, adscrita organicamente á Consellería de Educación e Cultura, para a normalización da toponimia en Galicia. Os artigos segundo e terceiro establecen como competencias desta comisión, entre outras:

- Emitir os ditames que soliciten as corporacións locais para os cambios de denominación á lingua galega ou correccións ortográficas de nomes nos municipios, así como de rúas, prazas e parques de conxuntos urbanos.
- Emitir ditame oficial sobre as denominacións en lingua galega que teñen que figurar no material cartográfico referente a Galicia.

O artigo cuarto establece que a Comisión de Toponimia estará integrada por especialistas en filoloxía, xeografía, historia, paleografía e cartografía, aplicadas á lingua e cultura galegas.

En desenvolvemento deste artigo, ditouse a Orde 17/1979, do 21 de setembro, pola que se nomean os membros da Comisión de Toponimia da Consellería de Educación e Cultura.

Froito do traballo da Comisión de Toponimia editáronse, entre 1980 e 1982, sete cadernos que recollen a revisión da toponimia de 72 concellos. Moitos destes ditames mantivéronse como válidos na fixación realizada a partir de 1984, mentres que outros foron revisados.

2. O MARCO NORMATIVO E A ELABORACIÓN DO *NOMENCLÁTOR*

2.1. Regulación específica en materia de toponimia

Na etapa autonómica, é a Lei de normalización lingüística, de 1982, a que sinala as liñas de actuación na materia, concretamente, no seu artigo 10:

Artigo 10

1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.
2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.
3. Estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

Os principios xerais deste artigo hai que os analizar xuntamente cos decretos que posteriormente, no ano 1984, os desenvolven. Son estes:

- O Decreto 43/1984, do 23 de marzo, polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia, actualizado no Decreto 174/1998 (DOG do 22/VI/1998).
- O Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia (DOG do 21/IX/1984).

Confrontada a nosa normativa coa doutras comunidades autónomas con lingua propia, son de salientar aspectos coma os seguintes:

- Que a forma galega dos topónimos é a única oficial para todos os efectos².
- Que a competencia para fixar a forma oficial dos nomes de concellos e mais dos núcleos de poboación lle corresponde en exclusiva á Xunta

2 Este mesmo principio de oficialidade rexe, por exemplo, en Cataluña, mais non en comunidades con dobre oficialidade lingüística como o País Vasco ou a Comunitat Valenciana, onde hai zonas do territorio en que se consideran oficiais as formas dobres.

de Galicia, mediante a norma correspondente (decreto ou orde) e co ditame previo da Comisión de Toponimia³.

- Que se trata dun procedemento de recuperación, fixación e conservación, non dun cambio de denominación, como prevé a lexislación de réxime local, do xeito que sinalamos no punto seguinte desta comunicación.

2.2. Normativa noutras materias con incidencia na toponimia

Alén da normativa específica en materia de toponimia, a normativa en materia de réxime local, de censos de poboación e, máis recentemente, en materia de solo, entre outras, conteñen determinacións que inciden directamente na forma oficial das denominacións dos concellos, das capitais destes e do resto de entidades de poboación.

Así, a lexislación de réxime local, concretamente a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, nos artigos 48 e seguintes, establece o procedemento para a alteración da denominación e mais da capitalidade dos municipios, concretado nos seguintes principios:

O nome e a capitalidade dos municipios poderán ser alterados por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local e logo do acordo do Concello interesado e do informe da Deputación provincial respectiva.

O acordo deberá ser adoptado polas dúas terceiras partes do número de feito da Corporación e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros dela.

Resoltas, se é o caso, as reclamacións presentadas, elevaráselle o expediente ao Consello da Xunta para a súa resolución, logo do informe [...] da Comisión de Toponimia no caso de cambio de denominación.

Nos expedientes de cambio de nome dos municipios teranse en conta as seguintes regras:

Non se autorizará cambio de nome cando o proposto sexa idéntico a outro existente ou poida producir confusión.

Cando a nova denominación acordada conteña incorreccións lingüísticas ou non se axeite á toponimia galega, corresponderalle ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local, a resolución definitiva sobre o cambio de nome, logo do informe da Comisión de Toponimia e da audiencia do municipio interesado.

3 Tamén neste caso a normativa galega difire da doutros territorios en que os concellos teñen unha maior intervención na determinación dos topónimos oficiais.

CONCELLO	CAPITALIDADE SEGUNDO REL do Estado	CAPITAL/SEDE SEGUNDO RELGA
Abadín	Abadín o Provecende (Abadín) (Santa María)	ABADÍN
Ames	Bertamiráns (Ortoño) (San Xoán)	BERTAMIRÁNS
Aranga	Ponte Aranga (Aranga) (San Paio)	PUEENTE-ARANGA
Arbo	Pazo, O (Arbo) (Santa María)	ARBO
Arteixo	Baiuca, A (Arteixo) (Santiago)	ARTEIXO
Baña, A	San Vicenzo (A Baña) (San Vicenzo)	SAN VICENTE
Barro	Santo Antoníño (Perdecanaí) (Santa María)	SANTO ANTONIÑO N° 11
Bergondo	Carrio (Bergondo) (San Salvador)	CARRÍO
Boimorto	Gándara, A (Boimorto) (Santiago)	BOIMORTO
Campo Lameiro	Lagoa, A (O Campo) (San Miguel)	CAMPO LAMEIRO
Cee	Cee (Cee) (Santa María)	PRAZA DO MERCADO,S/N.
Cotobade	Chan, A (Carballedo) (San Miguel)	CARBALLEDO
Frades	Cimadevila (Frades) (San Martiño)	FRADES
Mañón	Caión (Mañón) (Santa María)	CAIÓN-MAÑÓN
Miño	Carreira, A (Miño) (Santa María)	MIÑO
Oleiros	Real, O (Oleiros) (Santa María)	SANTA MARÍA DE OLEIROS

Figura 1. Exemplos de discrepancias na denominación das capitais municipais entre o Rexistro de Entidades Locais do Estado e o Rexistro de Entidades Locais de Galicia. Elaboración propia a partir dos datos contidos nos respectivos rexistros (REL /RELGA)

En Galicia non seu deu, polo menos nos tempos recentes, ningún caso de expediente de cambio de denominación dun municipio. Da normativa o que se deduce é a intervención, caso de se dar, da Comisión de Toponimia como órgano asesor, dun xeito similar ao do resto dos topónimos fixados oficialmente.

Respecto da capitalidade, a consulta a dous rexistros oficiais, o RELGA (Rexistro de Entidades Locais de Galicia) e o REL (Rexistro de Entidades Locais do Estado), fai evidentes certas anomalías, ao discreparen respecto da denominación da capitalidade dalgúns municipios (Figura 1)⁴.

En canto á normativa en materia de censos de poboación, cómpre remitirse ao Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, do ano 1986, que establece que os concellos revisarán, cando menos unha vez

4 As discrepancias danse, sobre todo, ao se producir unha alteración do nome da capitalidade dun municipio por asignación do nome da poboación principal en que asenta a casa consistorial fronte ao núcleo tradicional, que quedou absorbido polo crecemento demográfico desa poboación (casos de Arteixo, Miño ou Oleiros, entre outros). O correcto sería, en todo caso, que os concellos tramitasen un expediente ao respecto e trasladasen aos dous rexistros a mesma información.

ao ano, a relación de entidades e núcleos de poboación do termo municipal, de acordo coas definicións e instrucións que establezan as disposicións legais e as remitirán ao INE.

Unha resolución do INE de 2015 (que derroga outra de 1997) dita instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión e revisión do padrón municipal; enuncia os distintos conceptos e denominacións das unidades poboacionais ('entidade singular', que pode ser 'núcleo de poboación' [conxunto de, cando menos, dez edificacións] ou 'diseminado' / 'entidade colectiva'); e dispón que por medio da revisión se poderán levar a cabo alteracións debidas a altas motivadas pola creación de unidades poboacionais como consecuencia de fusións ou segregacións⁵.

Segundo as instrucións, debe darse conta da alteración ao INE, o que implica o seu recoñecemento para efectos estatísticos e poboacionais.

Sen entrarmos en valoracións de por que se producen, é o caso que en moitos concellos os datos actualmente vixentes nas bases do INE non concordan coa toponimia oficial, do mesmo xeito que os concellos chegan a alterar de forma moi evidente os datos dun ano para outro, derivado da aplicación dunha única denominación a núcleos que na realidade seguen conservando denominacións diferentes (Figura 2).

Para atallar anomalías como as que estamos a describir e para superar a catalogación que vén establecida de moito tempo atrás polo INE, pouco axeitada á nosa distribución da poboación, debería servir a aplicación da normativa en materia de solo promulgada neste mesmo ano 2016 polo Parlamento e a Xunta de Galicia, á que nos referimos con máis detalle no punto 4 deste relatorio, en que analizamos as novidades normativas producidas desde a edición do *Nomenclátor*.

2.3. O proceso de elaboración do *Nomenclátor*

2.3.1. Referencia: o *Nomenclátor* do Instituto Nacional de Estatística (INE)

O punto de partida dos traballos de fixación da toponimia oficial constituíuno

5 Sería, por exemplo, o caso da creación, no concello do Páramo, dun núcleo coa denominación de *O Páramo* por segregación parcial das entidades Vilarmosteiro e Lamacemón, producida no ano 2006.

CONCELLO DE ABEGONDO		
Nomenclátor INE 2015	Nomenclátor INE 1981	Nomenclátor Xunta
000000 ABEGONDO		
010000 ABEGONDO (SANTA EULALIA)		Abegondo (Santaia)
010100 ATRIO		Adro, O Asadiño, O Barreiros, Os
010201 BEADE		
010300 BORREIROS		Borreiros de Abaixo
010600 CRUZ-BARREIROS		Cruz, A Fixós
010700 FONTE		Fonte, A
010800 LOUREIRO		Loureiro, O
011000 NARANXO		Naranxo, O
011100 PENEDA		Peneda, A
011200 PICOTA		Picota, A
011300 QUINTÁS		Quintás, As
011501 SAN MARCOS		San Marco
020000 CABANAS (SAN JULIÁN)	Cabanas (San Xián)	Cabanas (San Xián)
020500 TORRENTE	Torrente	Torrente
020600 CABANAS	Carballal; Quintán; Ribeira; Rigueira	Capela, A; Carballal; Igrexario, O; Patarelo, O; Quintán; Rigueira, A
040000 COS (SAN ESTEBAN)		
040600 COS		
	Aldea de Abaixo; Barral; Carballal; Fraga; Iglesia, La	Aldea de Abaixo, A; Barral de Abaixo, O; Barral de Arriba, O; Carballal, O; Cruceiro, O; Fraga, A; Igrexa, A
050000 CRENDES (SAN PEDRO)		
050100 CARRIL		Agrolongo Carril, O Casas Grandes, As
050200 COBELO		Covelo, O
050300 MACENDA		Macenda
050400 PAZO		
		Rúa, A
050500 TRASIGLESIA		Tras da Igrexa
050601 VILAR		Vilar

Figura 2. Exemplo de discrepancias entre o *Nomenclátor* do INE e o *Nomenclátor* da Xunta de Galicia. Elaboración propia a partir dos datos contidos nos respectivos nomenclátors

o *Nomenclátor* por provincias publicado polo INE con motivo da elaboración do censo de poboación⁶.

Partindo da información contida nas distintas edicións do *Nomenclátor* do INE, a Comision aplicou os seguintes criterios:

- a) Mantívose a estrutura en canto á distribución administrativa en concello, parroquia (concepto que en Galicia se adapta ao que o INE denomina

⁶ Na época en que a Comisión de Toponimia abordou o estudo e fixación da toponimia oficial, o *Nomenclátor* do INE víñase editando, en papel, cada cinco anos, coas actualizacións comunicadas polos concellos. En función do momento en que a Comisión de Toponimia abordou a fixación da toponimia, as edicións manexadas foron as de 1971, 1976, 1981, 1986, 1991 e 1996. Actualmente, os datos son editados unicamente en formato electrónico.

xenericamente *entidade colectiva de poboación*) e lugar ou aldea (que vén coincidindo *grosso modo* co concepto de *entidade singular de poboación* do INE, desdoblado, pola súa vez, en *núcleo e diseminado*).

- b) No caso das parroquias, revisouse a inclusión ou non inclusión en casos en que datos doutras fontes (guías diocesanas, consultas coas autoridades civís ou eclesiásticas) ofrecían a certeza de poder efectuar o cambio⁷.
- c) Respecto das aldeas ou lugares, incorporáronse todos aqueles nomes que aparecen reflectidos nalgunha das edicións do *Nomenclátor*, aínda que non o estean na última delas, baseándose, sobre todo, nas informacións recollidas sobre o terreo que daban conta da existencia de topónimos, vivos na fala, que aludían a entidades que os veciños percibían como diferenciadas. En moitos casos, estas denominacións aluden ao que o INE engloba no concepto de *diseminado* (edificacións ou vivendas dunha entidade singular de poboación que non poden ser incluídas no concepto de núcleo).
- d) Ademais, e en relación co punto anterior, tivéronse en conta as variacións, por veces sorprendentes, producidas nas distintas edicións consultadas respecto da inclusión de determinadas entidades de poboación. Xa que logo, seguiuuse o criterio de incluír aquelas denominacións que seguen vivas e identifican núcleos habitados (ou en condicións de o ser), por riba do criterio restritivo aplicado con frecuencia no *Nomenclátor* do INE, que recolle modificacións de núcleos, comunicadas polos concellos, que consisten na agrupación de varios núcleos baixo unha única denominación (Figura 2).

2.3.2. Traballo de campo

Como paso previo ao ditame por parte da Comisión de Toponimia, realizouse un traballo de campo para verificar os datos contidos no *Nomenclátor* do INE.

⁷ A modo de exemplo, no concello de Cedeira, o *Nomenclátor* do INE inclúe *San Andrés de Teixido* como aldea da parroquia de Régoa (Santa María), mentres que no *Nomenclátor* da Xunta de Galicia se inclúe como parroquia, ditaminado como Teixido (Santo André), dato corroborado tanto pola *Guía diocesana de Mondoñedo-Ferrol* como polo propio párroco.

Como se dixo no punto anterior, sobre esta base procedeuse á inclusión de máis topónimos, cando a información fornecida non ofrecía dúbidas respecto da súa identificación por parte dos seus habitantes.

O obxectivo básico do traballo de campo foi, ademais de verificar o dato anterior, o de recoller información fiable sobre a forma que o topónimo rexistra na fala, así como toda aquela información escrita (rótulos, libros parroquiais, monografías sobre a fala de determinadas zonas...) que resultase útil para o ditame da Comisión de Toponimia.

2.3.3. Proposta de ditame da Ponencia de Estudos

Con base no traballo de campo e co complemento de distintas fontes documentais, a Ponencia de Estudos elaborou as propostas de ditame para elevar ao Pleno da Comisión.

Entre as fontes documentais manexadas con máis frecuencia cómpre destacar distintas coleccións diplomáticas (Oseira, Celanova...), para os séculos medievais, as *Memorias del Arzobispado de Santiago* (1607) do Cardeal Jerónimo del Hoyo, para o século XVII; o Catastro do Marqués de la Ensenada (1753) e outra documentación depositada no Arquivo do Reino de Galicia, para o século XVIII; o *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar* de Pascual Madoz (1845), para o século XIX; e para o século XX, entre outros, a *Geografía General del Reino de Galicia*, dirixida por Carreras y Candi; os nomenclátos diocesanos, editados polos correspondentes bispados e arcebispados; a cartografía 1:25.000 do Instituto Xeográfico Nacional, e as distintas edicións do *Nomenclátor* do Instituto Nacional de Estatística.

2.3.4. Ditame do Pleno da Comisión de Toponimia

Sobre o ditame previamente elaborado pola Ponencia de Estudos, o Pleno da Comisión elaborou os ditames definitivos para trasladar ao Consello da Xunta de Galicia, no caso dos concellos e das parroquias, ou á Consellería da Presidencia, no caso dos lugares, base, pola súa vez, para a norma de fixación correspondente.

2.3.5. Normas de promulgación: decretos e ordes

Conforme a normativa de aplicación, o nome dos concellos e das parroquias fixouse en todo caso mediante decreto, mentres que o dos lugares foi fixado por orde da Consellería da Presidencia.

Este sistema seguiu de forma continuada durante varios anos con todos os concellos que ían sendo obxecto de ditame por parte da Comisión de Toponimia. Finalmente, unha vez rematada cada provincia, para unha maior sistematización, publicáronse agrupados en cadanseu decreto:

- Decreto 332/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Ourense (DOG do 29/VIII/1996).
- Decreto 219/1998, do 2 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra (DOG do 28/VII/1998).
- Decreto 6/2000, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Lugo (DOG do 25/I/2000).
- Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente á entidades de poboación da provincia da Coruña (DOG do 25/III/2003).

2.3.6. O Nomenclátor de Galicia

Constitúe a publicación final, inicialmente en forma de libro e de CD-rom, e logo tamén en internet, que recolle os datos de toda Galicia.

2.3.7. Criterios aplicados pola Comisión de Toponimia

A Comisión aplicou, en xeral, os criterios enunciados a seguir, ben que, por mor da gran cantidade de formas analizadas e ditaminadas, poida detectarse algunha incongruencia que, en todo caso, está a ser revisada⁸.

8 Reproducimos literalmente os criterios expresados pola propia Comisión de Toponimia na publicación *A toponimia en Galicia. Informe sobre o Nomenclátor e o Proxecto Toponimia de Galicia*, pp. 30-32.

1. Como criterio xeral, respectouse o uso vivo actual na variante dialectal de cada lugar. Isto quere dicir que non se regularizaron os nomes para adaptalos ás escollas da normativa ortográfica e morfolóxica. Así, poden aparecer segundo as áreas, *Laxe* ou *Laxa*; *As Meás* ou *As Meás*; *Gándara*, *Gandra* ou *Granda*; *A Gandariña* ou *A Grandiña*; *Brea* ou *Verea*; *Os Nabás* ou *Os Nabais*; *Vilameán* ou *Vilameá*; *Sabaris* ou *Sabariz*, *Baldarís* ou *Baldariz*; *A Cal* ou *O Cal*; *Chan*, *Chao* ou *Chá*; *Ramirás* ou *Ramirás*; *O Pacio* ou *O Pazo*; *Corredoira* ou *Corredoura*; *Catadoiro* ou *Cataduiro*; *Agua Levada*, *Agualevada*, *Augalevada*, *Aqualada*, *Augalada*, *Agolada*, etc.
2. Cando para un mesmo lugar conviven na fala dous nomes que son variantes fonéticas, optouse, de modo case sistemático, pola forma máis etimolóxica e, se é un termo do vocabulario común, pola coincidente co galego estándar. Así, entre *Covelo/Cuvelo*, *Covela/Cuvela*; *A Peroxa/A Proxa*, *Pereira/Pireira/Preira* ou *Abelleira/Abilleira* preferiuse a primeira forma para a escrita, que, en todo caso, non elimina a posibilidade de varias realizacións fonéticas.
Aínda así, o peso da tradición escrita puido determinar a variante escollida, como ocorre en casos como *A Rigueira*, *Avieira* ou *Cotros*, documentados historicamente con esas formas (frente a outros topónimos idénticos ditaminados como *A Regueira*, *Aveira* ou *Cótaros...*). A aplicación desta restrición do criterio pode levar, no futuro, á revisión dalgunhas formas que foron fixadas conforme a regra xeral.
3. Non se reproduce na grafía dos topónimo a gheada. En canto ao seseo, reproducéase cando está consolidado na tradición escrita (*Romarís*, *Sabaris*, *Arousa*), a menos que se trate de formas coincidentes co léxico común, como *A Cruz* e *A Foz*.
4. Nos casos, moi pouco frecuentes, en que a forma viva se recolle só baixo a forma deturpada por castelanismo, a Comisión atívose ás documentacións antigas para recuperar a forma histórica (*Pobra*), ou, se non achou documentación histórica sobre a variante léxica, propuxo a regaleguización conforme a forma correspondente do galego estándar. Así, para a forma **Iglesia*, cando non se documentou a forma galega

esperada (*Eirexa, Eirexe, Airexe, Irexe...*) propúxose a forma galega común *Igrexa*. Tamén se regaleguizaron outros castelanismos cando aínda conservan o seu valor apelativo: *Carretera* en *Estrada*; *Castillo* en *Castelo*; *Capilla* en *Capela* etc.

Con todo, tamén neste caso, futuras revisións poden levar a documentar as formas tradicionais, que serían daquela as preferidas sobre a forma do galego común.

5. Desde o punto de vista ortográfico, o criterio da Comisión é a congruencia coas grafías históricas (etimolóxicas) do galego común: *Aciveiro, Covas, Erbedeiro, Ermida, Nabal, Ribeira, Val, Vésada...*

Nos casos en que a grafía dun topónimo, tal como se vén usando, adoptou unha forma arbitraria non coincidente coa etimolóxica, respectouse se non ocorreu por castelanismo. Así, mantense *Trives*<-TIBURIS; *Brea*<VEREA; *O Grove*<OCOBRE, malia estas grafías non corresponderen ás etimolóxicas, como se ve polos étimos. Ao seren palabras opacas, non pareceu aconsellable nin prudente facer que os usuarios muden o hábito gráfico xa secular de escribiren *Trives, Brea* ou *O Grove*.

Pola mesma razón, mantéñense os hábitos locais para casos como *Cima de Vila/Cimadevila, Sa/Saa...*

Se a etimoloxía é escura, dubidosa ou controvertida, optouse, en xeral, pola grafía habitual na tradición escrita ou máis arraigada no uso actual. É o caso de *Cerponzóns, Darbo, Herbón, Hervés, Triabá* ou *Xuvia*, entre outros.

6. A Comisión atívose ao principio de que os artigos son parte integrante do topónimo, polo que se tivo especial coidado en verificar o seu uso na fala e oficializalo nos casos en que efectivamente se rexistrou e se documentou: *A Coruña, A Laracha, A Lavacolla, A Pastoriza, As Somozas, O Carballiño, O Carril, O Porriño...*
7. Os topónimos compostos que teñen un segundo elemento precedido de preposición oficializáronse con el, malia que –sobre todo na súa zona de influencia– se use na fala só o primeiro –así, *O Barco de Valdeorras, Malpica de Bergantiños, Monforte de Lemos, A Pobra do Caramiñal, A*

Proba de Burón, Santiago de Compostela, Viana do Bolo, Vilagarcía de Arousa, Xinzo de Limia etc.– ou, nalgúns casos, só o segundo –como *Baños de Molgas, Porto do Son*–.

Nos topónimos compostos sen preposición, e sempre que non sexa unha deturpación castelanizante, mantívose a forma tradicional dos documentos escritos ou a forma oficial, o que non implica que a Comisión considerase que as formas tradicionais na lingua falada fosen incorrectas. Así, mantivéronse *Castro Caldelas, Campobecerras* e *Vila de Cruces* a pesar de que as formas vivas nas zonas correspondentes son *O Castro, Campos* e *As Cruces*.

Nalgúns casos, a Comisión decidiu manter dúas solucións alternativas cando as características administrativas do topónimo permitían a forma dupla. Así, por exemplo, o concello é oficialmente *Vila de Cruces*, mentres que a parroquia correspondente mantén o nome popular: *As Cruces*. O mesmo ocorre coa denominación *Guntín* para o concello e *Guntín de Pallares* para a parroquia, ou co concello valdeorrés que ten por nome *A Rúa*, onde a parroquia foi oficializada como *A Rúa de Valdeorras*, coa vantaxe engadida de que esta forma axuda a evitar o erro, moi común, de denominar esta entidade de poboación co nome de *A Rúa de Petín*, inducido polo rótulo da estación de ferrocarril, que reza *Rúa-Petín*.

8. Nos casos en que se produciu a deglutinación do elemento inicial dun topónimo (A-, O-, AS-, OS-) interpretado como artigo, os criterios aplicados foron, xeralmente, os seguintes:
 - 8.1. Respetar a deglutinación se está consolidada na fala e na tradición escrita e o termo toponímico non contén un termo do léxico común. Así: *As Anzas*<ALESANTIAS, *O Grove*<OCOBRE, *A Baña*<ABANIA e *O Incio*<ONICIO.
 - 8.2. Cando a forma deglutinada non está consolidada, optouse por fixar o topónimo acomodado á forma etimolóxica: *Astrés, Oxén*...
 - 8.3. Noutros casos, puideron aplicarse criterios diverxentes para formas iguais, en función do peso da tradición escrita, coma no caso de *Agrela/A Grela* (<AGRELLA, de AGRA).

- 8.4. Hai algúns casos en que non foi posible recoñecer as aglutinacións ou deglutinacións, polo que a Comisión se ativo á tradición escrita, o que dá lugar a que aparezan aparentes formas duplas como *Lugar da Riba/Lugar de Arriba*.
9. A segunda forma do artigo representouse segundo os criterios ortográficos e morfolóxicos do galego estándar: así, *Trala Pena, Tralabouzas, Tralaveiga* etc., pero *Betanzos o Vello* (a pesar de que na fala só se recolle /betánθolobèllo/).
10. Os topónimos que levan unha preposición inicial ditamináronse con ela xunta ou separada, segundo a tradición escrita de cada un: *Sobre a Igrexa, Sobrecarreira, Sobreosmuíños, Sobrepiñeiro, Sobrerriba, Sobrerribas, Tras da Feira, Trascastro, Tras do Monte/Trasdomonte/Trasmonte*. A preposición *so-/su-* optouse por escribirla sempre unida, co que se evitan moitos casos de falsa análise como un posesivo: *Socampelo, Socampo, Socastro, Socortes, Sorribas, Suagra, Suaermida, Suaigrexia, Sualomba, Suapena, Suaschousas, Suasviñas, Sucamiño, Sucarreira* etc. Só en casos excepcionais se escribiu separada (*Su a Agra*), o que se decidiu para manter o topónimo como cuadrísílabo, tal como se recolleu na fala.
11. Foi criterio da Comisión, nos topónimos referidos a parroquia, manter a información referida ás advocacións. Estas son tamén formas históricas, que precisaron dunha fixación na súa forma galega auténtica, e non poucas veces cumpren a función de distinguir parroquias con igual denominación.
- Outras veces, a advocación, ao se incorporar ao topónimo para diferenciar parroquias contiguas co mesmo nome, debe considerarse xa topónimo (haxiotopónimo) e adoita utilizarse, localmente, sen a forma á que inicialmente acompaña (*San Mamede [de Ribadulla]; Santa Comba [de Carnota]; Santa Cristina [de Fecha]; Santalla [de Agrón]*...).
- Con todo, agás nos casos descritos arriba, no uso civil as parroquias non teñen por que denominarse precedidas da advocación correspondente.

2.3.8. Algúns datos estatísticos

O proceso de fixación supuxo a revisión do seguinte número de topónimos:

Total topónimos xados	41.409, dos cales: 315 concellos 3.789 parroquias 37.305 lugares (21.169 formas diferentes)
Por provincias:	
A Coruña	936 parroquias 13.595 lugares (7.590 formas diferentes)
Lugo	1.266 parroquias 11.774 lugares (6.489 formas diferentes)
Ourense	919 parroquias 4.332 lugares (2.763 formas diferentes)
Pontevedra	668 parroquias 7.604 lugares (4.317 formas diferentes)

2.3.9. A revisión do *Nomenclátor*

Desde a edición do *Nomenclátor*, a Comisión de Toponimia vén desenvolvendo un proceso de revisión, motivado en moitos casos pola numerosa documentación recibida ben dos concellos, ben de asociacións, ben de particulares; noutros pola propia intención da Comisión de evitar algunhas formas contraditorias ou para harmonizar solucións similares.

Ao mesmo tempo, a Comisión ten en conta as informacións recollidas nos múltiples instrumentos cartográficos en circulación, así como nas bases de datos doutros organismos (concellos, IXN, INE...) para contrastar as solucións adoptadas coas que seguen aparecendo neles⁹.

A revisión de *Nomenclátor* deberá abordar tamén, como así nos consta que se vai facer, a xeorreferenciación dos topónimos. Ademais, deberán terse en conta, pola incidencia que claramente teñen, os preceptos da lexislación en materia de solo promulgada neste 2016¹⁰.

⁹ Para maior detalle sobre o proceso de revisión, véxase o relatorio do profesor Santamarina neste mesmo seminario.

¹⁰ Véxase o que a este respecto expomos no punto 4 deste relatorio.

3. O PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA (PTG)

3.1. Características e desenvolvemento

Nesta parte da nosa intervención, obviaremos datos sobre o desenvolvemento deste proxecto que se poden consultar por extenso na web de toponimia da Xunta de Galicia e tamén na publicación que se editou con motivo da presentación do *Nomenclátor*¹¹.

Salientaremos, por tanto, só aqueles aspectos máis xerais que caracterizan o proxecto e que marcan as posibilidades de futuro, unha vez que, como semella, a Xunta de Galicia ten intención de o relanzar, coa aplicación informática de recolleita colaborativa da que se falou neste mesmo seminario¹².

O PTG foio promovido pola Comisión de Toponimia, unha vez rematada a fase de fixación da toponimia de entidades de poboación, coa idea de recoller e catalogar a comunmente denominada ‘toponimia menor’ ou ‘microtoponimia’, cun carácter exhaustivo, é dicir, sen limitar de ningún xeito a extensión xeográfica de ningún nome designativo de realidades moi diversas, tanto superficiais como puntuais.

O proxecto constitúe, por tanto, un plan orientado a recoller de forma exhaustiva toda a microtoponimia viva, a través dun método de enquisa oral, para a posterior introdución nunha base de datos, a fixación dunha forma normalizada e a súa implantación nun soporte cartográfico.

O PTG pretende cubrir dúas grandes áreas de interese, a estritamente patrimonial –máis desde o momento en que toponimia forma parte, por lei, do patrimonio inmaterial– e a cartográfica, pois trátase de confeccionar unha base de datos de toponimia, útil e de referencia, para os distintos eidos da investigación, da xestión do territorio e da confección dunha cartografía completa e de calidade.

Son datos que cómpre salientar:

11 Estamos a falar da publicación *A toponimia en Galicia. Informe sobre o nomenclátor e o Proxecto Toponimia de Galicia*, Xunta de Galicia, 2005.

12 Refírome á intervención de Vicente Feijoo Ares, técnico da RAG e actualmente responsable dos traballos de revisión do *Nomenclátor* e de asesoramento á AMTEGA (Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia) no deseño da ferramenta colaborativa de recolleita de toponimia.

1. Que se trata dun proxecto con ampla participación de distintos organismos das Administracións (autonómica e local), ao seren tamén moi diversos os organismos con necesidades na dotación de bases toponímicas. Así, en momentos de desenvolvemento do PTG, chegaron a participar, con achegas económicas, practicamente todos os departamentos da Xunta de Galicia e sempre, unha vez levado o proxecto a campo, os concellos directamente implicados. Estes, en moitos casos, puxeron á disposición do PTG persoal contratado con diferentes fórmulas¹³.
No plano instrumental, o PTG estivo radicado na agora extinta Sociedade Anónima de Desenvolvemento Comarcal e, máis concretamente, na área SITGA, hoxe dependente do Instituto de Estudos do Territorio.
2. Ademais destes organismos, o PTG apoiouse tamén en asociacións de moi diversa índole, como a Mancomunidade de Montes do Val Miñor, asociacións de veciños en concellos como Santiago de Compostela ou Vigo, e asociacións culturais como Xermolos no concello de Guitiriz ou Airoá no concello de Sarreaus, por citar só algúns exemplos.
A aprobación, no ano 2004, do Plan xeral de normalización lingüística veu supor un importante aval para os obxectivos do proxecto, ao deixar definidas medidas como a de “establecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións (maioritariamente, deputacións e concellos, os servizos de concentración parcelaria e o catastro) teñen que levar incorporada a recollida da microtoponimia, consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta á disposición da sociedade na Rede” (medida 1.2.6. Sector 1. Administración. Área 2. Administración local).
3. O PTG elaborou unha metodoloxía completa, que abrangue desde o traballo de campo ata a dixitalización da toponimia, pasando polo

13 Unha das máis exitosas, polo que supuxo de incremento de persoal para realizar traballos de recolleita sobre o terreo, foron programas como o denominado Programa Labora, creado polo Decreto 148/2002, do 18 de abril, e outros similares de colaboración cos concellos.

control dos técnicos de gabinete e o ditame do grupo de traballo da Comisión de Toponimia¹⁴.

Para os traballos de campo, as persoas encargadas da recolleita dótanse dos materiais básicos consistentes en fotografías aéreas, mapas do IXN, manuais de metodoloxía, información catastral e información do *Nomenclátor*.

Aspecto fundamental para unha recolleita de calidade constitúeo a selección dos informantes. Esta selección das persoas que mellor coñecen o territorio resulta moitas veces difícil e para ela faise imprescindible a colaboración dos concellos e mais das asociacións veciñais e culturais. As particularidades do tipo de informante varían dunhas zonas a outras: nas zonas costeiras, obviamente, mariñeiros e mariscadores; no interior, xente vinculada ao cultivo da terra e a actividades como a caza ou o pastoreo; nas zonas de montaña a despoboación reduce considerablemente o número de informantes, chegando a certas zonas onde só unha persoa é a única fonte de información, con todas as restricións que pode ter esta exclusividade; nas proximidades ás urbes, a complicación reside no desarraigo dos habitantes respecto do seu medio, profundamente transformado, e no esquecemento dos nomes, de maneira que atopar bos informantes resulta difícil.

4. Para a recolleita utilízanse como soporte as fotografías aéreas da zona, que permiten unha visualización do terreo de traballo e unha clara identificación da realidade xeográfica.
5. Diseñouse unha base de datos que, vinculada cun sistema de información xeográfica, permite aproveitar, a un tempo, as informacións de tipo xeográfico e lingüístico. Isto conséguese mediante a codificación xeográfica da información, que se poderá seleccionar segundo a escala do mapa e o seu grao de actualización, e a codificación lingüística, de xeito que se poidan facer consultas sobre as características do topónimo.

14 O proceso completo pode consultase en *A toponimia en Galicia*, pp. 41-55.

6. A información recollida sobre o terreo pasa un primeiro filtro por parte do persoal técnico do SITGA, que somete a información a unha serie de procesos de revisión para a súa depuración e corrección.
7. A información recolleita é supervisada pola Ponencia de Estudos da Comisión de Toponimia. Previamente, un equipo de lingüistas depura a información recollida e selecciona os topónimos que poidan presentar algunha problemática, codificándoos en función desta. Estes topónimos pasan a estudo da Ponencia de Estudos da Comisión de Toponimia, que propón unha forma normativizada. Os casos dubidosos déixanse para unha investigación máis profunda, que inclúe unha repetición da enquisa sobre eles e a procura de documentación escrita.
8. Finalmente, os topónimos son dixitalizados na ortofoto, o que permite a súa completa xeorreferenciación. Está información será unha capa máis das existentes na cartografía e unha vez integrada nun sistema de información xeográfica (SIX) posibilitará a realización de consultas interactivas coa base de datos.
9. Unha vez revisada a toponimia dun determinado concello polo persoal técnico SITGA, supervisada pola Comisión de Toponimia e dixitalizada, faise unha exposición pública no concello e nas parroquias, co apoio das asociacións veciñais.
Sobre a ortofoto de cada parroquia preténdese detectar, por parte dos veciños, posibles erros, achegar nova información para enriquecer zonas con certas carencias e solucionar as dúbidas xurdidas, tanto na fase de revisión polo persoal do SITGA como por parte da Comisión de Toponimia.

3.2. Estado actual e futuro

Unha visita á páxina web de toponimia da Xunta de Galicia deixa constancia de que o PTG ficou paralizado en 2010, se nos atemos á reportaxe que, na primeira páxina, dá conta da exposición pública de datos nos concellos de Ribadeo e de Tomiño en decembro dese ano.




Figura 3. Estado de execución dos traballos de campo. Fonte: PTG

Para ver o estado por concellos ata ese momento, diriximos a quen nos lea á correspondente sección da páxina de toponimia da Xunta de Galicia.

No mapa adxunto damos conta do estado dos traballos sobre o terreo (Figura 3).

A partir desta situación, só a vontade da Xunta de Galicia de impulsar de novo os traballos permitirá completar a recolleita do resto do territorio, contando, ademais, coas ferramentas colaborativas que, como se dixo neste mesmo seminario, deben permitir unha participación amplísima da sociedade na recuperación dun ben tan prezado e ao mesmo tempo tan ameazado.

4. NOVIDADES NORMATIVAS DESDE A ELABORACIÓN DO *NOMENCLÁTOR*

Polo enorme interese que, ao noso ver, ten para os futuros traballos de mellora do *Nomenclátor* e para a preservación do patrimonio toponímico, non queremos deixar sen citar algunhas novidades normativas producidas desde a aparición deste.

Trátase, como imos ver, de normas tanto estatais como galegas que deberán ser aproveitadas para ampliar o campo da preservación e a divulgación da toponimia máis rigorosa e fiable, fixada co aval da Comisión de Toponimia, así como para elaborar instrumentos transversais de ámbito galego e municipal, derivados da recente normativa en materia de solo.

Por manter unha orde cronolóxica, faremos referencia, en primeiro lugar, á Lei (estatal) 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España. Esta lei é transposición dunha directiva europea, coñecida como Directiva *INSPIRE*, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea, e senta as bases para a elaboración de infraestruturas de datos espaciais, entre as cales se inclúen os traballos de normalización en nomes xeográficos. En Galicia, a súa aplicación deberá adoptar a forma de ‘nomenclátor xeográfico’, que deberá conter uns 250.000 topónimos normalizados, cos atributos que sinala a directiva¹⁵.

Por outra parte, hai dúas normas, unha estatal e outra galega, no ámbito da salvagarda do patrimonio toponímico, de enorme transcendencia e que, ao meu ver, requirirán dun desenvolvemento normativo urxente, pois, tratándose de leis, non marcan máis ca o ámbito de protección, pero non entran nos detalles que son necesarios. Velaquí:

- A Lei (estatal) 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial (BOE do 27 de maio de 2015).
- A Lei (galega) 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG do 16 de maio de 2016).

15 Para unha información de detalle sobre a aplicación futura tanto da directiva como da lei estatal, remitimos ás páxinas da IDEG (*Infraestructura de Datos Espaciais de Galicia*) e mais da IDEE (*Infraestructura de Datos Espaciais de España*).

Remitímonos, para todos os detalles, ao texto das propias leis, mais non deixamos de sinalar algúns dos aspectos máis relevantes:

- A consideración da toponimia como parte do patrimonio cultural inmaterial, na liña da resolución IX/4 da Novena Conferencia das Nacións Unidas sobre a normalización dos nomes xeográficos, celebrada en Nova York, en agosto de 2007. Esta resolución alentaba os organismos oficiais encargados da toponimia, entre outras cousas, a elaboraren un programa de salvagarda e promoción deste patrimonio.
- A obriga de a normativa e a proposta de ordenación prevista nos instrumentos de planeamento urbanístico garantiren o respecto á toponimia oficialmente aprobada.
- A obriga para a Xunta de Galicia de velar, xunto con outras institucións da Comunidade Autónoma, pola preservación da toponimia tradicional, que se considera un valor identitario da Comunidade Autónoma así como un instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos pobos e dos seus bens.
- Na protección da toponimia, a Xunta de Galicia e as demais administracións implicadas inspirarán as súas actuacións nas indicacións e recomendacións dos organismos internacionais.

Referirémonos finalmente á recente lexislación en materia de solo promulgada polo Parlamento e pola Xunta de Galicia. Trátase da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento desta lei.

Tanto a lei como o decreto conteñen preceptos que, ao noso ver, deberán ser aproveitados para, dunha banda, superar a catalogación que tradicionalmente veu establecendo o INE e, por outra, para fornecer repertorios toponímicos completos e rigorosos, do punto de vista xeográfico e lingüístico, que atallen de vez as incongruencias que permanentemente se detectan nos moi diversos instrumentos cartográficos e censuais que utilizan as distintas administracións.

Os preceptos aluden a aspectos coma estes:

- A delimitación dos núcleos rurais. A definición que ofrecen do solo de núcleo rural é a de “áreas do territorio que serven de soporte a un

asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais” e a súa delimitación realizarase “atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento **con topónimo diferenciado** e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro),...”.

- A identificación dos asentamentos de poboación existentes, de xeito que un denominado ‘Plan básico autonómico’ deberá identificar todos os asentamentos de poboación existentes en Galicia. Neste sentido, o Decreto, no seu artigo 93, indica que “considerarase asentamento de poboación existente todo aquel que sexa singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, e **que teña un topónimo reconecido no nomenclátor oficial**, con independencia do seu carácter urbano ou de núcleo rural”.

En relación co anterior, o artigo 102 incorpora a necesidade de que os informes dos municipios manifesten a “conformidade coa listaxe de asentamentos de poboación identificados polo Plan básico autonómico para o concello correspondente e a **correspondencia dos topónimos municipais cos utilizados no Plan básico autonómico**”¹⁶.

5. CONCLUSIÓNS

Moi brevemente e como corolario do exposto, consideramos que, a través dunha actualización e un desenvolvemento normativos, debería garantirse:

16 En consonancia coas posibilidades que ofrecen as normas legais mencionadas, coidamos que a Xunta de Galicia ben podería retomar un anteproxecto de decreto elaborado no ano 2012, que chegou á fase de alegacións, no que se avanzaban varias das liñas que tamén suxiren estas normas, entre elas: a elaboración dun nomenclátor xeográfico de referencia; a extensión a novos ámbitos da obriga de fixar como única forma oficial a galega, nomeadamente, nos elementos de demarcación territorial e nas denominacións de todo tipo de accidentes xeográficos; o fomento da toponimia como patrimonio inmaterial; e a remodelación da Comisión de Toponimia, cunha nova representación de organismos científicos, e cun papel relevante da Real Academia Galega.

- Unha actualización do *Nomenclátor*, atendendo a cuestións tanto de tipo lingüístico como xeográfico. O futuro instrumento de consulta deberá incorporar a xeorreferenciación de todos os topónimos oficiais e conectarse coas previsións que establece a normativa máis recente en materia de solo (a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que a desenvolve).
- Unha mellor coordinación con outros organismos (estadísticos, cartográficos...) para asegurar unha recepción por parte destes da toponimia oficial aprobada pola Comisión de Toponimia. É fundamental a coordinación cos concellos, para que trasladen aos padróns e á rotulación a toponimia oficial. A recente normativa en materia de solo non deixa lugar á dúbida respecto desta obriga.
- Unha protección adecuada do patrimonio toponímico en tanto que patrimonio inmaterial, mediante o desenvolvemento regulamentario da Lei de patrimonio cultural. Para iso é imprescindible revitalizar con urxencia o agora paralizado Proxecto Toponimia de Galicia.
- A integración das bases de datos toponímicas galegas nas de ámbito estatal e europeo, mediante a elaboración do *Nomenclátor xeográfico de Galicia* baixo as pautas da Directiva *Inspire*.

Estas actuacións, nomeadamente a de recuperar o proxecto de recolleita sobre o terreo, non poden demorarse se non queremos ver pasar diante nosa a oportunidade de salvarmos un patrimonio por todos definido como único no mundo.

VI

Revisión do *Nomenclátor de Galicia 2003*

Criterios de revisión do *Nomenclátor de Galicia 2003* /
/ REAL ACADEMIA GALEGA

Aplicación dos criterios de revisión do *Nomenclátor de Galicia 2003* /
/ ANTÓN SANTAMARINA

Criterios de revisión do *Nomenclátor de Galicia 2003* Aprobados no Plenario do 5/III/2016

Real Academia Galega

Cumprindo o mandato do Plenario da Real Academia Galega, o Seminario de Onomástica revisou o *Nomenclátor de Galicia*, publicado en 2003 pola Xunta de Galicia (NG2003), realizando unha exhaustiva lectura da pertinente documentación medieval latina, medieval galega, atendendo a diferentes catastros como o Censo de 1591, o do Marqués de la Ensenada (1750), pero tamén o *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España* (1845-1850) de Pascual Madoz e tódolos Nomenclátors que dende 1900 editou o I.N.E. A isto sumóuselle a información procedente da investigación directa *in situ* (Proxecto Toponimia de Galicia), da cartografía e da fotografía aérea e milleiros de chamadas telefónicas a veciños anónimos do lugar examinado e mesmo se fixo consulta escrita ós Concellos.

Cada topónimo ten a súa etimoloxía, a súa historia escrita e a súa realización oral e, polo tanto, non é posible aplica-los criterios de maneira indiscriminada a tódalas formas.

Non oculta este Seminario que hai ocasións nas que se move un en terreo opinable; de feito, de cando en cando, os membros discreparon sobre cal dos criterios debía ter preferencia. É inevitable; pero as formas escolleitas fórono case sempre por unanimidade e só en casos moi pouco frecuentes por maioría.

Probablemente nunca antes se manexou tanta información para coñecer con exactitude a forma auténtica e viva dos topónimos galegos. E toda esta información confirmou a plena corrección da inmensa maioría dos 37.308 topónimos do NG2003 e permitiu detectar con obxectividade os casos que precisaban un segundo exame. Nestes casos de discordancia, os criterios utilizados para propoñer unha revisión foron os seguintes:

1. Como criterio xeral procurouse
 - 1.1. Non intervir nos casos dubidosos, por saber que toda intervención produce algunha molestia e porque calquera cambio debe estar suficientemente motivado;
 - 1.2. Manter ou desenvolve-lo respecto que o NG2003 ten ó uso vivo actual na variante dialectal de cada lugar, rexistrada en nomenclátors anteriores. Isto quere dicir que non se regularizaron os nomes para adaptalos ás escollas da normativa ortográfica e morfolóxica. Así, poden aparecer segundo as áreas, *Laxe* ou *Laxa*; *As Meáns* ou *As Meás*; *Gándara*, *Gandra* ou *Granda*; *Brea* ou *Verea*; *Os Nabás* ou *Os Nabais*; *Vilameán* ou *Vilameá*; *Sabarís* ou *Sabariz*; *Baldarís* ou *Baldariz*, *A Cal* ou *O Cal*; *Chan*, *Chao* ou *Chá*; *Ramiráns* ou *Ramirás*; *O Pacio* ou *O Pazo*; *Corredoira* ou *Corredoura*; *Catadoiro* ou *Cataduiro*; *Pesadoira* ou *Pesaduiro*; *Agua Levada*, *Agualevada*, *Augalevada*; *Agualada*, *Augalada*, *Agolada* etc.;
 - 1.3. Emendar erros detectados no NG2003 en relación co uso do artigo: este Seminario, igual que a Comisión que fixo a primeira revisión, considera que o artigo é elemento integrante do topónimo; daquela, recuperáronse artigos que estaban omitidos no NG2003 e elimináronse os que foran rexistrados indebidamente.
2. Cando para un mesmo lugar conviven na fala dous nomes que son variantes fonéticas, optouse, de modo case sistemático, pola forma máis etimolóxica e, se é un termo do vocabulario común, optouse pola coincidente coa galega estándar. Así, entre *A Peroxa* / *A Proxa*, *Pereira* / *Pireira* / *Preira* ou *Abelleira* / *Abilleira* preferiuse a primeira forma para a escrita, que, en todo caso, non elimina a posibilidade de varias realizacións fonéticas. Aínda así, o peso da tradición escrita puido determina-la variante escollida, como ocorre en casos como *A Rigueira*, *Avieira* ou *Cotros*, documentados historicamente con esas formas. En xeral este criterio coincide co que procura manter motivadas etimoloxicamente formas derivadas (así *Centeeira*, *Abelleira*, *Pereira* etc. con *-e-* conforme a centeo, abella, pera; pero sempre *Amieiro* e non **Ameiro*, porque non ten primitivo). O da “motivación” é un criterio que non opera con tódolos falantes de maneira uniforme. Iso deu lugar a que certas regularizacións que a primeira Comisión propuxera fosen modificadas: é o caso

de varios *Covelo / Covela* (derivados de cova) do NG2003; as reclamacións oficiais e de particulares e a confirmación de que as grafías antietimolóxicas *Cubelo / Cubela* son xa históricas obrigaron a rectificá-las propostas. Por iso se mantén nalgúns casos a forma tradicionalmente escrita *Coiro, Gándara, Leboráns* sobre a realización local actual *Cuiro, Gandra, Loboráns / Lobráns*.

3. Mante-lo criterio de non reproducir graficamente a gheada; e, no caso do seseo, reproducilo só naqueles casos consolidados na tradición escrita (*Romarís, Sabarís, Arousa*), a menos que se trate de formas coincidentes co léxico común, como *A Cruz* e *A Foz*.
4. Manter e aplicar a casos novos as formas restauradas polo NG2003 (*Pobra, Igrexa, Estrada, Castelo, Capela* etc.) e a distribución consolidada no uso das variantes *Eirexa, Eirexe, Airexe, Irexe* etc.
5. Manter e aplicar a casos novos o criterio etimolóxico do NG2003 no relativo ó uso de b/v, h etc. (*Aciveiro, Covas, Erbedeiro, Ermida, Nabal, Ribeira, Val, Vesada...*) pero non altera-la tradición gráfica arraigada nalgunhas excepcións: Trives < TIBURIS, O Grove < OCOBRE e Brea < VEREDA así como nos casos de etimoloxía escura, dubidosa ou controvertida (*Cerponzóns, Darbo, Herbón, Hervés* ou *Triabá*). Pola mesma razón, mantéñense os hábitos locais na segmentación de nomes compostos (*Cima de Vila/ Cimadevila...*) e no emprego de certas grafías arcaizantes (*Sa/Saa*).
6. Nos topónimos compostos oficializouse a forma plena, a pesar de que na fala local se empregue unha forma simple (*O Barco de Valdeorras, Malpica de Bergantiños, Monforte de Lemos, A Pobra do Caramiñal, A Proba de Burón, Santiago de Compostela, Viana do Bolo, Vilagarcía de Arousa, Xinzo de Limia; Baños de Molgas, Porto do Son...*), en ocasións con certas diverxencias respecto da forma oficializada (como no *Castro de Caldelas, Campobecerras* e *Vila de Cruces*, que na fala local son *O Castro, Campos* e *As Cruces*).
7. Nalgúns casos, o Seminario decidiu manter dúas solucións alternativas cando as características administrativas do topónimo permitían o dobrete. Así por exemplo, o concello é oficialmente *Vila de Cruces*, mentres que para a parroquia correspondente recórrese ao nome popular: *As Cruces*. O mesmo ocorre co dobrete *Guntín* para o concello e *Guntín de Pallares* para a parroquia, ou co concello valdeorrés que ten por nome *A Rúa*, onde a

parroquia foi oficializada como *A Rúa de Valdeorras*, coa vantaxe engadida de que esta forma axuda a evita-lo erro, moi común, de denominar esta entidade de poboación co nome inducido polo rótulo da estación de ferrocarril.

8. Nos casos en que se produciu a deglutinación do elemento inicial dun topónimo (A-, O-, AS-, OS-) interpretado como artigo, os criterios aplicados foron, xeralmente, os seguintes:
 - 8.1. Respecta-la deglutinación se está consolidada na fala e na tradición escrita e o termo toponímico non contén un termo do léxico común. Así: *As Anzas* <ALESANTIA, *O Grove* <OCOBRE, *A Baña* <ABANIA, *O Incio* <ONICIO, *O Xen* <EUGENII (e mesmo *Os Xens*), *A Grela* <AGRELA. Para saber se unha forma está ou non consolidada, consultáronse de maneira directa e indirecta informantes nativos e múltiples, e a cantidade de informantes foi maior, cando as informacións eran discrepantes, porque debe vale-lo que di a xente.
 - 8.2. Cando a forma deglutinada non está consolidada, optouse por fixa-lo topónimo acomodado á forma etimolóxica: *Vilar de Astrés* (*hereditatem quam habebat in Vilar de Astraes* (1174 Ourense) *villam illam que Astrees nuncupatur*. 1155 S. *Comba de Naves*).
 - 8.3. Hai algúns casos en que non foi posible reconece-las aglutinacións ou deglutinacións, polo que o Seminario se ativo á tradición escrita, o que dá lugar a que aparezan dobretes como *Lugar da Riba/Lugar de Arriba*.
9. Naqueles topónimos nos que, tras preposición ou adverbio, a segunda forma do artigo segue presente na fala viva, esta represéntase graficamente: *Tralaveiga*, *Xulacasa*, *Solaveiga* pero, noutros lugares, *Suacasa*, *Suatorre*, *Suaviña*.
10. Os topónimos que levan unha preposición inicial ditamináronse con ela xunta ou separada, segundo a tradición escrita de cada un: *Sobre a Igrexa*, *Sobrecarreira*, *Sobreosmuíños*, *Sobrepiñeiro*, *Sobrerriba*, *Sobrerribas*, *Tras da Feira*, *Trascastro*, *Tras do Monte* / *Trasdomonte* / *Trasmonte*.
 - 10.1. Para evitar moitos casos de falsa análise como un posesivo (antes viña *Sua casa*), optouse por escribir sempre unida a preposición so-/su-: *Socampelo*, *Socampo*, *Socastro*, *Socorres*, *Sorribas* pero tamén *Suagra*,

Suaermida, Suaigrex, Sualomba, Suapena, Suaschousas, Suasviñas, Sucamiño, Sucarreira etc. Só en casos excepcionais se escribiu separada (*Su a Agra*), o que se decidiu para mante-lo topónimo como cuadrísílabo, tal como se recolleu na fala.

- 10.2. A preposición en topónimos compostos represéntase unida / soldada ou soldada segundo a tradición gráfica de cada caso.
11. Nos topónimos que denominan parroquias, mantense a información relativa ás advocacións, restaurando por razóns pedagóxicas o nome galego histórico da advocación que nos *Nomenclátors* anteriores a 2003 frecuentemente figuraban castelanizados. Aínda que frecuentemente a advocación non forma parte do topónimo parroquial, hai casos nos que si, porque se converteu en haxiotopónimo (*San Mamede [de Ribadulla]; Santa Comba [de Carnota]; Santa Cristina [de Fecha]; Santalla [de Agrón]...*).
 12. Hai casos de topónimos que xa naceron en castelán e así figuran no NG: *As Casillas, Campanilla, O Palacio, A Tablilla, O Muelle, O Castilla*.
 13. Hai topónimos dobres, que, como é natural, non se simplificaron: *Cabo de Cruz ou A Pesqueira; Os Currás ou A Pedreira; Santiago do Deán ou O Castelo; O Xobre ou Santa María do Maño; Trasariz de Arriba ou Castioubá; Provecende ou Abadín; Fixoucos ou Navallaos; Meixabor ou A Espiñeira; Montecelo ou O Piricallo*.
 14. Reformúlanse tres aspectos dos criterios de revisión: topónimos divididos por altitude (*de Arriba / de Abaixo*), lugares que forman parte de varias parroquias ou concellos, topónimos que designan unha entidade administrativa intermedia entre a parroquia e o lugar. Acórdase o seguinte¹:
 - 14.1. Nos abundantes casos como *A Oleira de Arriba* e *A Oleira de Abaixo*, nos que os veciños manteñen activa a diferenza, mentres que o correspondente Concello tende a consideralos unha única entidade de poboación, este Seminario propón manter ou non esa dualidade en función do uso dos falantes e en función da distancia existente entre os dous lugares. Pero entende que deberá se-lo Concello quen decida.

¹ Na sesión do 11/II/2016.

- 14.2. No caso, non infrecuente, de lugares que están divididos en dúas parroquias, algúns Concellos están decidindo consideralos un único lugar e atribúeno só a unha das parroquias. Estes casos son problemáticos, porque, aínda que parezan divisións de posible orixe eclesiástica, hoxe non son de carácter exclusivamente eclesiástica, non só porque cada parte constitúe diferentes comunidades de montes (é dicir, esa antiga diferenza histórica mantén hoxe pleno carácter económico) senón porque nalgún caso cada unha das dúas partes pertencen ademais a dioceses distintas e a dúas antigas provinciais civís (os dous *Caritel* de Ponte Caldelas) que poden remontarse á Idade Media ou mesmo á época romana e non deben perderse esas referencias delimitadoras de interese histórico. Neste caso este Seminario entende que ese topónimo debe seguir figurando nas dúas parroquias, como vén sendo de tempo inmemorial e propón que a posible unificación a fagan de acordo a Xunta de Galicia e a Igrexa, para que non haxa discrepancia entre os dous nomenclátos.
- 14.3. No caso de topónimos que designan lugares que trala división administrativa de 1833 quedaron divididos en dous concellos, mantéñense tamén os dous lugares nos dous concellos. Así o fan os concellos de Vimianzo e Zas co lugar de *Pazos* que é de Tines (Vimianzo) e de Vilar (Zas) e co lugar de *Sandrexo* que é de Treos (Vimianzo) pero tamén de Vilar (Zas).
- 14.4. No caso de topónimos que corresponden a unha entidade administrativa intermedia entre a parroquia e o lugar, isto é, unha especie de “barrios” que engloba varios lugariños, compróbase que adoitan figurar xa no NG, mentres que o INE só contempla a entidade colectiva). Son topónimos que non identifican un lugar concreto, senón un conxunto de entidades de poboación. Por exemplo: *Freitido de Arriba* e *Freitido de Abaixo*, en Mañón. Neste caso, non hai opinión unánime.

Aplicación dos criterios de revisión do *Nomenclátor de Galicia 2003*

Antón Santamarina

Correspóndeme a min nesta xornada falar de criterios para a revisión do nomenclátor de Galicia (os nomes de entidades de poboación, de parroquias e de concellos). Como se sabe a revisión faina unha Comisión que vén traballando na materia desde a Preautonomía; dentro de nada vai haber 40 anos que se vén ocupando deste asunto; xa morreron máis da metade dos membros fundadores (X. Filgueira Valverde, J. L. Pensado, I. Millán, M. Lucas Álvarez, Ángel Rodríguez González...). O obxectivo desta Comisión era (e é) recuperar as formas galegas deturpadas e ó mesmo tempo corrixir outras irregularidades. Aparentemente o asunto era sinxelo: recuperar as formas xenuínas galegas do tipo *Ponte Seixo Vila-* ou *Barbadás* que era como dicía a xente, onde os nomenclátore, a sinalética e toda a literatura oficial ou mesmo privada, de acordo cunhas regras de transformación coñecidas poñían *Puente Seijo Villa- Barbadanes...* Eu estiven desde o comezo nesa Comisión e creo que daquela non tiñamos unha lista xerarquizada de criterios á parte dese único, así de xenérico. Lembro que eu mesmo escribira un borrador con criterios, porque eramos conscientes de que había unha casuística máis complexa; non era necesario recorrer moitas columnas do *Nomenclátor* para tropezar con problemas ortográficos que non tiñan nada que ver coa castellanización, como eran os *Vaos* escritos con *B-* ou as múltiples variantes gráficas que resultaban da segmentación de palabras en topónimos compostos do tipo *Tralaveiga / Trala Veiga, Casanova / Casas Novas, San Paio / Sampaio, Sua Iglesia / Suaiglesia* (nunha ou en dúas palabras) e así unha restrita de casos. Pero eses criterios non se chegaron a aprobar porque pareceu desde un principio que se debía de ser flexible con eles, en especial cando non se trataba de restaurar a forma galega senón de cómo debería de escribirse unha forma non castellanizada. A verdade é que se cadra un 90% ou máis dos casos se resolveron de maneira doada, como os dos *Seijos* que mencionei. Así é que se foi aprazando a redacción dos criterios cos que a Comisión operaba tacitamente. Só cando se publicou o *Nomenclátor de Galicia* (NG) en 2003 pareceu oportuno informar ó público de cales foran as

regras que a Comisión aplicara e inseríronse como parte da introdución, antes da listaxe das formas oficiais que contén o NG. Daquela, primeiro foi a práctica e sobre ela fíxose a regra; aínda sen regras escritas non ten porque haber anarquía, e cremos que non a houbo.

Hoxe, trece anos despois de se ter publicado o NG somos conscientes dos erros que cometemos; uns foron descubertos por nós mesmos; noutros casos os fallos foron advertidos por informantes, que llos comunicaron á Comisión ás veces en forma de protesta. Os erros maioritarios non se refiren a excesos nosos por regaleguizar sistematicamente todos os *Villa* en *Vila* ou outros casos semellantes; derivan de problemas que ten o propio galego por falta dunha tradición gráfica, ás veces tamén mesturados co problema do contacto de linguas, pero non necesariamente. Hoxe estamos en mellores condicións de facer unha lista exhaustiva de todos estes fenómenos lingüísticos, que unhas veces son de **prosodia** e que afectan principalmente á segmentación das palabras; outras veces son **fonéticos** ou fonolóxicos e outras veces son estritamente **ortográficos** e polo tanto non afectan máis que á parte convencional da súa representación. Na lista de criterios que a Academia fixo públicos (e que se insiren nesta publicación) está dito case todo o necesario; por iso no que segue vou exemplificar só con algúns casos cos que se vai mostrar o delicado que pode ser algunhas veces tomar unha decisión.

1.

No referente á segmentación. Son ben coñecidos casos como os do *O Grove* e *A Baña* (que antes eran unha soa palabra: *Ocobre*, *Avania*) e tamén o contrario *Orbellido* (que antes eran dúas *O Erbellido*). Se o *o-* inicial é artigo ou non resólvese cun pequeno test coa preposición *en* que coñecen ben os entrevistadores: se se di [eŋ o'ʝrɔβe], non é artigo; se se di [no 'ʝrɔβe], éo. Creo que a maioría destes casos nesta segunda revisión quedaron ben resoltos. Ó lado de casos coma estes hai outros máis arrevesados que eu aínda hoxe non teño claro como resolver e que seguramente non é doado facelo porque o test non é tan seguro. Un destes casos é a antiga *Egreja* que figura no NG das seguintes tres maneiras (ademais doutras): *A Airexa*, *A Eirexa* (ou *X da Eirexa*), *A Irexa* (ou *X da Irexa*); posiblemente se a

uns nativos lles mandásemos poñer por escrito o nome do sitio onde viven e que conteña ese topónimo transparente (*eirexa*) discrepasen uns dos outros, aínda que teñan unha intuición de qué cousa é unha palabra e da maneira en que se desfai unha elisión ou unha amalgama de vocais resultante dunha crase. O nome dese edificio relixioso é en case todas partes o castelanismo *iglesia* nunca **aiglesia*. Pois ben dáse a casualidade de que eu son da *casa da Iglesia* e a xente pronuncia maioritariamente a *casa dàilésia* (cun *-à-* como se fose da *Ailesia*); por iso digo que o test neste caso é de utilidade dubidosa. E por iso tamén é polo que aínda hoxe teño algunha dúbida sobre as *Airexa* que figuran no NG, e eso que non teño nada en contra das aglutinacións e deglutinacións consolidadas; a *Airexa* se lle facemos unha análise gramatical (histórica) tería o artigo (*A Airexa*) e outra vez o artigo aglutinado resultante da secuencia *a ei-*(*A Airexa*) (como en PLATANARIUM > **pradaeiro* > *pradairo*). Que algo raro pasa coas *Airexas* demostra o feito de que no *Nomenclátor* de 1970 (N70) había trinta e seis *Airexa* e no NG quedaron só sete e que os oito *Airexe* que había N70 pasaron a trinta e sete no NG. Tamén é raro que non apareza nunca *Airexa* cando leva un modificador á dereita (*Eirexalba, Eirexafeita, Eirexa Vella*).

Hai máis casos tamén de segmentacións dubidasas pero as formas actuais dos topónimos con frecuencia non son tan transparentes para un falante común como *igrexas* e moitas veces tampouco para os etimólogos e polo tanto nestes casos é comprometido desfacer posibles elisións ou crases; refírome a casos coma os de *Portasbestas, Portapena Portamaón Portalamoso Portalaxe Portabrosmos* que nos chocan porque, aínda que son medio transparentes, non cadran co noso sistema de facer palabras compostas pois tanto que interpretemos o primeiro elemento como *porta* ou como *porto* os resultados serían agramaticais (**porta lamoso*) ou pouco gramaticais (*?porto pena*). A maneira de interpretar eses topónimos é *Port'a X = PORTUM AD X*. Pero se se propuxese escribir *Porto a Brosmos* ou *Porto ás Bestas* seguramente nos criticarían e con razón (a xente escribe *Portasbestas* porque non é consciente da súa etimoloxía); por iso se optou por deixar as palabras soldadas, non sen certas reticencias, porque en cambio no NG quedaron *Banda ó Río* (dúas veces) e *Parte ó Río* (que seguramente na fala son *Bandòrrío* e *Partòrrío*) e teñen unha estrutura gramatical idéntica a *Portasbestas*. En casos coma estes o revisor do nomenclátor está un pouco confuso e igual que pode xustificar unha decisión

tamén pode xustificar a contraria. A proba é que moitas veces estes ditames non se toman por unanimidade. Creo que foi esta a razón pola que cando sometín a miña folla de criterios á Comisión alá polos anos 80 ma botaran abaixo; nos manuais que eu estudaba polos anos 60 dicíase que cada palabra ten a súas historia e isto debeu de pensar a Comisión (da que formaba parte Pensado, que nisto era moi pidalista); nós podemos engadir que nesta historia entra tamén a maneira de como se vén escribindo a palabra; a tradición gráfica tamén nalgúns casos pode ser un criterio; e de aí veñen varias das “incongruencias” que se poden atopar no nomenclátor “normalizado”.

Hai máis pormenores sobre a segmentación que dan problemas á hora de “normalizar” a forma dun topónimo pero nesta intervención trátase só de xustificar o procedemento, non de traer á palestra todos os casos.

2.

No referente á fonoloxía e á fonética. Sabemos que os fonemas (elementos da *lingua*) se poden actualizar (na *fala*) con certas variacións dentro dun campo de dispersión; un /e/ pechado en determinados contextos pode pecharse (harmonizarse con outros fonemas da cadea) ata realizarse coma un [i] (por ex. en *pequeno* → *piquiniño*); este [i] segundo as leis da fonoloxía clásica saltou as marxes do campo de dispersión dos alófonos de /e/ e un falante normal interprétao como variante de /i/ e non de /e/ e tende a grafalo como <i> (<piquiniño> está así cincuenta e sete veces no TILG). De todas maneiras estes -i- teñen un problema e na análise fonolóxica que os falantes fan da palabra preséntanselles dúbidas de se na estrutura profunda desa palabra hai un /e/ ou hai u /i/. Unha palabra ben coñecida (opaca, por outra parte), *Melide*, durou moito tempo vacilando sen lograr unha grafía estable; no CODOLGA e no TMILG alternan ó longo dos séculos as grafías *Mil(l)ide* e *Mel(l)ide* con predominio da primeira; é difícil de saber se as catro grafías representaban unha pronuncia única ou se había realmente dúas maneiras de pronunciar. Este fenómeno fonético de harmonizar un -e- átono cun -i- ou -éi- na sílaba seguinte é ben coñecido desde o galego antigo; no TMILG alternan *correeiro* e *corrieiro*, con predominio da primeira forma.

Pois ben, hai quizais varios centos de topónimos que están neste caso. E aquí o “normalizador” está ás veces ante un dilema porque ten que decidir se lle fai máis caso á fonética ou á morfoloxía porque é ben sabido que con frecuencia estas voces están morfoloxicamente motivadas (son etimoloxicamente transparentes, mesmo para un falante común) e téndese a manter no derivado a mesma vocal que no primitivo (ou sexa *pereira* co mesmo *-e-* de *pera* aínda que pronuncie normalmente *pireira*). O que complica aquí o asunto é que iso da “transparencia” é algo que se vai perdendo; na súa orixe todos os topónimos foron transparentes (eran apelativos comúns); cando un labrego lle puxo *Centeeira* a un sitio é porque nel se sementaba *centeo*. Pero o que na orixe era motivado nos dous sentidos, no semántico (sitio onde se sementa *centeo*) e gramatical (*centeo* + *-eiro*) volveuse inmotivado no momento en que a palabra pasou a ser nome propio e perdurou na fala despois de que a *centeeira* deixase de ser unha *centeeira*; só mantén a motivación gramatical formal pois calquera falante é capaz de facer a etimoloxía da palabra. Aínda así non todas as palabras deste tipo teñen o mesmo grao de transparencia morfolóxica para un falante normal, nin tódolos falantes son igual de competentes como etimólogos. *Centeeira* (aínda que se pronuncien *Centieira*) é bastante transparente; *Avieira* quizais xa é algo menos (e aquí apelo só ó que é a miña competencia lingüística persoal); *Fieira* xa é moito menos transparente, se cadra porque a palabra *feo* (FOENUM) cada vez é menos coñecida; e para *Amieiro* xa temos que ir ó libro de Bascuas para saber que o primeiro *-i-* de *amieiro* era un *-e-* na orixe (como se ve en *Ameal*).

Todo isto vén ó caso para chamar a atención de que en palabras deste tipo (que teñen a secuencias do tipo *-eeiro -ieiro -eC(C)eiro -iC(C)eiro*) hai moitas que xa teñen unha grafía consolidada, por exemplo sempre *Amieiro* e sempre *Ameneiro* sen que saibamos ben de todo por qué; sempre *Abelleira*, xa nos nomenclátors do 70. Pero outras veces o *e* ou o *i* aínda están indecisos e vacilan segundo no falante predominen as regras fonolóxicas (preferencia polo *i*) ou as morfolóxicas (preferencia polo *e*); a “competencia” gramatical dos falantes non é uniforme e por iso pode haber testemuños discrepantes segundo o informante. A Comisión nestes casos está atenta ós testemuños orais e en caso de haber as dúas realizacións prefere a máis etimolóxica (se cadra por un prexuízo etimoloxizante).

Pequeno inciso (sobre o mesmo): mirando topónimos con estas características fonéticas no NG vexo que hai catro veces o top. *Peneiro*. A min non me cadra que sexa un derivado de *pena*, nin que teña nada que ver cos *peneiros* do arado nin coas *peneiras* do gran; así é que só lle vexo xustificación nun antigo **Pineiro*; se é así a grafía é contraria á etimoloxía, cousa que non ten importancia ningunha; pero ilustra un pouco máis o que veño dicindo: que segundo o grao de transparencia se tende a usar unha grafía ou outra (*e* ou *i*) sempre cunha marxe de vacilación; porque ás veces os derivados cambian de familia etimolóxica; quen escribiu *Peneiro* por primeira vez foi quizais porque o vencellou a *pena* e este episodio reflectese na historia da palabra *Peneiro*. Non sei se *Penido* é unha palabra cognata de *Peneiro* (e non unha variante de *penedo*); se é así neste caso tamén se podería explicar por un proceso de disimilación como o que se deu en *veciño* > *veciño*, pero a máis probable é primeira hipótese: que sexa unha reetimoloxización (**Pinido* > *Penido*).

Remato este parágrafo chamando a atención sobre as veces que usei palabras que expresan dúbida nas afirmacións anteriores: “sospeito”, “se é así” etc. E é que na Comisión a maioría dos membros temos máis dúbidas que certezas (ou polo menos, temos moitas dúbidas). E esta fraqueza nosa (polo menos a miña) fainos actuar con prudencia; de non estar seguros, mellor deixar as cousas como están (este é un criterio que non está escrito pero queda dito).

Non se trata de esgotar con isto as causas de todas as vacilacións que pode haber por razóns fonéticas e morfolóxicas; o que intento mostrar é que o “normalizador” nestes casos téñen moitas posibilidades de cometer erros tanto por ser fanático do que oe como por actuar en exceso de etimólogo.

Non me quero estender máis nisto; só debo lembrar que o que pasa coas vacilacións do tipo *e-eiro*/*i-eiro* e semellantes pasan tamén nos casos de *-o-eiro*/*u-eiro*; os dous casos (*e/o*) acumúlanse nos derivados de *golpe* representados no NG polas variantes *Golpelleira* *Golpilleira* e *Gulpilleira* (a variante **Gulpelleira* non é esperada); e nos derivados de *cegoña* cos timbres cambiados en *Cegoñeira* e *Ciguñeira*. Tamén neste caso (vacilación *o-u*) cando a motivación da palabra é forte a adherencia á base é firme (sempre *Raposeira*, *Moreira* e outros.); isto ocorre mesmo naqueles casos en que a motivación é imaxinada: no NG hai moitos *Rodeiro* que segundo Nicandro Ares veñen dun ROTARIUM ‘peaxe’; pode ser, pero o falante común vincúlao con *roda* e isto evita a posibilidade de que se escriba nunca **Rudeiro*; os que vaian de Lalín a Chantada tropezarán no centro de *Rodeiro* cunha rotonda que ten no medio a escultura dunha roda dun carro en pedra de gra; a roda está tamén no escudo do concello aínda que pode ser un símbolo equivocado. En cambio cando a adherencia a un étimo real ou imaxinado é débil

entón a motivación etimolóxica desaparece e hai vacilación (*Lodeiro Ludeiro* no NG). En definitiva, no casos dos *o-ei* o problema é o mesmo que no caso anterior (*e-ei*) e iso motivou que tivésemos que revisar máis dun ditame anterior ó 2003. Neste caso están tamén varios *Covelo* [ku'βelo] sobre os cales houbo protestas e foron reconsiderados nesta segunda revisión.

3.

Hai máis casos nos que a falta secular dunha *scripta* galega motivou vacilacións. Vou ilustralo cun exemplo. En palabras esdrúxulas onde a postónica é da serie anterior (do tipo *ánimo*) o resultado patrimonial é *-e-*; é o que lle corresponde segundo as leis da fonética histórica pois para que a palabra fose esdrúxula a penúltima vogal non podían ser outras que un Ĩ ou un Ě breves (NÁTĪCA, BÍĚĚRA) que nos dous casos dan en romance *-e-* (se non desaparecen, que é tamén un proceso frecuente). Son ben coñecidas palabras coma *nádega bévera bátega cáneba pádea sésega apóuteга* e moreas máis (tamén hai síncope como en *ÁNIMA VĚNERIS > alma venres*). A través da lingua eclesiástica e de cultismos incorporados de modo variado en épocas diferentes (moitas veces por vía do castelán) empezaron a introducirse palabras esdrúxulas con *-i-* postónico: *clérigo pródigo grávido idiomático ánima árnicа* e así unha morea delas. Pero que este modelo novo con *-i-* era estraño ó galego demostráno ben claramente o infinito número de exemplos que podemos sacar de vellos escritores enxebriantes (que imitaban a fala vulgar) que pasaban eses *-i-* átonos a *-e-* de maneira case sistemática (porque o *i* postónico en esdrúxulas aínda era estraño ó sistema galego). Ata os anos 60 (do século XX) atopamos ás moreas palabras coma *lástema fácele asmáteco frábeca*; aínda en 1973 un labrego de Gómez Ledo ten *sonos prácedos*; non quero poñer aquí os nomes ilustres dos que aínda ata hai dous días usaban *ámeto* (pódese ver no TILG); *súpeto* está no TILG 2360 veces, ata 2013 (que é a data en que parei de meter obras). Desta maneira, a presenza da “norma” culta acabou por facer que moitas palabras patrimoniais con *-e-* acabasen cambiándoo por *-i-* por reacción; os dicionarios están cheos de dobretes do tipo *engádega/engádiga cántega/cántiga pándego/pándigo* e así unha boa morea; son formas lexítimas ambas aínda que máis enxebre é

a primeira. Pois ben, en Galicia hai un número moi considerable de topónimos esdrúxulos nos que a postónica é un destes *e/i* inestables. Ós nomenclátoreos só pasa unha das dúas formas e probablemente ten máis posibilidades de pasar a que ten un cheiro menos “vulgar” pois é case seguro que entre os nativos haxa aínda as dúas pronuncias. Pero ás veces pasan as dúas (para sitios distintos, claro) e o NG recolle a incoherencia. En Vilalba, na parroquia de Lanzós hai unha aldea que se chama *As Cádevas* pero nunha parroquia veciña (Alba) outra que se chama *As Dádivas*. En Ourense temos unha parroquia de *Reádegos* en Vilamarín, pero *Reádigos* no Irixe e tamén un *Riádigos* en Lalín. *Nóitegos* en Ortigueira, *Nóutigos* en Carnota; *-dónego/a* fronte a *-dónigo/a* (*Vila- Quinta- Sofán- Monte- Sás...*) están no NG nunha proporción de 5/8 (*e/i*). Con frecuencia pasa ó NG unicamente a forma menos etimolóxica: aparece *Céltigos* as catro veces que se rexistra nos nomenclátoreos, nunca **Céltegos* aínda que esta forma, máis “patrimonial” seguramente, se pode recoller na fala viva e ademais nas fontes históricas: un *San Xulián de Céltigos* (quizais o de Ortigueira, porque hai dous *San Xuliáns de C*, outro en Frades) aparece no TMILG como *San Giliaao de Céltegos*. Ás veces, con todo, só se rexistra a forma máis patrimonial como en *Férveda*, *Fréveda* ou *Fírveda* ou *Frádega Áspera* e varios outros.

Aínda que non engada moito (chegaba con exemplificar cos casos de *e/i*) quero completar o dito neste apartado cunha apostila final; dixeran antes que nestes casos vacilantes (tipo *Reádegos/Reádigos*) as formas “máis” patrimoniais son as que teñen *-e-* como vogal postónica e que a causa de que esa regularidade fose alterada foi a avalancha de cultismo do tipo *clérigo* ou *música*. Que isto é así confirmanolo a falta de paralelismo coas vocais da serie posterior onde esperaríamos (tamén en esdrúxulas) unha vacilación *-o/u-* semellante; pero os cultismos do tipo *fámulo céntuplo trémulo escrófula glándula* etc. son moitos menos e de frecuencia moito máis baixa; e se entraron algúns contrapesáronos os do tipo *filólogo autóctono horóscopo parábola* etc.; se algún dos que tiñan *-u-* madrugou en facerse popular foi asimilado ó sistema patrimonial; *sécolas* ten entrada no DRAG sen marca de vulgarismo. Así, non é nada estraño que non haxa en todo o noso NG ningún topónimo que teña *-u-* postónico “ultracorrecto” en esdrúxulos; hai *-o-* de maneira sistemática: *Sárdoma Mámoa Érmora Régoa Líncora Peníscola Mórdomo Córcores*. Tamén hai que dicir que son menos frecuentes. Só nos

casos nos que o *-o-* está en hiato hai vacilación: pode pasar a *-u-* (*Insua Canduas Brantuas Manduas Medua Bascuas*) ou manterse como *-o-* (*Mámoa Bértou Éstoa Régoa Trémoa Nóvoa Póboa*).

Todo o antedito ten sentido nesta presentación porque estes topónimos (e outros cos que poderíamos ilustrar) son unha fonte de problemas á hora de decidirse por unha forma canónica. Tanto se furgamos en fontes escritas como se nos atemos a testemuños orais atoparemos discrepancias e polo tanto motivos para defender unha forma ou a outra. Na Comisión adoita haber ás veces división de opinións sobre qué criterio debe de prevalecer. E pode chegar a resolverse a votos. Como se pode deducir, isto dá lugar a que haxa incongruencias, que as hai nos nomenclátors de todos os países. Quizais naqueles casos (nas toponimias doutros países) sexan máis disculpables porque foi unha tradición autóctona a que fixou a grafía sen interferencias externas; a nós quizais se nos desculpe menos porque estamos acometendo unha “normalización” planificada do nomenclátor, feita por un equipo de “expertos” ós que se lles supón coñecementos filolóxicos. Por iso non é raro que aparezan artigos na prensa axustándonos as contas.

Parece que me estou ensarillando en detalles moi parciais pero o que estou pretendendo explicar é o tipo de problemas que atopamos. Poderíase exemplificar con outros fenómenos. Mesmo algún día se poderían recoller todos eles nun manual. Nesta etapa en que a Comisión é da Academia todas as propostas quedan xustificadas, primeiro individualmente por cada membro da Comisión, e despois de maneira conxunta no ditame final. A variedade de casos é posible reducila a un número limitado de fenómenos.

Non digo nada da ortografía (*b/v h/0* etc.) porque se recolle na folla de criterios. Non digo nada tampouco das variantes tipo *Lavadoiro/Lavadouro, Catadoiro/Cataduiro* que se canonizan conforme se din no sitio, segundo se recolle tamén nos criterios nun dos primeiros puntos.

4.

Hai outros casos, estes si motivados pola interferencia lingüística, que tamén se poden volver ás veces problemáticos porque dependen da interpretación (radical

ou moderada) que lle deamos ó mandato da Lei de Normalización Lingüística de que “Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega”. Iso é máis doado de legislar que de levar á práctica porque a realidade é ás veces algo complexa e todo depende do que cada un entenda como “galego”. Hai, por exemplo, o caso (non moi frecuente pero real, recollido tamén na folla de criterios) de topónimos en castelán que non suplantaron formas galegas; xa naceron en castelán. No NG hai vinte e dous *Casillas* e seis *Ventorrillos*; a un purista radical resultaríanlle elementos estraños no noso corpus toponímico, un purista moderado pode miralos máis ben coma “préstamos de necesidade”, xa integrados, e polo tanto como formas xa galegas. Na Comisión hai os dous tipos de puristas e polo tanto sempre que se tropeza cun destes topónimos hai debate (aínda que se trate de préstamos de necesidade). Caso diferente é o daqueles en que o topónimo, en xeral novo, en castelán, é tamén unha palabra do vocabulario común pero que podemos considerar un “préstamo de luxo” pois suplanta unha palabra autóctona. No N70 había, só na provincia de Lugo, dezanove casos de *Carretera*; aínda que poida parecerlle a alguén un pouco discutible foron substituídas todos por *Estrada*. Non sabemos se esta é unha proposta que vaia prosperar ou se o uso á longa nos vai contradicir; deixo constancia de que neste caso (de préstamos de luxo) o criterio dos membros da Comisión, aínda dos menos puristas, adoita ser unánime.

Un caso distinto ó dos préstamos de necesidade ou de luxo é o da serie (neste caso non pequena) de topónimos en castelán no uso actual, que mandaron ó esquecemento as antigas formas galegas. Foron sonados casos das varias *Puebla*. Cando se facían as enquisas polos anos 80 e se preguntaba pola do Caramiñal a resposta era que “sempre se dixo *A Puebla*”; non se podía saber cántos “sempres” (ou sexa, xeracións) había que encadear para chegar á *Proba/Pobra do Daián* (hoxe do Caramiñal). E así máis ou menos para as outras *Pueblas* (hai no NG catro *Pobras*, cinco *Probas* e un *Probaos*). Para a de Burón e para a de Navia (que son as que eu tiña próximas) xa era raro na miña infancia (1942-) oír a forma patrimonial *Proba*, pero aínda se oía algo e no *Tío Pepe* (1913) estaban as dúas *Probas* (de Burón e Navia); nos outros casos non é posible saber cándo desapareceron do uso as formas *Proba* ou *Pobra*. Para a do Caramiñal, o testemuño máis moderno que atopo (anterior á restauración) é do *Novo Galiciano* (23/IX/1888) nun conto: “Din que na Proba hai un Sanamede novo, que lle rouba a xente ó noso santo de decote”. Fole escribiu *Terra Brava* nos 50 e refírese á de Brollón como *Pobra*, non

sabemos se oído ou reconstruído, seguramente isto último pois nos documentos medievais aparece como *Prova* ou *Ploba* e non como *Pobra*.

O caso de suplantación das *Pueblas* non é único. Un tipo de topónimos que foron moi afectados pola castellanización son os relacionados coa igrexa, entre elas a palabra mesma *igrexax* ou algunha das súas variantes (os nomenclátorex anteriores ó 80 están inzados de *Iglesias*). E o mesmo sucede cun número non pequeno de santos cando son topónimos; se contamos os casos das advocacións (que non forman parte do topónimo) o número aínda é máis grande (advirto entre parénteses que non poucas veces está lonxe de estar claro se a advocación está integrada no topónimo ou non). Vindo ó caso, algúns destes topónimos son bos de “galeguizar” aínda no caso de que xa non estean vivas as formas galegas: *Santa Justa* ou *San Lorenzo* só poden ter unha forma única en galego, a que corresponde a eses nomes no onomástico persoal; non teñen formas dialectais. O problema é cando para unha forma castellanizada hai varias solucións galegas posibles. *Iglesia* xa era un castellanismo no século XIII (Meira en 1272 *desta igrexa ... da dita igrexa* segundo a transcripción da Sponer; conste que a transcripción da Sponer pode tamén ser o desenvolvemento errado da abreviatura (*igla*) que se podería ler á galega *igleja*); sexa ou non do XIII, *iglesia* é un castellanismo vello que se corresponde coa forma medieval máis común e enxebre *egrexax* (posiblemente xa había variantes daquela, distribuídas segundo as zonas; R. Lorenzo na *Cronología* recolle vinte e catro variantes gráficas, algunhas delas non só gráficas). Se só pervivisen as formas enxebres poderíamos na actualidade facer un mapa coas isoglosas de *irexax irexex eirexax eirexex airexax airexex eirixax eirixex irixex grixax* e se cadra outras, entre elas as conservadoras *igrexax eigrexax* e tal vez **aigrexax*. *Igrexax* como apelativo está en Sarmiento, no Cura de Fruime, en anónimos de principios do XIX, en Pintos etc.; ten toda a traza de ser palabra viva para eles; *eigrexax* documéntana algúns escritores desde finais do XIX, entre eles Leiras que non era nada dado a hiperenxebriزار; **aigrexax* é unha reconstrución verosímil da que non atopamos vestixios de momento en textos. Pois ben: o castellanismo secular *iglesia* sacou do uso as formas enxebres. Os nomenclátorex ata o 70, como dixen, están ateigados de *Iglesias* (mesmo cando este elemento figura en palabras compostas *Iglesiafeita Subiglesia Soiglesia Suaiglesia*). Un bo número destas *Iglesias* mantiveron ata a actualidade no uso vivo algunha das formas enxebres que mencionei; pero outras veces, non poucas (é un topónimo moi frecuente), xa non existen

informantes que dean razón delas; tamén é difícil facer aflorar algún testemuño destas formas enxebres en fontes escritas, que como é ben sabido están redactadas en castelán e polo tanto son proclives a castelanizar. Como temos claro que *Iglesia* non é un “préstamo de necesidade” (como a *Casilla* citada antes), é dicir, houbo unha alienación onomástica, pero por outra parte como non sabemos cál das formas enxebres podería corresponder a cada unha desas *Iglesias*, na Comisión, non sen a reticencia dalgún membro, optamos por “galeguizar” coa forma que ten ese apelativo no dicionario normativo, *igrexas*, aínda que estamos seguros que algunhas veces non vai representar unha *igrexas* antiga senón calquera das outras formas cognatas.

Imos agora cos santos que non sexan *Xusta* ou *Lourenzo* ou similares (*Paio Xurxo* e algúns outros). Nos nomenclátors anteriores ó 70 (este incluído) hai un bo número de santos que son epónimos de lugares; cada un dos nomes destes santos ou santas poden ter en galego dúas ou máis variantes (fronte á forma única castelá). Figuraban máis ou menos así nos nomenclátors e xa en Madoz, Jerónimo del Hoyo e noutras fontes: *Cayetano Ciprián(o) Félix Ginés Julián Mamed Martín Román Vicente* se eran santos; *Cecilia Eugenia Eulalia Juliana Leocadia Tecla* se eran santas. Hai algún máis pero estes son os que por unha razón ou por outra foron (e son aínda) motivo de controversia nas sesións da Comisión. Salváronse de milagre algúns do proceso de castelanización; como en moitas ocasións non se sabe ben por qué: en Guntín (N70) salvouse un *Santoalla*, pero en Petín (N70) a mesma *Santoalla* (viva no galego actual) pasou a *Santa Eulalia*. Cada un deles podería ser agora motivo de comentario pero voume referir só a un, porque en todos hai en xeral o mesmo problema (o mesmo que vimos en *Iglesia*), pois, cando as fontes orais non axudan, non sempre é doado ou posible recuperar a forma galega dese lugar oculta debaixo do haxiotopónimo castelán. O *Iulianus* latino se se busca no TMILG (ju* ji*) devolve máis de corenta resultados gráficos, moitos deles certamente variantes dunha mesma maneira de pronunciar. Polas formas conservadas na toponimia, recuperadas así da fala actual e ás veces das fontes escritas temos seguros *San Xiao* unhas quince veces, *San Xián* tres, *San Xiá* un (en Monfero, como *vra* ‘verán’), *San Xillao* ou *Sanxillao* cinco. Segundo as formas que había na Idade Media poderían ter sobrevivido tamén *San Xullao* e *San Xullán* e tamén *San Xuiao* e *San Xuián* (de feito hai un feminino *Santa Xuiá*).

A metade destas vinte e catro formas figuraban no N70 e anteriores como *San Julián* e puideron restaurarse porque aínda había memoria de forma galega. Pero houbo uns dez *San Julián* para os que non atopamos aínda a forma patrimonial; a xente vén galeguizándoo en *San Xulián* e así o “normalizamos” no NG. É verdade que hai moitos casos que o nome popular se duplica volvendo á forma culta ou adaptando un estranxeirismo (*Bieito-Benedito-Benito, Eloi-Elixio, Xil-Exidio, Iago-Xacobo*) e que aquí podería haber un dobrete semellante (*Xiao-Xulián*); é verdade tamén que en Portugal hai polo menos dez parroquias de *São Julião* coa mesma “anomalía”; e isto podería xustificar a nosa opción de *San Xulián*. Pero, polo que a min respecta, non queda totalmente disipada a sospeita de que debaixo desa decena de *San Xuliáns* que deixamos canonizados non houbo antes algunha das formas patrimoniais mencionadas. Unha *Santa Juliana* da Fonsagrada, se non deramos a tempo co informante adecuado, nunca poderíamos saber que era *Santa Xuiá* e estaría predestinada a galeguizarse como *Santa Xuliana*. O que digo para *Xiao* é aplicable ós outros nomes que mencionei: *Cayetano Ciprián(o) Félix Ginés Mamed Martín Román Vicente; Cecilia Eugenia Eulalia Leocadia e Tecla*.

Con isto dou por rematada a ilustración das dificultades filolóxicas que pode presentar a recuperación das formas galegas. Poderíase exemplificar con outro tipo de topónimos as causas e os efectos serían os mesmos.

5.

Todos estes fenómenos lingüísticos, no noso caso, están mesturados aínda con outra serie de problemas que non son propiamente lingüísticos e que tamén pesan á hora de adaptar ó nomenclátor á legalidade. É ben sabido que quen está alienado moitas veces non é consciente da súa alienación. Albert Memmi escribiu un célebre libro sobre o asunto: *Retrato do colonizado*. Iso deu lugar a que en máis dunha ocasión se asumise como propia a forma alienada do topónimo e se desen casos de rexeitamento e mesmo de belixerancia contra a forma galega ditaminada pola Comisión; adóbase a xustificación deste rexeitamento non no autoodio (non se é consciente del) senón no suposto prexuízo que resultaría para ese lugar como “marca” recoñecida a nivel turístico internacional e doutro tipo. Como é sabido

os ditames da Comisión só adquiren rango de oficialidade cando son aprobados por un Decreto nun Pleno da Xunta. O Pleno no que ían os ditames das *Pueblas* demorouse por razóns que agora non veñen ó caso; pero a belixerancia contra a forma galega continuou e mesmo houbo unha intifada dos alcaldes de tres *Pueblas* contra a Comisión. Os lumes ás veces tardan en ser apagados. Na Wikipedia en castelán aínda se atopan entradas coma esta: “*Riveira* (oficialmente *Ribeira*) es un municipio de Galicia”; a pesar de que se dá a etimoloxía correcta do topónimo e de que se advirte que “la forma *Ribeira* ha sido también ratificada por el Valedor do Pobo el 7 de noviembre de 2012 donde insta al ayuntamiento a usar el topónimo con «b»”.

Teño que recoñecer que a Comisión por culpa destes episodios actuou algunha vez con algo de autocensura polo menos en dous casos que merecen ser reconsiderados. Son *A Cañiza* e *Manzaneda*. Cando se ditaminaron carecíamos de testemuños orais ou escritos de calquera dos dous topónimos aínda que se supoñía que *Cañiza* deriva de CANNA debería ser *Caniza* e que *Manzaneda* debería de ser *Maceda* ou *Macenda*. Botounos atrás a posibilidade de que ese -ñ- (no caso de *Cañiza*) se puidese xustificar doutro xeito; de feito hai palabras coma *cañoto* que parecen patrimoniais (xa está en Sarmiento) que son difíciles de explicar como castelanismos; **cañoto* non se rexistra en castelán; pola súa parte o pt. ten unha morea de palabras comezadas por *canh-* (que seguramente son préstamos do castelán). Con respecto a *Manzaneda* (claramente castelanismo) daquela tivemos en consideración o feito de que se se normalizaba como *Maceda* daríamos lugar a unha homonimia de concellos, porque no mesmo Ourense hai outra *Maceda*. Hoxe temos documentación sobre os nomes históricos destes dous concellos (*A Caniza*, *Maceda de Trives*) e antes ou despois a Comisión terá que elaborar un ditame novo. A Xunta decidirá se sanciona o ditame ou non, que de acordo cos criterios terán que ser *A Caniza* e *Maceda (de Trives)*.

Aquí remata a miña exposición sobre a maneira de actuar a Comisión para dar cumprimento ó estipulado da Lei de Normalización Lingüística de que “Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega”. Estas palabras miñas poden completarse coa lectura dos criterios; isto que acabo de dicir está contido neles. O único que quixen facer e determe naqueles puntos que son para nós motivo maior de perplexidade.

Epílogo

Clausura da Xornada de Onomástica de Pontevedra.
Museo de Pontevedra 17/IX/2016 / XESÚS FERRO RUIBAL

Clausura da Xornada de Onomástica de Pontevedra

Xesús Ferro Ruibal

Encoméndanme que, en nome da Real Academia Galega, diga unhas palabras de clausura deste encontro de expertos en onomástica, patrocinado pola Deputación de Pontevedra e coa hospitalidade proverbial deste extraordinario Museo. É ben sabido que a Real Academia Galega ten a competencia nas materias de lingua pero sabemos ben que a toponimia é competencia exclusiva da Xunta de Galicia. O artigo 10 da Lei 3/1983, de normalización lingüística (DOG 14.7.1983) di:

1. *Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.*
2. *Correspóndelle á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.*
3. *Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en tódolos casos as normas internacionais que subscriba o Estado.*

A Academia entra nesta materia porque a Xunta de Galicia, cunha financiación específica, encomendoulle recentemente os traballos lingüísticos previos á institucionalización do *Nomenclátor de Galicia* revisado e tamén a parte técnica do ambicioso Proxecto de Toponimia de Galicia (PTG) para a recolleita da microtoponimia. E por iso estivemos hoxe aquí, para intercambiarmos experiencias e saber todos do traballo de todos, aínda que a decisión definitiva sobre o *Nomenclátor* siga sendo competencia do Goberno de Galicia.

En primeiro lugar quero manifesta-la gratitude da Academia a tódolos participantes: comunicantes e asistentes. Vimos tres experiencias de recolleita na parte atlántica de Pontevedra (mar e monte) e neste propio concello de Pontevedra. Puidemos coñecer en detalle tres experiencias de alumnos de Vedra, de Rianxo e de Silleda. Vimos como hoxe, dende a casa, podemos encontrar testemuño

documental da vida dos nosos topónimos dende o século VI ata hoxe mesmo, aínda no seu formato latino, nos seus diferentes formatos galegos e tamén nas posteriores manipulacións castelás. Vimos como vai se-la ferramenta informática centralizada que estamos a deseñar e que fará posible recupera-la microtoponimia de toda Galicia con mínimo custo e máxima eficacia cartográfica e lingüística. Vimos cal é a historia da elaboración do *Nomenclátor de Galicia* de 2003 e a posta en marcha do PTG (para recoller toda a microtoponimia de Galicia). E meditamos tamén na enorme complexidade que ten valorar lingüisticamente as variantes para podermos establece-la forma oficial de cada topónimo.

A de hoxe foi unha xornada brillante. Emociona ver canta e que rica información se obtén cando, como aconteceu hoxe, un experto nos pon diante toda a microtoponimia dunha zona marítima, costeira, terrestre ou do interior. Emociona ver como o mar e a terra, as paredes, as pedras, as fontes, os camiños, as ruínas agachadas deixan de ser materia inerte e sen sentido, como piden a palabra e rompen a falar connosco, para nos contaren, só co seu nome, historias que alí se viviron, historias de resistencia ás inclemencias do tempo e da vida, historias de esforzo intelixente de homes e mulleres para se adaptaren a ese medio, historias de domesticación das pedras, da vexetación, dos ríos e das fervezas; historias incluso da domesticación do océano cun GPS *feito na casa* hai moitos séculos pero eficaz e fiable; algunha vez historias de amor ou de odio; historias nunca escritas en papel; historias encriptadas nun nome que só pervive no uso e na memoria dos vellos do lugar. Todo iso condensado nun humilde nome de lugar.

O falecido edafólogo Guitián Ojea estaba moi intrigado pola procedencia do granito da catedral de Santiago. Durante anos recolléronse mostras de granito nas proximidades de Compostela (na cidade parece que non o hai) pero ningunha coincidía coa composición do granito do Pórtico da Gloria. A intriga durou moitos anos ata que David Pérez, profesor da ESO e fillo de canteiro, comunicou que na súa aldea de Vrins (Figueiras, Santiago) había un sitio deshabitado que lle chamaban *A Canteira da Catedral*. Cando deu a noticia, os edafólogos foron alí coller mostras, mandáronas analizar a Italia e resultou que tiñan a composición exacta do granito do Pórtico. [http://elpais.com/diario/2011/01/03/galicia/1294053495_850215.html?rel=mas]

A microtoponimia é a historia económica de Galicia condensada nunha ou dúas palabras. A microtoponimia é un Arquivo de Galicia que moitos aínda non saben que existe pero que o teñen ó pé da casa. Aquí, no Museo de Pontevedra, a poucos metros de nós, están as vitrinas que custodian o ouro castrexo de Caldas e da Golada pero tamén os machados paleolíticos de Arbo, contemporáneos de Atapuerca: Galicia é unha terra moi vivida. Pero os topónimos maiores e menores constitúen tamén un museo ou, mellor, un arquivo cheo de documentos notariais desa vida: quizais a microtoponimia sexa testemuña dunha historia máis miúda e máis recente, porque os nomes son case sempre transparentes; rara vez prelatinos.

Os nomes de lugar (habitados ou deshabitados) son patrimonio cultural inmaterial e así os considera a Lei. E, se a inusual densidade toponímica de Galicia é un trazo que distingue esta terra antiga no conxunto europeo, a densidade microtoponímica multiplica a excepcionalidade do noso tesouro, que quizais algún día mereza recoñecerse como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade.

Se nós hoxe estivemos reunidos aquí, foi, tamén, porque queremos alertar-la sociedade de que este noso tesouro microtoponímico vive en situación de emerxencia.

A nosa terra está toda escrita porque leva milenios habitada e cultivada pero nos últimos setenta anos asistimos a unha reordenación do campo que non dá oculto que o aumento de poboación urbana é proporcional ó abandono da agricultura tradicional. Seguramente temos aínda o mesmo número de vacas (agora concentradas na metade norte). Seguramente producímo-los mesmos hectolitros de viño (agora concentrados na metade sur). Seguramente temos xa a produción de madeira que aquí, en Pontevedra, soñaron Castelao e Bóveda (xerando un sector industrial da madeira insuficiente pero forte). Van entrando novos cultivos, novas técnicas e todo no campo está máis regulado na procura da calidade e da eficiencia. Pero, máis alá de que os muíños medievais non moian, os cíclicos e pavorosos incendios son proba de que o mato avanza de maneira preocupante, coma se unha parte da Galicia rural estivese en camiño de se-la pequena Amazonia de Europa, unha serie de fragas sen xente, nas que cada día señorean máis animais inimigos da agricultura. Van aparecendo xabaríns en zonas urbanas, porque xa non hai landras no monte. Hai aldeas, que deron moito pan, e nas que hoxe xa non vive ninguén. Cada ano son máis. Naturalmente non é

tarefa desta xuntanza académica a reflexión de política económica pero debemos constatar que, onde hai dez anos un só avó fornecía 600 microtopónimos porque precisaba andar todo o seu territorio, hoxe xa poucos acadan a dar 200 microtopónimos. Cada ano faise máis difícil detecta-lo total dos microtopónimos existentes. A fonte de información está estiñando e iso afecta á revisión e actualización do *Nomenclátor* que temos encomendada e que debe distinguir Galicia na cartografía mundial.

Recolle-los microtopónimos e estíbalos nunha base de datos moderna e pública é unha emerxencia cultural. Pero non é tarefa só de lingüistas: tamén é de topógrafos, de cartógrafos, de xeógrafos. Precísase unha maior coordinación interdisciplinar. Hoxe hai ferramentas informáticas que permiten concentrar informacións múltiples e heteroxéneas nunha única base de datos cartográfica que non duplique traballos e que optimice os esforzos. Galicia ten un Goberno con competencias xurídicas e con medios para poñer en marcha e coordinar este traballo cooperativo multidisciplinar. Ter éxito nesta gran empresa cultural é posible.

É certo que constatamos numerosos desaxustes entre o *Nomenclátor de Galicia* e o *Nomenclátor* do INE, porque moitos Concellos tiveron que agrupar sobre o papel lugares diferentes. Unha das explicacións que nos dá algún Concello é que, sumando veciños, acadaron no seu momento o mínimo que disque esixía Telefónica para levárllle-lo teléfono. A razón de maior fondo é que os criterios do INE para toda España non se axeitan abondo á dispersión da poboación de Galicia. Xermán García Cancela na súa intervención de hoxe (páx. 305-306) citaba, entre outras, esa disposición do INE, de 2015, que considera que as *entidades singulares* teñen que ter cando menos dez edificacións. E, aínda que coa aplicación dese criterio non desaparezan milleiros de pequenas aldeas, si desaparecen os seus nomes dentro dun chamado *diseminado* que terá un único nome (o que lle cadre). E a iso o *Nomenclátor de Galicia* nunca renunciou, porque Galicia sabe que na realidade toponímica ten un patrimonio documental infrecuente ou se cadra inigualable. E, por parte, a competencia en materia toponímica non é dos Concellos nin do INE senón do Goberno de Galicia. A Xunta de Galicia, que sustenta os estudos de toponimia, debe reivindicar onde corresponde a competencia exclusiva que lle outorga a Lei neste eido; debe exercela porque ten a responsabilidade de fixala.

A forte asimetría que hai entre o voluminoso corpus toponímico de Galicia e o do resto de España esixe reactiva-lo Proxecto Toponimia de Galicia (PTG), empezando pola documentación xa recollida e aínda non dixitalizada, e reiniciando con carácter de urxencia a recollida dos dous terzos do territorio que aínda quedan por explorar. Afortunadamente hoxe a proliferación dos teléfonos móbiles xeolocalizados permite realizar de maneira doada a subida de información a unha base de datos pública; existen tamén técnicos capaces de xestionala con filtros de calidade. Precísase que os medios de comunicación públicos se involucren decididamente en colaborar nesta emerxencia cultural.

Animámo-los profesores a incluíren esta actividade na súa programación didáctica. Verán que, ademais do beneficio patrimonial directo, produce numerosos efectos colaterais positivos no proceso educativo: hoxe quedaron á vista as experiencias dos Institutos de Rianxo, de Silleda e de Vedra.

Animámo-las Comunidades de Montes a incorporaren esta actividade nos seus programas, porque, ademais dos beneficios culturais que compartimos todos, reportaralles a elas beneficios materiais, porque lles axudará a clarificaren documentalmente o seu propio territorio, o territorio do que hoxe elas son un dos referentes cívicos.

Animámo-las Asociacións Culturais, Asociacións de Veciños e aquelas Asociacións Deportivas ligadas ó territorio e ó camiño. Tamén os párrocos rurais poderán ser colaboradores magníficos.

Non lle pedimos á sociedade galega un esforzo que deba manter indefinidamente no tempo, porque a recollida é un esforzo excepcional que debería coroarse con pleno éxito en tres ou catro anos, aínda que a plena efectividade cartográfica requira algún tempo máis. E debe salientarse que tampouco é esencialmente unha cuestión de diñeiro senón de vontade institucional, de voluntariado cultural, de colaboración cívica.

Reitero en nome da Real Academia Galega a gratitude a cantos dun xeito ou outro colaboran no salvamento da microtoponimia de Galicia, ás Institucións Galegas e a cantos especialistas hoxe puxestes á luz do mundo o mellor da vosa ciencia e experiencia. A Academia agradece hoxe especialmente a colaboración da Deputación de Pontevedra e a xenerosa hospitalidade do Museo de Pontevedra, do seu director e de tódolos traballadores que contribuíron a que todo saíse da mellor maneira.

Índice

Limiar	5
Xesús Alonso Montero	
I. Experiencias de recolleita de microtoponimia	
Recoller talasonimia en Baiona	9
Xosé Lois Vilar	
Recollendo con comunidades de montes: Comesaña, Mañufe, Baíña e Santa Baia de Donas	23
Anxo Rodríguez Lemos	
A recollida de microtoponimia na zona (peri)urbana de Vigo	49
Iván Sestay Martínez	
Recoller e xeorreferenciar a toponimia de Pontevedra	65
María Abelleira Fontán / Concepción Cochón Rodríguez	
II. Toponimia e didáctica	
<i>Vedra medra</i> : unha aposta pola toponimia como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego.....	103
Xulia Marqués Valea	
<i>Proxecto Toponimia de Rianxo</i> . Luces e sombras.....	123
Valentina Formoso Gosende	
Experiencia de recollida selectiva con alumnos de Silleda	147
Xoán Carlos García Porral	
III. Toponimia e documentación	
Toponimia e documentación. Recursos documentais na rede.....	171
Luz Méndez	
Recursos documentais na rede e toponimia local.....	189
Gonzalo Navaza	

IV. Nova aplicación para a recolleita unificada e xeorreferenciada da toponimia	
Deseño e rendibilidade da nova aplicación colaborativa para a recolleita unificada, xeorreferenciación e difusión global da microtoponimia galega	203
Vicente Feijoo Ares	
V. <i>Nomenclátor de Galicia 2003</i> (NG 2003) e <i>Proxecto Toponimia de Galicia</i> (PTG)	
Historia da elaboración do <i>Nomenclátor e do Proxecto Toponimia de Galicia</i>	301
Xermán García Cancela	
VI. Revisión do <i>Nomenclátor de Galicia 2003</i>	
Criterios de revisión do <i>Nomenclátor de Galicia 2003</i>	327
Real Academia Galega	
Aplicación dos criterios de revisión do <i>Nomenclátor de Galicia 2003</i>	333
Antón Santamarina	
Epílogo	349
Xesús Ferro Ruibal	

Academ

Sección de lingua / Seminario de onomástica

Os nomes de lugar (habitados ou deshabitados) son patrimonio cultural inmaterial e así os considera a Lei. E, se a inusual densidade toponímica de Galicia é un trazo que distingue esta terra antiga no conxunto europeo, a densidade microtoponímica multiplica a excepcionalidade do noso tesouro, que quizais algún día mereza recoñecerse como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade.

Xesús Ferro Ruibal

ademia



REAL ACADEMIA GALEGA

